

IES PUNTA CANDIEIRA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

*DEPARTAMENTO DE
GEOGRAFÍA E HISTORIA*



CURSO ACADÉMICO
2018-2019

ÍNDICE

I. Introducción	4
I.1. Contextualización e referencias legais	5
I.2. Departamento Didáctico	6
II. ESO: xeneralidades	8
II.1. Obxectivos xerais de etapa	9
II.2. Competencias, indicadores e descritores na área de Xeografía e Historia	10
II.3. Contribución da área ao desenvolvemento das competencias clave	13
II.4. Metodoloxía didáctica	18
II.5. Medidas de atención á diversidade e inclusión	23
II.6. Contidos mínimos	23
II.7. Materiais e recursos didácticos	24
III. 1º ESO. <i>Xeografía e Historia</i>	25
IV. 2º ESO. <i>Xeografía e Historia</i>	73
V. 3º ESO. <i>Xeografía e Historia</i>	127
VI. 4º ESO. <i>Xeografía e Historia</i>	183
VII. Educación Secundaria de Adultos. <i>Ámbito Social 3-4</i>	245
VIII. Formación Profesional Básica. <i>Comunicación e Sociedade</i>	268
IX. Outras materias ESO impartidas no Departamento	270
X. Bacharelato: xeneralidades	272
XI. 1º Bacharelato. <i>Historia do Mundo Contemporáneo</i>	281
XII. 2º Bacharelato. <i>Historia de España</i>	379
XIII. 2º Bacharelato. <i>Historia da Arte</i>	475
XIV. 2º Bacharelato. <i>Xeografía</i>	528
XV. 2º Bacharelato. <i>Coñece a túa contorna</i>	613
XVI. Bacharelato Semipresencial	622
XVII. Varios	625
XVII.1. Medidas de inclusión e atención á diversidade	626
XVII.2. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas	629
XVII.3. Adaptacións curriculares	629
XVII.4. Temas transversais	629

XVII.5. Atención a pendentes.....	631
XVII.6. Interdisciplinariade	631
XVII.7. Plan Lector	632
XVII.8. Plan de Integración TIC	633
XVII.9 Actividades Extraescolares	636
XVII.10. Información ao alumnado e á familia	637
XVII.11. Plan de convivencia	638
XVII.12. Procedemento para a acreditación de coñecementos no Bacharelato	638
XVIII. Criterios de autoavaliación da Programación Didáctica	640
XIX. Anexo I. Proxecto LÓVA	647

I. Introducción

I.1. CONTEXTUALIZACIÓN E REFERENCIAS LEGAIS

Situación do IES:

rúa do Ensino s/n, 15350 Cedeira (A Coruña). Teléfonos: 881.930.076 / 881.930.087 (fax) /

Centros adscritos:

CEIP Nicolás do Río (Cedeira) e CEIP da Barqueira (Cerdido).

Contexto:

O IES Punta Candieira, sitúase na localidade coruñesa de Cedeira, vila mariñeira que, a día de hoxe, conta cun pouco máis de oito mil habitantes. O centro de estudos localízase nunha zona historicamente de tradición mariñeira que, na actualidade, representa unha actividade económica importante no pobo. Tamén, a tradición agrícola dos arredores supón unha actividade do sector primario importante para a comarca.

No presente curso o claustro do IES é de 73 profesores, tendo un total de 433 alumnos e alumnas ao día da elaboración deste apartado. Moitos dos discentes proveñen de localidades e parroquias pretas á vila, aínda que nalgún caso, hai alumnos que veñen doutras zonas alonxadas de Cedeira como pode ser Cariño, Ortigueira ou Miño. Outros posúen nacionalidades tan diversas como: marroquís, rumanos, peruanos, brasileiros e cubanos.

A oferta educativa do IES para este curso académico é a seguinte:

- ✓ Cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO (liña tres en 1º, 2º e 4º).
- ✓ 1º curso de PMAR.
- ✓ 1º e 2º cursos de Bacharelato diurno (Ciencias e Humanidades).
- ✓ 1º e 2º cursos de F.P. Básica na modalidade de electricidade e electrónica.
- ✓ Educación Secundaria Adultos.
- ✓ 1º e 2º cursos de Bacharelato Semipresencial (Ciencias e Humanidades).
- ✓ Ciclo Superior de Mecatrónica de adultos.
- ✓ Ciclo Superior de Electricidade de adultos.
- ✓ Ciclo Medio de Instalacións eléctricas e automáticas.
- ✓ Ciclo Medio de Mantemento electromecánico.
- ✓ Ciclo Superior de Administración e finanzas.
- ✓ Ciclo Superior de Mecatrónica industrial.

Lexislación:

Esta PD actualízase á nova **lexislación LOMCE (Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa)**:

- Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro (BOE do 3 de xaneiro de 2015), polo que se establece o currículo básico da ESO e Bacharelato.
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño de 2015, polo que se establece o currículo básico da ESO e Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, LOMCE (BOE do 10 de decembro de 2013).
- Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato (BOE do 29 de xaneiro de 2015).
- Resolución do 27 de xullo de 2015 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/2016 para a implantación do currículo da ESO e do Bacharelato nos Centros Docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xullo de 2015).

I.2. DEPARTAMENTO DIDÁCTICO

O Departamento Didáctico de Xeografía e Historia componse de catro docentes con destino definitivo:

- Eva María Fernández Fraguela (PES).
- Ana María Barcón Pajón (PES).
- Concepción Mosquera Leonardo (PES).
- José Carlos Fernández Caínzos (PES e Xefe de Departamento).

O Departamento de Xeografía e Historia no presente curso académico ten asignadas un total de **76 horas de docencia e 3 horas de Xefatura de Departamento**. As horas de docencia corresponden a **12 materias impartidas en 9 niveis**. A distribución horaria e de grupos é a seguinte:

DOCENTE	MATERIA	CURSO e GRUPO	Nº HORAS	TOTAL
Eva María Fernández Fraguela	Xeografía e Historia	1º ESO A – B – C	9	18,5 h
	Comunicación e Sociedade II	2º de Form. Prof. Básica	4	
	Ámbito Social 3-4	Ensinanza para Adultos	4	
	Historia Mundo Contemporáneo	1º Bach. Semipresencial	1,5	
Concepción Mosquera Leonardo	Xeografía e Historia	3º ESO A – B	6	17,5 h
	Historia Mundo Contemporáneo	1º Bacharelato A	4	
	Historia da Arte	2º Bacharelato A	4	
	Historia da Arte	2º Bach. Semipresencial	1,5	
	Valores Éticos	3º ESO A – B	2	
Ana María Barcón Pajón	Xeografía e Historia	4º ESO A – B – C	9	19,5 h
	Xeografía e Historia	2º ESO A – B – C	9	
	Xeografía	2º Bach. Semipresencial	1,5	
José Carlos Fernández Caínzos	Historia de España	2º Bacharelato A – B	6	20,5 h
	Xeografía	2º Bacharelato A	4	
	Comunicación e Sociedade I	1º de Form. Prof. Básica	5	
	Coñece a túa contorna	2º Bacharelato A – B	1	

	Historia de España	2º Bach. Semipresencial	1,5	
	-----	Xefatura de Departamento	3	
Carga horaria media correspondente a cada docente				19 h
Total de horas do Departamento Didáctico				76 h

II. ESO: xeneralidades

II.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA

Son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe acadar ao remate do proceso educativo como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe planificadas para tal fin.

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacificamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas relevantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permita a comunicación con outras linguas, en especial coas da comunidade lusófona.

II.2. COMPETENCIAS / INDICADORES / DESCRITORES NA ÁREA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Competencias clave	Indicadores	Descritores
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)</i>	Coidado do medio ambiente e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no medio natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso arredor e responder preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

<i>Comunicación lingüística (CCL)</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer de forma creativa distintos tipos de textos con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia, para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiáns ou en materias diversas.
<i>Competencia dixital (CD)</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

<i>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
	Exposición cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas (CSC)</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polas persoas máis desfavorecidas e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo, superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais.

	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender (CAA)</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

II.3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

DESCRIPCIÓN DO MODELO COMPETENCIAL

Na descrición do modelo competencial inclúese o marco de descritores competenciais, no que aparecen os contidos reconfigurados desde un enfoque de aplicación que facilita o adestramento das competencias; recordemos que estas non se estudan, nin se ensinan: adéstranse. Para iso, é necesaria a xeración de tarefas de aprendizaxe que lle permita ao alumnado a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica é imposible; debido a iso, cada unha destas divídese en **indicadores de seguimento** (entre dous e cinco por competencia), grandes paires que

permiten describirla dun xeito máis preciso; dado que o carácter destes é aínda moi xeral, o axuste do nivel de concreción esixe que eses indicadores se dividan, á súa vez, no que se denominan **descriptores da competencia**, que serán os que “describan” o grao competencial do alumnado. Por cada indicador de seguimento encontraremos entre dous e catro descriptores.

En cada unidade didáctica cada un destes descriptores concrétese en **desempeños competenciais**. O desempeño é o aspecto específico da competencia que se pode adestrar e avaliar de xeito explícito; é, polo tanto, concreto e obxectivo. Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descriptores competenciais definido para o proxecto e aplicable a todas as materias e cursos da etapa.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento e a aprendizaxe dos valores, presentes en todas as áreas, axudarán a que os nosos alumnos e alumnas aprendan a desenvolverse nunha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir, e en cuxa construción colaboren.

A diversidade dos nosos alumnos e alumnas, cos seus estilos de aprendizaxe diferentes, hanos de conducir a traballar desde as diferentes potencialidades de cada un deles, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

NA ÁREA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Na área de Xeografía e Historia incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descriptores máis afíns a ela.

COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse co uso de nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas, representacións gráficas, selección de fontes de información, contraste de datos... En definitiva, o alumnado farase consciente de que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos teñen unha aplicabilidade real e funcional en moitos aspectos da súa propia realidade, capacitándoo para afrontar e resolver problemas da súa vida cotiá.

Os descriptores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.

- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

A materia de Xeografía e Historia intervén no desenvolvemento da competencia lingüística en varios aspectos: en primeiro lugar, a través do coñecemento e o uso correcto do vocabulario específico da materia, para construír un discurso preciso e expresalo de xeito oral ou escrito; en segundo lugar, ao utilizar diferentes variantes do discurso, asociado aos contidos, en especial, a descrición, a narración e a argumentación; en terceiro lugar, grazas á lectura comprensiva e a interpretación de textos ou o comentario de imaxes para potenciar o uso da linguaxe icónica. Por outra parte, esta materia está intrinsecamente relacionada coa busca de información, tanto en fontes orais como escritas, e a propia construción do coñecemento a través dun proceso que vai desde a información ata as interpretacións explicativas. É importante que o correcto uso do vocabulario da materia, adquirido e precisado durante a etapa de Secundaria, se afiance e se incorpore á linguaxe habitual do alumnado.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversas complexidades para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

En caso de centros *bilingües* ou *plurilingües* que impartan a materia noutra lingua:

- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

COMPETENCIA DIXITAL

A competencia dixital é fundamental para que o alumnado comprenda os fenómenos xeográficos, sociais e culturais e que saiba traballar coa información (obtención, selección, tratamento, análise...), procedente de moi diversas fontes, tanto tradicionais, coma audiovisuais, e dixitais, e non todas co mesmo grao de fiabilidade e obxectividade. Por iso, a información obtida debe ser analizada desde parámetros esixentes, a comparación exhaustiva e crítica das fontes. A obtención e tratamento dixital da información require, ademais, unha serie de coñecementos e habilidades que son necesarios para que o alumnado se desenvolva e sexa competente nun ámbito dixital. Do mesmo modo, preténdese que o alumnado cree contidos dixitais en distintos formatos, á vez que desenvolve unha actitude responsable respecto ás limitacións e a seguridade do uso das novas tecnoloxías da información.

Para iso, neste área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación minuciosa da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. O interese, aprecio e respecto polo patrimonio cultural e artístico convértese no elemento fundamental do desenvolvemento desta competencia que permite desenvolver un espírito crítico e facilítalle ao escolar comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A área de Xeografía e Historia favorece que se poida traballar desde aí sempre e cando se adestren os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS

A competencia social e cívica é primordial para abordar a materia de Xeografía e Historia, xa que comprender a ardua e cambiante realidade social é un dos aspectos principais dos seus contidos. O coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural, e globalizada, no que convive con culturas diferentes.

Esta competencia permite que o alumno poña en práctica os coñecementos aprendidos aplicándoos ao seu ámbito social converténdoo nun cidadán activo capaz de dar resposta aos problemas e fenómenos da súa realidade social interactuando con outras persoas e grupos favorecendo a tolerancia e o respecto a todos á vez que desenvolve o talante democrático.

Os descritores que adestraremos son os seguintes:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma chamada Constitución Española.

- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

A participación activa do alumno nos procesos de toma de decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecen a toma de conciencia deste no que se refire ao seu protagonismo no seu proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Trátase de potenciar a súa capacidade de transformar as súas ideas en accións, actuando con criterio e determinación, tomando decisións e asumindo os riscos e consecuencias futuras desas decisións.

O alumnado deberá adestrar a capacidade de liderar con responsabilidade procesos e traballos cooperativos, actuando con responsabilidade nos seus hábitos cotiáns e o seu ámbito familiar e escolar.

Os descritores que adestraremos son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

APRENDER A APRENDER

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa. Neste sentido, esta materia debe fomentar no alumno o desexo de indagar no pasado, no seu ámbito e analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos e culturais para darlles respostas ás formulacións do home, á vez que desenvolve a súa capacidade de aprender a aprender de xeito autónomo e permanente. Presupón tamén que poida adaptarse crítica e reflexivamente aos cambios que poidan producirse na súa vida, é dicir, que lles aplique similares instrumentos aos que empregou na análise da realidade social (histórica e xeográfica) ao longo desta etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

Neste sentido, desenvolveranse os seguintes descritores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

II.4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Engloba o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e programadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos programados.

Atendendo a esta metodoloxía didáctica, podemos resumir para toda a ESO, unhas liñas fundamentais desta metodoloxía:

O principio didáctico das Ciencias Sociais, na súa base, é asumir a comprensión dunha realidade fértil e intrincada como resultado da interacción do ser humano na natureza ao longo dos tempos, desde unha perspectiva global e integrada. Preténdese facilitar a comprensión do medio e das sociedades do pasado e do presente, dun xeito crítico e sinxelo, co fin de atraer aos discentes ao coñecemento dunhas materias que, para a maioría deles/as, a priori non teñen atractivo, nin conexión, nin tan sequera, aproximación aos seus anhelos prácticos e consumistas. En definitiva, búscase a *consecución dunha aprendizaxe significativa*.

Coas dificultades que presenta a área, atopamos aínda máis atrancos co desenvolvemento cognitivo que presenta o alumnado da ESO, nesa idade tan problemática en valores da adolescencia e, especialmente, as relacionadas coa adquisición de determinados contidos temporais dos feitos sociais. Todo isto leva a planificar o desenvolvemento das materias partindo dunha reflexión e coñecemento da propia identidade cultural e xeográfica, como eixe de xerar a capacidade de comprensión doutras culturas e doutros espazos.

O proceso do ensino-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativos a través da mobilización dos seus coñecementos iniciais e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e alumnas realicen aprendizaxes significativos por si mesmos.
- Favorecer situacións nas que o alumnado debe actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que resulten motivadoras.

É por isto, e tomando como plano a propia coherencia, que os principios que rexen a nosa práctica educativa estarán orientados aos seguintes parámetros: metodoloxía activa, motivación, atención á diversidade do alumnado e avaliación do proceso educativo.

No que se refire aos principios didácticos na disciplina de Xeografía e Historia, dicir que o enfoque básico é describir as principais características e procesos do noso mundo a distintas escalas, xa sexa mundial, continental, nacional ou rexional.

O docente ten que preocuparse polas estratexias de aprendizaxe, posto que non abonda con ensinar coñecementos, senón que hai que aprender a aprender. Para elo, empregaranse estratexias, ben a través de actividades concretas, ben de xeito máis xenérico, pero continuamente, tendentes a desenvolver habilidades intelectuais e hábitos de estudo.

A Xeografía e Historia, como disciplina aberta, configúrase a partir de descubrimentos sucesivos. Neste sentido, as actividades a desenvolver nas diferentes sesións pódense diferenciar segundo os propósitos perseguidos: introdución, motivación, desenvolvemento, ampliación, reforzo, síntese, avaliación, etcétera. Por conseguinte:

- Realizarase unha proba inicial de coñecementos, partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Faranse exposicións na aula dos contidos esixibles en cada unidade. Será conveniente seguir sempre e de xeito sistemático un mesmo esquema que asegure a construción de aprendizaxes significativas a través da motivación e mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitarase a aprendizaxe significativa do alumando por si mesmo grazas á realización de traballos de recompilación de información, consulta bibliográfica e manexo de terminoloxía específica da unidade correspondente a partir de distintas fontes, tales como: noticias de actualidade, libros, cine, monografías, novelas históricas, etcétera.
- Organizaranse tarefas, onde cada unha delas, estará composta dun texto expositivo e de documentos gráficos e textuais, co fin de que o alumnado poda exercitarse no traballo dos principais procedementos da Xeografía e Historia. As tarefas poden formularse a partir de dúas maneiras distintas de acceder á información:
 - Un texto expositivo, breve, sinxelo e moi estruturado.
 - Unha investigación, baseada na análise e interpretación de documentos de diversa natureza.
- Favoreceranse debates que propicien situacións nas que os discentes actualicen e defendan os seus coñecementos.
- Elaboraranse glosarios coa terminoloxía propia da materia de cada unidade (consulta de textos, enciclopedias, dicionarios, Internet...).
- Reforzarase o coñecemento da materia grazas ao emprego de material gráfico: mapas xeográficos, diagramas, estatísticas, gráficos de barras e outros, filminas...
- Prepáranse anexos de apoio para o estudo en cada unidade orientados ao repaso dos contidos grazas a sínteses, resumos...

Estableceremos as liñas metodolóxicas xerais correspondentes a esta etapa educativa:

- √ Fomentar a participación e a reflexión tanto individual como grupal.
- √ Operar no só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- √ Fomentar a formulación de hipóteses.
- √ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- √ Fomentar a confrontación clara mantendo sempre a educación e o respecto.
- √ Insistir na ordenación das ideas, a súa comparación e xerarquización.

- √ Elaborar percorridos ordenados e lóxicos desde a formulación de hipóteses á comprobación dos resultados.
- √ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- √ Estudar outros contextos diferentes aos empregados para o traballo.
- √ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

O proceso de avaliación será continuo e integrador, constando de 3 avaliacións. En cada unha delas faranse probas escritas de coñecementos, a ser posible, unha por cada tema para que resulte máis doado a asimilación dos contidos para os rapaces destas idades e deste curso. Puntualmente e, se así o requiren as circunstancias, pódese agrupar nunha mesma proba de coñecementos dous ou tres temas intimamente relacionados entre si. Cada conxunto de probas do trimestre terá a súa correspondente recuperación ao remate de cada avaliación.

Farase unha proba final no que serán examinados dos contidos de toda a materia os alumnos/as que teñan suspensas dúas ou tres avaliacións. Aqueles que non recuperaron unha avaliación examinaranse dos contidos da citada proba suspensa no exame final. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse ao exame extraordinario de setembro.

Terán dereito a un exame final aqueles alumnos/as que no curso non acadasen unha cualificación xeral positiva. Aqueles que durante o curso académico superasen as diversas probas de coñecementos, non precisarían presentarse a este exame final, agás daqueles que desexen subir cualificación.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grao de protagonismo. Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico, o alumnado deberá desenvolver actitudes conducentes á reflexión e análise sobre os grandes avances históricos que nos permiten aprender do pasado e crecer na actualidade.

Na área de Xeografía e Historia é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

Dentro da propia METODOLOXÍA DA AVALIACIÓN, hai tres fundamentos básicos que temos que formularnos no proceso avaliador e, que son: que avaliar?, como avaliar? e cando avaliar?

1) QUE IMOS A AVALIAR?

Os elementos que debemos avaliar son os seguintes:

- A aptitude (a facilidade que mostra diante da Xeografía e Historia).

- A comprensión e a aplicación do aprendido en situacións de práctica.
- A actitude, o interese, o comportamento social, a educación, etcétera.

2) COMO IMOS A AVALIAR?

No referente a este apartado, faise referencia ás probas, ferramentas ou procesos da avaliación. Hai unha grande cantidade de procedementos que van desde a observación directa ata a proba escrita, aínda que algunhas das estratexias educativas máis empregadas para facer o proceso avaliativo, son as seguintes:

- Diarios escolares, onde se apuntan as actividades e os contidos traballados.
- Cadernos de clase, posto que proporcionan moita información sobre o seguimento do alumnado, o seu vocabulario, a súa expresión escrita, etcétera.
- Observación diaria, directa e sistemática.
- Realización e exposición de traballos de investigación, ben sexan individuais ou grupais: monografías, resumos, traballos de aplicación, textos escritos,...
- Realización de cuestionarios.
- Probas específicas orais ou escritas: obxectivas, abertas, exposición dun tema, resolución de exercicios...

3) CANDO IMOS A AVALIAR?

É clave dar importancia a tres momentos para centrar as actividades avaliadoras. Estas son:

- Avaliación diagnóstica ou inicial ao comezo do curso académico. É a fase que nos permite coñecer e recoller a máxima información sobre os alumnos/as (os seus coñecementos previos, intereses, antecedentes académicos...). Proporciona, polo tanto, os datos sobre o punto de partida de cada discente.

Este momento hai que aproveitalo para comentar aos alumnos/as os obxectivos, o material preciso para a materia, os criterios da avaliación... posto que no comezo do curso, os discentes están desexando recibir unha visión global das novas circunstancias de traballo.

- Avaliación formativa ou procesual. É o proceso que acompaña ao aprendizaxe, á maduración e ao desenvolvemento das capacidades dos alumnos/as. Concede importancia á evolución ao longo do proceso. Os procedementos para facer esta avaliación formativa son a observación directa das actividades feitas na aula e o seguimento do diario de clase.

- Avaliación sumativa ou de valoración. Baséase no aprendido desde o comezo (contando cos datos extraídos da avaliación inicial) e, debido á grande carga de contidos conceptuais deste curso, ven centrada máis nos procedementos tipo exame. Establece os resultados ao termo do proceso total da aprendizaxe e a consecución dos obxectivos.

Para poder avaliar cun mínimo de rigor ao alumnado da ESO, pensamos que deberíamos seguir a táboa que a continuación se relaciona, co propósito de ser o máis obxectivos posibles, tratando de non quedar influídos por outros parámetros alleos á propia avaliación. É, por iso, que a cada estándar de aprendizaxe en cada unidade didáctica, establecemos uns graos de consecución desta aprendizaxe e a importancia que posúen os contidos relacionados con estes na formación cultural do alumno/a. Cada grao sinálase cunhas letras nas que irá especificado o necesario para acadar dito grao de consecución.

GRAO DE CONSECUCIÓN	PAUTAS NECESARIAS PARA ACADALO
I (imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo maxistral, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente non ten que indicar nada máis do que o alumno/a explica.
CI (case imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo sobresaínte, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar escasos parámetros.
F (fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algún erros cometidos sen moita importancia.
CF (case fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algúns esquecementos ou interrelacións entre eles.
N (necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo satisfactorio, esquecendo diversos acontecementos, causas, consecuencias...
P (puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo razoable pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos, sendo preciso insistir.
CP (case puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo superficial pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos.
NN (non necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal pero que non implique a non consecución e asimilación dos contidos estudados.
IN (innecesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal, sen ser precisos para obter un grao de consecución e asimilación dos contidos.

II.5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E INCLUSIÓN

Para aqueles alumnos/as que presenten necesidades específicas cara á materia para o alumnado con maiores dificultades. Enténdese por atención á diversidade a adaptación á práctica educativa para dar resposta ás diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión temos de solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etcétera*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etcétera.
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos do alumnado.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor ou titora.

II.6. CONTIDOS MÍNIMOS

Nos catro cursos da Educación Secundaria Obrigatoria e, en cada unidade didáctica, especificanse os estándares de aprendizaxe imprescindibles para superar a materia que deben acadar todos/as alumnos/as. Cada

un destes estándares aparece relacionado cuns contidos que serán considerados como os mínimos necesarios para acadar unha cualificación de apto.

II.7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Todo aquel material preciso para o desenvolvemento das unidades didácticas, tanto a nivel de coñecemento, fomento da lectura, manexo das TIC...

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos.

Alumnado:

- Caderno de clase.
- Ordenador persoal posto pola Consellería de Educación en 1º e 2º de ESO (proxecto EDISGAL).
- Libros de texto: *Xeografía e Historia*, da editorial Anaya, correspondentes aos catro cursos da ESO (cando proceda).
- Mapas mudos políticos e físicos.

Aula:

- Planisferio físico e político.
- Mapas específicos xeográficos, históricos e políticos, das distintas zonas do planeta.
- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
 - Atlas xeográficos e históricos depositados na Biblioteca do centro.
 - Atlas xeográficos e históricos depositados no Departamento de Xeografía e Historia.
 - Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia.
 - Mapas topográficos.
 - Mapas xeolóxicos.
 - Mapas climáticos.
 - Ordenador con conexión a Internet.
 - Reprografía.

III. 1º ESO
Xeografía e Historia

III.1. OBXECTIVOS DA XEOGRAFÍA E HISTORIA EN 1º ESO

1. Analiza e identifica as formas de representación do noso planeta utilizando datos de coordenadas xeográficas.
2. Describir o medio físico europeo.
3. Situar no mapa de Europa as principais unidades e elementos do relevo continental.
4. Coñecer, describir e situar no mapa, os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
5. Coñecer os principais espazos naturais de Europa.
6. Manexar diferentes representacións cartográficas e as súas escalas.
7. Localizar no mapamundi, as principais unidades do relevo mundial e os grandes ríos.
8. Localizar no globo terráqueo, as grandes zonas climáticas e identificar as súas características.
9. Analizar a acción do ser humano sobre o medio e as súas consecuencias.
10. Comprender e explicar o proceso de hominización.
11. Analizar os principais acontecementos da historia da humanidade, situándoos nos distintos períodos históricos.
12. Datar os diferentes períodos históricos situándoos en diferentes eixes cronolóxicos.
13. Coñecer os primeiros ritos relixiosos.
14. Coñecer e describir as características da vida humana en cada período histórico.
15. Describir a organización socioeconómica das civilizacións, despois do neolítico.
	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. <i>Ser creativo e emprendedor.</i>
Conciencia e expresións culturais	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica, etcétera), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. <i>Coñecer a arte.</i> <i>Analizar obras de arte</i>

4. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Abril

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Poñerlle ao alumnado exemplos concretos e próximos á súa realidade e á súa vida cotiá, sempre que sexa posible.
- Utilizar a lectura inicial da unidade para motivar o alumnado sobre o tema.
- Poñer o acento na evolución do réxime franquista, e na oposición.
- Ler na aula, e comentar, fragmentos seleccionados das chamadas “Leis Fundamentais”.
- Poñer atención á localización espazo-temporal dos acontecementos, e ao principio de evolución.
- Utilizar o material gráfico do libro para promover a empatía do alumnado cara ao coñecemento do período.

- Utilizar as TIC para achegarse á arte e a cultura do período.
- Motivar o alumnado cara ao coñecemento da evolución do trato á muller durante o franquismo.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e os proxectos propostos.
- Traballar con evidencias materiais do pasado que se conservaron ata a actualidade.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar o alumnado sobre o tema, a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, de historia e de xeografía, fragmentos de películas, etcétera.

6. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A evolución do franquismo:
 - A política interior do réxime.
 - A oposición á ditadura e a súa represión.
 - A política exterior e a súa evolución.
2. A evolución económica:
 - A época da autarquía (1939-1959).
 - A política de desenvolvemento económica (1960-1975).

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba ou probas de avaliación por competencias da unidade.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Material complementario para o desenvolvemento das competencias.
- Rexistro de actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación:
 - Da aula.
 - Individual.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para todo o alumnado:

- Actividades de reforzo adxuntas da unidade.

Para algúns alumnos e algunhas alumnas:

- Actividades do caderno de contidos básicos.
- Actividades de ampliación adxuntas da unidade.

UNIDADE 10: O mundo recente. Relacións e conflitos

1. OBXECTIVOS

1. Interpretar a situación internacional actual: nova orde internacional, sistema mundial de estados e conflitos.
2. Diferenciar a situación internacional actual de Estados Unidos e Xapón, e os seus conflitos.
3. Afondar no coñecemento da construción europea e coñecer os conflitos recentes en Europa.
4. Sacar conclusións sobre o ascenso de Asia e coñecer e localizar os seus conflitos.

5. Comprender as bases da recuperación de Rusia, e analizar os conflitos actuais que a enfrontan aos países veciños.
6. Coñecer a importancia estratéxica e os problemas do mundo islámico.
7. Comprobar a evolución e os problemas actuais de América Latina e a África subsahariana, e clasificar outros conflitos mundiais.
8. Interpretar as fórmulas actuais de entendemento internacional, e valorar o papel da ONU na resolución dos conflitos.
9. Aprender a utilizar a prensa como fonte de información.
10. Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.

2. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A situación internacional actual. A multipolaridade. - A nova orde internacional. - O sistema mundial de Estados e conflitos. 	1. Comprender a situación internacional actual, as grandes rexións mundiais e as causas dos seus conflitos.	1.1. Localiza os conflitos e sinala as súas causas.	I	CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> - A Tríade (I). Estados Unidos e Xapón. - A discutida hexemonía de Estados Unidos. - O decaemento de Xapón. 	2. Comprender o protagonismo de Estados Unidos e de Xapón na nova orde mundial.	2.1. Sinala o protagonismo internacional de Estados Unidos e de Xapón.	I	CMCT CAA CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> - A Tríade (II). A UE e os conflitos en Europa. - A UE e a construción europea. - Os conflitos recentes en Europa. 	3. Analizar o proceso de ampliación e integración de Europa, e diferenciar e localizar conflitos europeos recentes.	3.1. Recoñece as ampliacións da UE.	I	CSC
<ul style="list-style-type: none"> - O ascenso de Asia e os seus conflitos. - Os países emerxentes de Asia. - Os conflitos en Asia. 	4. Coñecer os países emerxentes de Asia, e os seus conflitos con países veciños.	4.1. Identifica as potencias emerxentes asiáticas e os seus conflitos.	F	CCL CD CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> - Rusia e os seus conflitos. - A recuperación de 	5. Analizar a posición de Rusia nos contextos mundial e rexional, e	5.1. Explica os conflitos que mantén Rusia.	F	CSIEE

Rusia. - Os conflitos de Rusia.	explicar as causas dos seus conflitos territoriais e económicos.			
- O mundo islámico. Importancia estratéxica e conflitos. - A diversidade do mundo islámico. - O conflito árabe-israelí. - Os conflitos recentes de Oriente Medio.	6. Diferenciar o mundo islámico, e coñecer algúns dos seus conflitos recentes.	6.1. Identifica e sintetiza os conflitos do mundo árabe.	CI	CD CAA CSIEE
- América Latina, África subsahariana e outros conflitos. - América Latina e os seus conflitos. - A África subsahariana e os seus conflitos. - Outros conflitos mundiais actuais.	7. Coñecer características e problemas de América Latina e da África subsahariana, e mostrar o seu coñecemento doutros conflitos mundiais actuais.	7.1. Explica, a través dun cadro resumo, a problemática de América Latina e da África subsahariana.	N	CAA
- Institucións e grupos internacionais. - As fórmulas de entendemento. - Os grupos internacionais.	8. Coñecer e valorar o papel actual da ONU e dos novos foros internacionais.	8.1. Explica a función da ONU e doutros foros.	N	CCL
- A prensa, fonte de información.	9. Aprender a utilizar a prensa como fonte de información.	9.1. Utiliza a prensa para estudar un tema.	P	CD CSIEE
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	10. Progresar na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.	10.1. Desenvolve competencias básicas.	N	CCL CSC CSIEE

3. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES/SUBCOMPETENCIAS

Competencia	Descriptor/Subcompetencias
<i>Comunicación lingüística</i>	<p>Comprender o sentido dos textos escritos e orais.</p> <p><i>Comprender informacións.</i></p> <p><i>Diferenciar ideas esenciais.</i></p>
	<p>Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</p> <p><i>Adquirir vocabulario.</i></p> <p><i>Producir textos.</i></p>
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<p>Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etcétera.</p> <p><i>Traballar con mapas.</i></p> <p><i>Localizar en mapas.</i></p>
	<p>Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.</p> <p><i>Traballar con datos estatísticos.</i></p>
<i>Competencia dixital</i>	<p>Empregar distintas fontes para a busca de información.</p> <p><i>Utilizar a información.</i></p>
	<p>Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.</p> <p><i>Utilizar as TIC.</i></p>
<i>Aprender a aprender</i>	<p>Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</p> <p><i>Relacionar informacións.</i></p>
	<p>Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe.</p> <p><i>Organizar información.</i></p> <p><i>Participar na aprendizaxe.</i></p>
	<p>Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.</p> <p><i>Obter información.</i></p> <p><i>Deducir información.</i></p>

<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<p>Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.</p> <p><i>Comprender a realidade histórica.</i></p> <p><i>Manexar información temporal.</i></p> <p><i>Traballar con mapas históricos.</i></p>
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<p>Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.</p> <p><i>Planificar un traballo.</i></p> <p><i>Desenvolver plans persoais.</i></p> <hr/> <p>Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.</p> <p><i>Tomar decisións persoais.</i></p> <hr/> <p>Ser constante no traballo superando as dificultades.</p> <p><i>Propoñerse obxectivos.</i></p>

4. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización asignada a esta unidade será de tres semanas, é dicir, 9 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Maio

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Exemplificar coa realidade contemporánea os nacionalismos e as tensións sociais e económicas que alimentan procesos revolucionarios como a Primavera Árabe.
- Poñerlle ao alumnado exemplos concretos e próximos á súa realidade e á súa vida cotiá, sempre que sexa posible.
- Utilizar o atlas para localizar os principais espazos xeográficos.
- Poñer atención á localización espazo-temporal dos acontecementos.
- Utilizar o material gráfico do libro para promover a empatía do alumnado cara ao coñecemento do mundo actual.
- Utilizar as TIC para achegarse ao coñecemento da xeopolítica do mundo actual.
- Utilizar a prensa para coñecer a evolución dos distintos espazos xeográficos e xeopolíticos.
- Afondar no coñecemento dalgún dos conflitos actuais.
- Concienciar o alumnado sobre a importancia do proceso de integración da UE.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e proxectos propostos.
- Traballar con evidencias materiais do pasado que se conservaron ata a actualidade.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar o alumnado sobre o tema, a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, de historia e de xeografía, fragmentos de películas, etcétera.

6. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A situación internacional actual:
 - A nova orde internacional.
 - O sistema mundial de Estados e os seus conflitos.
2. A Tríade:
 - Estados Unidos e Xapón.
 - A Unión Europea. Importancia e evolución.
3. O ascenso de Asia e a recuperación de Rusia:
 - Os países emerxentes de Asia.
 - A recuperación de Rusia.
4. O mundo islámico, América Latina e a África subsahariana:
 - A diversidade do mundo islámico e os seus conflitos.
 - América Latina.
 - A África subsahariana.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba ou probas de avaliación por competencias da unidade.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Material complementario para o desenvolvemento das competencias.
- Rexistro de actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación:
 - Da aula.
 - Individual.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para todo o alumnado:

- Actividades de reforzo adxuntas da unidade.

Para algúns alumnos e algunhas alumnas:

- Actividades do caderno de contidos básicos.
- Actividades de ampliación adxuntas da unidade.

UNIDADE 11: O mundo recente. Globalización e diversidade

1. OBXECTIVOS

1. Definir a globalización e identificar os seus principais factores ou causas.
2. Recoñecer o impacto da globalización en distintos ámbitos e as súas consecuencias.
3. Distinguir a diversidade política do mundo actual, exemplificando nos réximes democráticos e autoritarios.
4. Diferenciar as distintas formas económicas do capitalismo no mundo e recoñecer os seus problemas actuais.
5. Analizar a crise económica de 2008.
6. Distinguir as diferentes sociedades e a diversidade cultural características do mundo actual.
7. Identificar algúns dos cambios fundamentais provocados polos avances científicos e tecnolóxicos recentes.
8. Formar redes conceptuais sobre a arquitectura e a escultura actuais.

9. Formar redes conceptuais sobre a evolución pictórica recente.
10. Iniciarse nas novas formas de arte, como a arte interactiva e a arte dixital.
11. Aprender a tomar e utilizar os apuntamentos de clase.
12. Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.

2. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- A globalización e as súas causas. - O concepto de globalización. - Causas da globalización.	1. Definir a globalización e comprender as súas causas.	1.1. Identifica as causas da globalización a través de imaxes.	I	CAA
- Ámbitos e consecuencias da globalización. - A globalización política. - A globalización económica. - Outros ámbitos da globalización.	2. Recoñecer ámbitos e consecuencias da globalización, e as novas realidades do espazo globalizado.	2.1. Identifica ámbitos, vantaxes e inconvenientes da globalización.	I	CAA
- A diversidade do mundo actual (I). Os sistemas políticos. - As diferenzas políticas. - Os réximes democráticos. - Os réximes autoritarios.	3. Diferenciar sistemas políticos no mundo actual, e recoñecer características dos réximes democráticos e autoritarios.	3.1. Diferenza réximes políticos actuais.	I	CCL CMCT CAA CSIEE
- A diversidade do mundo actual (II). Os sistemas económicos. - As distintas formas económicas do capitalismo. - Os problemas actuais do capitalismo.	4. Diferenciar as ideoloxías nekeynesianas e neoliberais, e apreciar os problemas actuais do capitalismo.	4.1. Compara ideoloxías keynesianas e neoliberais no capitalismo actual.	I	CAA
- A crise económica de 2008.	5. Comprender as causas, a evolución e as consecuencias da crise económica de 2008.	5.1. Explica a crise económica de 2008.	N	CCL CAA CSC

- A diversidade do mundo actual (III). A sociedade e a cultura. - A diversidade de sociedades. - A diversidade cultural.	6. Coñecer os trazos diferenciais das sociedades tradicionais e postmodernas, e apreciar as tendencias culturais actuais.	6.1. Diferenza a sociedade e a cultura tradicional e a postmoderna.	I	CCL CAA CSIEE
- Os avances científicos e tecnolóxicos. - Os avances científicos. - Os avances tecnolóxicos. - Os riscos da ciencia e a tecnoloxía.	7. Coñecer avances científicos e tecnolóxicos, e os seus riscos.	7.1. Valora e axuíza os avances científicos.	P	CCL CMCT CAA
- A arte actual (I). Arquitectura e escultura.	8. Coñecer e comprender as tendencias actuais da arquitectura e a escultura.	8.1. Identifica e caracteriza a arquitectura e a escultura actuais.	I	CCEC
- A arte actual (II). A pintura.	9. Diferenciar os movementos pictóricos actuais.	9.1. Compara os movementos pictóricos actuais.	I	CSIEE CCEC
- As novas formas de arte.	10. Diferenciar a arte interactiva e a arte dixital.	10.1. Explica a influencia das novas tecnoloxías na arte.	I	CCL CD CCEC
- Os apuntamentos de clase.	11. Aprender a tomar apuntamentos.	11.1. Aprende a tomar apuntamentos.	P	CD CAA
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	12. Progresar na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.	12.1. Desenvolve competencias básicas.	N	CCL CMCT CSIEE

3. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES/SUBCOMPETENCIAS

Competencia	Descritor/Subcompetencias
Comunicación lingüística	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. <i>Expresar opinións.</i>
	Comprender o sentido dos textos escritos e orais. <i>Comprender textos escritos.</i> <i>Diferenciar ideas esenciais.</i>
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. <i>Adquirir vocabulario.</i> <i>Producir textos.</i>

<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etcétera. <i>Traballar con mapas.</i>
	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. <i>Traballar con gráficos.</i>
<i>Competencia dixital</i>	Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. <i>Rexistrar información.</i>
	Empregar distintas fontes para a busca de información. <i>Traballar con textos e imaxes.</i>
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. <i>Utilizar as TIC.</i>
<i>Aprender a aprender</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. <i>Relacionar informacións.</i> <i>Interpretar unha imaxe.</i>
	Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe. <i>Organizar información.</i> <i>Participar na aprendizaxe.</i>
	Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe. <i>Facerse preguntas.</i>
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. <i>Obter información.</i> <i>Deducir información.</i>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. <i>Coñecer actividades humanas.</i>
	Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. <i>Expresar opinións.</i>
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. <i>Tomar decisións persoais.</i>
	Ser constante no traballo superando as dificultades.

	<i>Propoñerse obxectivos.</i>
	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
	<i>Ser creativo e emprendedor.</i>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica, etcétera), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
	<i>Analizar estilos.</i>
	<i>Coñecer a arte.</i>
	Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal.
	<i>Valorar achegas culturais.</i>

4. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Maio Xuño

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Utilizar a lectura inicial da unidade para motivar o alumnado sobre o tema.
- Poñer atención á localización espazo-temporal dos acontecementos.
- Utilizar o material gráfico do libro do alumnado para promover a súa empatía cara ao coñecemento do mundo actual.
- Utilizar as TIC para achegarse ao coñecemento da globalización do mundo actual e das tendencias artísticas actuais.
- Utilizar a prensa para tomar o pulso á actualidade.
- Poñer exemplos relacionados coa influencia da globalización na vida cotiá do alumnado.
- Utilizar o atlas para localizar os principais espazos xeográficos.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e os proxectos propostos.
- Traballar con evidencias materiais do pasado que se conservaron ata a actualidade.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar o alumnado sobre o tema, a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, de historia e de xeografía, fragmentos de películas, etcétera.

6. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A globalización:
 - Concepto e causas.
 - Ámbitos e consecuencias da globalización.
2. A diversidade do mundo actual:

- As distintas formas económicas do capitalismo.
 - A diversidade de sociedades: tradicionais e postmodernas.
 - Os avances científicos e tecnolóxicos.
3. A arte actual:
- A arquitectura e a escultura.
 - A pintura.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba ou probas de avaliación por competencias da unidade.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Material complementario para o desenvolvemento das competencias.
- Rexistro de actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación:
 - Da aula.
 - Individual.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para todo o alumnado:

- Actividades de reforzo adxuntas da unidade.

Para algúns alumnos e algunhas alumnas:

- Actividades do caderno de contidos básicos.
- Actividades de ampliación adxuntas da unidade.

UNIDADE 12: España e Galicia. Transición política e democracia

1. OBXECTIVOS

1. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975.
2. Integrar o labor do primeiro Goberno da UCD e os principios básicos da Constitución de 1978.
3. Explicar o labor dos Gobernos da democracia entre 1979 e 1982.
4. Identificar as políticas levadas a cabo polos Gobernos da democracia entre 1996 e 2011.
5. Coñecer e valorar o labor do goberno de Mariano Rajoy entre 2011 e 2016.
6. Interpretar as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da crise de 2008 en España.
7. Mostrar a importancia das transformacións demográficas, económicas e sociais de España desde 1975.
8. Extraer conclusións sobre a pertenza de España á Unión Europea, e sobre o seu papel no mundo actual.
9. Formar redes conceptuais sobre a cultura e a arte na España democrática.
10. Coñecer a evolución histórica de Galicia desde 1975 ata a actualidade e as repercusións para a nosa comunidade da integración de España na Unión Europea.
11. Aprender a preparar unha Proba de Avaliación Individualizada.
12. Verificar a progresión na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.

2. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- A Transición (I). O inicio da democracia. - O proceso de Transición. - Os inicios da Transición.	1. Comprender o concepto de Transición democrática e recoñecer os inicios do proceso.	1.1. Define a Transición democrática.	I	CCL CSC
- A Transición (II). A consolidación da democracia. - O primeiro Goberno de UCD (1977-1979).	2. Valorar a actuación do primeiro Goberno da UCD e coñecer a Constitución de 1978.	2.1. Define a Constitución de 1978.	I	CAA
- Os Gobernos da democracia (I). De 1979 a 1996. - O segundo Goberno de UCD (1979-1982). - Os primeiros Gobernos do PSOE (1982-1996).	3. Coñecer o labor dos Gobernos constitucionais entre 1979 e 1996.	3.1. Resume as medidas dos Gobernos entre 1979 e 1996.	I	CAA
- Os Gobernos da democracia (II). De 1996 a 2011. - Os primeiros Gobernos do PP (1996-2004). - A segunda etapa do Goberno socialista (2004-2011).	4. Coñecer as medidas levadas a cabo polos Gobernos democráticos entre 1996 e 2011.	4.1. Resume as principais medidas dos Gobernos democráticos entre 1996 e 2011.	I	CAA CSC
- Os Gobernos da democracia (III). De 2011 a 2016. - A segunda etapa do Goberno do PP (2011-2015).	5. Recoñecer as medidas adoptadas polo Goberno do PP entre 2011 e 2015.	5.1. Identifica as leis do período 2011 a 2015.	I	CCL
- A crise de 2008 en España.	6. Discriminar os acontecementos que conduciron á crise de 2008, e as súas consecuencias.	6.1. Enuncia os antecedentes e as consecuencias da crise de 2008.	N	CCL CD CAA
- Poboación, economía e sociedade.	7. Comprender e explicar as características da poboación, e a evolución económica e social de	7.1. Explica a evolución social e económica de España desde 1975 ata a actualidade.	N	CMCT CAA

	España desde 1975.			
- España na Unión Europea e no mundo. - España e a Unión Europea. - España no mundo.	8. Sintetizar a importancia da entrada de España na UE, e valorar o seu papel no mundo actual.	8.1. Expón o proceso de entrada de España na UE. 8.2. Expón o papel de España no mundo.	F CF	CCL CAA CCEC
- Cultura e tendencias actuais da arte. - A cultura: literatura e ciencia. - A arte actual.	9. Recoñecer os cambios culturais e artísticos acontecidos en España desde 1975.	9.1. Expón o esencial da evolución cultural da España democrática.	I	CAA CSC CCEC
- Galicia. Transición e autogoberno.	10. Coñecer e explicar os trazos diferenciais da evolución histórica de Galicia durante o período democrático.	10.1. Explica a evolución de Galicia desde 1975 ata a actualidade.	I	CCL CSC
- Galicia e a Unión Europea.	11. Coñecer a evolución e situación actual de Galicia dentro da Unión Europea.	11.1. Explica a evolución e a situación de Galicia dentro da Unión Europea.	I	CCL CAA CCEC
- Preparar unha Proba de Avaliación Individualizada.	12. Aprender a preparar unha Proba de Avaliación Individualizada.	12.1. Prepara unha Proba de Avaliación Individualizada.	IN	CD CSIEE
- Comproba a túa aprendizaxe e as túas competencias.	13. Progresar na aprendizaxe e na aplicación dalgunhas competencias básicas.	13.1. Desenvolve competencias básicas.	N	CCL CSC

3. COMPETENCIAS CLAVE E DESCRITORES/SUBCOMPETENCIAS

Competencia	Descritor/Subcompetencias
Comunicación lingüística	Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. <i>Expresarse de forma oral.</i>
	Comprender o sentido dos textos escritos e orais. <i>Comprender textos.</i> <i>Comprender textos escritos.</i> <i>Comprender informacións.</i> <i>Diferenciar ideas esenciais.</i>
	Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. <i>Adquirir vocabulario.</i> <i>Producir textos.</i>

<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etcétera. <i>Utilizar elementos matemáticos.</i>
	Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos: biolóxico, xeolóxico, xeográfico, físico, tecnolóxico, etcétera. <i>Localizar en mapas.</i>
	Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. <i>Traballar con gráficos.</i> <i>Interpretar un gráfico.</i>
<i>Competencia dixital</i>	Empregar distintas fontes para a busca de información. <i>Utilizar a información.</i>
	Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. <i>Utilizar as TIC.</i>
<i>Aprender a aprender</i>	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. <i>Relacionar informacións.</i>
	Xestionar os recursos e as motivacións persoais a favor da aprendizaxe. <i>Organizar información.</i> <i>Participar na aprendizaxe.</i>
	Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. <i>Obter información.</i> <i>Deducir información.</i>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. <i>Manexar información temporal.</i>
	Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. <i>Practicar valores democráticos.</i>
	Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. <i>Recoñecer dereitos.</i>

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. <i>Tomar decisións persoais.</i>
	Ser constante no traballo superando as dificultades. <i>Propoñerse obxectivos.</i>
	Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. <i>Planificar traballos.</i>
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica, etcétera), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. <i>Coñecer o patrimonio cultural.</i> <i>Coñecer a arte.</i> <i>Analizar estilos e obras.</i>

4. TEMPORALIZACIÓN

A temporalización asignada a esta unidade será de dúas semanas, é dicir, 6 sesións, que inclúen o desenvolvemento desta e a realización das tarefas individuais e colectivas asociadas a ela.

Xuño

5. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

- Comentar ao alumnado vivencias persoais da etapa.
- Motivar o alumnado a que converse coas súas nais e pais sobre os acontecementos acontecidos na Transición democrática, e como os viviron.
- Utilizar a introdución inicial da unidade para motivar o alumnado sobre o tema.
- Poñer atención á localización espazo-temporal dos acontecementos.
- Utilizar o material gráfico do libro para promover a empatía do alumnado cara ao coñecemento da España democrática.
- Utilizar a prensa para tomar o pulso á evolución da sociedade española actual.
- Explorar a web da Área de Igualdade.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades.
- Traballo en grupo cooperativo de 3 ou 4 estudantes, ou en gran grupo, no desenvolvemento das actividades e os proxectos propostos.
- Traballar con evidencias materiais do pasado que se conservaron ata a actualidade.
- Posta en común despois do traballo individual.
- Motivar o alumnado sobre o tema, a partir do uso de imaxes obtidas en Internet, do LA, libros de arte, de historia e de xeografía, fragmentos de películas, etcétera.

6. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Seleccionáronse os seguintes contidos:

1. A Transición democrática:

- Os inicios da Transición (1975-1979).
- A Constitución de 1978.
- 2. Os gobernos da democracia (1979-2016):
 - Os Gobernos constitucionais.
 - As medidas democráticas.
- 3. España na Unión Europea e no mundo:
 - España e a Unión Europea.
 - España no mundo.

7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Proba ou probas de avaliación por competencias da unidade.
- Observación sistemática do traballo na aula e dos traballos de clase.
- Material complementario para o desenvolvemento das competencias.
- Rexistro de actitude e comportamento na aula.
- Rexistro de avaliación:
 - Da aula.
 - Individual.

8. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para todo o alumnado:

- Actividades de reforzo adxuntas da unidade.

Para algúns alumnos e algunhas alumnas:

- Actividades do caderno de contidos básicos.
- Actividades de ampliación adxuntas da unidade.

VI.3. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º ESO

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos, os contidos mínimos e os criterios de avaliación especificados.

A avaliación positiva requirirá que:

- √ Os alumnos/as dominen os contidos mínimos sinalados anteriormente.
- √ Sexan capaces de desenvolver un traballo diario na clase.
- √ Sexan capaces de elaborar informes pulcros e claros.
- √ Sexan capaces de adquirir o vocabulario específico da materia.

En cada unha das avaliacións faranse probas específicas: obxectivas escritas; obxectivas orais; debates, postas en común e exposicións orais.

A avaliación será continua e formativa, e basearase no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e nas competencias clave correspondentes a cada unha das unidades vistas. Haberá que atender á cualificación que estes teñan en cada táboa presentada por unidades didácticas e o grao de consecución de cada un deles. Os criterios de cualificación basearanse no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave.

Como resultado deste proceso de avaliación, o alumno/a obterá unha cualificación baseada nos seguintes criterios:

→ Probas de coñecemento: 75%.

→ Traballo diario: 25%.

Ao remate de cada avaliación haberá unha proba de recuperación dos contidos explicados ao longo da mesma.

Farase unha proba final no que os alumnos/as serán examinados dos contidos das avaliacións que non teñan superadas. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse á convocatoria extraordinaria.

Terán dereito a un exame final aqueles alumnos/as que no curso non acadasen unha cualificación xeral positiva. Aqueles que durante o curso académico superasen as diversas probas de coñecementos, non precisarían presentarse a este exame final, agás daqueles que desexen subir cualificación.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

En canto aos criterios de corrección dos exames sinalar os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas, indícarase a puntuación máxima que se pode obter.
- Nas respostas valorarase a orde e a limpeza. Non se terán en conta explicacións ou resolucións inintelixibles.
- No caso de usar esquemas ou debuxos, estes deberán ser claros. En caso contrario non serán puntuados.
- A puntuación máxima darase cando a formulación e a resolución da pregunta sexan correctas.
- Descontaranse 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos, os contidos mínimos e os criterios de avaliación especificados.

VII. Educación Secundaria de Adultos

Ámbito Social 3-4

VII.1. INTRODUCCIÓN

Segundo a Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG nº 142 do 23 de xullo de 2008), a Educación Básica para Persoas Adultas regúlase atendendo a Lei Orgánica de Educación 2/2006, do 3 de maio. Tamén, a Circular 8/2011, dita instrucións sobre a organización e funcionamento dos Centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas.

No capítulo IX da citada lei, artigo 66, establécese que a esta educación ten a finalidade de ofrecer a todos os maiores de 18 anos a posibilidade de adquiriren, actualizaren, completaren ou ampliaren os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

No punto 2 do artigo 67, a mencionada Lei Orgánica establece que a organización e a metodoloxía destas ensinanzas se basearán na autoaprendizaxe e terán en conta as experiencias, necesidades e intereses das persoas adultas, podendo desenvolverse a través do ensino presencial e tamén mediante a educación a distancia. Igualmente, no punto 7 deste mesmo artigo afirmase que as ensinanzas das persoas adultas se organizarán cunha metodoloxía flexible e aberta, de modo que respondan ás súas capacidades, necesidades e intereses. E no seu artigo 68, establece que as persoas adultas que queiran adquirir as competencias e os coñecementos correspondente á educación básica, contarán cunha oferta adaptada ás súas condicións e necesidades.

A formación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas: a da formación básica inicial e a das ensinanzas de graduado na ESO. A primeira delas non compete a este Departamento nin é impartida neste IES. En canto á segunda (ESA), estrutúrase en dous niveis, e en cada nivel intégranse 3 ámbitos de coñecementos, entre o que atopamos o Ámbito Social que si é impartido por este Departamento Didáctico.

Este Ámbito consta de 2 módulos, aos cales incorpóranse os aspectos básicos das materias da ESO previstas na disposición adicional 1ª do R.D. 1631/2006 do 29 de decembro.

Esta organización do currículo en ámbitos integrados e estrutura modular, considérase a máis axeitada ás características e posibilidades das persoas adultas, por ser flexible e aberta, favorecer o acceso ás diferentes etapas do sistema educativo, respectar o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, e posibilitar a consecución do título de graduado en ESO por un procedemento específico para as persoas adultas.

VII.2. ÁMBITO SOCIAL

O Ámbito Social, de acordo co regulado na disposición adicional 1ª do R.D. 1631/2006, integra os aspectos básicos das materias de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Educación para a Cidadanía e os aspectos perceptivos das materias de Música e Educación Plástica e Visual.

Este ámbito integra, polo tanto, tres tipos de aspectos: os que permiten unha comprensión e visión crítica das relacións do home co medio xeográfico, e do home como froito da evolución histórica. Os que, cunha raíz profundamente ética, lle facilitan desenvolver unha comprensión das diferenzas e do respecto por elas dentro da sociedade democrática, co fin de preparar as persoas para unha cidadanía activa. E os que lle permiten un achegamento activo e de gozo da linguaxe visual e musical.

Os contidos das materias incluídas no ámbito oriéntanse a proporcionar unha visión global do mundo e transmitir un conxunto de valores para que o alumnado adopte unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. Eses coñecementos supoñen tamén unha contribución fundamental na formación do alumnado adulto para encararse ao mundo laboral.

Este ámbito recolle así aspectos profundamente arraigados na tradición pedagóxica occidental: a reflexión e o estudo sobre o espazo xeográfico e a historia, o achegamento á arte como elemento fundamental do humanismo, o diálogo e a reflexión como medio para cultivar o mutuo respecto e desenvolver unha auténtica educación moral propia dunha sociedade democrática avanzada.

VII.2.1. O ÁMBITO SOCIAL E AS COMPETENCIAS BÁSICAS

Polo seu carácter integrador, o ámbito social contribúe dun xeito intenso e efectivo ao desenvolvemento de todas as competencias básicas da educación secundaria e non só daquelas (competencia social e cidadá, e competencia cultural e artística) que están natural e directamente relacionadas con el.

Este ámbito integra coñecementos, técnicas e termos propios de diversas ciencias sociais (xeografía, historia, economía, demografía, socioloxía, psicoloxía social, ética) que, en moitos casos, utilizan instrumentos de razoamento e expresión matemáticos, que conducen ao logro da competencia matemática e da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Igualmente, unha metodoloxía adecuada na abordaxe deste ámbito debe partir da presentación de problemas reais que afectan os adultos como cidadáns e como habitantes do planeta Terra, e da aplicación dunha metodoloxía activa para a busca de solucións. Esta presentación contribuirá eficazmente ao logro da competencia para aprender a aprender e da competencia tratamento da información e competencia dixital.

Por outra parte, o diálogo permanente, o debate ordenado, a aclaración de sentimentos e valores, o cultivo do respecto ás diferenzas, que integran outro aspecto fundamental do ámbito social, serán un instrumento eficazísimo para o desenvolvemento da competencia da autonomía e iniciativa persoal.

A linguaxe é o vehículo permanente de acceso, obtención e expresión da información social, polo que toda a actividade desenvolvida neste ámbito conducirá ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, especialmente no desenvolvemento das habilidades que se poñen en xogo no diálogo interpersonal.

VII.2.2. CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

O horizonte último da educación secundaria para persoas adultas é o desenvolvemento das competencias básicas.

Como é lóxico, o ámbito contribúe dun xeito decisivo ao logro da competencia social mediante:

- ♣ O desenvolvemento social do alumno/a a través do coñecemento da organización e da evolución das sociedades. O estudo da xeografía e da historia resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, xa que facilita a comprensión da realidade social e as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural.

- ♣ O desenvolvemento de sentimentos de pertenza á sociedade en que vive, mediante o estudo dos trazos que a caracterizan.
- ♣ O desenvolvemento da empatía, da capacidade de poñerse no lugar do outro, mediante a análise das actividades humanas no presente e no pasado.
- ♣ O desenvolvemento da capacidade de diálogo para a análise dos problemas presentes e pasados da sociedade e a súa proxección sobre os problemas reais que deben encarar as persoas na súa propia vida.
- ♣ O desenvolvemento de metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprir os deberes propios.
- ♣ O desenvolvemento da capacidade de facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas.
- ♣ O desenvolvemento de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas.
- ♣ O reforzo da autonomía, a autoestima e a identidade persoal mediante a aclaración de sentimentos e valores, e o respecto dos demais.
- ♣ O desenvolvemento de sentimentos compartidos e non excluíntes, ao aceptar e usar convencións e normas sociais e interiorizar os valores de respecto, cooperación e solidariedade.
- ♣ A promoción da identificación da reflexión crítica sobre os valores do contorno ofrecendo como referente ético común os valores que sustentan a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.
- ♣ O coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns.

A competencia de coñecemento e a interacción co mundo físico é desenvolvida neste ámbito grazas a:

- ♣ A análise do espazo en que se desenvolve a actividade humana, especialmente coa utilización dos procedementos de orientación, localización, observación e interpretación das paisaxes e a súa representación cartográfica.
- ♣ Representación de feitos e fenómenos do mundo natural utilizando linguaxes e convencións simbólicas como a escala e signos convencionais.
- ♣ A análise e a valoración da acción do home sobre o medio, tanto nos seus aspectos positivos coma na utilización abusiva que facemos del.
- ♣ A aprendizaxe de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.

- ♣ Desenvolvemento do compromiso persoal e da participación responsable en proxectos colectivos e propostas que propicien o respecto e a defensa do patrimonio natural, industrial, histórico-artístico e inmaterial.

A contribución á competencia expresión cultural e artística é tamén significativa mediante:

- ♣ O coñecemento e a valoración do feito artístico, así como o respecto e conservación do patrimonio cultural propio e doutras culturas, a través do desenvolvemento de habilidades perceptivas e de análise.
- ♣ A observación, análise e gozo das manifestacións artísticas insertas na paisaxe, como pontes, edificios civís, camiños, igrexas, pazos.
- ♣ A observación, análise e satisfacción ante as obras artísticas relevantes.
- ♣ A valoración do patrimonio cultural material e inmaterial, facendo especial fincapé no patrimonio de Galicia.
- ♣ A audición de obras musicais e a súa análise e gozo, establecendo a conexión co contexto histórico en que naceron.
- ♣ A valoración da cultura popular como elemento básico da nosa propia identidade galega nun mundo cada vez máis globalizado e uniformado favorecendo así a nosa propia autoestima e a creación de lazos solidarios na nosa comunidade.
- ♣ A consideración da cultura como produción colectiva viva e aberta.
- ♣ A valoración e desenvolvemento da liberdade de expresión, tolerancia e achegamento entre as culturas.
- ♣ A percepción das artes como unha linguaxe universal que pode acercar culturas e favorecer o entendemento dos pobos.

O ámbito social contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia tratamento da información e competencia dixital, mediante:

- ♣ O uso de técnicas de observación e análise para extraer información directamente da paisaxe.
- ♣ O uso de fontes documentais escritas, gráficas e audiovisuais.
- ♣ O uso das tecnoloxías da información como fonte de información escrita, icónica e musical.
- ♣ O uso da linguaxe cartográfica.
- ♣ O uso de programas informáticos adecuados para expresar a información obtida mediante informes, presentacións, etcétera.
- ♣ O uso das TIC como instrumento de comunicación, inclusión e cohesión entre grupos étnica e culturalmente distintos.

A competencia en comunicación lingüística é favorecida a través de todos os ámbitos de coñecemento, porque a linguaxe é o vehículo imprescindible para a transmisión dos saberes, a súa apropiación e expresión. Pero o ámbito social contribúe a ela de modo significativo mediante:

- ♣ O uso dun vocabulario propio e o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos, que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica.

- ♣ A posta en xogo de habilidades para a comunicación verbal en grupo, mediante técnicas de diálogo e discusión, de toma de decisións. Debater en serio esixe exercitarse na escoita, na exposición e a argumentación e para iso é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.

- ♣ O uso dunha linguaxe non discriminatoria pola orixe, xénero ou calquera outra circunstancia.

- ♣ A utilización e a comprensión da información oral e escrita, integrándoa nos esquemas previos de coñecemento.

Tamén o ámbito social contribúe á competencia matemática mediante o uso, para a análise da interacción do home co medio e das relacións económicas, de:

- ♣ Operacións aritméticas, porcentaxes, proporcións, nocións estatísticas básicas na descrición e análise dos fenómenos xeográficos, económicos e históricos.

- ♣ Uso de escalas numéricas, gráficas e proporcións.

- ♣ Coñecemento dalgúns fitos históricos na construción da ciencia matemática: personalidades singulares, grandes descubrimentos.

- ♣ Estudo da contribución da ciencia matemática a algúns acontecementos históricos.

A competencia para aprender a aprender favorécese desde o ámbito social mediante:

- ♣ A presentación de problemas reais que nos afectan como cidadáns e a busca de solucións realistas para eles.

- ♣ A adquisición da capacidade de aprender de xeito autónomo, desenvolvendo ferramentas que a faciliten e buscando respostas que se correspondan cun coñecemento racional.

- ♣ A formalización de técnicas para extraer información directamente da observación da paisaxe e de fontes documentais.

- ♣ O desenvolvemento de estratexias que axudan ao grupo a formular problemas, discutilos e alcanzar conclusións.

- ♣ Elaboración de valoracións persoais e conclusións razoadas: establecemento de relacións entre feitos diversos, explicación causal dos fenómenos.

Por último, o ámbito social ten unha contribución esencial ao desenvolvemento da competencia para a autonomía persoal mediante:

- ♣ A aclaración de actitudes e sentimentos propios.

- ♣ O desenvolvemento da autoestima e da seguridade persoal.

- ♣ A aceptación das diferenzas de actitudes e valores e a asunción do propio rol dentro dos grupos a que se pertence.

- ♣ Desenvolvemento da toma responsable de decisións relacionadas coa dimensión persoal, social ou profesional.

- ♣ Participación activa na xestión dos asuntos públicos.

- ♣ Coñecemento de estratexias para a inserción no mundo laboral, información sobre os seus dereitos e aspectos básicos das relacións laborais.

- ♣ Elaboración e aplicación de estratexias persoais baseadas na información de carácter xeográfico, histórico ou sociolóxico para resolver situacións problemáticas e conflitivas.
- ♣ Participación activa e creativa na xestión e a mellora dos espazos públicos, para defender e protexer o patrimonio cultural, artístico, natural e inmaterial.

VII.2.3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

O ensino deste ámbito terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

- Recoñecerse como membro da condición humana na súa dimensión individual e social, aceptando a propia identidade, as características e experiencias persoais, respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a expresión axeitada dos sentimentos e as emocións, e a autoestima.
- Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar con iniciativa propia nas actividades de grupo e na vida social en xeral, con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.
- Recoñecer as situacións –pasadas e presentes– de desigualdade no recoñecemento efectivo dos dereitos entre o home e a muller, valorar e respectar as diferenzas de xénero e a igualdade de dereitos entre eles, así como rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre ambos os dous, participando na prevención das desigualdades e de toda clase de violencia de xénero.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, especialmente da sociedade galega, española e europea, favorecendo a toma de consciencia dos seus valores básicos así como os dereitos e liberdades fundamentais das persoas como unha meta irrenunciable para acadar a xustiza persoal e social.
- Identificar, explicar e valorar os feitos económicos, políticos, sociais e culturais, e a importancia das mentalidades, ao longo do devir das distintas sociedades humanas, utilizando este coñecemento para entender mellor as características e os problemas actuais e a súa proxección de futuro, así como o papel que mulleres e homes desenvolven nelas.
- Identificar, localizar e analizar os elementos básicos que caracterizan o medio físico, especialmente o de Galicia, as relacións que se dan entre eles e as que as sociedades humanas establecen na utilización do espazo e dos seus recursos, comprendendo que o espazo xeográfico actual é o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven.
- Empregar de forma combinada conceptos, feitos, teorías e procedementos propios da historia, da xeografía, da ética e da educación para a cidadanía para analizar e comprender problemas sociais e resolver situacións conflitivas nas sociedades actuais, especialmente das que afectan a Galicia, España e Europa.
- Coñecer e valorar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, a escala mundial, estatal e galega, co fin de respectalo, protexelo, gozalo e transmitilo ás xeracións vindeiras.
- Comprender a diversidade cultural e étnica das nosas sociedades como unha consecuencia do fenómeno da globalización, valorando esta diversidade como unha oportunidade para expresar actitudes de respecto e tolerancia cara ás outras mentalidades, formas de vida e códigos éticos que non coinciden cos nosos, sempre que non atenten contra a dignidade humana, e sen que isto implique renunciar a xuízos sobre eles.

- Buscar, comprender, seleccionar e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de diversas fontes, incluída a que proporciona o contorno físico e social, os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación, tratala de maneira autónoma e crítica co fin que se persegue e comunícala de forma organizada, coherente e intelixible.
- Saber observar e apreciar as imaxes e os sons, comprendendo as relacións existentes entre as linguaxes plásticas e musicais, con outros pertencentes aos distintos ámbitos de coñecemento.
- Participar na organización e realización de actividades en diversos contextos, favorecendo o diálogo, a colaboración e a participación, sendo consciente do enriquecemento que se produce coas propias achegas e as dos demais.

VII.2.4. METODOLOXÍA

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida.

As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar decisións no ámbito da educación para as persoas adultas.

Por iso, cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

A metodoloxía utilizada nas ensinanzas do ámbito social da educación secundaria para persoas adultas debe ter como horizonte o desenvolvemento de aprendizaxes significativas no alumnado. Unha das características máis relevantes das aprendizaxes significativas é a súa permanencia, porque establece un elevado número de relacións entre o novo coñecemento adquirido e a estrutura cognitiva do alumnado. Esta, no caso da persoa adulta, está moi ancorada nunhas experiencias máis ricas e complexas cás dun adolescente. Isto implica que, nas persoas adultas, e moi especialmente no ámbito social, existen máis posibilidades de establecer relacións entre o novo coñecemento e os esquemas mentais que elas posúen.

Os enfoques globalizadores favorecen a motivación e a riqueza dos significados que conforman os esquemas cognitivos. Esta concepción metodolóxica baséase no principio de que toda situación de ensino-aprendizaxe debe partir dunha situación próxima á realidade, neste caso da persoa adulta, e que esta situación debe resultarlle interesante e crearlle a necesidade de formular cuestións e problemas a que lles debe dar resposta. Para isto, cómpre utilizar instrumentos conceptuais e técnicos que proveñan das distintas disciplinas,

pero a súa presentación aos alumnos/as adultos debe vir xustificada desde o achegamento a temas dunha realidade que coñecen, que desexan analizar e comprender, e na cal poidan intervir. En calquera caso, debe recordarse que hoxe en día o máis próximo na experiencia non é necesariamente o que espacialmente temos a carón de nós, e que realidades espacialmente distantes nos son familiares pola súa presenza recorrente no cine e nos medios de comunicación audiovisuais.

O estudo dos contidos procedentes da Xeografía e da Historia debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables –naturais e humanas– que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións. A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta.

O estudo da historia permítelle ao alumno/a adulto ter unha visión multicausal do proceso histórico, como algo evolutivo que condiciona e determina o presente. É necesario o estudo dos suxeitos históricos silenciados como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolle o protagonismo que lles corresponde. Ao mesmo tempo, débese abordar o estudo do noso patrimonio cultural material e inmaterial como un conxunto herdado e construído colectivamente a través do tempo e do espazo. De aí que se entrelacen os planos do patrimonio cultural, histórico, artístico e ambiental, establecendo interaccións mutuas.

Deberase desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á Xeografía, á Historia e á cultura de Galicia.

A educación para a cidadanía en persoas adultas debe transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axude a superar calquera tipo de discriminación. Deste xeito contribuirán á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúen a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades.

Cos contidos procedentes da educación plástica e visual, e da música desenvolveranse no alumnado as capacidades perceptivas. Deben tamén introducir o alumnado adulto no coñecemento da evolución histórica da arte e da música, sempre en relación co contexto histórico en que se desenvolveron.

Neste ámbito débese adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. O coñecemento social adquirese a partir das fontes orais, textuais e materiais, da indagación e da utilización e busca da información. Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

Se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de

desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima.

A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender. É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Unha metodoloxía que teña en conta tales aspectos favorecerá, polo tanto, que o alumnado poida deseñar os seus obxectivos de aprendizaxe, e que identifique as tarefas máis adecuadas para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, contribuíndo á súa superación persoal.

Polo tanto, as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo, como investigadoras e creativas que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio, favorecer a integración da información dentro dos seus esquemas cognitivos e promover a autoaprendizaxe.

VII.2.5. CONTIDOS DO CURRÍCULO DO NIVEL II

VII.2.5.1. MÓDULO 3. DAS SOCIEDADES PREHISTÓRICAS Á SOCIEDADE INDUSTRIAL

Bloque I: Das sociedades prehistóricas á introdución da industria.

- As sociedades paleolíticas. A revolución neolítica: transformacións e avances. A prehistoria na Península Ibérica. A cultura castrexa.
- O inicio da humanización do espazo natural: as primeiras civilizacións urbanas do Crecente Fértil.
- As principais contribucións das civilizacións urbanas clásicas: Grecia e Roma. Hispania e Gallaecia.
- A expansión do cristianismo: do politeísmo ao monoteísmo. A ruralización do occidente europeo. O reino suevo.
- A sociedade feudal: fundamentos demográficos, económicos, sociais, ideolóxicos e políticos. Orixe e expansión do Islam. O rexurdimento das cidades e do comercio: aparición da burguesía. A Península Ibérica na Idade Media: Al Andalus e os reinos cristiáns. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. O papel da espiritualidade na arte medieval: catedrais e mesquitas.
- As características do Estado moderno. O significado do Renacemento. A Península Ibérica na época moderna. A nova imaxe do mundo: descubrimento e colonización de América. Galicia: fidalgos e foreiros. O Barroco galego.
- O Antigo Réxime no século XVIII: trazos básicos e quebra. A crise da Monarquía Absoluta. A Ilustración. O reformismo borbónico en España e Galicia.
- Obtención de información de fontes diversas: iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas TIC, etcétera. Elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Nocións de simultaneidade e evolución. Representación gráfica de secuencias temporais.

- Identificación das causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio, relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Recoñecemento dos elementos básicos que caracterizan os estilos plásticos e musicais máis relevantes.
- Valoración crítica das interpretacións subxectivas que, ás veces, se dan da historia e interese por explicacións máis obxectivas sobre ela.
- Valoración dos restos e vestixios do pasado existentes no contorno galego e do seu patrimonio inmaterial como manifestación da memoria colectiva.

Bloque II: Un século de revolucións: da Marsellesa á Internacional.

- As transformacións políticas no século XIX. Antecedentes: a independencia dos Estados Unidos de América e a Revolución Francesa. Características do modelo liberal. Os movementos nacionalistas en Europa.
- A construción do Estado liberal na España do século XIX. A fin do imperio colonial español. As desamortizacións e a súa importancia en Galicia. As orixes do pensamento nacionalista en Galicia e o primeiro galeguismo.
- As transformacións económicas no século XIX: formación, desenvolvemento e trazos esenciais do sistema capitalista. A renovación das estruturas agrarias. A industrialización en Europa e España. As grandes potencias europeas a finais desta centuria. Galicia: o fracaso das industrias téxtil e siderúrxica; o inicio da industria conserveira.
- As transformacións sociais no século XIX: da sociedade estamental á sociedade de clases. A nova sociedade: a burguesía e os obreiros industriais. O movemento obreiro: as ideoloxías anticapitalistas. As novas formas de vida na sociedade industrial.
- O avance democrático liberal en Europa a finais do século XIX: a loita polo sufraxio universal e os dereitos sociais. A exclusión das mulleres dos avances sociais e políticos: o sufraxismo e o dereito á educación.
- As artes plásticas a finais do Antigo Réxime e a súa evolución no século XIX ao compás dos cambios sociais e políticos. A relación entre a arte e as ideas políticas: Romanticismo e Nacionalismo.
- Identificación da multiplicidade causal nos acontecementos históricos.
- Valoración do papel de mulleres e homes anónimos, ata agora silenciados, recoñecéndolles o protagonismo histórico que lles corresponde na loita contra a desigualdade e a falta de liberdade.
- Identificación dos factores que interveñen nos procesos de cambio histórico, considerando as súas interrelacións. Diferenciación de causas e consecuencias nestes cambios.
- Obtención e selección de información de fontes escritas, especialmente a través das TIC, diferenciando os feitos das opinións. Contraste de informacións contraditorias referidas a un mesmo feito histórico.
- Recoñecemento e valoración da situación de democracia e benestar económico actual nas sociedades occidentais como froito da loita e do esforzo colectivo das xeracións pasadas e da actual.

VII.2.5.2. MÓDULO 4. UN MUNDO GLOBALIZADO: BASES HISTÓRICAS, EVOLUCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL

Bloque I: O século XX e os comezos do terceiro milenio.

- Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX. Imperialismo, guerra e revolución. A depresión de 1929 e o auxe dos fascismos. A revolución soviética.
- Transformacións na España do século XX: crise do Estado liberal; a II República; guerra civil e represión en Galicia; franquismo. As reivindicacións periféricas: o nacionalismo galego.
- A orde política e económica mundial na segunda metade do século XX: bloques de poder e modelos socioeconómicos. A Guerra Fría. Os procesos de descolonización e o terceiro mundo. O neocolonialismo. O papel da ONU e doutros organismos internacionais.
- A desaparición da URSS e a nova orde mundial: globalización e novos centros de poder xeopolítico. Focos de tensión e perspectivas no mundo actual.
- Identificación das principais institucións e dos conceptos fundamentais que definen un sistema democrático. Os sistemas de votación democrática.
- Arte e cultura na época contemporánea. Recoñecemento e valoración da presenza e influencia da imaxe no noso tempo. Análise e interpretación de obras significativas da arquitectura, das artes plásticas e da música.
- A pluralidade de estilos na música actual. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.
- Toma de consciencia dos graves problemas existentes na actualidade e da responsabilidade colectiva na promoción da paz.
- Disposición a participar e colaborar con organismos e institucións gobernamentais e non gobernamentais (asociacións, ONG, etcétera) que perseguen a mellora das situacións de desigualdade e desequilibrios sociais. A participación non institucionalizada e a participación política institucionalizada.
- Valoración da liberdade, a xustiza e a igualdade como valores en que se fundamenta a democracia. Valoración do sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política nas sociedades do século XXI.

Bloque II: Dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.

- Transición política e configuración do Estado democrático en España. O Estatuto de autonomía de Galicia. España e Galicia dentro da Unión Europea hoxe.
- Identificación e exercicio dos deberes e dereitos que os alumnos e alumnas teñen como alumnado dun centro.
- Coñecemento da Declaración universal dos dereitos humanos, e asunción dos deberes e responsabilidades que dela derivan.

- Recompilación de información sobre os distintos tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.
- Identificación das principais etapas históricas na conquista dos dereitos humanos e valoración das novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos). Identificación e condena de situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecemento dos recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.
- Coñecemento da loita das mulleres e das súas organizacións para a conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e o seu recoñecemento como sucesos históricos de dereitos e de cidadanía. Análise das causas e factores da discriminación das mulleres.
- Identificación e coñecemento dos principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia e da regulación do seu exercicio.
- Identificación e valoración das diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Valoración dos dereitos humanos como existencia mínima de xustiza. Implicación na defensa efectiva dos dereitos humanos. Identificación e rexeitamento das actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.
- Recoñecemento e valoración das diferenzas de xénero como enriquecedoras das relacións persoais.
- Recoñecemento da igualdade de dereitos de mulleres e homes e identificación e rexeitamento das situacións de discriminación de feito das cales aínda son vítimas as mulleres. Rexeitamento da violencia de xénero. Recompilación de información sobre as medidas destinadas á prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.
- Valoración do exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Valoración da importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas.
- Coñecemento e respecto dos dereitos dos demais e asunción dos deberes propios nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores e peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

VII.2.6. TEMPORALIZACIÓN

Conforme dita a propia normativa para a ESA, a distribución temporal dos contidos queda reflectida da forma seguinte:

1º Cuadrimestre: módulo 3.

2º Cuadrimestre: módulo 4.

Cabe sinalar que os módulos son independentes, pero para poder cursar o módulo 4 é imprescindible ter superado o módulo 3.

VII.2.7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E RELACIÓNS COAS CC.BB.

VII.2.7.1. MÓDULO 3. DAS SOCIEDADES PREHISTÓRICAS Á SOCIEDADE INDUSTRIAL

Bloque I: Das sociedades prehistóricas á introdución da industria.

- √ Recoñecer as interaccións que se producen entre os grupos humanos paleolíticos e neolíticos e o medio natural, os avances e logros técnicos que favoreceron o crecente dominio do medio, analizando e obtendo conclusións sobre a importancia das novas tecnoloxías agrarias, gandeiras e construtivas para o desenvolvemento humano e comprendendo os trazos característicos da cultura castrexa.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de identificar os elementos básicos que conformaron as sociedades depredadoras e os cambios que supuxo a revolución neolítica, considerando as consecuencias que esta tivo para a evolución da humanidade. Valorarase a importancia cultural da arte rupestre e do megalitismo atlántico e a comprensión dos trazos característicos da cultura castrexa.

Este criterio afecta ás competencias cultural e artística, social e cidadá e aprender a aprender pois que trata de avaliar se o alumno/a coñece o concepto de tempo histórico, utilizando o vocabulario básico axeitado.

- √ Situar espacial e temporalmente a Grecia clásica e o Imperio Romano, utilizando mapas históricos; recoñecer e valorar as achegas e avances realizados polas civilizacións grega e romana como bases que fundamentan as formas de vida e convivencia actuais, e identificar as pegadas da civilización hispanorromana no territorio galego.

Con este criterio quérese valorar se o alumnado é capaz de situar espacial e temporalmente a Grecia clásica e o Imperio Romano. Igualmente, se recoñece as principais achegas materiais e culturais clásicas e a súa contribución á civilización occidental.

Afecta este criterio as competencias social e cidadá, cultural e artística e aprender a aprender en tanto permite avaliar a capacidade de identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.

- √ Identificar e caracterizar os trazos económicos, sociais, políticos e culturais da época medieval, situando no tempo e no espazo as diferentes culturas que coexistiron na Península Ibérica, con especial referencia ao Reino Suevo e ao Camiño de Santiago, destacando e valorando o papel hexemónico das relixións na ordenación global da vida do medievo.

Trátase de avaliar se o alumnado recoñece os elementos básicos que caracterizan esta época, identifica os reinos cristiáns e Al-Andalus e as súas características fundamentais, recoñece a súa contribución cultural e artística a partir do estudo dalgúñas obras da arte románica e valora o momento de auxe do Reino de Galicia, cos seus episodios de crise social.

Afecta este criterio as competencias social e cidadá, cultural e artística e aprender a aprender en tanto permite avaliar a capacidade de identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.

- √ Identificar os cambios que conducen ao fortalecemento da autoridade monárquica ata a aparición do Estado moderno, distinguindo os principais momentos da súa evolución e as características máis relevantes da monarquía hispana e do seu imperio colonial, así como os estilos artísticos renacentista e barroco.
Búscase comprobar se se identifican as distintas etapas da monarquía hispana, recoñecendo a importancia económica e política do imperio colonial español, destacando a posición dependente de Galicia e diferenciando os trazos básicos dos estilos renacentista e barroco galego.
Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística e á de aprender a aprender.
- √ Explicar os trazos básicos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime, a importancia da ideoloxía da Ilustración como factor de desencadeamento da crise e descomposición deste modelo sociopolítico e as características do reformismo borbónico en España e Galicia.
Este criterio trata de comprobar se se recoñecen os cambios producidos no século XVIII, describindo o carácter centralizador e reformista do despotismo ilustrado en España.
Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística e á de aprender a aprender.
- √ Recoñecer e situar nun eixe cronolóxico os feitos históricos estudados, representando algunhas relacións causais dos cambios históricos.
Preténdese que o alumnado elabore cadros temporais como medio de avaliación da comprensión e expresión da orde e duración dos grandes acontecementos que conforman o tempo histórico, así como da sucesión ou da simultaneidade dos feitos relevantes.
Este criterio afecta ás competencias cultural e artística, social e cidadá e aprender a aprender pois que trata de avaliar se o discente coñece o concepto de tempo histórico, utilizando cadros temporais e cronolóxicos axeitados.
- √ Recoñecer e valorar as pegadas do pasado histórico galego na linguaxe, nos costumes, nos restos materiais, nas manifestacións artísticas e na vida cotiá como elementos constitutivos da nosa identidade individual e colectiva.
Este criterio busca comprobar que o alumnado entende e explica a presenza viva na nosa vida e no noso contorno do noso patrimonio material e inmaterial.
Este criterio afecta ás competencias cultural e artística, social e cidadá e aprender a aprender pois que trata de avaliar se o alumno/a coñece o concepto de tempo histórico, utilizando o vocabulario básico axeitado.

Bloque II: Un século de revolucións: da Marsellesa á Internacional.

- √ Identificar e analizar, utilizando o vocabulario e os conceptos apropiados, as ideas básicas dos grandes movementos ideolóxicos e dos procesos revolucionarios de fins do século XVIII e do XIX.
Con este criterio preténdese valorar o coñecemento por parte do alumnado dos principais movementos – liberalismo, nacionalismo, socialismo, anarquismo e sufraxismo– deste período histórico, recoñecendo por

medio de exemplos a súa influencia na sociedade actual, e analizando as súas particularidades en España e Galicia, coa significación que aquí ten o proceso desamortizador e o sistema político caciquil.

Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística e á de aprender a aprender.

- √ Caracterizar e valorar as transformacións económicas e sociais que se producen en Europa, España e Galicia como consecuencia da Revolución Industrial.

Este criterio trata de avaliar se se recoñecen os cambios que esta revolución introduciu na produción, así como as transformacións sociais que provocaron a aparición de novos grupos sociais, con profundas diferenzas de clase e de xénero, e que os desfavorecidos suscitan reivindicacións desde posicións ideolóxicas socialistas ou anarquistas, valorando a ambivalencia –mellora pero tamén deterioro– dos profundos cambios acontecidos no período. Tamén se valorará a comprensión dos factores causais que explican a fortaleza económica das grandes potencias europeas a finais do século XIX.

Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística, á de aprender a aprender e á competencia en autonomía e iniciativa persoal.

- √ Recoñecer e valorar os logros e as conquistas democráticas desta época, comprometéndose na asunción da herdanza de dereitos e liberdades que arrancan do século XIX.

Preténdese con este criterio valorar a comprensión da vinculación da maior parte dos dereitos, liberdades e benestar económico que hoxe gozamos co compromiso e a loita colectiva de homes e mulleres, anónimos e silenciados, ao longo dos dous últimos séculos.

Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística e á de aprender a aprender.

- √ Distinguir os trazos básicos dos estilos artísticos máis importantes do período, realizando comentarios de imaxes relacionadas coas artes plásticas dos séculos XVIII e XIX.

Trátase de comprobar que o comentario de obras de arte lle proporciona ao alumnado un vocabulario básico de termos artísticos, así como a capacidade de distinción de estilos e movementos artísticos, relacionados coa situación social, ideolóxica e política do momento.

Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística e á de aprender a aprender

- √ Utilizar as TIC para encontrar e comunicar información que responda a cuestións relacionadas coas grandes transformacións acontecidas no século XIX, de modo individual ou en pequenos grupos.

Con este criterio valórase a adquisición por parte do alumnado adulto da competencia dixital e de tratamento de información, aplicada á comprensión dos factores causais que explican os devanditos cambios.

Este criterio afecta ás competencias da información e competencia dixital, á competencia social e cidadá e aprender a aprender.

- √ Analizar e comentar, oralmente e por escrito, textos históricos, así como obter e comunicar información significativa procedente de mapas históricos que representen e sitúen temporalmente os feitos e os procesos estudados, como a industrialización ou os procesos revolucionarios.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto de valorar a información contida en textos históricos e de obter información de documentos como mapas históricos, distinguindo a información principal da accesoria, e expoñendo de forma argumentada a propia opinión sobre determinados aspectos do texto ou do mapa.

Este criterio afecta á competencia en comunicación lingüística e aprender a aprender ao comprobar o coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e a capacidade de poñer en práctica as destrezas necesarias para compoñer un texto ben escrito.

VII.2.7.2. MÓDULO 4. UN MUNDO GLOBALIZADO: BASES HISTÓRICAS, EVOLUCIÓN E SITUACIÓN ACTUAL

Bloque I: O século XX e os comezos do terceiro milenio.

- √ Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX. Comprender e identificar os principais acontecementos e procesos e as súas interaccións no panorama internacional desta época (Imperialismo, a Revolución Rusa, as guerras mundiais, a depresión de 1929 e o auxe dos fascismos), contraponendo os trazos básicos dos totalitarismos cos dos réximes democráticos.

Con este criterio trátase de avaliar se o alumnado adulto identifica e analiza as causas e as consecuencias da Primeira Guerra Mundial e as da Revolución Rusa e se comprende o modelo político, económico e social resultante, comparándoo co modelo do liberalismo democrático. Igualmente se comprende as causas da crise de 1929, o carácter cíclico do capitalismo e os cambios producidos na teoría económica capitalista (paso do liberalismo económico clásico ás teorías reguladoras). Tratarase de avaliar tamén se comprende e analiza as causas do auxe dos fascismos e as súas consecuencias inmediatas (Segunda Guerra Mundial).

Afecta este criterio ás competencias social e cidadá, cultural e artística e aprender a aprender en tanto permite avaliar a capacidade de identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.

- √ Analizar os cambios acontecidos no mundo desde a segunda metade do século XX (nacemento dos grandes bloques de poder político e modelos socioeconómicos enfrontados), e identificar as tensións resultantes da súa existencia. Igualmente, analizar as causas e as consecuencias dos procesos de descolonización, identificando as características do chamado terceiro mundo e as súas reivindicacións. Identificar os acontecementos que conduciron á desaparición da URSS e á creación dunha nova orde mundial.

Trátase de comprobar que o alumnado adulto é capaz de analizar e comprender a división do mundo en bloques de poder político con modelos socioeconómicos enfrontados e as tensións resultantes. Igualmente, trátase de valorar se o alumnado coñece as causas e as consecuencias dos procesos de descolonización e o

nacemento dunha nova orde mundial, co fin de comprender mellor a realidade presente. Prestarase especial atención á habilidade de localizar xeograficamente os feitos e os procesos.

Afecta á competencia social e cidadá, á cultural e artística e á de aprender a aprender.

- √ Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución económica, social e política, de España e de Galicia durante o século XX (crise do Estado liberal, II República e Guerra Civil; o franquismo; as reivindicacións periféricas e o nacionalismo galego) todo iso con especial referencia á situación de Galicia. Con este criterio trátase de avaliar se o alumnado adulto reconece as causas da crise da monarquía da Restauración, as políticas reformistas emprendidas durante a Segunda República e os enfrontamentos resultantes dela. Valorarase se se analizan adecuadamente as causas e as consecuencias da Guerra Civil e a quebra que esta supón no proceso democratizador, e as características e a evolución do réxime franquista.

Este criterio afecta ás competencias cultural e artística, social e cidadá e aprender a aprender pois que trata de avaliar se o alumno/a coñece as diferentes etapas polas que pasou España e Galicia ao longo do século XX.

- √ Identificar e localizar os principais focos de tensión e as súas perspectivas no mundo actual (situacións graves de desigualdade, grandes desequilibrios sociais, conflitos bélicos), analizando o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais, as forzas de pacificación e as institucións gobernamentais e non gobernamentais. Distinguir entre formas de participación non institucionalizada e a participación política institucionalizada e reconecer o diálogo e o consenso como vías para a solución dos conflitos persoais e grupais.

Trátase de valorar con este criterio se o alumnado adulto identifica os principais focos de tensión no mundo actual e se toma consciencia da responsabilidade colectiva na promoción da paz e da xustiza, e do papel que xogan os organismos gobernamentais e non gobernamentais na solución dos conflitos. Poñerase especial énfase na valoración da importancia da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos, das formas de participación institucionalizada e non institucionalizada e do papel do diálogo para solucionar os conflitos.

Este criterio afecta ás competencias social e cidadá, aprender a aprender e en autonomía e iniciativa persoal, pois se trata de avaliar se o alumnado é quen de identificar os trazos máis sobresaíntes que caracterizaron a historia recen pasada, os desequilibrios sociais, as formas de participación dos cidadáns,...

- √ Comprender e reconecer os trazos característicos da arte na época contemporánea dentro do seu contexto histórico. Coñecer a pluralidade de estilos na música actual e dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música, manifestando unha actitude crítica ante a contaminación sonora e o consumo indiscriminado de música.

Con este criterio preténdese que o alumnado adulto sexa quen de analizar e interpretar as obras significativas da arquitectura, das artes plásticas e da música do século XX, dentro do seu contexto histórico e artístico. Valorarase o coñecemento da pluralidade de estilos na música actual e o coñecemento dos

recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música e o grao de sensibilización ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

Este criterio afecta ás competencias cultural e artística, social e cidadá e aprender a aprender, pois se trata de avaliar se o alumnado é quen de situar a pluralidade de estilos artísticos en cada unha das etapas históricas.

- √ Buscar e seleccionar información en diferentes fontes, incluídas as TIC, contrastando versións diferentes dos mesmos feitos, para realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social do mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para abordar, asesorado polo profesor, o estudo dunha situación do mundo en que vive, buscando os antecedentes e causas que a orixinan, e aplicando os seus coñecementos para prever, desde a lóxica, as súas posibles consecuencias. Comprobarase a capacidade para valorar o papel que xogan as persoas anónimas nos procesos históricos, de poñer en xogo un método de investigación e de elaborar conclusións a partir dos diferentes datos. Comprobarase se ten iniciativa para planificar o traballo, acceder con certa autonomía a diversas fontes de información, analizar e organizar esta e presentar as conclusións de maneira clara, con coherencia na exposición das ideas, utilizando precisión léxica, corrección na sintaxe e claridade na expresión.

Este criterio de avaliación colabora na adquisición de a competencia social e cidadá, posto que avalía a capacidade de comunicación dos discentes por diferentes medios; e o tratamento da información e competencia dixital e aprender a aprender, ao avaliar a capacidade de busca de información en diversas fontes de modo responsable e autónomo, e de presentala utilizando as TIC.

Bloque II: Dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.

- √ Identificar e analizar os feitos fundamentais do proceso da transición política e da configuración do Estado democrático en España. Recoñecer os principios, os dereitos e os deberes fundamentais recoñecidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia, valorando o seu papel na consolidación do Estado democrático e autonómico. Identificar os feitos máis importantes no proceso de construción da Unión Europea e da pertenza de España e de Galicia a ela.

Trátase de comprobar se o alumnado adulto identifica e valora os conceptos fundamentais que definen un sistema democrático tal e como están reflectidos na Constitución española e se coñece e valora a importancia do proceso de transición política e de configuración do Estado democrático en España. Igualmente, se coñece os feitos fundamentais no proceso de construción da Unión Europea.

Afecta de forma directa á competencia social e cidadá, á cultural e artística posto que avalía que o discente recoñeza os principais feitos da historia de España durante o último terzo do século XX.

- √ Coñecer a importancia da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, e asumir os deberes e responsabilidades que dela derivan. Igualmente, identificar e coñecer as principais etapas históricas na

conquista dos dereitos humanos, os textos que os conteñen (declaracións, pactos, convenios...) e valorar as novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos). Identificar e condenar as situacións de violacións dos dereitos humanos, rexeitando as desigualdades, en particular as que afectan as mulleres e coñecer os recursos para denunciar e combater as violacións de dereitos.

Este criterio avalía o grao de coñecemento das declaracións internacionais de dereitos humanos e da súa evolución histórica, e se o alumnado adulto reconece as situacións de violación de dereitos humanos no mundo actual, as discriminacións que aínda sofren algúns colectivos, tanto na lexislación, como na vida real e, particularmente, se identifica e rexeita a discriminación de feito e de dereito que afecta as mulleres. Valorarase se o alumnado é capaz de implicarse na defensa efectiva dos dereitos humanos, mesmo no ámbito escolar, denunciando as súas violacións e se identifica e rexeita as actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.

Afecta de xeito directa á competencia social e cidadá, posto que avalía que o alumno/a reconeza e asuma os valores democráticos e aceptar e practicar normas sociais acordes con eles, cos dereitos e deberes dos cidadáns.

- √ Identificar e analizar o camiño percorrido polas mulleres e polas súas organizacións cara á conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e do seu recoñecemento como suxeitos históricos de dereitos e de cidadanía. Analizar as causas da discriminación das mulleres, da evolución histórica ata o recoñecemento da súa igualdade de dereitos, poñendo de manifesto as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e no coidado dos seres humanos. Identificar e rexeitar as causas e factores de discriminación, así como as situacións de violencia machista de que son vítimas.

Con este criterio trátase de avaliar se as alumnas e os alumnos reconecen a igualdade efectiva de dereitos e de dignidade de mulleres e homes, sen discriminación. Se distinguen os elementos que están na base dalgunhas discriminacións, e se identifican as contribucións das mulleres nos diferentes campos do saber ao longo da historia e no coidado dos seres humanos. Valorarase especialmente o coñecemento da evolución histórica na conquista dos dereitos políticos das mulleres e da igualdade no ámbito familiar e laboral, se identifican e localizan as situacións de discriminación que aínda sofren nas sociedades actuais e se rexeitan activamente a violencia contra elas.

Afecta de xeito directa á competencia social e cidadá, posto que avalía que o alumnado reconeza e asuma os dereitos e deberes dos cidadáns, especialmente os das mulleres, a súa discriminación histórica e o valor real na sociedade actual.

- √ Valorar o exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Valorar de forma argumentada a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión a través das súas diferentes modalidades (cooperación, asociacionismo e voluntariado). Valorarase especialmente o respecto dos dereitos dos demais e a asunción dos deberes propios nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores, pasaxeiros e peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

Trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos valoran a importancia da participación cidadá para o funcionamento dos sistemas democráticos e da formación de opinión, fronte ao seguimento acrítico da opinión difundida polos medios de comunicación, así como a responsabilidade dos poderes públicos cara á cidadanía. Se coñecen e respectan os dereitos dos demais e asumen os deberes propios en todas as situacións de convivencia, especialmente nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores, pasaxeiros e peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

Este criterio afecta á competencia social e cidadá, posto que avalía que o alumno/a recoñeza e asuma o seu valor como cidadán participativo nun estado democrático.

- √ Participar en debates sobre cuestións relacionadas cos dereitos humanos, coa violación destes, coa discriminación das mulleres e coa violencia de xénero, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade e tolerancia.

Trátase de comprobar a sensibilidade do alumnado ante os dereitos humanos e o rexeitamento activo da súa violación, especialmente das situacións de racismo, sexismo e discriminación, a través da súa participación en debates con esa temática. Avaliarase o uso axeitado dunha linguaxe oral respectuosa e non discriminatoria, a aceptación das normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo, a argumentación, a coherencia na exposición das ideas, así como a precisión léxica e a claridade na expresión.

Afecta á competencia social e cidadá, posto que avalía que o discente sexa quen de asumir todos os valores humanos, rexeitando calquera tipo de discriminación.

- √ Buscar e seleccionar información en diferentes fontes (prensa, bibliografía, páxinas web, etcétera), contrastando versións diferentes dos mesmos feitos, para realizar traballos individuais e en grupo sobre as principais etapas históricas na conquista dos dereitos humanos e sobre a lexislación internacional en torno a eles (declaracións, pactos, convenios...); sobre a evolución histórica cara ao recoñecemento da igualdade de dereitos das mulleres e as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e o coidado dos seres humanos, utilizando fontes diversas (prensa, bibliografía, páxinas web, etcétera). Valorarase especialmente a capacidade de seleccionar a información máis relevante, de integrala nun esquema ou guión, e de comunicar os resultados do estudo de forma intelixible.

Trátase de avaliar en que medida o alumnado é capaz de planificar e realizar un pequeno traballo de síntese ou indagación, se selecciona a información pertinente en función do obxectivo proposto e se a organiza adecuadamente. Por outra parte, permitirá comprobar se asume con responsabilidade as tarefas que lle corresponden como membro dun grupo.

Este criterio de avaliación colabora na adquisición de: a competencia social e cidadá, a competencia da comunicación lingüística, o tratamento da información e competencia dixital e aprender a aprender, ao avaliar a capacidade de buscar e planificar a información en diversas fontes de modo responsable e autónomo, chegando a unhas conclusións.

VII.2.8. CONTIDOS MÍNIMOS

Posto que estamos a falar da ESA e o currículo proposto xa está adaptado a alumnos/as con necesidades educativas e temporais específicas, considérase que todos os contidos propostos no punto VIII.2.5. deben considerarse como contidos mínimos de cualificación esixibles nestes módulos.

VII.2.9. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación será inicial e cuadrimestral (final). Para iso teranse presentes as datas propostas pola Xefatura de Estudos.

Os criterios de cualificación basearanse no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave.

A cualificación estará baseada nos seguintes criterios:

- Probas de coñecemento: 75%.
- Traballo diario: 25%.

Ademais do anterior, o profesor terá en conta a realización de todas e cada unha das tarefas ou investigacións propostas, a calidade do traballo en grupo (participación e colaboración), a atención ás explicacións da clase (interese e atención persoal), a participación nas postas en común (preguntas e respostas), a calidade e concentración no traballo persoal (na aula e fóra dela), a calidade dos traballos de ampliación, etcétera, que terán reflexo na apreciación global e cualificación académica do alumno/a. Tamén terá en conta a asistencia de forma asidua á clase.

A nota final do módulo, consistirá na media aritmética das cualificacións obtidas en cada apartado.

Aos alumnos/as avaliados negativamente efectuaránselles as pertinentes probas obxectivas de recuperación para superar a parte avaliada negativamente, para emendar as deficiencias posibles, e obter así unha solución satisfactoria.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por módulos que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia.

Os alumnos/as que resultasen avaliados negativamente ao final do cuadrimestre terán que recuperar nas probas extraordinarias.

VII.2.10. MATERIAL DIDÁCTICO

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos.

Alumnado:

- Caderno de clase.

Aula:

- Planisferio físico e político.
- Mapas específicos históricos, físicos e políticos, das distintas zonas do planeta.
- Mapas específicos xeográficos.
- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
 - Atlas históricos depositados na Biblioteca do centro.
 - Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia.
 - Reprografía.

VIII. Formación Profesional Básica *Comunicación e Sociedade*

VIII.1. ACLARACIONES

No presente curso académico, o Departamento de Xeografía e Historia imparte o módulo de Comunicación e Sociedade correspondente aos niveis de 1º e de 2º de Formación Profesional Básica.

A programación didáctica destas materias haberá que atopalas na páxina que habilita a Consellería de Educación para tales efectos.

IX. Outras materias ESO impartidas no Departamento

IX.1. ACLARACIÓNS

No presente curso académico, o Departamento de Xeografía e Historia imparte outra materia correspondente a outros Departamentos Didácticos. Estas son as seguintes:

- ✓ Valores Éticos (correspondente ao Departamento de Filosofía) nos cursos de 3º ESO A e B.

A programación didáctica desta materia haberá que atopala na PD do Departamento anteriormente citado.

Os criterios de cualificación, tamén foron consensuados coas compañeiras do outro Departamento Didáctico.

X. BACHARELATO: xeneralidades

X.1. OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e a mellora do seu ámbito social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

X.2. METODOLOXÍA XERAL PARA O BACHARELATO

Enténdese por modelo didáctico o esquema expresivo da teoría sobre a práctica do ensino e os procesos de aprendizaxe. Non se debe entender como un “método” obrigado para obter determinados resultados, senón como un conxunto de ideas que cada profesor e profesora adecuará ao seu contexto e posibilidades. Ten, pois, un carácter orientativo e aberto, e integra diversos elementos:

- a) Modo de tratar e organizar os compoñentes do currículo: formulación de obxectivos didácticos e criterios de avaliación; tipoloxía de actividades de ensino, e aprendizaxe e contidos.
- b) Ideas sobre o tipo de traballo na aula.
- c) Proposta sobre o desenvolvemento das unidades didácticas.

Principios xerais

Como principios xerais do proxecto, o modelo didáctico que se propón supón que os compoñentes básicos do currículo (competencias de referencia e obxectivos didácticos, contidos, actividades de ensino e avaliación cos estándares correspondentes) son tratados simultaneamente. Isto quere dicir que a selección de contidos se realiza, por exemplo, vinculada a unhas determinadas actividades, confiando en obter uns resultados en termos de aprendizaxe (obxectivos didácticos) e prevendo o modo de avaliar esa aprendizaxe (estándares avaliábeis). Non son, pois, compoñentes illados e pegados arbitrariamente, senón dimensións necesarias e complementarias da práctica docente.

Neste sentido, os contidos e a súa secuencia teñen unha lóxica disciplinaria que debe acomodarse a outra secuencia, a da aprendizaxe, pautada en actividades de progresiva dificultade para atender a un crecente proceso de desenvolvemento da aprendizaxe histórica.

Para a programación das sesións de traballo na aula e fóra dela, teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Partir de coñecementos e competencias previos do alumnado.
- b) Presentar as actividades de forma que susciten o interese por analizar problemas sociais, políticos, etcétera.
- c) Diversificar as situacións de aprendizaxe e de aula: traballo en grupos, individual, profesorado-alumnado, etcétera.
- d) Utilizar diferentes modos de avaliar os resultados da aprendizaxe.
- e) Favorecer ao longo do curso a adquisición dunha crecente autonomía no alumnado.
- f) Clarificar sempre as redes conceptuais fundamentais de cada problema ou tema estudado.

As actividades didácticas

A partir dos principios xerais expostos, os materiais que conforman o proxecto buscaron a variedade suficiente como para facilitar que o traballo na aula sexa adecuado a diversas estratexias de ensinanza e aprendizaxe. Pártese da idea de que o alumnado pode aprender de maneiras diferentes, segundo o seu propio “estilo de aprendizaxe”, a súa motivación e disposición previa e as súas capacidades de partida. Por iso, co apoio dos materiais que complementan o libro do alumno, o profesorado pode promover na aula actividades de diverso tipo:

- a) Actividades expositivas e de presentación do contido da unidade correspondente. Serán de interese, sobre todo, ao comezo dunha epígrafe.
- b) Detección de coñecementos previos. Actividades nas que, mediante cuestionarios ou preguntas explícitas, o profesorado detecta que estereotipos, prexuízos ou ideas previas teñen os alumnos e as alumnas acerca das cuestións que se van estudar.
- c) Debate e discusión sobre temas controvertidos, para os que se ofrecen materiais contrastados.
- d) Sínteses parciais que se realizarán, sobre todo, ao concluír cada un dos grandes períodos históricos.
- e) Elaboración de informes a partir de materiais diversos sobre algunha cuestión relevante. Trátase de que o alumnado, usando os documentos e materiais das actividades do final de unidade, poida adestrarse na elaboración de “composicións” para a súa exposición oral ou por escrito.
- f) Informes específicos a partir de recursos obtidos en Internet. Trátase de actividades que seguen a estratexia de tipo *webquest*, o que implica: guiión de tarefas e aprendizaxe por descubrimento, tarefas de síntese, construción de información e exposición ou publicación de resultados.

X.3. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os alumnos e as alumnas non só teñen diferentes capacidades, senón diferentes motivacións, intereses, coñecementos previos sobre a materia, implicación e, ademais, cada cal conta cun estilo diferente de aprendizaxe (reflexiva, analítica, sintética, etcétera). Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que o alumnado alcance os obxectivos propostos.

As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, ás diversas capacidades, intereses e motivacións. No espazo web atópanse actividades de distinta natureza, tanto pautadas como de comentario libre, que lle permiten ao profesorado adaptar a proposta de traballo ás diferentes necesidades, así como materiais complementarios que facilitan a adaptación dos contidos.

X.4. DESCRITORES PARA O BACHARELATO

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do ámbito natural e dos seres vivos	<ul style="list-style-type: none"> - Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso. - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito. - Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. - Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, tecnolóxico, xeográfico...). - Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e</i>

		<i>tecnoloxía</i> para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Expresarse con propiedade na linguaxe matemática.
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> - Organizar a información utilizando procedementos matemáticos. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Manter unha actitude favorable cara á lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Compoñer distintos tipos de textos de xeito creativo con sentido literario.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> - Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. - Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. - Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación. - Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade. - Elaborar e facer publicidade de información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. - Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Respecto polas manifestacións culturais propias e alleas	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. - Apreciar os valores culturais do patrimonio

		natural e da evolución do pensamento científico.
	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> - Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. - Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos. - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. - Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo sobre intereses persoais.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa. - Encontrar posibilidades no ámbito que outros non aprecian.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> - Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos. - Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> - Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

		- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
	Ferramentas para estimular o pensamento	- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

X.5. CONTIDOS MÍNIMOS

No Bacharelato, tanto en 1º como en 2º e en todas as materias asociadas a este Departamento, especificanse os contidos mínimos que deben superar as/os alumnas/os. Estes contidos mínimos reflíctense no apartado de grao de consecución en cada unidade. Aqueles contidos que non sexan considerados desde imprescindibles (I) ata necesarios (N), non serán considerados como mínimos esixibles e, polo tanto e aínda que se toquen na aula, este Departamento considera que non teñen a importancia suficiente para consideralos como mínimos.

GRAO DE CONSECUCIÓN			
I	Imprescindible	P	Puntuable
CI	Case imprescindible	CP	Case puntuable
F	Fundamental	NN	Non necesario
CF	Case fundamental	IN	Innecesario
N	Necesario		
CONTIDOS MÍNIMOS			

XI. 1º curso Bacharelato
Historia do Mundo Contemporáneo

XI.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA A HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

- ✓ Coñecer e analizar os feitos e procesos máis significativos da historia do mundo contemporáneo, situándoos no seu tempo e espazo, valorando a súa significación no proceso histórico e as súas repercusións na actualidade.
- ✓ Explicar e relacionar entre si os principais cambios socioeconómicos, políticos e de mentalidade colectiva, acaecidos desde o século XVIII.
- ✓ Buscar, seleccionar e analizar de forma rigorosa información escrita e gráfica relevante, utilizando métodos e técnicas propias da disciplina histórica para o tratamento de fontes primarias e secundarias.
- ✓ Adquirir unha visión global e coherente do mundo contemporáneo que, superando enfoques reduccionistas, facilite a análise das situacións e os problemas do presente, considerando neles os seus antecedentes históricos e as súas relacións de interdependencia.
- ✓ Fomentar o traballo intelectual e a empatía histórica a partir da lectura de obras literarias, o pase de películas e a análise de obras de arte significativas de cada período.
- ✓ Defender razoadamente as propias ideas sobre a sociedade e revisalas de forma crítica, tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuízos, entendendo a historia como unha ciencia aberta á información e aos cambios que brindan as novas tecnoloxías e como un proceso en constante reconstrución.
- ✓ Desenvolver a sensibilidade e o sentido da responsabilidade, adoptando unha actitude crítica ante os problemas sociais actuais, en especial os que afectan á defensa dos dereitos humanos, tanto individuais coma colectivos, aos valores democráticos e ao camiño cara á paz.
- ✓ Manexar, de xeito adecuado, os conceptos básicos e a terminoloxía aceptada pola historiografía, aplicándoa á historia contemporánea co fin de interpretar e transmitir información histórica con claridade, orde e rigor científico.

XI.2. PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: a Europa do Antigo Réxime

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Ata finais do século XVIII e inicios do XIX, boa parte das sociedades europeas continuaron funcionando coas claves do Antigo Réxime. Estas caracterizáronse por un sistema económico no que a posesión da terra determinaba o status social, polo mantemento de estruturas herdadas da Idade Media, e por unha sociedade de tipo estamental. No campo da política, a monarquía absoluta foi a forma de goberno común para a maioría duns estados que pronto, no cambio de centuria, asistirán á derruba destas estruturas, á xénese de textos constitucionais, e aos intentos de implantación de estados liberais. Trátase, polo tanto, dunha unidade fundamental para comprender conceptos como liberalismo político e económico, soberanía nacional ou división de poderes, entre outros.

A unidade iníciase coa análise da economía do Antigo Réxime: técnicas de cultivo e de explotación da terra que se mantiñan desde a Idade Media, e que pronto desaparecerán coa revolución industrial, caracterizan o período. No terreo do comercio, pola súa banda, estanse a operar os cambios que cristalizarán durante o século XIX: unha incipiente mundialización da economía a partir do comercio triangular, así como o paso dunha

producción netamente artesanal ás primeiras manufacturas protoindustriais. Suxírese a lectura de textos, e a proxección de vídeos e obras de arte que lle mostren ao alumnado este tipo de economía.

A segunda epígrafe aborda as particularidades de cada un dos diferentes estamentos: nobreza, clero e estamentos populares. Insistirase no valor do status herdado dentro de cada estamento, así como a escasa mobilidade social dentro da férrea xerarquía social do período. De novo, a análise de fontes primarias e datos estatísticos permitiránlles aos alumnos e alumnas establecer comparacións. Tamén é moi suxestiva a proxección de fragmentos de películas como *O perfume*, *As amizades perigosas* ou *Barry Lyndon*.

A continuación estúdanse as características das monarquías absolutas, incidindo na súa vertente ilustrada a partir de figuras como Xosé II de Austria ou Federico II de Prusia. É preciso destacar a excepción inglesa, onde o Parlamento ostentaba o poder lexislativo e controlaba o Goberno.

Os conflitos bélicos na Europa do dezaioito ocupan un lugar preeminente na unidade, destacando o caso español: a análise do Tratado de Utrecht e as súas consecuencias actuais poden servir para propoñer un debate na aula ao respecto. Tamén se efectúa unha análise dos imperios coloniais do período, particularmente o español, o portugués, o británico, o francés e o holandés: son contidos que haberá que volver recordar cando se aborde o imperialismo do século XIX para establecer semellanzas e diferenzas.

A última parte do tema encárgase de analizar o pensamento da ilustración e o liberalismo: hase de insistir na lectura dos textos de Voltaire, Rousseau e Montesquieu, como fundamentos do devir político do século XIX. Así mesmo, recomendamos visitar o facsímile da *Encyclopédie* suxerido nos recursos web.

Na unidade cobra unha singular relevancia a análise de obras artísticas barrocas e rococós, en particular os diferentes retratos de monarcas da época. Suxírese analizar co alumnado os elementos de poder que figuran en tales retratos, acompañados con textos históricos do período (caso do discurso de Luís XV, do 3 de marzo de 1766).

Finalmente, e como en cada unidade, inclúese o apartado *¿Que pasaba en España?*, que permitirán fixar contidos de cara á materia de Historia de España de 2º de Bacharelato.

2. TEMPORALIZACIÓN

3ª e 4ª semana de setembro e 1ª semana de outubro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Identificar e definir os trazos do Antigo Réxime, describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.
2. Caracterizar as transformacións no Antigo Réxime, enumerando as que afectan á economía, poboación e sociedade.
3. Comprender o parlamentarismo inglés do século XVII, resumindo as características esenciais do sistema.
4. Identificar as ideas da Ilustración e do liberalismo de comezos do século XIX, a partir da análise de textos históricos.
5. Explicar as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo, particularmente o sistema establecido en Utrecht.
6. Recoñecer e comentar as manifestacións artísticas pertencentes á arte barroca e rococó.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A economía. - A agricultura. - O desenvolvemento do comercio. - Da produción artesá á manufactureira. - A sociedade estamental e os primeiros cambios. - A nobreza e o clero. - As clases populares. - O ascenso da burguesía. - O sistema de goberno. - As monarquías absolutas. - O absolutismo “ilustrado”. - Os conflitos bélicos na Europa do século XVIII. - A guerra de sucesión española. - A guerra de sucesión austríaca. - A guerra dos Sete Anos. - Os novos mundos coloniais. - O imperio español. - Portugal. - Os británicos. - Os franceses. - Os holandeses. - O pensamento preliberal. - A Ilustración. - O pensamento político ilustrado. - O pensamento económico. 	1. Definir os trazos do Antigo Réxime describindo os seus aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	1.1. Extrae os trazos do Antigo Réxime dun texto proposto que os conteña.	I	CCL CD CAA CSC CCEC
		1.2. Obtén e selecciona información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativas ao Antigo Réxime.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
	2. Distinguir as transformacións no Antigo Réxime enumerando as que afectan á economía, poboación e sociedade.	2.1. Clasifica os trazos do Antigo Réxime en aspectos demográficos, económicos, políticos, sociais e culturais.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		2.2. Explica as transformacións do Antigo Réxime que afectan á economía, poboación e sociedade.	CI	CCL CMCT CD CAA CSC
		2.3. Analiza a evolución dos trazos do Antigo Réxime do século XVII e o século XVIII.	CI	CCL CMCT CD CAA CSC
	3. Explicar o parlamentarismo inglés do século XVII resumindo as características esenciais do sistema e valorando o papel das revolucións para alcanzar as transformacións necesarias para logralo.	3.1. Describe as características do parlamentarismo inglés a partir de fontes históricas.	CF	CCL CD CAA CSC CCEC
		3.2. Distingue as revolucións inglesas do século XVII como formas que promoven o cambio político do Antigo Réxime.	F	CCL CD CAA CSC

	4. Relacionar as ideas da Ilustración co liberalismo de comezos do século XIX establecendo elementos de coincidencia entre ambas as dúas ideoloxías.	4.1. Enumera e describe as ideas da Ilustración e as ideas do liberalismo de comezos do século XIX.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
	5. Describir as relacións internacionais do Antigo Réxime demostrando a idea de equilibrio europeo.	5.1. Sitúa en mapas de Europa os diversos países ou reinos en función dos conflitos nos que interveñen.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
	6. Diferenciar manifestacións artísticas do Antigo Réxime seleccionando as obras máis destacadas.	6.1. Distingue e caracteriza obras de arte do rococó.	I	CCL CD CAA CSC CCEC
	7. Esquematar os trazos do Antigo Réxime utilizando diferentes tipos de diagramas.	7.1. Elabora mapas conceptuais que explican os trazos característicos do Antigo Réxime.	CI	CCL CD CAA CSC CSIEE
	8. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	8.1. Establece as semellanzas e diferenzas entre as ideas da Ilustración e o liberalismo de comezos do século XIX.	I	CCL CD CAA CSC CCEC

5. COMPETENCIAS / DESCRITORES / DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de 	<ul style="list-style-type: none"> - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como Antigo Réxime; estamento; Terceiro Estado; absolutismo; burguesía; soberanía real e L'Encyclopédie. - Elabora unha definición persoal sobre o despotismo ilustrado. - Analiza os documentos históricos e historiográficos sobre o parlamentarismo británico e a Ilustración, deducindo ideas principais e secundarias. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Le fragmentos de obras propostas nos Recursos bibliográficos.

	lectura.	
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describe os aspectos que caracterizaron a economía do Antigo Réxime, establecendo comparacións coas sociedades industriais do século XIX. - Analiza a táboa sobre a distribución da renda nacional inglesa. - Elabora un mapa coas posesións coloniais de España, Portugal, Gran Bretaña, Francia e Holanda. - Extrae información relevante do mapa sobre o comercio colonial do Tránsito con documentos.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade, en particular a web que recolle os gravados da <i>Encyclopédie</i>. - Elabora as actividades utilizando programas de texto. - Busca e selecciona vídeos en Internet sobre o tema. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Utiliza as TIC para realizar o comentario artístico suxerido no Taller de Historia e no Tránsito con documentos. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora informes sobre a vida cotiá dos artesáns e os campesiños a partir de fontes primarias. - Elabora un mapa conceptual sobre os contidos abordados na unidade. - Realiza unha táboa sobre a guerra de sucesión austríaca e a guerra dos Sete Anos, incluíndo cronoloxía, causas, contendentes e consecuencias. - Describe a estratificación social no Antigo Réxime a partir dos textos e gravados do século XVIII. - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora biografías sobre personaxes como John Locke; Thomas Hobbes, J. J. Rousseau; Barón de Montesquieu e F. M. Arouet (Voltaire). - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests

		<p>do espazo web.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realiza un eixe cronolóxico con conceptos como: Guerra de Sucesión Española; Guerra dos Sete Anos; Tratado de Utrecht; Catarina II, tsarina de Rusia; Montesquieu, <i>O espírito das leis</i>; D'Alambert e Diderot, <i>Enciclopedia</i>; Rousseau, <i>O contrato social</i>; Adam Smith, <i>A riqueza das nacións</i>; Kant, <i>Crítica da razón pura</i>.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a consecución de dereitos políticos e sociais conseguidos. - Analiza a sociedade estamental e establece diferenzas coa sociedade de clases. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Investiga sobre as medidas tomadas por Federico II de Prusia, Gustavo de Suecia, Carlos II de España, Catarina II de Rusia e Xosé II de Austria. - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Sintetiza os acordos alcanzados no Tratado de Utrecht, así como as súas repercusións actuais. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza as formas de vida do Antigo Réxime a partir de cadros, como o suxerido na sección Traballo con documentos. - Comenta a iconografía nas obras que representan os monarcas do século XVIII. - Valora as achegas da arte barroca e da rococó. - Analiza os fragmentos literarios propostos para obter un fiel retrato das sociedades industriais. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na

		unidade para consolidar e ampliar as características do período.
--	--	--

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para realizar un comentario de texto.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 2: a crise do Antigo Réxime

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Os acontecementos que se estudan na presente unidade son capitais para comprender as orixes do mundo contemporáneo, pois coas revolucións norteamericana e francesa comezou a deconstrución do Antigo Réxime. É pois, un tema fundamental no desenvolvemento do libro.

Cronoloxicamente, a unidade comeza coa revolución americana e a subseguinte independencia. É preciso facer fincapé en como nela se levan á práctica conceptos propios da Ilustración, como a soberanía nacional e a división de poderes, así como a xénese da primeira constitución inspirada nos devanditos principios.

A continuación desenvólvense os contidos referentes á Revolución Francesa. Trátase de aspectos xa traballados polos alumnos e alumnas en 4º de ESO, polo que a unidade permite un desenvolvemento máis pomenorizado dos feitos, así como unha maior reflexión sobre as causas da revolución. Recoméndase analizar

con detemento o papel desempeñado tanto pola burguesía coma polas masas urbanas, para que os alumnos e alumnas comprendan que se trata dun proceso poliédrico no que confluíron unha gran cantidade de factores. Tamén se debe insistir en todos aqueles aspectos que supoñen o fin do Antigo Réxime, destacando o paso de súbdito a cidadán, o fin da monarquía absoluta e a desaparición da orde estamental.

A terceira e última parte do tema encárgase de abordar a xénese e o declive do imperio napoleónico, poñendo especial énfase na pegada de todo o proceso revolucionario e a súa influencia ulterior: Liberalismo, revolución social, burguesía, ditadura, dereitos humanos, liberdades individuais ou cidadanía serán conceptos capitais desde entón no devir da historia contemporánea.

Recordamos a conveniencia de analizar cos alumnos e alumnas tanto a iconografía coma a cartografía do período revolucionario, para o cal se recomenda traballar cos mapas dispoñibles nos recursos da web (na cartografía histórica e no Power Point de presentación da unidade).

Finalmente, e como en cada unidade, fanse referencias á relación do tema con España, que permitirán fixar contidos de cara á materia de Historia de España de 2º de Bacharelato. Tamén se inclúe un apartado específico sobre arte, neste caso referente á arte neoclásica e ao romanticismo.

2. TEMPORALIZACIÓN

2ª e 3ª semana de outubro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir as causas e o desenvolvemento da Independencia dos Estados Unidos establecendo as causas máis inmediatas e as etapas de independencia.
2. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX distinguindo os feitos, personaxes e símbolos e encadrándoos en cada unha das variables analizadas.
3. Explicar as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Francesa a partir de información obtida a través de varias fontes.
4. Situar cronoloxicamente os personaxes e acontecementos máis significativos da Revolución Francesa.
5. Identificar o Imperio Napoleónico localizando a súa expansión europea e establecendo as súas consecuencias.
6. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de Internet e presentándoa adecuadamente.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A Revolución Americana: o nacemento dos Estados Unidos. - Os antecedentes. - A guerra de Independencia. - A Constitución dos Estados Unidos. - A Revolución Francesa. - As causas da revolución. - A Asemblea Nacional (1789-1792). - A Convención (1792-1795). - O Directorio (1795-1799). 	1. Analizar a evolución política, económica, social, cultural e de pensamento que caracteriza a primeira metade do século XIX distinguindo os feitos, personaxes e símbolos e encadrándoos en cada unha das variables analizadas.	1.1. Realiza eixes cronolóxicos que inclúan diacronía e sincronía dos acontecementos da primeira metade do século XIX.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
	2. Describir as causas e o desenvolvemento da Independencia dos Estados Unidos establecendo as causas máis inmediatas e as etapas de independencia.	2.1. Identifica xerarquías causais na guerra de Independencia dos Estados Unidos a partir de fontes historiográficas.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
	3. Explicar a partir de información obtida en Internet, a Revolución Francesa de 1789 incluíndo cada idea obtida nas causas, o desenvolvemento e as consecuencias.	3.1. Explica as causas da Revolución Francesa de 1789.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		3.2. Explica esquematicamente o desenvolvemento da Revolución Francesa.	CI	CCL CD CAA
<ul style="list-style-type: none"> - O Imperio Napoleónico. - A construción do Imperio. - A derrota napoleónica. - A pegada da Revolución Francesa. 	4. Identificar o Imperio Napoleónico localizando a súa expansión europea e establecendo as súas consecuencias.	4.1. Identifica nun mapa histórico a extensión do Imperio Napoleónico.	N	CCL CMCT CD CAA
	5. Descubrir as manifestacións artísticas de comezos do século XIX, obtendo información de medios bibliográficos ou de Internet e presentándoa adecuadamente.	5.1. Establece as características propias da pintura, a escultura e a arquitectura do neoclasicismo e o romanticismo a partir de fontes gráficas.	I	CCL CD CAA CSC CCEC

5. COMPETENCIAS / DESCRITORES / DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como revolución, burguesía ou república. - Comprende as causas dos procesos revolucionarios francés e americano. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Elabora textos sobre personaxes George Washington, Luís XVI, Marat, Danton, Robespierre ou Napoleón.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Extrae información relevante do mapa das Trece Colonias norteamericanas e a guerra de Independencia. - Analiza o mapa da Europa napoleónica. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre a situación económica na Francia prerrevolucionaria. - Analiza os motivos económicos da independencia norteamericana.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias, en particular os cadernos de queixas. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Elabora traballos en formato dixital, como por exemplo as liñas do tempo suxeridas no Taller de Historia.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora fichas sobre as principais batallas do período napoleónico. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.

	<p>mellora do pensamento crítico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de assimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de revolucionarios franceses. - Valora a importancia das sociedades democráticas e da defensa dos dereitos humanos. - Valora o papel da muller nos procesos revolucionarios. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase proponendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece os principais estilos artísticos de finais do século XVIII e inicios do século XIX (neoclasicismo e romanticismo). - Interpreta debuxos satíricos, e obras de arte, contextualizando as súas características no seu contexto histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.

- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para realizar unha liña do tempo.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

- Extensa selección de textos históricos e historiográficos:
- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 3: a Primeira Revolución Industrial

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Os séculos XVIII e XIX asistiron a grandes cambios nos campos da política, a sociedade e a cultura, mais sen dúbida ningunha, as transformacións económicas operadas no seo da Revolución Industrial modificaron substancialmente as antigas estruturas, e contribuíron en boa medida a cimentar o mundo tal e como o coñecemos hoxe en día.

A unidade iníciase coas orixes do proceso, describindo as primeiras formas de protoindustrialización. Neste sentido, é primordial sinalar con detemento as razóns que explican o éxito británico, pois os alumnos e alumnas deben comprender como o contexto político, o espírito de innovación e sobre todo o amplo imperio colonial foron os fundamentos que impulsaron a industrialización de Gran Bretaña.

A continuación desenvólvense os contidos referentes ás revolucións agraria e demográfica. Trátase de aspectos xa traballados polo alumnado en 4º de ESO, polo que a unidade permite un desenvolvemento máis pormenorizado dos feitos, así como unha maior reflexión sobre as causas da revolución. Recoméndase analizar con detemento o papel desempeñado polos cambios tecnolóxicos e os sistemas de cultivo, así como polas Leis de Cercamento: estas poden dar lugar a un interesante debate sobre o seu impacto na época, a partir da análise dos textos propostos. Tamén se ha de insistir no impacto da transición demográfica desde o réxime antigo ao moderno, pois iso permitiu a existencia dunha maior demanda de todo tipo de produtos.

En canto á produción industrial, propónse a análise dos diferentes sectores, onde poderemos explicar o auxe do sector téxtil e siderúrxico a partir do abundante aparato gráfico incluído (cadros estatísticos, imaxes e

gráficos), sinalando así mesmo a importancia dos transportes e do capital como elementos necesarios para articular e reforzar todo o proceso industrial.

A última parte do tema encárgase de mostrar como se produciu a difusión do proceso industrializador, particularmente en Bélxica, Francia e Alemaña. O traballo coa cartografía e os textos facilitados tanto no libro de texto (Taller de Historia, onde se analizan as condicións de vida da clase obreira) como nos recursos da web (cartografía histórica e Power Point) permitirán ofrecer unha imaxe global deste proceso.

Finalmente, e como en cada unidade, fanse referencias á relación do tema con España, que permitirán fixar contidos de cara á materia de Historia de España de 2º de Bacharelato.

2. TEMPORALIZACIÓN

4ª e 5ª semana de outubro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir a Primeira Revolución Industrial, establecendo os seus trazos característicos e as súas consecuencias sociais.
2. Obter información que permita explicar as Revolucións Industriais do século XIX, seleccionándoa a partir de fontes bibliográficas e dixitais.
3. Identificar os cambios nos transportes, agricultura e poboación que influíron ou foron consecuencia da Revolución Industrial do século XIX.
4. Enumerar os países que iniciaron a industrialización, localizándoos adecuadamente e establecendo as rexións onde se produce ese avance.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de revolucionarios hispanoamericanos. - Valora a importancia das sociedades democráticas e da defensa dos dereitos humanos. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Investiga sobre a Doutrina Monroe, as causas da guerra entre Cuba e España, incidindo no papel dos Estados Unidos. - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza obras de arte vinculadas ás independencia de América Latina. - Interpreta debuxos satíricos, e obras de arte, contextualizando as súas características no seu contexto histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.

- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para o comentario dunha táboa e un gráfico estatístico.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

- Extensa selección de textos históricos e historiográficos:
- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 7: a Segunda Revolución Industrial e o Imperialismo

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Os cambios acaecidos durante a segunda metade do século XIX deron lugar á Segunda Revolución Industrial: novas materias primas, novas industrias e sobre todo novas potencias industriais construíron os alicerces dos inicios dunha economía mundializada e complexa. De forma paralela, e intimamente relacionado con este proceso, a segunda metade da centuria caracterízase pola carreira imperialista e a ocupación de vastos territorios en África e Asia. Trátase, polo tanto, dunha unidade fundamental para comprender tanto a actual globalización, coma a evolución de moitos estados dos devanditos continentes.

A unidade iníciase coa análise da Segunda Revolución Industrial, incidindo nos casos de Gran Bretaña, Alemaña, Estados Unidos e Xapón. Este período caracterízase pola presenza de novas fontes de enerxía, tales como a electricidade e o petróleo, e novas industrias, entre as que destacan a siderurxia do aceiro, a química e a automobilística. Precisamente non se pode comprender este período sen sopesar as consecuencias dos cambios operados na revolución dos transportes e das comunicacións, que permitirán a comunicación de persoas, mercadorías, ideas e diñeiro a unha rapidez ata daquela descoñecida.

Todos estes aspectos constitúen a armazón dunha economía mundializada, na cal a hexemonía europea require de materias primas, mercados e áreas de investimento. Entrementes, os Estados Unidos comezan a nutrirse de grandes continentes migratorios, o cal pode ser analizado a partir dos gráficos que ofrecemos.

A segunda epígrafe aborda as características do novo imperialismo do século XIX: incídese nas causas do devandito fenómeno, todo o cal pode dar pé a solicitarlles reflexións aos alumnos e alumnas sobre a importancia

dos factores económicos, políticos, ideolóxicos e culturais. É fundamental tamén coñecer as etapas da expansión colonial, así como os seus métodos e instrumentos: insistirase na diferenciación entre os diferentes tipos de administración das colonias.

A continuación, desenvólvense os contidos referentes á repartición de África. Proponse analizar os mapas e o texto relativos á conferencia de Berlín, así como analizar con detemento o papel xogado por británicos, franceses, alemáns, e en menor medida, españois, durante este período.

A cuarta epígrafe estuda as particularidades do imperialismo en Asia, incidindo no papel de cada unha das potencias (agora coa entrada de novos actores, caso dos Estados Unidos e Xapón). De novo o traballo cos mapas ofrecidos e a lectura de fragmentos literarios son fundamentais para que o alumnado poida comprender a singularidade deste proceso, particularmente o referente ao caso chinés.

Finalmente, o último apartado da unidade encárgase de analizar as consecuencias do imperialismo, tanto nos países colonizados coma nos colonizadores. Hase de insistir no mantemento actual de moitas daquelas consecuencias, así como establecer relación coas novas formas de imperialismo, caso de China no continente africano. Na unidade cobra unha singular relevancia a análise das condicións de vida nas colonias, polo que se recomenda traballar con textos históricos e literarios que analicen as devanditas condicións.

Finalmente, e como en cada unidade, fanse referencias á relación do tema con España, que permitirán fixar contidos de cara á materia de Historia de España de 2º de Bacharelato.

2. TEMPORALIZACIÓN

2ª, 3ª e metade da 4ª semana de xaneiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir as características da Segunda Revolución Industrial, incidindo en aspectos como as fontes de enerxía, as industrias e os transportes.
2. Analizar o desenvolvemento económico das novas potencias industriais.
3. Explicar as causas do imperialismo do século XIX, analizando as súas etapas e modalidades de colonización.
4. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX.
5. Valorar criticamente as consecuencias do imperialismo, tanto nos países colonizados coma nos colonizadores.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A Segunda Revolución Industrial. - As novas potencias industriais. - As novas fontes de enerxía e as novas industrias. - A revolución dos transportes e das comunicacións. - Unha economía mundializada. - O novo imperialismo do século XIX. - As causas do imperialismo. - Os medios da expansión imperial. - A expansión imperialista: etapas e modalidades de colonización. - A repartición de África. - A xeografía da repartición africana. - O imperialismo en Asia. - Os imperios europeos en Asia. - Novas potencias 	1. Describir as características da Segunda Revolución Industrial, incidindo en aspectos como as fontes de enerxía, as industrias e os transportes.	1.1. Explica razoadamente os factores que concorren na II Revolución Industrial.	F	CCL CMCT CD CAA CSC
		1.2. Describe as novas industrias e fontes de enerxía.	I	CCL CMCT CD CAA CSC
		1.3. Analiza o impacto dos novos medios de transporte e sistemas de comunicación.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC
		1.4. Comprende a globalización actual a partir da mundialización da economía do século XIX.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
	2. Obter información, que permita comprender o desenvolvemento económico das novas potencias industriais.	2.1. Analiza aspectos que explican o desenvolvemento das novas potencias industriais.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
		2.2. Localiza nun mapa os países industrializados e as súas rexións industriais.	P	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE

imperiais non europeas. - As consecuencias do imperialismo.	3. Explicar as causas do imperialismo do século XIX, analizando as súas etapas e modalidades de colonización.	3.1. Identifica e explica as causas do imperialismo a partir de fontes históricas.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
	4. Describir a expansión imperialista de europeos, xaponeses e estadounidenses a finais do século XIX, establecendo as súas consecuencias.	4.1. Localiza nun mapamundi as colonias das distintas potencias imperialistas.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
	5. Valorar criticamente as consecuencias do imperialismo, tanto nos países colonizados coma nos colonizadores.	5.1. Analiza as consecuencias de tipo militar, económico e sociopolítico vinculadas ao imperialismo.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
		5.2. Valora criticamente as consecuencias do imperialismo, tanto nos países colonizados coma nos colonizadores.	CI	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE

5. COMPETENCIAS / DESCRITORES / DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describe os factores que caracterizaron a Segunda Revolución Industrial. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade como colonia, dominio, protectorado, taylorismo, Canle de Panamá ou Canle de Suez. - Comprende as causas da expansión imperialista durante o século XIX. - Extrae conclusións sobre o imperialismo a partir da análise de diferentes textos. - Explica o Desastre do 98. - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación.

<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Extrae información relevante de gráficos sobre o ferrocarril, valorando a influencia dos transportes no proceso de industrialización. - Comenta a evolución da emigración europea a partir de diversos gráficos. - Analiza o mapa sobre a repartición de África e redacta un informe ao respecto. - Analiza as causas económicas do imperialismo a partir de diversas fontes. - Extrae unha imaxe global dos imperios coloniais a partir do correspondente mapa. - Valora as consecuencias económicas do imperialismo.
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de texto. - Busca e selecciona vídeos en Internet sobre o tema. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Utiliza as TIC para realizar o comentario artístico suxerido no Taller de Historia e no Traballo con documentos. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade.
<p><i>Competencia para aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora fichas sobre os inventos da Segunda Revolución Industrial. - Investiga sobre a conferencia de Berlín e extrae as súas ideas principais. - Realiza unha táboa sobre as posesións asiáticas de Gran Bretaña, Francia, Holanda e Alemaña. - Elabora un mapa conceptual sobre a unidade. - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora biografías sobre personaxes como M. Park, H. M. Stanley, D. Livingstone ou P. S. de Brazza. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web. - Realiza un eixe cronolóxico con conceptos como conferencia de Berlín, Guerra dos Bóxers, Canle de Suez ou Canle de Panamá.
	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra obxectividade fronte ás diferentes opinións sobre o feito colonial. - Desenvolve empatía cara ao traballo do

<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<p>histórico como un coñecemento científico.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<p>historiador a partir da análise de fontes primarias.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manifesta tolerancia ante as formas de vida dos pobos de África e de Asia. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Comprende os procesos migratorios internacionais do século XIX. - Valora de forma crítica as diversas opinións sobre o colonialismo e a adopción dunha postura antidogmática.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza estudos do caso de empresas do século XIX. - Le biografías de inventores do período. - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza a obra <i>A Estación de Saint-Lazare</i> para obter información sobre as formas de produción industrial e a vida nas sociedades industriais do XIX. - Sitúa a construción da torre Eiffel no seu contexto histórico-artístico. - Analiza os fragmentos literarios propostos para obter un fiel retrato do colonialismo. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a elaboración dun mapa histórico.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 8: a Primeira Guerra Mundial (1914 – 1918)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Os acontecementos que se abordan nesta unidade son capitais para comprender as orixes do século XX, pois a Gran Guerra liquidou a diplomacia desenvolvida durante o último terzo do século XIX e levou por diante algúns dos imperios máis importantes do continente europeo. Inaugurou á súa vez o convulso período de entreguerras, influíu notablemente no proceso revolucionario ruso e fixo que arraigase a contraposición de intereses que desembocaría na Segunda Guerra Mundial. É, pois, un tema fundamental do curso.

Cronoloxicamente, a unidade comeza coa análise do período coñecido como “Paz Armada”. É preciso facer fincapé en como se reconfiguran entón as alianzas e se producen algunhas crises que coadxuvan ao inicio da contenda.

A continuación abórdanse as causas do conflito. Trátase de aspectos xa traballados polo alumnado en 4.º de ESO, polo que a unidade permite un desenvolvemento máis pormenorizado dos feitos, así como unha maior reflexión sobre as devanditas causas con axuda dos textos dispoñibles na web. Ao desenvolvemento da guerra dedícase unha parte fundamental da unidade; é interesante insistir tanto na globalidade do conflito coma no novo armamento, condicións que explican o elevado número de baixas.

Recoméndase analizar con detemento as consecuencias da Gran Guerra, incidindo nos papeis adoptados polo Reino Unido, Estados Unidos, Italia e particularmente Francia, pois as duras sancións impostas a Alemaña contribuirán á xénese do nazismo. Tamén convén analizar de forma pormenorizada os diferentes tratados que conformaron a Paz de París, para o cal se recomenda traballar cos mapas dispoñibles nos recursos da web (na cartografía histórica e no Power Point de presentación da unidade).

A última parte do tema aborda o mundo de posguerra e a importancia da Sociedade de Nacións. Interesa recordar dous aspectos cruciais:

- Europa perde a súa hexemonía internacional en favor dos Estados Unidos.

- A Sociedade de Nacións, cuxa creación se aprobara na Conferencia de Paz de París de 1919, conseguiu algúns avances na década de 1920 constituíndo un claro antecedente da actual diplomacia multilateral, se ben o veto do Senado á integración dos Estados Unidos –proposta polo presidente Wilson- restoulle eficacia durante os anos trinta.

Fanse referencias á relación do conflito con España, que permitirán fixar contidos de cara á materia de Historia de España de 2.º de Bacharelato. Tamén se inclúe un apartado específico sobre arte, referida ao fauvismo, cubismo, futurismo e dadaísmo.

2. TEMPORALIZACIÓN

4ª semana de xaneiro e a metade da 1ª semana de febreiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada.
2. Distinguir os acontecementos que conducen á Primeira Guerra Mundial, facendo fincapé nas súas causas inmediatas.
3. Describir as etapas da guerra, incidindo nas novidades do conflito.
4. Analizar as consecuencias da Primeira Guerra Mundial, poñendo énfase nos diferentes tratados de paz.
5. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
6. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século XIX e comezos do XX.

4. CONTIDO DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- Antecedentes da Guerra - A etapa da Paz Armada. - A Tripla Entente e as crises prebélicas	1. Describir as transformacións e conflitos xurdidos a finais do século XIX e comezos do século XX explicando o seu desenvolvemento e os factores desencadeantes.	1.1. Realiza un diagrama explicando cadeas causais e procesos dentro do período que abrangue o final do século XIX e o comezo do XX.	P	CCL CD CAA CSC
- As causas da guerra - Rivalidade franco-alemán. - Oposición imperio	2. Comparar sinteticamente os distintos sistemas de alianzas do período da Paz Armada.	2.1. Describe as alianzas dos países máis destacados durante a Paz Armada.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC

<p>austrohúngaro e Rusia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Confrontación entre Reino Unido e Alemaña. - Tensións xeradas pola carreira imperialista. - Peso da carreira de armamentos. - Os contendentes <ul style="list-style-type: none"> - A Tripla Entente. - Os imperios centrais. - Os países neutrais. - A faísca que iniciou o conflito. - Desenvolvemento da guerra <ul style="list-style-type: none"> - A guerra de movementos: 1914. - A guerra de posicións: 1915 e 1916. - O ano crítico: 1917. - O ano decisivo: 1918. - As consecuencias da Gran Guerra <ul style="list-style-type: none"> - O efecto sociopolítico e económico. - Perdas humanas e consecuencias socioculturais. - Os tratados de paz e o reaxuste territorial. - O mundo da posguerra e a Sociedade de Nacións. 	<p>3. Distinguir os acontecementos que conducen á declaración das hostilidades da Primeira Guerra Mundial, desenvolvendo as súas etapas e as súas consecuencias.</p>	<p>3.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas as causas da Primeira Guerra Mundial.</p>	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
	<p>3.2. Analiza e explica as distintas etapas da Gran Guerra a partir de mapas históricos.</p>	F	CCL CMCT CD CAA CCEC	
	<p>3.3. Describe a situación de Europa tras as paces que puxeron punto final ao conflito.</p>	CI	CCL CMCT CD CAA CCEC	
	<p>3.4. Valora as repercusións que tivo a Gran Guerra nas poboacións dos países contendentes.</p>	CI	CCL CD CAA CSC CCEC	
	<p>4. Localizar fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, Internet, etcétera.) e extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.</p>	<p>4.1. Extrae conclusións de gráficos sobre as consecuencias da Primeira Guerra Mundial.</p>	P	CCL CMCT CD CAA CSC
	<p>4.2. Analiza fotografías ou gravados da contenda.</p>	P	CCL CD CAA CSC CCEC	
	<p>4.3. Comenta mapas, estatísticas e táboas demográficas.</p>	N	CCL CMCT CD CAA	
	<p>4.4. Comenta símbolos conmemorativos vinculados á Primeira Guerra Mundial.</p>	CP	CCL CD CAA CSC CCEC	
	<p>5. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século</p>	<p>5.1. Axuíza criticamente o fenómeno dunha guerra como a de 1914-1918.</p>	CI	CCL CD CAA CSC

	XIX e comezos do XX.	5.2. Relaciona a consolidación da paz coa Sociedade de Nacións.	I	CCL CD CAA CSC
--	----------------------	---	---	-------------------------

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como “Paz Armada”, Tratado de Versalles ou Sociedade de Nacións. - Comprende a concatenación de acontecementos que produciron a Gran Guerra. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Redacta textos a partir de fontes históricas sobre as condicións dos soldados na fronte.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Compara o mapa de Europa en 1914 co configurado tras a guerra, enumerando os novos países e cambios fronteirizos. - Analiza o Plan Schlieffen e a evolución das fronteas, distinguindo as súas principais características. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre as consecuencias demográficas e económicas da Gran Guerra. - Analiza o papel do novo armamento na contenda.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias como fotografías, postais, documentais, carteis... - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos. - Crea textos e presentacións en formato dixital relacionados co proxecto de traballo suxerido no espazo web.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes, contextualizándoos nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, para elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora unha ficha sobre as principais batallas, incluíndo cronoloxía, situación, características e consecuencias. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas

	<ul style="list-style-type: none"> - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia das sociedades democráticas e da defensa dos dereitos humanos. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de personaxes da Primeira Guerra Mundial. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece os principais estilos artísticos de inicios do século XX (fauvismo, cubismo, futurismo e dadaísmo). - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.

- Fontes de consulta: lista de recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, con breves recensións; serviránlle ao alumnado para ampliar coñecementos e axudaránlle a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a comprobar os coñecementos adquiridos e as lagoas na aprendizaxe, de modo que facilitan o reforzo dos contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia cos pasos necesarios para chegar a dominar os procedementos históricos esenciais. Inclúe un guiión, un modelo resolto e unha proposta de traballo, neste caso referidos ao comentario dun debuxo satírico.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 9: *a Revolución Rusa e a Unión Soviética*

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Nesta unidade estúdase un feito clave na historia do século XX, a Revolución Rusa, e o proceso que permitiu a creación dun réxime comunista na Unión Soviética. A Revolución sorprendeu o mundo enteiro, rematou co imperio secular dos tsares e inaugurou un novo réxime político, sen precedentes históricos, que constituíu un modelo para o movemento obreiro de moitos países. O soño de Marx, a construción dun Estado socialista, fixérase realidade. Pero non nun país industrializado do centro de Europa, como era máis previsible, senón no extremo oriental do continente, nun inmenso territorio dominado aínda pola autocracia, o atraso económico e o sometemento do campesiñado. Os acontecementos vividos en Rusia marcaron o inicio dunha nova época histórica, o inicio dun século XX “curto”, comprendida entre os anos da Gran Guerra e 1989, a derruba do soño dun mundo comunista.

Desde o punto de vista cronolóxico a unidade comeza co estudo da Rusia tsarista entre os anos finais do século XIX e o estalido da Primeira Guerra Mundial. É necesario subliñar que unha revolución non xorde da nada, coñecer cales eran as condicións de vida da poboación rusa, os motivos de malestar das clases populares e as tensións políticas que desembocaran no movemento revolucionario de 1905.

A continuación detállase a oportunidade política que para os revolucionarios supuxo a entrada de Rusia na Primeira Guerra Mundial, o que multiplicou o descontento popular e permitiu a mobilización que rematou na Revolución de febreiro de 1917. Nos meses seguintes os bolxeviques dirixidos por Lenin, co seu programa de paz, pan e terra, souberon recoller os desexos dunha parte importante da poboación e dar un golpe de man, a Revolución de outubro, que lles permitiu a conquista do poder político.

No terceiro apartado da unidade analízase o proceso de creación da Unión Soviética desde os primeiros pasos do novo réxime, pasando pola dureza da guerra civil de 1918-1922, ata a formación da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas. É importante o estudo da evolución das políticas económicas e o problema da sucesión de Lenin, falecido en 1924, que rematou tres anos máis tarde co triunfo de Stalin.

O último apartado do tema aborda o estudo do stalinismo, o réxime totalitario dominado polo poder omnímodo de Stalin, apoiado nun aparato represivo durísimo, que impoñía o terror á poboación e eliminaba calquera oposición a través de sangrentas purgas, e nunha economía planificada que, sen ter en conta os custos humanos, industrializou o país e converteuno nunha das principais potencias do mundo.

No tema propónse un texto que comenta a repercusión da Revolución Rusa na historia de España de cara á materia de Historia de España de 2º de Bacharelato. É importante que os alumnos e alumnas comprendan a relación entre os acontecementos vividos nun país e o contexto histórico mundial no que se inscriben. Tamén se inclúe, nas páxinas finais, unha proposta de actividades que inclúe o comentario de imaxes, como os carteis de propaganda, ou o manexo de diversos documentos como un discurso político, un gráfico económico ou unha obra de arte.

2. TEMPORALIZACIÓN

2ª metade da 1ª semana de febreiro e 2ª e 3ª semana de febreiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar as causas políticas, económicas e sociais que explican o estalido da Revolución Rusa e o triunfo dos bolxeviques liderados por Lenin.
2. Distinguir a importancia dos acontecementos fundamentais do proceso revolucionario e o papel desempeñado polos dirixentes políticos.
3. Describir os acontecementos que levan desde a entrada de Rusia na Primeira Guerra Mundial ata a formación da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas.
4. Comprender as características políticas dun réxime totalitario como o imposto por Stalin e as bases do sistema económico comunista implantado desde o Estado soviético.
5. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
6. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico das décadas iniciais do século XX.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN/ COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Rusia a comezos do século XX: un xigante con pés de barro: <ul style="list-style-type: none"> - Progreso económico e atraso social. - Os enfrontamentos políticos. - A Revolución de 1905. - Rusia na Gran Guerra. - A Revolución de 1917: <ul style="list-style-type: none"> - A Revolución de febreiro. - Os gobernos provisionais (marzo-outubro de 1917). - A Revolución de outubro. - O nacemento da URSS: <ul style="list-style-type: none"> - O novo réxime: as primeiras medidas. - A guerra civil e o comunismo de guerra. - A Nova Política Económica. - O período stalinista (1927-1939): <ul style="list-style-type: none"> - A sucesión de Lenin. - Socialización e planificación. - A ditadura de Stalin. - A formación da URSS como 	1. Analizar a evolución política, social e económica de Rusia a finais do século XIX presentando información que explique tales feitos.	1.1. Realiza un diagrama explicando cadeas causais e procesos dentro do período que abrangue o final do século XIX e o comezo do XX.	P	CCL CD CAA CSC
	2. Esquematizar o desenvolvemento da Revolución Rusa de 1917 recoñecendo as súas etapas e os seus protagonistas máis significativos e establecendo as súas consecuencias.	2.1. Identifica e explica algunhas das causas da Revolución Rusa de 1917.	I	CCL CAA CSC
		2.2. Compara a Revolución Rusa de febreiro de 1917 coa de outubro de 1917.	CI	CCL CMCT CD CAA CSC
		2.3. Valora as repercusións que tivo a Gran Guerra para a poboación Rusa.	CF	CCL CD CAA CSC
	3. Localizar fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, Internet, etcétera.) e extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.	3.1. Extrae conclusións de gráficos e mapas sobre a Guerra Civil rusa e a formación da URSS.	N	CCL CMCT CD CAA CSC
		3.2. Analiza fotografías ou gravados da Revolución Rusa e a URSS.	P	CCL CD CAA CSC CCEC
		3.3. Comenta mapas, estatísticas e táboas demográficas sobre a evolución da URSS.	P	CCL CMCT CD CAA
		3.4. Comenta símbolos vinculados á Revolución Rusa e á URSS.	P	CCL CD CAA CSC CCEC

potencia mundial.	4. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século XIX e comezos do XX.	4.1. Axuíza criticamente a construción dunha ditadura totalitaria como a de Stalin.	I	CCL CAA CSC
		4.2. Relaciona as repercusións da Revolución Rusa co estudo da evolución política e social da Europa de entreguerras.	I	CCL CD CAA CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como revolución, comunismo, totalitarismo, colectivización ou stalinismo. - Comprende a serie de causas que explican o estalido da Revolución Rusa e a formación da URSS. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Redacta textos a partir de fontes históricas sobre as condicións de vida da poboación rusa.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Compara a situación da economía rusa a principios do século XX coa que tiña a URSS na década dos anos trinta. - Analiza o mapa da Guerra Civil rusa (1918-1922) distinguindo os contendentes e os principais acontecementos. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre as consecuencias dos cambios na política económica da URSS. - Analiza o papel da industria pesada no proceso de modernización económica da URSS.

<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias como fotografías, postais, documentais, carteis, etcétera. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Crea textos e presentacións en formato dixital relacionados co proxecto de traballo suxerido no espazo web.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora unha ficha sobre os acontecementos principais da historia de Rusia, incluíndo cronoloxía. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia das sociedades democráticas e da defensa dos dereitos humanos. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de personaxes claves da Revolución Rusa e a URSS. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece os principais estilos artísticos de inicios do século XX e a súa relación coas expresións artísticas da Revolución Rusa. - Interpreta debuxos satíricos, fotografías, carteis de propaganda e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a análise dun cartel de propaganda.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.

- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 10: a economía de entreguerras e a Gran Depresión

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Nesta unidade abórdase a evolución da economía mundial nos anos vinte e trinta do século XX, un aspecto clave para entender a relación entre as consecuencias sociais da crise económica, o ascenso dos fascismos e totalitarismos e o estalido posterior da Segunda Guerra Mundial. Estados Unidos é o país protagonista da unidade, convertido na primeira potencia mundial despois da Gran Guerra e os seus efectos devastadores sobre o continente europeo. O estudo das causas, o desenvolvemento e as consecuencias da Gran Depresión permite coñecer de preto a crise económica máis profunda na historia.

Nos primeiros apartados da unidade preséntase a difícil situación económica que atravesaba Europa ao final da Gran Guerra e as bases do período de expansión financeira dos anos vinte, unha fase alcista que situou os Estados Unidos á fronte da produción industrial mundial. A sociedade da época, os chamados “felices anos vinte”, experimentou cambios notables como o nacemento do consumo de masas, o crecemento da urbanización, o desenvolvemento dos grandes medios de comunicación ou os primeiros avances do feminismo.

Pero, como se pode ver nas seguintes páxinas, a prosperidade económica escondía signos de debilidade e de desequilibrio que remataron desembocando no crac da Bolsa de Nova York, en outubro de 1929. É importante que os alumnos e alumnas comprendan as causas da crise, máis alá da quebra das operacións bolsistas, e que entendan de que xeito o acontecido en Wall Street se converteu, en pouco tempo, nunha recesión mundial dunha profundidade e persistencia descoñecidas.

A última parte da unidade analiza as consecuencias da Gran Depresión, tanto en Europa coma nos principais países europeos, e a busca de diferentes solucións, desde o “New Deal” de Roosevelt ata as políticas estatais das puxantes potencias fascistas, primeiro Italia e logo Alemaña. O ascenso do fascismo foi unha das saídas á crise da Europa de entreguerras, un continente onde a democracia se converteu nunha vítima máis da recesión.

Recoméndase analizar con detemento a relación entre as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da crise, cunha atención especial ás ensinanzas de J. M. Keynes, o principal pensador económico da época. E cunha breve mirada ao acontecido en España, onde a crise chegou con atraso pero golpeou a fráxil economía española nos anos da Segunda República, condicionando seriamente a supervivencia da experiencia democrática que vivía o país.

Tamén se inclúe un apartado dedicado a presentar, en liñas xerais, a cultura e a arte da primeira metade do século XX, a importancia da arte das vangardas.

2. TEMPORALIZACIÓN

3ª e 4ª semana de febreiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Distinguir os factores que provocan a expansión económica dos anos vinte do século XX e a recesión que se estende, por todo o mundo, a partir de 1929.
2. Explicar o proceso da crise económica que se inicia na Bolsa de Nova York en outubro de 1929.
3. Describir as consecuencias sociais e políticas da Gran Depresión e as saídas adoptadas polos EE.UU. e os principais países europeos.
4. Utilizar con rigor os conceptos económicos.
5. Emitir xuízos sobre as consecuencias da crise dos anos trinta.
6. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes, vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
7. Interpretar gráficos e datos estatísticos relacionados coa economía da época.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A expansión económica: “Os felices anos 20”: - A situación económica da posguerra en Europa. - O crecemento económico dos anos vinte. - A industria, motor do desenvolvemento. - O consumo de masas. - O avance do feminismo. - As causas da crise: <ul style="list-style-type: none"> - Un crecemento económico desequilibrado. - As dificultades do sistema monetario 	1. Recoñecer as características do período de entreguerras inseríndoas nos correspondentes aspectos políticos, económicos, sociais ou culturais.	1.1. Explica as características do período de entreguerras a partir de manifestacións artísticas e culturais de comezos do século XX.	I	CCL CD CAA CSC CCEC
	2. Explicar a Gran Depresión describindo os factores desencadeantes e as súas influencias na vida cotiá.	2.1. Identifica e diferencia as causas e consecuencias da Gran Depresión.	I	CCL CD CAA
	3. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa aos aspectos económicos do período de entreguerras.	3.1. Interpreta imaxes da Gran Depresión.	CP	CCL CD CAA CSC CCEC
		3.2. Comenta gráficas que explican a crise económica de 1929.	N	CCL CMCT CD CAA CCEC

internacional. - A quebra do capitalismo: a crise de 1929: - O <i>crac</i> da Bolsa de Nova York. - A crise esténdese a todos os sectores. - Unha recesión mundial. - As consecuencias da crise: a Gran Depresión: - O afundimento dos sectores económicos. - Consecuencias sociais e políticas. - As primeiras medidas fronte á crise. - A busca de solucións: - As solucións clásicas das crises. - O fracaso das medidas tradicionais. - O <i>New Deal</i> . - Comparación de opinións sobre a crise económica. - Os movementos artísticos das vangardas.		3.3. Analiza e compara as medidas tomadas polos diferentes países para intentar afrontar a crise.	CF	CCL CD CAA CCEC
	4. Localizar fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, Internet, etcétera.) e extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.	4.1. Extrae conclusións de gráficos, estatísticas e imaxes sobre as consecuencias da Gran Depresión.	N	CCL CMCT CD CAA CSC
		4.2. Analiza fotografías, gravados e textos que expoñan a situación social da muller e a evolución do feminismo na época de entreguerras.	P	CCL CD CAA CSC CCEC
		4.3. Comenta o mapa da repercusión mundial da crise económica.	N	CCL CMCT CD CAA
	5. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de comezos do XX.	5.1. Define os principais termos e conceptos económicos da unidade.	CI	CCL CD CAA

5. COMPETENCIAS / DESCRITORES / DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como “<i>crac</i>” de Wall Street, especulación bolsista, recesión, Gran Depresión ou keynesianismo. - Comprende a concatenación de acontecementos que produciron a Gran Depresión. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Redacta textos a partir de fontes históricas sobre as condicións de vida da poboación norteamericana durante a recesión económica.

	<p>de forma oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver hábitos de lectura. 	
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza o mapa da extensión mundial da crise económica entre 1929 e 1933. - Compara os principais indicadores económicos dos anos vinte do século XX cos dos anos trinta. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre as consecuencias económicas da Gran Depresión. - Analiza o papel da tecnoloxía na extensión do consumo de masas.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias como fotografías, postais, documentais, carteis, etcétera. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Crea textos e presentacións en formato dixital relacionados co proxecto de traballo suxerido no espazo web.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora un esquema da crise de 1929 a partir dun guión que diferencie causas, desenvolvemento e consecuencias. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.

<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia dos avances nos dereitos das mulleres na época de entreguerras. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de personaxes claves da unidade como Roosevelt ou Keynes. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece os principais estilos artísticos de inicios do século XX (fauvismo, cubismo, futurismo e dadaísmo). - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a análise dun obxecto.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 11: a época de entreguerras: democracias e totalitarismo

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A análise da época comprendida entre o final da Gran Guerra e o comezo da Segunda Guerra Mundial resulta crucial para comprender a barbarie, a violencia masiva e o terror totalitario que ensombreceron a historia do século XX. En poucos anos a democracia parlamentaria, que parecía triunfar como unha das consecuencias máis claras da Primeira Guerra Mundial, foi acantoadada e desprazada por réximes autoritarios e totalitarios que obtiveron un notable apoio da poboación. Ofrecían unha saída á crise da posguerra e aos problemas derivados da Gran Depresión de 1929. O seu estudo constitúe unha lección que non hai que esquecer.

A unidade ábrese coa presentación do novo mapa de Europa xurdido en 1919, despois dos tratados de paz. Aparecen novos países con sistemas democráticos e os réximes parlamentarios aséntanse no Reino Unido e Francia, os dous casos estudados cun maior detalle. É importante, neste apartado, o coñecemento comparado das características principais que diferencian un réxime democrático doutro autoritario ou totalitario.

A segunda parte da unidade aborda, con detalle, o xurdimento dos réximes fascistas en Italia e en Alemaña. No caso italiano é importante coñecer o proceso que permitiu o ascenso ao poder de Mussolini, as bases ideolóxicas da doutrina fascista e a construción posterior dun réxime totalitario con aspiracións imperialistas no escenario do Mediterráneo. No caso alemán hai que coñecer o intento democrático que supuxo a República de Weimar, a aparición do nazismo como doutrina e relixión política e o proceso histórico que lle permitiu a Adolf

Hitler, o seu líder, pasar da marxinalidade política aos millóns de votos que o ergueron, en 1933, á chancelaría como xefe de goberno de Alemaña.

Mención á parte merece a cuestión do antisemitismo, as súas raíces históricas e a represión desatada contra os xudeus desde as altas instancias do Estado alemán. A unidade remata analizando o proceso de reorganización e adoutrinamento da sociedade alemá, favorecido polo crecemento económico e os éxitos iniciais obtidos pola política exterior hitleriana. O mapa da expansión alemá entre 1935 e 1939 serve como ponte coa seguinte unidade e permite comprender unha das causas principais do desencadeamento da Segunda Guerra Mundial.

Nun breve apartado relaciónanse os procesos políticos do período de entreguerras cos acontecementos vividos en España, o contexto histórico no que cabe inserir a ditadura de Primo de Rivera e os problemas para a consolidación da experiencia democrática da Segunda República, co caso especial do partido fascista español, Falanxe Española e das JONS, creada por José Antonio Primo de Rivera.

2. TEMPORALIZACIÓN

1ª e 2ª semana de marzo.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Distinguir os factores que desencadean os períodos de esplendor e crise da democracia na primeira metade do século XX.
2. Identificar os principios que inspiran a organización, as institucións, os dereitos e liberdades e as formas de participación política dos sistemas parlamentarios.
3. Coñecer o contexto histórico que permitiu a aparición dos réximes fascistas e os factores que os facilitaron.
4. Describir o desenvolvemento dos réximes fascistas de Italia e Alemaña, as súas similitudes e as súas diferenzas.
5. Sinalar as diferenzas entre as democracias e os réximes ditatoriais.
6. Analizar fontes de información, primarias e secundarias (textos, imaxes, vídeos, estatísticas e mapas) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
7. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico do primeiro terzo do século XX.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- Democracias e ditaduras: - Auxe e crise da democracia despois da Gran Guerra. - As democracias	1. Describir as transformacións e conflitos xurdidos nas primeiras décadas do século XX explicando o seu desenvolvemento e os factores desencadeantes.	1.1. Realiza un diagrama explicando cadeas causais e procesos dentro do período de entreguerras.	N	CCL CD CAA CMCT

<p>occidentais: os novos países do mapa de Europa, Francia e o Reino Unido.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A distensión internacional nos anos vinte. - A quebra da democracia. O fascismo: - Principais trazos do fascismo. - Italia tras a Gran Guerra. - Mussolini accede ao poder. - A doutrina do fascismo italiano. - A construción do Estado totalitario. - O nazismo: - A experiencia democrática da República de Weimar. - Hitler e o nazismo. - O ascenso de Hitler ao poder. - A ditadura nazi. - O control da sociedade. - O antisemitismo. - A política expansionista alemá e o camiño cara á guerra. - A política de “pacificación” das democracias occidentais. 	2. Comparar sinteticamente as características das democracias parlamentarias e os réximes autoritarios ou totalitarios.	2.1. Realiza un esquema que diferencie as democracias e as ditaduras, autoritarias e totalitarias, tendo en conta a orixe do poder e o xeito de exercelo.	I	CCL CMCT CD CAA CSC
	3. Recoñecer a transcendencia dos fascismos europeos como ideoloxías que conduciron ao desencadeamento de conflitos no panorama europeo do momento.	3.1. Identifica a partir de fontes históricas ou historiográficas a crise das democracias occidentais no período de entreguerras.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		3.2. Compara o fascismo italiano e o nazismo alemán.	I	CCL CMCT CAA CD
		3.3. Distingue símbolos dos fascismos europeos da primeira metade do século XX.	P	CCL CMCT CD CAA CCEC
		3.4. Relaciona as bases ideolóxicas do fascismo coa evolución da política exterior de Hitler e Mussolini.	I	CCL CD CAA CSC CCEC
	4. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao período de entreguerras.	4.1. Analiza a partir de fontes contrapostas as relacións internacionais anteriores ao estalido da Segunda Guerra Mundial.	N	CCL CMCT CD CAA
		4.2. Analiza fotografías, gravados, carteis e imaxes sobre as figuras carismáticas de Mussolini e Hitler e o culto construído en torno á súa personalidade.	P	CCL CD CAA CSC CCEC
		4.3. Comenta mapas, estatísticas e gráficos que relacionen a crise do período de entreguerras co ascenso dos fascismos.	CF	CCL CMCT CD CAA
		4.4. Realiza un informe, a partir de fontes diversas, sobre as actuacións que levou a cabo o réxime nazi en relación cos xudeus.	N	CCL CD CAA CSC

				CSIEE
	5. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico das primeiras décadas do XX.	5.1. Define e relaciona algúns dos conceptos e termos máis importantes da unidade como democracia parlamentaria, autoritarismo, totalitarismo, fascismo, autarquía ou antisemitismo.	I	CCL CD CAA CSC
		5.2. Realiza un eixe cronolóxico no que aparezan os termos e acontecementos máis destacados da época de entreguerras.	P	CCL CD CAA CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como democracia parlamentaria, totalitarismo ou fascismo. - Comprende a concatenación de acontecementos e factores que permitiron o ascenso ao poder do fascismo nalgúns países europeos. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Redacta textos a partir de fontes históricas sobre a situación social das poboacións sometidas a un Estado totalitario.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Compara o mapa de Europa en 1918 co anterior á guerra, enumerando os novos países democráticos e aqueles que remataron dominados por ditaduras. - Analiza os mapas do expansionismo territorial de Italia e Alemaña nos anos trinta. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre a relación entre a crise da posguerra, a Gran Depresión e a crise das democracias. - Analiza o papel dos medios de comunicación de masas no ascenso do fascismo.

<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias como fotografías, postais, documentais, carteis, etcétera. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Crea textos e presentacións en formato dixital relacionados co proxecto de traballo suxerido no espazo web.
<p><i>Competencia para aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora unha ficha sobre os principais acontecementos do período de entreguerras, incluíndo cronoloxía, localización e consecuencias. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia das sociedades democráticas e da defensa dos dereitos humanos. - Extrae consecuencias do papel desempeñado polo liderado carismático dos líderes fascistas e o culto á súa personalidade. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao sufrimento das vítimas da represión fascista, como o caso dos xudeus alemáns. - Valora a complexidade do traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propondo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a análise dunha fotografía.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.

- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 12: a Segunda Guerra Mundial (1939 – 1945)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A historia do século XX non se pode comprender sen coñecer de preto o maior e máis cruento dos conflitos bélicos coñecidos no mundo. A contenda, que empezou na fronteira de Alemaña con Polonia, en 1939, e rematou coa rendición do Xapón, en 1945, deixou un saldo de sesenta millóns de mortos. Entre eles, as vítimas provocadas polo Holocausto do pobo xudeu nos campos de concentración nazis, un feito sen precedentes que debe ser contado e explicado a cada xeración. A guerra cambiou o mapa de Europa e do mundo e marcou a política internacional durante o resto do século. Polo tanto, constitúe un tema fundamental do curso.

A unidade comeza co estudo das causas do conflito bélico, en clara relación coa crise do período de entreguerras, e coa presentación de alianzas dos países contendentes, as potencias do Eixe e o bando dos Aliados.

As páxinas centrais do tema dedícanse á narración do desenvolvemento da guerra, claramente dividida en dúas fases. Entre setembro de 1939 e o final de 1942 as vitorias de Alemaña en Europa e do Xapón en Asia parecían non ter límites. O alumnado debe comprender as razóns do éxito inicial dos exércitos do Eixe e tamén as circunstancias que comezaron a variar o rumbo da guerra. En efecto, unha segunda fase do conflito bélico esténdese desde os primeiros meses de 1943, coa rendición do exército alemán en Stalingrado, pasando polo Desembarco aliado en Normandía, ata o afundimento final do Terceiro Reich, na primavera de 1945. A vitoria dos Aliados en Europa foi moi custosa, e tamén a que logrou o exército norteamericano no Pacífico, coa rendición final do Xapón, en agosto de 1945, despois do lanzamento das primeiras bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki.

Nas páxinas da unidade abórdanse tamén outras cuestións importantes como a evolución da industria bélica e a súa relación coa violencia masiva e as destrucións devastadoras, o papel relevante desempeñado polos líderes políticos e os militares que dirixiron os exércitos ou o Holocausto xudeu experimentado no horror dos campos de concentración nazis.

A unidade non remata co fin das hostilidades bélicas. Hai espazo tamén para coñecer as consecuencias da guerra, tanto demográficas coma sociais, económicas e políticas, cunha atención especial á serie de conferencias e tratados de paz que deseñaron como ía a ser o mundo da posguerra, un novo sistema de relacións internacionais marcado pola tensión e o enfrontamento entre os dous modelos de sociedade representados polas dúas grandes superpotencias vencedoras, EE.UU. e a URSS.

Recoméndase rematar a unidade analizando o xurdimento, o desenvolvemento e a estrutura interna da ONU, a organización supranacional que, coas súas virtudes e as súas limitacións, segue existindo na actualidade como o único lugar e a única voz que representa todos os pobos do mundo.

Hai tamén unha referencia ao papel desempeñado por España dentro do conflito bélico, ao cambio de posición que foi adoptando o réxime de Franco para intentar sobrevivir ao final da contenda, máis alá da

desaparición dos ditadores fascistas, contidos que se estudarán con maior profundidade na materia de Historia de España de 2.º de Bacharelato.

2. TEMPORALIZACIÓN

3ª e 4ª semana de marzo.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Explicar as causas que desencadearon a Segunda Guerra Mundial e o seu desenvolvemento inicial.
2. Describir as etapas da guerra, incidindo nos acontecementos máis relevantes que explican o triunfo inicial das potencias do Eixe e a evolución da contenda ata a súa derrota total.
3. Comprender as repercusións políticas, sociais e económicas da Segunda Guerra Mundial na sociedade civil.
4. Analizar as consecuencias políticas e territoriais da Segunda Guerra Mundial e explicar a orixe e desenvolvemento da ONU.
5. Analizar diversas fontes de información –textos, imaxes, esquemas, mapas e datos estatísticos– da guerra, para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
6. Desenvolver a sensibilidade e o sentido de responsabilidade en relación cos enfrontamentos bélicos e o sufrimento das vítimas civís.
7. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da primeira metade do século XX.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Antecedentes da guerra: - O cambio de signo nas relacións internacionais. - O camiño cara á guerra. - Os bandos belixerantes: as potencias do Eixe. - Os bandos belixerantes: os Aliados. - As vitorias do Eixe (1939-1942): - Os triunfos iniciais de Hitler. - A batalla de Inglaterra. - A invasión da Unión 	1. Describir as transformacións e conflitos xurdidos na primeira metade do século XX explicando o seu desenvolvemento e os factores desencadeantes.	1.1. Identifica as causas desencadeantes da Segunda Guerra Mundial a partir de fontes históricas.	I	CCL CD CAA
	2. Establecer as etapas de desenvolvemento da II Guerra Mundial, distinguindo as que afectaron a Europa e as que afectaron aos Estados Unidos e Xapón.	2.1. Explica as etapas da Segunda Guerra Mundial tanto na fronte europea coma na guerra do Pacífico.	I	CCL CMCT CD CAA
	3. Analizar o papel da guerra mundial como elemento transformador da vida cotiá.	3.1. Comenta fotografías e escenas de documentais e películas que mostran os sufrimentos da poboación civil durante a contenda.	P	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC

<p>Soviética.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A intervención do Xapón no Pacífico. - As vitorias dos aliados (1942-1945): <ul style="list-style-type: none"> - Un inverno decisivo: Stalingrado. - Normandía e as derrotas do Eixe. - O afundimento do Terceiro Reich. - A derrota final do Xapón. - A posición do réxime de Franco ante a guerra. - Unha guerra total. - Os campos de concentración e o Holocausto nazi. - O balance da guerra: <ul style="list-style-type: none"> - Un mundo destruído. - Cambios territoriais. - A Organización das Nacións Unidas. 		3.2. Busca información sobre os avances da industria bélica e a súa relación coa violencia masiva e o carácter devastador da guerra.	P	CCL CMCT CD CAA CSC
		3.3. Analiza imaxes que explican o Holocausto levado a cabo pola Alemaña nazi.	N	CCL CMCT CD CAA CSC
	4. Obter e seleccionar información escrita e gráfica relevante, utilizando fontes primarias ou secundarias, relativa ao período da Segunda Guerra Mundial.	4.1. Analiza o desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial a partir de mapas históricos.	I	CCL CMCT CD CAA
		4.2. Coa información proporcionada por varias fontes secundarias redacta unha síntese das consecuencias demográficas e económicas da guerra.	CF	CCL CD CAA CSC
		4.3. Recompila varios documentos escritos e gráficos sobre as dúas primeiras bombas atómicas e as interpretacións que xustifican ou critican o seu lanzamento.	N	CCL CMCT CD CAA CSC
		4.4. Busca información sobre a participación española na Segunda Guerra Mundial, en ambos os dous bandos, e redacta unha breve síntese.	CI	CCL CD CAA CSC
	5. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da primeira metade do XX.	5.1. Reúne información e define algúns dos termos fundamentais da contenda mundial como “guerra lóstrego”, solución final, Pacto de Aceiro, Operación Barbarroxa ou guerra total.	CF	CCL CD CAA CSC
		5.2. Sitúa nun cadro conceptual os principais órganos da ONU especificando as súas funcións.	CI	CCL CD CAA CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como guerra total, solución final, guerra lóstrego, ONU, etcétera. - Comprende a concatenación de acontecementos bélicos que cambiaron o curso da guerra. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Redacta textos a partir de fontes históricas sobre as condicións de vida da poboación civil durante a contenda.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Compara o mapa de Europa de 1939 co de 1945 enumerando os novos países e cambios fronteirizos. - Analiza a guerra lóstrego empregada polo exército alemán e a evolución das fronteas, distinguindo as súas principais características. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre as consecuencias demográficas e económicas da Segunda Guerra Mundial. - Analiza o papel da tecnoloxía e a industria bélica na contenda.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias como fotografías, postais, documentais, carteis, etcétera. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Crea textos e presentacións en formato dixital relacionados co proxecto de traballo suxerido no espazo web.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora unha ficha sobre as principais batallas, incluíndo cronoloxía, situación, características e consecuencias. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as

	<p>os contidos da unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<p>actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.</p>
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia das sociedades democráticas e a defensa dos dereitos humanos. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de personaxes da Segunda Guerra Mundial. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coñece algunhas das principais manifestacións artísticas que reflicten a evolución da guerra e o horror da violencia masiva. - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a análise dun mapa ou esbozo de batalla.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 13: a Guerra Fría: un mundo bipolar

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A historia do mundo na segunda metade do século XX está marcada por unha liña de forza, o antagonismo, a tensión e o enfrontamento indirecto entre as dúas grandes superpotencias vencedoras da Segunda Guerra Mundial: os Estados Unidos de Norteamérica e a Unión Soviética. En efecto, entre os acordos de paz de 1945 e os acontecementos de 1989-1991, que supuxeron a desintegración do bloque soviético, o mundo viviu dominado por unha dinámica bipolar marcada por unha ameaza sempre latente: a posibilidade dun enfrontamento nuclear capaz de destruír o planeta. Este tema resulta crucial para comprender a evolución da historia contemporánea e as orixes do noso mundo actual.

Nas dúas primeiras páxinas da unidade preséntanse as características xerais da Guerra Fría, un concepto fundamental para comprender o noso pasado, e as etapas principais dun enfrontamento estendido por toda a xeografía planetaria durante catro décadas. Neste apartado é fundamental coñecer con detalle o mapa de Europa

posterior a 1945, cos cambios territoriais e a división dos bloques pola chamada cortina de aceiro, e o mapa do mundo que sitúa os focos de tensión e os conflitos locais que estalaron practicamente en todos os continentes.

A continuación, no segundo apartado do tema estúdase a orixe dese antagonismo bipolar, os puntos de fricción que crearon a atmosfera de desconfianza e desacordo que enfrontaron os antigos aliados da Segunda Guerra Mundial. Ese proceso, visible desde 1945, mostrouse irreversible a partir de 1947, cando as dúas superpotencias declararon publicamente a súa inimizade e a súa política activa de hostilidade. Ese novo escenario de tensión internacional quedou demostrado nos conflitos xurdidos, neses anos, polo bloqueo de Berlín, a creación do Estado de Israel e a Guerra de Corea.

A estrutura da unidade segue unha orde cronolóxica, pero é necesario deterse, como se fai nas páxinas centrais, para analizar a evolución interna dos Estados Unidos e dos seus aliados occidentais, por un lado, e a resposta soviética ao desafío estadounidense, pechando calquera posibilidade de apertura no bloque oriental que controlaba.

Seguramente o momento central da Guerra Fría, que marca un antes e un despois nas relacións das superpotencias, foi a crise dos mísiles de Cuba, en 1962. É importante o estudo deste conflito para que o alumnado comprenda o preto que estivo o mundo dun enfrontamento bélico de consecuencias inimaxinables. E como, a partir dese momento, comezou unha nova etapa denominada da coexistencia pacífica, co inicio de relacións directas entre Washington e Moscova, coa aparición de novos actores internacionais, como o Movemento de Países Non aliñados, o interminable conflito bélico de Vietnam e, a partir de 1970, o inicio de negociacións para limitar e reducir os arsenais nucleares norteamericano e soviético.

O seguinte apartado da unidade aborda o agravamento da Guerra Fría, a partir de 1979, coa mirada posta en novos focos de tensión mundial e na política exterior estadounidense, decidida a demostrar a súa superioridade económica e tecnolóxica sobre o Kremlin. É importante mostrar, de xeito razoado, a cadea de acontecementos que supuxeron o derrubamento do bloque comunista, desde a subida ao poder de Gorbachov, en 1985, pasando pola caída do Muro de Berlín, catro anos máis tarde, e a desaparición da URSS, en 1991, un proceso que asombrou o mundo pola rapidez coa que se produciu.

No último apartado da unidade preséntase unha visión comparada das diferenzas económicas, sociais e políticas entre os dous bloques, necesaria para comprender os dous modelos de sociedade e de Estado que pugnaron entre si durante tanto tempo.

Como en todas as unidades, hai un breve apartado relacionado coa historia de España neste período que permite situar o contexto histórico xeral dos contidos que se estudarán con detalle na materia de Historia de España de 2.º de Bacharelato.

2. TEMPORALIZACIÓN

2ª e 3ª semana de abril.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Explicar as causas do enfrontamento entre os dous bloques da Guerra Fría.
2. Relacionar os conflitos locais do período da Guerra Fría coa evolución interna dos países implicados.

3. Explicar os modelos políticos, sociais e económicos dos dous bloques enfrontados.
4. Desenvolver a sensibilidade e o sentido de responsabilidade en relación cos enfrontamentos bélicos.
5. Explicar a crise e caída do bloque comunista.
6. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
7. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico da segunda metade do século XX.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - Características e etapas da Guerra Fría. - Características da confrontación bipolar. - As etapas do enfrontamento entre as superpotencias. - O estalido e a consolidación da Guerra Fría (1945-1962). - Os primeiros desencontros (1945-1946). - A Guerra Fría faise oficial (1947-1949). - A Guerra de Corea (1950-1953). - Estados Unidos e a Unión Soviética ante a Guerra Fría. - A resposta estadounidense ao perigo soviético. - A nova orde económica e o 	1. Describir os feitos políticos, económicos, sociais e culturais que explican o xurdimento dos dous bloques antagónicos, clasificándoos e presentándoos adecuadamente.	1.1. Localiza nun mapa os países que forman o bloque comunista e capitalista.	F	CCL CD CAA CMCT
	2. Distinguir feitos que explican o enfrontamento entre o bloque comunista e capitalista, revisando as noticias dos medios de comunicación da época.	2.1. Identifica e explica os conflitos da Guerra Fría a partir dun mapa histórico.	CI	CCL CMCT CD CAA
	3. Interpretar a Guerra Fría, a Coexistencia Pacífica e a Distensión e as súas consecuencias establecendo acontecementos que exemplifiquen cada unha destas etapas das relacións internacionais.	3.1. Selecciona símbolos e imaxes que se identifican co mundo capitalista e o mundo comunista.	P	CCL CD CAA CCEC
		3.2. Escribe, a partir de información diversa, un breve informe do Muro de Berlín. As razóns da súa construción, a súa historia e o proceso que levou á súa caída.	F	CCL CD CAA CCEC CSIEE
4. Comparar analizando o modelo capitalista co comunista desde o punto de vista político, social,	4.1. Explica algunhas características da economía capitalista a partir de gráficas.	P	CCL CMCT CD CAA	

<p>Plan Marshall.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A formación das alianzas militares. - A crise de 1956 no bloque occidental. - A resposta soviética. - A crise de 1956 no bloque oriental. - A crise cubana de 1962. - Distensión e coexistencia pacífica (1962-1979). - O xurdimento de novos actores internacionais. - A guerra de Vietnam. - As negociacións de limitación de armas nucleares. - O agravamento da Guerra Fría e a caída da URSS (1979-1991). - Os novos focos de tensión mundial. - O inicio de colapso da URSS. - A perestroika e o derrubamento do bloque soviético. - As diferenzas entre os dous bloques. <ul style="list-style-type: none"> - A economía. - A sociedade. - A política. 	económico e cultural.	4.2. Establece razoada e comparativamente as diferenzas entre o mundo capitalista e o mundo comunista. Comenta mapas, estatísticas e táboas demográficas.	I	CCL CD CAA CMCT CCEC
	5. Identificar a materialización dos modelos comunista e capitalista exemplificando coa selección de feitos que durante este período afecten ás dúas grandes superpotencias: URSS e Estados Unidos.	5.1. Explica algunhas características da economía comunista a partir de gráficos.	P	CCL CD CAA CMCT
		5.2. Identifica formas políticas do mundo occidental e do mundo comunista.	CI	CCL CD CAA CSC
	6. Localizar fontes primarias e secundarias (en bibliotecas, Internet, etcétera.) e extraer información de interese, valorando criticamente a súa fiabilidade presentándoas segundo a orixe desta.	6.1. Realiza presentacións de textos, imaxes, mapas, gráficas que explican calquera dos bloques.	P	CCL CD CAA CCEC
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia das sociedades democráticas e a defensa dos dereitos humanos. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías dos líderes europeístas que impulsaron o proceso de integración. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliativas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a redacción dun tema histórico.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.

- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

UNIDADE 17: o mundo actual

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A última unidade do libro aborda o estudo dos acontecementos históricos que definen o mundo actual e permiten coñecer os problemas, os conflitos e os retos que se lles presentan ás sociedades actuais nos primeiros anos do século XXI. O mundo do terceiro milenio experimentou un rápido e profundo proceso de globalización impulsado pola revolución tecnolóxica. Vivimos uns anos de cambios económicos e tamén de grandes transformacións culturais que variaron as condicións de vida dos homes e as mulleres que habitan moitos lugares do planeta. Unha época ensombrecida por conflitos bélicos e ameazas terroristas, cun aumento alarmante da desigualdade entre os países ricos e os pobres, con tantas posibilidades como riscos e incertezas.

O primeiro apartado da unidade dirixe a mirada cara á rexión de Asia-Pacífico, estudando con detalle a evolución política e económica dos tres xigantes da rexión, India, China e Xapón, e o protagonismo crecente dos chamados “tigres” ou “dragóns” asiáticos, que constitúen un novo centro económico mundial.

A continuación abórdanse os grandes cambios da Europa comunista, os acontecementos sucedidos entre a caída do Muro de Berlín, en 1989, a derruba da Unión Soviética, e o nacemento dun novo escenario internacional, distinto do da Guerra Fría. É importante estudar a evolución dos países do Leste e das antigas repúblicas soviéticas, con complexos procesos de transición política cara á democracia. Tamén o horror das guerras de Iugoslavia. O coñecemento das campañas de limpeza étnica, as deportacións masivas e os campos de concentración débelle servir ao alumnado para recordar que a barbarie da violencia masiva é unha ameaza potencial das sociedades democráticas, mesmo no corazón de Europa. O papel desempeñado pola nova Rusia, coa figura destacada de Vladimir Putin, é outro dos eixes da actualidade política mundial que tamén conta cun espazo de análise destacado.

O terceiro apartado presenta o protagonismo mundial dos Estados Unidos. A finais do século XX, rematada a pugna da Guerra Fría, parecía que a hexemonía política, económica e militar dos EE.UU. era incontestable. Non obstante, os conflitos dos últimos anos demostraron que o mundo non é máis seguro nin máis estable. Merecen atención especial os conflitos bélicos da primeira Guerra do Golfo, a Guerra de Afganistán e a Guerra de Iraq. E tamén o desafío do terrorismo global, sobre todo das organizacións jihadistas.

A violencia política é tamén o centro de seguinte apartado, o que se ocupa das guerras civís e os enfrontamentos entre Estados que se produciron no continente africano. Os conflitos da rexión subsahariana, afectados por unha violencia endémica, e a longa historia do conflito árabe-israelí, incluíndo os acontecementos máis recentes da chamada primavera árabe e o drama dos refuxiados da guerra civil de Sirya. É conveniente facer fincapé no sufrimento da poboación civil e a loita pola defensa dos Dereitos Humanos.

O concepto de globalización ocupa o quinto e último apartado da unidade. É o termo máis utilizado para definir a situación do mundo na actualidade. Nesas páxinas finais abórdase o seu estudo tanto desde o punto de

vista da sociedade da información e os cambios culturais coma desde o ámbito das relacións económicas, sen esquecer as críticas do movemento antiglobalización.

Como no resto das unidades, hai un cadro de texto que conecta a situación do mundo coa historia recente de España, unha referencia que anuncia o obxecto de estudo da materia de Historia de España que os alumnos e alumnas abordarán en 2.º de Bacharelato.

2. TEMPORALIZACIÓN

1ª, 2ª e 3ª semana de xuño.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Coñecer os principais acontecementos, cambios e transformacións que definen o noso mundo actual.
2. Enumerar as características que definen o fenómeno da globalización, as súas vantaxes e os seus aspectos máis criticados.
3. Analizar os enfrontamentos bélicos, as guerras civís e as ameazas terroristas máis importantes desde o inicio do terceiro milenio.
4. Analizar o sistema de relacións internacionais existente no mundo desde a caída do comunismo, en 1991.
5. Valorar os problemas da consolidación e extensión dos sistemas democráticos e a defensa dos Dereitos Humanos.
6. Analizar fontes primarias e secundarias (textos, imaxes e vídeos) para extraer información de interese, avaliando criticamente a súa fiabilidade.
7. Utilizar o vocabulario histórico con precisión, inseríndoo no contexto histórico de finais do século XX e comezos do XXI.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- A evolución dos grandes países asiáticos. - O xigante chinés. - As dúas coreas. - India, potencia emerxente. - O Xapón da era Heisei. - Asia Oriental e o Pacífico: un novo centro económico do	1. Resumir a evolución da China e India desde finais do século XX ao século XXI, seleccionando trazos políticos.	1.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais da China e India.	F	CCL CD CAA CSC CCEC
	2. Identificar as singularidades do capitalismo do Xapón e os Novos Países Industriais Asiáticos, establecendo trazos de carácter político, económico, social e cultural.	2.1. Establece razoadamente as características e símbolos que explican aspectos singulares do capitalismo do Xapón e a Área do Pacífico.	F	CCL CD CAA CCEC

<p>mundo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os grandes cambios na Europa comunista. - A Europa do Leste e as antigas repúblicas soviéticas. - A nova Rusia. - As guerras de Iugoslavia. - Estados Unidos no novo escenario internacional. - EE.UU., única superpotencia mundial. - A primeira Guerra do Golfo. - O terrorismo global. - A Guerra de Afganistán. - A Guerra de Iraq. - A presidencia de Barak Obama. - Guerras civís e conflitos entre Estados en África. - A África Subsahariana. - O conflito árabe-israelí. - A primavera árabe. - A Globalización. - A sociedade da información e os cambios culturais. - Economía global e desigualdade. - A crítica contra a globalización. - A globalización e a crise económica. 	3. Describir a situación da URSS a finais do século XX, establecendo os seus trazos máis significativos desde unha perspectiva política, social e económica.	3.1. Localiza nun mapa as repúblicas exsoviéticas e os diferentes países formados tras a caída do muro de Berlín.	F	CCL CMCT CD CAA CCEC
	3.2. Elabora un eixe cronolóxico que ordena os acontecementos que explican a desintegración da URSS, formación da CEI e o xurdimento das repúblicas exsoviéticas.	N	CCL CMCT CD CAA	
	3.3. Compara utilizando mapas de situación dos países dos Balcáns desde os anos 80 ata a actualidade.	CF	CCL CMCT CD CAA	
	4. Analizar a situación creada co xurdimento da CEI e as repúblicas exsoviéticas recollendo informacións que resuman as novas circunstancias políticas e económicas.	4.1. Elabora un cadro sinóptico sobre a situación política e económica das repúblicas exsoviéticas e a CEI-Federación Rusa.	F	CCL CMCT CD CAA CSC
	5. Explicar a caída do Muro de Berlín nomeando as súas repercusións nos países de Europa Central e Oriental.	5.1. Analiza imaxes que reflectan a caída do muro de Berlín.	P	CCL CD CAA CSC
	5.2. Explica as novas relacións das repúblicas exsoviéticas con Europa Occidental.	N	CCL CD CAA CSC	
	6. Identificar o problema dos Balcáns enumerando as causas que explican o xurdimento de tal situación e resumindo os feitos que configuran o desenvolvemento de conflitos nesta zona.	6.1. Describe comparativamente a evolución política dos países de Europa Central e Oriental tras a caída do Muro de Berlín.	CF	CCL CD CAA
	6.2. Describe e analiza as causas, desenvolvemento e consecuencias da guerra dos Balcáns especialmente en Iugoslavia.	CI	CCL CD CAA CSC	
	7. Describir a evolución política, social e económica dos Estados Unidos desde os anos 60 ao final do século XX.	7.1. Realiza un eixe cronolóxico dos feitos máis significativos de tipo político, social e económico dos Estados Unidos desde os anos 60 ao final do século XX.	N	CCL CMCT CD CAA

	8. Enumerar os trazos relevantes da sociedade norteamericana a comezos do século XXI distinguindo a transcendencia dos atentados do 11-S e explicando as transformacións e o impacto ocasionado a este país.	8.1. Elabora mapas conceptuais sobre os trazos da sociedade norteamericana agrupándoos en política, sociedade, economía e cultura.	CP	CCL CMCT CD CAA CCEC
	9. Describir a evolución do mundo islámico na actualidade resumindo os seus trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais.	9.1. Enumera e explica os trazos económicos, políticos, relixiosos e sociais do mundo islámico e localiza nun mapa os países que forman na actualidade o mundo islámico.	N	CCL CD CAA CCEC
	10. Distinguir a evolución dos países de África distinguindo e relacionando as súas zonas xeoestratéxicas.	10.1. Compara aspectos económicos, políticos, relixiosos e sociais entre os principais países do continente africano.	N	CCL CD CAA CCEC
	11. Analizar as características da globalización describindo a influencia que sobre este fenómeno teñen os medios de comunicación e o impacto que os medios científicos e tecnolóxicos teñen na sociedade actual.	11.1. Identifica as principais características ligadas á fiabilidade e obxectividade do fluxo de información existente en Internet e outros medios dixitais.	P	CCL CMCT CD CAA
	12. Obter e seleccionar información de diversas fontes (bibliográficas, Internet) que expliquen os diversos feitos que determinan o mundo actual.	12.1. Elabora un breve informe sobre as relacións entre inmigración e globalización a partir de fontes históricas.	N	CCL CSIEE CD CAA CSC

5. COMPETENCIAS / DESCRITORES / DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como globalización, primavera árabe, TIC, terrorismo jihadista. - Comprende a concatenación de acontecementos que explican a derruba do antigo bloque soviético. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación. - Redacta textos a partir de fontes históricas sobre as

	<p>despois expresala de forma oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver hábitos de lectura. 	condicións de vida da poboación civil que sofre a violencia dos conflitos armados.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico mediante a interpretación de paisaxes. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Compara o mapa de Iugoslavia en 1990 co da actualidade enumerando os novos países e os feitos máis significativos. - Analiza o mapa das novas zonas de industrialización no mundo distinguindo as súas principais características. - Extrae información de gráficos e datos estatísticos sobre as consecuencias económicas, sociais e culturais da globalización. - Analiza o papel das novas tecnoloxías da información e a comunicación na extensión do fenómeno da globalización.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos. - Visita as páxinas web suxeridas co fin de analizar fontes primarias como fotografías, postais, documentais, carteis, etcétera. - Realiza os tests da unidade para consolidar os contidos fundamentais de cada epígrafe. - Crea textos e presentacións en formato dixital relacionados co proxecto de traballo suxerido no espazo web.
<i>Competencia para aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza o resumo da unidade, sendo capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Elabora unha ficha sobre os principais conflitos armados que existen na actualidade. - Realiza comentarios de texto, imaxes e outras fontes de información aplicando as pautas suxeridas no libro. - Repasa os contidos traballados realizando as actividades avaliativas e os exercicios e os tests do espazo web.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nela. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia das sociedades democráticas e a defensa dos dereitos humanos. - Extrae consecuencias das actuacións dos individuos ante situacións concretas, a partir da análise de biografías de personaxes como Nelson Mandela, Barak Obama ou Vladimir Putin. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias.

	<p>forma de asimilar o espazo e o tempo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresar rexeitamento cara aos conflitos, avogando pola defensa dos valores democráticos. 	
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Propoñer retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa visitando os recursos propostos tanto no libro coma no espazo web. - Resolve as actividades avaliadas e os tests do espazo web con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase propoñendo puntos de vista alternativos.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Eixe cronolóxico e mapa conceptual da unidade.
- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, audiovisuais e páxinas web, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as cuestións de ampliación.
- Actividades autoavaliativas: encamiñadas a reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Taller de historia: pautas básicas para o dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos resoltos para a realización dun traballo de investigación histórica.
- Traballo con documentos: abundante material gráfico e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.

Recursos dixitais na páxina web

Extensa selección de textos históricos e historiográficos:

- Presentación que inclúe os apartados fundamentais da unidade.
- Varios tests de autoavaliación para consolidar os contidos da unidade.
- Ampla selección de recursos bibliográficos, películas, xogos e páxinas web, incluíndo unha breve recensión.
- Cartografía histórica.
- Glosario específico do tema, con entradas específicas para cada tema.
- Cronoloxía específica do tema.

- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.
- Vídeos.
- Xerador de avaliacións que permite crear varios modelos de exames resoltos con preguntas sobre cada un dos estándares de aprendizaxe da unidade.

XI.4. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a materia de Historia do Mundo Contemporáneo, empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de cualificación:

- a) A análise das producións dos alumnos/as: exercicios, textos escritos... Cando proceda, comprobarase tamén o traballo de campo ou de investigación sobre algún tema.
- b) Debates e postas en común das unidades estudadas.
- c) Probas específicas: obxectivas, cuestionarios, test...
- d) Autoavaliación e coavaliación cando sexa posible. Empregarase este método na corrección dos traballos de investigación encomendados ao alumno/a.

A avaliación positiva requirirá que:

- √ Os alumnos/as dominen os contidos mínimos sinalados anteriormente.
- √ Sexan capaces de desenvolver un traballo diario na clase.
- √ Sexan capaces de elaborar informes pulcros e claros.
- √ Sexan capaces de adquirir o vocabulario específico da materia.

O proceso da avaliación constará de 3 avaliacións. En cada unha delas faranse probas específicas: obxectivas escritas (preferentemente dúas); obxectivas orais; debates, postas en común e exposicións orais.

Ao remate de cada avaliación haberá unha proba de recuperación dos contidos explicados ao longo da mesma para os alumnos/as que non superaran a avaliación.

Para poder avaliar cun mínimo de rigor ao alumnado, pensamos que deberíamos seguir a táboa que a continuación se relaciona, co propósito de ser o máis obxectivos posibles, tratando de non quedar influídos por outros parámetros alleos á propia avaliación. É, por iso, que a cada estándar de aprendizaxe en cada unidade didáctica, establecemos uns graos de consecución desta aprendizaxe e a importancia que posúen os contidos relacionados con estes na formación cultural do alumno/a. Cada grao sinalase cunhas letras nas que irá especificado o necesario para acadar dito grao de consecución.

GRAO DE CONSECUCIÓN	PAUTAS NECESARIAS PARA ACADALO
I (imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo maxistral, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente non ten que indicar nada máis do que o alumno/a explica.
CI (case imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo sobresaínte, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar escasos

	parámetros.
F (fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algún erro cometido sen moita importancia.
CF (case fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algúns esquecementos ou interrelacións entre eles.
N (necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo satisfactorio, esquecendo diversos acontecementos, causas, consecuencias...
P (puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo razoable pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos, sendo preciso insistir.
CP (case puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo superficial pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos.
NN (non necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal pero que non implique a consecución e asimilación dos contidos estudados.
IN (innecesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal, sen ser precisos para obter un grao de consecución e asimilación dos contidos.

Para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a cada unha das unidades vistas haberá que atender á cualificación que estes teñan en cada táboa presentada por unidades didácticas e o grao de consecución de cada un deles. Os criterios de cualificación basearanse no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave.

A cualificación estará baseada nos seguintes criterios:

- Probas de coñecemento: 85%.
- Traballo diario: 15%.

Farase unha proba final no que os alumnos/as serán examinados dos contidos das avaliacións que non teñan superadas. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse á convocatoria extraordinaria.

Todos os alumnos/as teñen dereito a un exame final, tanto os alumnos /as que non acadaran o 5, como aqueles que queiran mellorar a súa cualificación final.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

A asistencia a clase terase en conta á hora de avaliar a cada alumno/a.

Poderase descontar 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

XI.5. MATERIAL DIDÁCTICO

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos.

Alumnado:

- Caderno de clase.
- Mapas mudos políticos e físicos.
- Libro de texto (*Historia do Mundo Contemporáneo*. Editorial Anaya).

Aula:

- Planisferio físico e político.
- Mapas específicos históricos, físicos e políticos, das distintas zonas do planeta.
- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
 - Atlas históricos depositados na Biblioteca do centro e no Departamento.
 - Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia.
 - Canón e PC dispoñibles na aula.
 - Reprografía.
 - Prensa.
 - Vídeos didácticos.

XII. 2º curso Bacharelato
Historia de España

XII.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA A HISTORIA DE ESPAÑA

- ✓ Debe potenciar o coñecemento e comprensión do noso pasado como “xenealoxía do presente”.
- ✓ No seu carácter formativo, subliña o desenvolvemento de capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión e o sentido crítico.
- ✓ Enténdese esta materia como unha “historia xeral” e sistemática dos procesos históricos fundamentais dos territorios que configuran o actual Estado español, concedéndolle especial atención a Galicia, sen esquecer por iso a súa pluralidade interna e a dimensión e proxección europea e iberoamericana.
- ✓ Pon énfase no coñecemento da historia contemporánea, á que outorga dous terzos do programa de contidos.
- ✓ Debe contribuír a fomentar unha especial sensibilidade cara á sociedade do presente e a súa problemática, de modo que anime a adoptar unha actitude responsable e solidaria coa defensa da liberdade, a igualdade entre mulleres e homes, os dereitos humanos, a non discriminación e os valores democráticos.

Tendo en conta este marco curricular e as ordes das diferentes administracións das comunidades autónomas, constatamos certos acordos básicos sobre o carácter da Historia no curso final do Bacharelato. En síntese, a Historia deberá contribuír a desenvolver nos estudantes un conxunto de competencias asociadas a diferentes capacidades cognitivas, instrumentais e de comunicación, de equilibrio persoal e de inserción social. As máis importantes son:

- ✓ Identificar e situar no tempo e no espazo os procesos, estruturas e acontecementos máis relevantes da historia de España, valorando as súas repercusións na configuración da España actual.
- ✓ Coñecer e comprender os procesos máis relevantes que configuran a historia española contemporánea, identificando as interrelacións entre feitos políticos, económicos, sociais e culturais, analizando os antecedentes e factores que os conformaron.
- ✓ Fomentar unha visión integradora da historia de España, que respecte e valore tanto os aspectos comúns como as particularidades, e xere actitudes de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España.
- ✓ Situar o proceso histórico español nas súas coordenadas internacionais para explicar e comprender as súas implicacións e influencias mutuas co obxectivo de ser capaces de ter unha visión articulada e coherente da historia.
- ✓ Identificar os cambios conxunturais e os trazos permanentes do proceso histórico por riba dos feitos illados e dos protagonistas concretos, co fin de lograr unha visión global da historia.
- ✓ Coñecer as normas básicas que regulan o ordenamento constitucional español, promovendo tanto o compromiso individual e colectivo coas institucións democráticas como a toma de conciencia ante os problemas sociais, en especial os relacionados cos dereitos humanos.
- ✓ Seleccionar e interpretar información procedente de fontes diversas, incluída a proporcionada polas novas tecnoloxías, e utilizala de forma crítica para a comprensión de procesos e feitos históricos.
- ✓ Empregar con propiedade a terminoloxía e o vocabulario históricos e aplicar as técnicas elementais de comentario de textos e de interpretación de mapas, gráficos e outras fontes históricas.

Ademais, teremos en conta algúns outros trazos relevantes e específicos da Historia como materia de ensino que están estreitamente vinculados coas seguintes capacidades:

- ✓ Capacidade de desenvolvemento do pensamento crítico vinculado á análise social con criterios de racionalidade.

- ✓ Comprensión do proceso de adquisición de conciencia histórica como un compoñente esencial na adquisición de autonomía intelectual e moral.

XII.2. PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: *as primeiras culturas*

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O estudo desta unidade debería proporcionarlle ao alumnado elementos básicos da análise social e histórica, relacionados coa capacidade de manexar categorías de análise económica, xeográfica, social e cultural. É, pois, unha unidade na que se produce un primeiro achegamento á historia como ciencia social que abrangue dimensións diversas da práctica social no tempo.

Ao tratarse de contidos relacionados con procesos históricos de longa duración, nos que están ausentes precisións sobre feitos concretos, e formularse, sobre toda a análise de estruturas sociais, o alumnado iníciase nesta primeira unidade en tarefas que lle permitan reconstruír conceptos básicos da disciplina que van estar presentes ao longo do curso: categorías de tipo económico, social e cultural, principalmente.

Outra das funcións primordiais desta unidade é capacitar os alumnos para analizar o papel das evidencias arqueolóxicas e iniciarse en métodos de inferencia e na súa análise, o que posibilitará un primeiro achegamento ao traballo con fontes materiais.

A énfase nas relacións entre sociedade e natureza, determinantes no transcórrecer das culturas prehistóricas, permitirá fundamentar algúns principios sobre o papel do medio nos procesos sociais.

Por outra parte, a produción cultural aparece continuamente ligada ás formas de produción e reprodución económico-social, o que facilitará a comprensión de principios xerais sobre o cambio social.

Esta unidade, en suma, é unha entrada na historia como ciencia social que para o alumnado aparece probablemente como a primeira ocasión de formular principios explicativos e racionais sobre a evolución social, apoiados no manexo do tempo histórico, a multicausalidade e a interpretación de fontes e evidencias materiais.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 5 ou 6 sesións de clase, nas dúas primeiras semanas do curso, en setembro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Identificar os trazos máis relevantes das culturas prehistóricas na Península Ibérica, establecendo a súa datación cronolóxica e a localización espacial dos seus principais depósitos ou áreas de desenvolvemento.
2. Explicar o significado histórico das colonizacións e describir as características que definen aos pobos prerromanos.
3. Describir os trazos culturais máis relevantes e diferenciadores dos grupos humanos peninsulares e insulares, desde o Paleolítico ao Neolítico.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<p>O substrato prehistórico:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A revolución neolítica. - A irrupción da metalurxia. - A Idade do Cobre. - A Idade do Bronce. <p>Inmigracións e colonizacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As primeiras grandes inmigracións. A Idade do Ferro. - O fenómeno colonizador: Os fenicios. Os gregos. Os cartaxineses. O legado das colonizacións. <p>Os pobos prerromanos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tartesos, mito e realidade. - A área ibérica: os pobos do sur e do leste. - Os pobos do centro e oeste peninsular. - Os pobos do norte peninsular. 	<p>1. Identificar as grandes etapas en que se subdivide a Prehistoria, e situar espacialmente os depósitos ou áreas de influencia correspondentes.</p>	<p>1.1. Recoñece os trazos característicos de cada unha das etapas e situar cronoloxicamente os tipos de xacementos achados na Península Ibérica.</p>	I	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>
		<p>1.2. Localiza nun mapa, con precisión, os depósitos con restos arqueolóxicos relevantes e asóciaos ao tipo de cultura correspondente.</p>	F	
	<p>2. Explicar o significado da revolución neolítica e a irrupción da metalurxia, e describir os trazos que caracterizan estas culturas na Península Ibérica, situándoas no espazo.</p>	<p>2.1. Explica as diferenzas entre a economía e a organización social do Paleolítico e o Neolítico, e as causas do cambio.</p>	I	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>
		<p>2.2. Describe os avances no coñecemento das técnicas metalúrxicas e explica as súas repercusións.</p>	CI	
	<p>3. Describir as causas e analizar as consecuencias do fenómeno colonizador na Península Ibérica.</p>	<p>3.1. Identifica os pobos colonizadores e diferéncias pola súa orixe e forma de colonización.</p>	CI	<p>CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>
		<p>3.2. Recoñece a orixe fenicia, grego ou cartaxinés dos asentamentos máis destacados fundados por estes pobos.</p>	I	
		<p>3.3. Describe as achegas sociais, económicas e culturais dos pobos colonizadores e atribúeas con precisión.</p>	I	

	4. Recoñecer as comunidades e os pobos anteriores á dominación romana, situándoos no espazo e no tempo e sinalando os seus diferentes graos de desenvolvemento e características, con especial referencia ao caso de Tartesos.	4.1. Resume as características principais do reino de Tartesos e cita as fontes históricas para o seu coñecemento.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		4.2. Explica o diferente nivel de desenvolvemento das áreas celta e ibérica en vésperas da conquista romana, en relación coa influencia recibida dos indoeuropeos, o reino de Tartesos e os colonizadores fenicios e gregos.	F	
		4.3. Debuxa un mapa esquemático da Península Ibérica e delimita nel as áreas ibérica e celta.	P	
	5. Identificar os trazos máis significativos das manifestacións artísticas do Paleolítico, Mesolítico e Neolítico.	5.1. Identifica as diferenzas entre unha imaxe de pintura cantábrica e outra de pintura levantina.	I	CCL CMCT CAA CSC CSIEE CCEC
		5.2. Recoñece e explica manifestacións artísticas relevantes das culturas tartésica, ibera e celta.	I	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza e compara os mapas de situación dos depósitos neolíticos na Península Ibérica, constatando a evolución e intensidade na ocupación do territorio. - Analiza a distribución das etnias e pobos prerromanos no ámbito peninsular e insular. - Constrúe unha interpretación global da evolución do poboamento e a súa evolución a partir da comparación dos tres mapas anteriores.

<p><i>Competencia en comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende, define e utiliza correctamente termos relacionados cos contidos da unidade, como prehistoria, Paleolítico, Neolítico, Tartesos, vetóns... - Analiza e extrae ideas principais de textos relacionados coa evolución dos homínidos en España, o desenvolvemento do Neolítico na Península Ibérica, as características das culturas celta e ibera en España, os trazos definitorios das colonizacións fenicia e grega... - Emprega con corrección e precisión a linguaxe escrita e oral ao realizar as actividades de aprendizaxe e de avaliación, utilizando con solvencia o vocabulario específico da unidade.
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Busca e selecciona vídeos en Internet sobre contidos relevantes da unidade: evolución de tipos humanos, restos arqueolóxicos, investigacións... - Constrúe unha <i>webquest</i> sobre algún dos contidos máis relevantes da unidade: arte rupestre, colonizacións, castros... - Realiza presentacións explicativas sobre procesos históricos significativos da unidade: metalurxia, evolución do Neolítico peninsular...
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza a filmografía e obras literarias propostas para consolidar e ampliar o coñecemento sobre o período estudado. - Analiza, valora, interpreta e compara as manifestacións culturais e artísticas, desde a Prehistoria aos pobos prerromanos.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o 	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Realiza eixes cronolóxicos, seguindo diversos criterios, cos conceptos e acontecementos

	<p>papel dos individuos nesta.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<p>máis importantes da unidade.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mostra empatía respecto á comprensión do imaxinario ideolóxico dos pobos prerromanos.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa na elaboración de informes, empregando os recursos propostos tanto no libro como no espazo web. - Resolve as actividades incluídas ao longo da unidade, ao final e na web, con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase, propoñendo puntos de vista alternativos sobre os temas de debate propostos.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza con rigor o texto sobre a cultura castrexa en Galicia. - Elabora un cadro comparativo sobre as achegas e características das colonizacións fenicia e grega. - Crea mapas conceptuais específicos sobre os contidos máis relevantes da unidade. - Elabora breves informes sobre conceptos e fenómenos históricos significativos da unidade: Neolítico, cultura do Argar, Tartesos, vetóns... - Consolida e comproba os seus coñecementos sobre os contidos traballados realizando as actividades de avaliación incluídas no libro do alumnado e na web.

	aprendizaxe.	
--	--------------	--

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos para realizar eixes cronolóxicos de etapas históricas (da prehistoria e protohistoria en Hispania), elaborar un mapa histórico (sobre as primeiras colonizacións asentadas na Hispania prerromana), crear un cadro conceptual sobre un determinado período histórico (a prehistoria en España), iniciar o comentario de textos históricos (neste caso, un parágrafo dunha obra de L. Febvre) e analizar fontes arqueolóxicas (restos cerámicos prehistóricos).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A prehistoria na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 2: a romanización

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O estudo do proceso da romanización, a crise do sistema e a constitución do estado visigodo veñen supoñer unha ampliación na aprendizaxe dalgúns elementos clave do pensamento histórico e social. Aparecen, por primeira vez, categorías de análise histórica tan importantes como aculturación, sistema ou modo de produción, crise estrutural, etcétera. Tamén é a primeira abordaxe de conceptos básicos relacionados con institucións (senado, monarquía, maxistraturas, tratados, etcétera). Con todos eses elementos, o alumnado pode reconstruír o concepto de *formación social* como unha totalidade histórica con dimensións espaciais, económicas, sociais, culturais e políticas, cunha relativa abundancia de fontes escritas e testemuños.

Esta unidade, na que as precisións biográficas, xeográficas, ideolóxicas, etcétera, son necesarias para a construción de descrições e explicacións, sitúa o alumnado ante tarefas novas. Por un lado, algúns acontecementos son determinantes na evolución histórica (guerras púnicas, guerras cántabras, penetración xermánica, etcétera) e obrigan unha localización temporal correcta. Por outro, a análise económica, social e xeopolítica xa é posible a partir das fontes documentais e arqueolóxicas dispoñibles.

Polo tanto, a memorización comprensiva dalgúns datos é imprescindible, ao igual que a construción dos primeiros esquemas explicativos dos procesos: razóns estratéxicas e económicas da romanización nas súas diferentes fases; causas que explican as crises do sistema escravista a partir do século III; factores que subxacen na xénese do prefeudalismo.

A partir do estudo desta unidade, o alumnado debería avanzar no dominio da explicación multicausal, que require, necesariamente, unha adecuada valoración dos acontecementos e un manexo competente de esquemas conceptuais.

Hai que ter en conta, finalmente, que a análise do legado artístico e monumental da romanización é unha boa ocasión para considerar algúns problemas relacionados coa conservación e recuperación do patrimonio cultural e o seu significado na configuración da identidade colectiva.

2. TEMPORALIZACIÓN

A unidade requirirá arredor de 7 sesións de traballo, algunhas delas de natureza moi práctica. Aproximadamente, ocupará as dúas primeiras semanas de outubro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Explicar o proceso de conquista e romanización da Península Ibérica.
2. Relacionar o proceso de crise e ruralización do Imperio romano, as invasións bárbaras e a Hispania visigoda.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<p>A Hispania romana:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A conquista. - As actividades económicas. - A sociedade hispanorromana. - A crise do século III e as súas consecuencias. <p>O proceso de romanización:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As bases da romanización. - A articulación provincial de Hispania. - O réxime municipal. - A cultura hispanorromana. <p>A difusión do cristianismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A relixión romana. - O cristianismo en Hispania. <p>A achega xermánica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os xermanos en Hispania. 	<p>1. Describir as fases da conquista romana da Península, situándoa no tempo e no espazo, sinalando as transformacións sociais, económicas e de articulación territorial, que supuxo o proceso de romanización.</p>	1.1. Recoñece e identifica as fases cronolóxicas da conquista romana sobre un mapa da Península.	I	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>
		1.2. Explica as circunstancias que motivaron a chegada e permanencia dos romanos en España.	I	
		1.3. Identifica os cambios no modo de vida e a organización social que supuxo a chegada dos romanos para os pobos indíxenas.	CI	
		1.4. Define o concepto de <i>romanización</i> e describe os medios empregados para levala a cabo.	I	
		1.5. Compara o ritmo e grao de romanización dos diferentes territorios peninsulares.	CI	

<ul style="list-style-type: none"> - Os visigodos: unidade relixiosa, política e xurídica de Hispania. - A organización social e política: o prefeudalismo. - A cultura e a arte visigodos. 	<p>2. Identificar o legado artístico e cultural deixado por Roma na Península e a difusión do cristianismo en Hispania.</p>	<p>2.1. Busca información de interese (en libros e Internet) sobre permanencias culturais e artísticas do legado romano na España actual, e elabora unha breve exposición.</p>	P	<p>CCL CD CAA CSC CCEC CSIEE</p>
		<p>2.2. Describe vías de difusión do cristianismo en Hispania, matizando o irregular grao de implantación.</p>	N	
	<p>3. Analizar a crise do século III e as súas consecuencias, prestando especial atención á chegada de pobos xermánicos.</p>	<p>3.1. Partindo de fontes primarias (textos) e da información do Libro do Alumnado, explica as principais causas e consecuencias da crise do século III na Península Ibérica.</p>	P	<p>CCL CD CAA CSC CCEC CSIEE</p>
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Busca e selecciona vídeos en Internet sobre o tema. - Utiliza as TIC para realizar o comentario de documentos iconográficos (o retrato) proposto nas actividades de avaliación. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade.

<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Planifica unha visita real e/ou virtual a algún dos pazos borbónicos (Real de Madrid, A Granxa...) ou a construcións neoclásicas, para ilustrar os novos criterios estéticos e artísticos. - Investiga sobre o xurdimento das Reais Academias e as Reais Sociedades de Amigos do País, e elabora unha monografía sobre unha delas. - Comprende as particularidades da Ilustración en Galicia e as figuras máis destacadas. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período. - Organiza un esquema ou mapa conceptual sobre as novas ideas sobre a educación, a das mulleres en particular, e redacta un breve balance de proxectos, iniciativas e resultados.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos desde a defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora os avances que a racionalidade ilustrada achega á mellora das condicións de vida e dos dereitos sociais e políticos da poboación. - Explica a coherencia dos postulados reformistas e da súa relación co progreso económico e os cambios políticos. - Comprende a situación económica e social de Galicia neste período. - Redacta unha valoración sobre a importancia do coñecemento científico para o desenvolvemento social e económico no Antigo Réxime. - Explica as peculiaridades da Ilustración en Galicia. - Participa nun debate e expresa a súa opinión en clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras.

<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Formular retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Investiga sobre a creación, desenvolvemento e decadencia das Reais Fábricas. - Mostra iniciativa localizando recursos de todo tipo que sexan relevantes para a mellor comprensión dos contidos da unidade. - Resolve as actividades formuladas no libro con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa en clase propondo puntos de vista alternativos.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora informes sobre a vida cotiá das distintas clases sociais na España do século XVIII. - Elabora un mapa conceptual sobre o movemento ilustrado en España, incluíndo as súas principais ideas, os seus proxectos en diversos campos e os seus protagonistas. - Analiza e expón as diferentes consecuencias que tiveron as ideas reformistas na península e nas colonias americanas. - Elabora biografías sobre personaxes como Filipe V, Fernando VI, o marqués de la Ensenada, Carlos III, Pablo de Olavide, o marqués de Esquilache, Campomanes, Jovellanos, ou o padre Feijoo. - Realiza comentarios de textos, imaxes e outras fontes de información, aplicando as pautas suxeridas no libro.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.

- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre a interpretación dun eixe cronolóxico (o século XVIII), a confección de mapas conceptuais sobre un período histórico (estruturas do Antigo Réxime), a análise de series estatísticas de tipo económico (referidas, neste caso, aos prezos do trigo en Castela entre 1754 e 1767) e a análise e comentario de documentos iconográficos (o retrato pictórico).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- O século XVIII español na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 6: a crise do Antigo Réxime (1788 – 1833)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O estudo da crise do Antigo Réxime e do primeiro intento histórico de realización da revolución liberal-burguesa en España ten un interese educativo de grande alcance. A formación dos cidadáns e cidadás de hoxe debería integrar explicacións sobre as dificultades e conflitos que se dan nos inicios da España contemporánea, co choque da racionalidade política do liberalismo fronte á sociedade do Antigo Réxime.

A historiografía explícanos como na conxuntura histórica que abrangue desde 1789 ata a morte de Fernando VII, en 1833, se xeraban algunhas constantes da historia contemporánea de España: a dialéctica tradición-revolución, a do clericalismo-anticlericalismo e a do reformismo económico e político fronte ao conservadorismo reaccionario. Esa dicotomía resulta patente en feitos como a guerra da Independencia, entendida como guerra patriótica e como confrontación civil interna; e tamén na persecución, exterminio e exilio dos liberais, expresións da intolerancia reaccionaria, a cerrazón histórica das clases dominantes e a súa oposición ás fórmulas laicas e de progreso. O seu estudo pode axudar aos estudantes a comprender a “diferenza” hispana e o comezo dun proceso de longa duración de illamento e rexeitamento dos valores da modernidade por parte das clases dominantes.

Basicamente, nesta unidade, os alumnos e as alumnas pódense aproximar á confrontación de dous modelos alternativos, sustentados en valores e principios antagónicos: o pensamento reaccionario e a opción liberal. Neste período acúñanse conceptos esenciais da linguaxe política ligados aos inicios do constitucionalismo. Por iso, desde o punto de vista pedagóxico, é importante proporcionarlle ao alumnado os instrumentos básicos da análise sociopolítica que necesitan como cidadáns e cidadás dunha sociedade politicamente desenvolvida. Estudarán os feitos e conceptos básicos da teoría política constitucional moderna, sen os cales sería imposible abordar o estudo da sociedade e as alternativas políticas nos séculos XIX, XX e XXI: dereita e esquerda, liberdades e formas de participación e intervención cidadás, liberdade económica, igualdade xurídica, etcétera.

2. TEMPORALIZACIÓN

De forma aproximada, pode impartirse durante a 2.^a e 3.^a semana de decembro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Interpretar a evolución política e económica no reinado de Carlos IV e o impacto da Revolución francesa na España do Antigo Réxime (1788-1808), identificando os factores internos e externos que precipitan a crise do Antigo Réxime e explicando a relación existente entre a Revolución francesa e o imperio napoleónico e os acontecementos na crise final do reinado de Carlos IV.
2. Analizar a reacción da sociedade española ante a invasión napoleónica e as consecuencias políticas e sociais derivadas do proceso bélico (1808-1814), explicando os feitos máis relevantes da guerra de 1808-1814 e analizando a obra política das Cortes de Cádiz.
3. Explicar o significado do retorno de Fernando VII a España e valorar as consecuencias nas ordes política, económica e social.
4. Analizar e valorar o proceso de emancipación da América hispana.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<p>O medo á revolución:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As noticias de Francia. - A política de illamento de Floridablanca. - Manuel Godoy: da guerra á alianza con Francia. - A crise económica e fiscal. <p>A alianza coa Francia napoleónica:</p> <ul style="list-style-type: none"> - División social e loita polo poder. - A familia real en Francia: abdicacións de Bayona. <p>A guerra da Independencia (1808-1814):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Guerra nacional e conflito internacional. - O Goberno de Xosé I. Os “afrancesados”. - As xuntas provinciais. - As fases da guerra. <p>O programa revolucionario das Cortes de Cádiz:</p>	<p>1. Describir os trazos políticos e económicos do reinado de Carlos IV, subliñando a influencia da Revolución francesa e manexando unha cronoloxía expresiva dos acontecementos máis relevantes do período.</p>	<p>1.1. Resume os cambios que experimentan as relacións entre España e Francia desde a Revolución francesa ata o comezo de a guerra de Independencia.</p>	I	CCL CD CAA CSC CCEC
		<p>1.2. Representa unha liña do tempo desde 1788 ata 1808, situando nela os principais acontecementos históricos.</p>	N	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
	<p>2. Analizar e explicar series económicas relacionadas coa crise fiscal do Estado do Antigo Réxime, poñendo en relación os datos coa evolución sociopolítica.</p>	<p>2.1. Enumera as causas da crise fiscal no reinado de Carlos IV, sinalando que feitos ocasionaron a agudización do déficit e que medidas impulsaron Cabarrús, Godoy, etcétera.</p>	I	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC
	<p>3. Explicar os acontecementos fundamentais da invasión napoleónica e o proceso bélico, recoñecendo os seus principais protagonistas.</p>	<p>3.1. Describe a guerra da Independencia: as súas causas, a composición dos bandos en conflito e o desenvolvemento dos acontecementos.</p>	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC

<ul style="list-style-type: none"> - Convocatoria e composición das Cortes. - A obra lexislativa. Os decretos de abolición do Antigo Réxime. - A Constitución de 1812. <p>A restauración do absolutismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O regreso de Fernando VII e o Sexenio Absolutista (1814-1820). - O Trienio Constitucional (1820-1823): as reformas. - A Década Ominosa (1823-1833): represión e exilio. - A cuestión sucesoria. <p>A emancipación da América hispana:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os factores do independentismo. - A burguesía crioula. - Etapas do proceso de independencia. - As consecuencias da independencia. 	<p>4. Describir e comentar as principais características e feitos do proceso político-institucional xurdido en España durante a guerra da Independencia; explicar as notas características do texto constitucional de 1812 e analizar textos e documentos teórico-doutriniais expresivos das correntes políticas presentes nas Cortes de Cádiz.</p>	4.1. Compara as Cortes de Cádiz coas Cortes estamentais do Antigo Réxime.	I	<p>CCL CD CAA CSC CCEC</p>
		4.2. Comenta as características esenciais da Constitución de 1812.	I	
		4.3. Representa nun esquema as diferenzas, en canto a sistema político e estrutura social, entre o Antigo Réxime e o réxime liberal burgués.	F	
		4.4. Comenta as características da presenza galega nas Cortes de Cádiz.	F	
	<p>5. Describir e explicar a evolución político-social nas diferentes etapas do reinado de Fernando VII.</p>	5.1. Detalla as fases do conflito entre liberais e absolutistas durante o reinado de Fernando VII.	CI	<p>CCL CD CAA CSC CSIEE</p>
		5.2. Representa unha liña do tempo desde 1808 a 1833, situando nela os principais acontecementos históricos.	N	
	<p>6. Enumerar e analizar os elementos ideolóxicos das diferentes correntes do liberalismo e as posicións do absolutismo en o reinado de Fernando VII.</p>	6.1. Explica a escisión entre os liberais no Trienio Constitucional.	F	<p>CCL CD CMCT CAA CSC</p>
		6.2. Define o carlismo e resume a súa orixe e os apoios con que contaba inicialmente.	I	
	<p>7. Comentar os factores que explican o xurdimento do proceso emancipador da América hispana.</p>	7.1. Explica as causas e o desenvolvemento do proceso de independencia das colonias americanas.	CI	<p>CCL CD CMCT CAA CSC</p>
		7.2. Especifica as repercusións económicas para España da independencia das colonias americanas.	F	

	8. Describir e explicar os principais trazos da cultura e as artes plásticas no período.	8.1. Busca información de interese (en libros ou Internet) sobre Goya e elabora unha breve exposición sobre a súa visión da guerra.	F	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
		8.2. Redacta un breve informe ou elabora un mapa conceptual sobre os principios e a lexislación, de liberais e absolutistas, sobre educación nesta etapa.	CP	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Extrae información significativa e interpreta a táboa sobre tráfico de navíos cara a América nun período determinado (1803-1807). - Analiza e extrae información relevante do mapa sobre o desenvolvemento da guerra da Independencia. - Identifica, explica e compara os diferentes procesos de exilio a partir dos datos estatísticos subministrados nun documento. - Comprende e explica os efectos económicos da restauración absolutista de Fernando VII e, en concreto, a diminución de ingresos da Facenda real. - Analiza o proceso de perda para España do mercado americano a través dunha serie estatística sobre o valor do comercio exterior español entre 1792 e 1827.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e 	<ul style="list-style-type: none"> - Define e utiliza correctamente termos relacionados coa unidade, como soberanía, sufraxio, milicia nacional, confesionalidade, despotismo ilustrado, desamortización, liberalismo, afrancesado e, en xeral, toda a terminoloxía básica do constitucionalismo. - Explica as relacións entre a Francia napoleónica e a España de Carlos IV, e as causas da guerra da Independencia. - Analiza os documentos históricos e historiográficos propostos na unidade, deducindo ideas principais e secundarias. - Explica os aspectos esenciais do labor constitucional realizado polas Cortes de Cádiz.

	<p>audiovisual, para despois expresala de forma oral.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica as características da representación galega nas Cortes de Cádiz. - Realiza comentarios de textos, imaxes e outras fontes de información, aplicando as pautas suxeridas no libro. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar os exercicios de autoavaliación.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Busca e selecciona vídeos en Internet sobre o tema. - Utiliza as TIC para presentar o comentario da Constitución de 1812 proposto nas actividades de avaliación. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade. - Utiliza recursos de Internet para enumerar, describir e ampliar os principais trazos do período.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describe e analiza obras significativas de Goya no contexto da guerra e a Restauración absolutista. - Explica as ideas e principios dos liberais acerca da educación e que medidas puxeron en vigor a este respecto. - Investiga se tamén se pode falar dunha literatura “afrancesada” nesta época, tomando como referencia a figura de Leandro Fernández de Moratín. - Expón unha valoración do significado cultural, técnico e científico para España da Restauración absolutista.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica e valora o significado do recoñecemento xurídico das liberdades políticas en textos constitucionais. - Explica os valores dos representantes galegos nas Cortes de Cádiz. - Analiza e axuíza a xustificación moral dos procesos de emancipación das sociedades coloniais. - Describe o cadro de valores que defenden os

	<p>realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos desde a defensa dos valores democráticos. 	<p>liberais en contraposición á ideoloxía absolutista.</p>
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Investiga sobre o proceso independentista das colonias americanas: elixe un país e realiza un informe minucioso sobre o camiño seguido ata alcanzar a independencia. - Mostra iniciativa localizando recursos de todo tipo que sexan relevantes para a mellor comprensión dos contidos da unidade. - Resolve as actividades formuladas no libro con afán de reforzar os seus coñecementos. - Propón actividades de difusión cultural relacionadas con vestixios monumentais e artísticos do período 1788-1833.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora un eixe cronolóxico sobre o período 1793-1833. - Elabora un informe sobre as principais innovacións introducidas durante o goberno de Xosé Bonaparte. - Elabora un mapa conceptual que permita ver as diferenzas políticas existentes entre liberais e absolutistas (ou “servís”) durante as Cortes de Cádiz. - Elabora fichas biográficas de personaxes como Carlos IV, Godoy, Xosé I, Fernando VII, Riego, Torrijos, Xosé María Blanco White, Simón Bolívar, etcétera.

	<p>pensamento crítico.</p> <p>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</p>	
--	---	--

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario de mapas (cun exemplo referido á invasión dos Cen Mil Fillos de San Luís), comentario de textos constitucionais (Constitución de 1812), análise e comentario de series estatísticas económicas (sobre o valor do comercio español no período 1892-1827) e comentario de series estatísticas de contido fiscal (ingresos do Estado español en diferentes anos durante a época estudada na unidade).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A crise do Antigo Réxime español na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 7: a construción da España liberal (1833 – 1874)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade ten como principal valor educativo a posibilidade de proporcionar ao alumnado o acceso ás claves explicativas do proceso de organización do Estado moderno liberal burgués e as primeiras fórmulas viables de racionalidade política e administrativa da nova orde.

O valor pedagóxico e didáctico esencial radica na vinculación intelectual que se xera entre as transformacións económicas e os procesos políticos, sociais e culturais asociados. Por outra parte, o estudo da lentitude e precariedade nos cambios que teñen lugar na revolución liberal burguesa en España darán a clave do atraso e as peculiaridades da nosa historia contemporánea, caracterizada polo illamento das correntes de progreso e emancipación cultural e social que se desenvolvían en Occidente.

Outro aspecto importante é a comprensión dos procesos contemporáneos á luz da “entrada das masas na Historia”, o que implica a participación política de novos sectores sociais. O alumnado deberá asumir que a explicación histórica xa non pode basearse no usual repertorio de “grandes xestas” nin no anecdotario de biografías principescas. A análise social deberá utilizar criterios de multicausalidade na aclaración de procesos e recorrer á “empatía” para a explicación de decisións persoais.

Nesta unidade constatarase a débil e conflitiva solución que a revolución liberal burguesa española ofreceu aos problemas de articulación do Estado moderno. Descubriranse, así, as raíces históricas de problemas

contemporáneos: nacionalismos periféricos, profundos desequilibrios sociais, estrutura da propiedade da terra, configuración dunha sociedade apoucada e contraria ao progreso intelectual e científico.

Xunto á evidencia da miseria moral da burguesía aristocratizante española, a existencia do autoritarismo e militarismo, como elementos definitorios do comportamento da oligarquía española, botará luz sobre as grandes dificultades para a construción dunha sociedade democrática en España.

Ademais, inclúense documentos sobre a situación de Galicia neste período referidos ás consecuencias da desamortización no noso territorio, o estado da economía galega no século XIX e o desenvolvemento do federalismo na nosa comunidade.

2. TEMPORALIZACIÓN

De forma aproximada, durante a 2ª, 3ª e 4ª semana de xaneiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar os fundamentos do novo equilibrio de poder durante a minoría de idade de Isabel II, e apreciar as consecuencias políticas e sociais da primeira guerra carlista.
2. Interpretar a evolución política e social durante o período isabelino e o Sexenio Democrático, distinguindo e explicando a especificidade do proceso da revolución burguesa española.
3. Analizar e explicar as transformacións económicas e culturais durante o período da construción da España liberal, describindo e explicando con criterios de multicausalidade os principais feitos de natureza política, social e cultural.
4. Identificar e explicar as notas distintivas das diferentes opcións políticas presentes en España neste período.
5. Coñecer e explicar a configuración e características do federalismo galego.
6. Analizar a situación socioeconómica de Galicia no século XIX.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
A revolución liberal-burguesa. A guerra civil (1833-1840). - Apoios sociais e formulacións de ambos os dous bandos. - A evolución da guerra carlista. - O fin da guerra e o acordo de Vergara.	1. Describir os acontecementos políticos e militares da primeira guerra carlista (1833-1839), xunto cos seus principais protagonistas e a problemática social subxacente.	1.1. Identifica o ámbito xeográfico do carlismo e explica o seu ideario e apoios sociais.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		1.2. Especifica as causas e consecuencias das dúas primeiras guerras carlistas.	I	
		1.3. Representa unha liña do tempo desde 1833 ata 1874, situando nela os principais acontecementos históricos.	N	

<p>Evolución política (1833-1843):</p> <ul style="list-style-type: none"> - As correntes do liberalismo: moderados e progresistas. - O Estatuto Real. - O reformismo liberal. A Constitución de 1837. - A rexencia de Espartero. <p>A Década Moderada (1844-1854):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contrarreformas moderadas e Constitución de 1845. - O clericalismo moderado: o concordato de 1851. - A organización da Administración. <p>O Bienio Progresista (1854-1856):</p> <ul style="list-style-type: none"> - As reformas progresistas do Bienio. - Novas correntes políticas. <p>A Unión Liberal e o retorno ao moderantismo (1856-1868).</p> <ul style="list-style-type: none"> - A crise de 1866 e o esgotamento do réxime isabelino. <p>Economía e sociedade na España isabelina:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os principios económico-sociais do liberalismo. - A desamortización. - A liberdade económica. - Os comezos da industrialización. - A nova estrutura social. <p>O Sexenio Democrático (1868-1874):</p> <ul style="list-style-type: none"> - A revolución de 1868. - A Constitución democrática de 1869. 	<p>2. Distinguir os modelos sociopolíticos defendidos por moderados e progresistas, e analizar e comentar con soltura textos constitucionais do período, aplicando con corrección os conceptos básicos do pensamento liberal e manexando un esquema conceptual que exprese as similitudes e disparidades entre o progresismo e o moderantismo.</p>	<p>2.1. Describe as características dos partidos políticos que xurdiron durante o reinado de Isabel II.</p>	<p>CI</p>	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>
		<p>2.2. Resume as etapas da evolución política do reinado de Isabel II, desde a súa minoría de idade, e explica o papel dos militares.</p>	<p>CI</p>	
	<p>3. Describir os acontecementos políticos máis relevantes da etapa 1844-1874, identificando as propostas doutriniais de diferentes correntes políticas emerxentes —republicanos, demócratas, movemento obreiro—, a través da análise e o comentario de textos alusivos.</p>	<p>3.1. Compara o Estatuto Real de 1834 e as Constitucións de 1837 e 1845, describindo o contexto de elaboración e promulgación das tres leis.</p>	<p>N</p>	<p>CCL CD CAA CSC CSIEE CCL</p>
		<p>3.2. Sinala os principais feitos e cambios políticos, sociais e económicos que se deron no Bienio Progresista e baixo os gobernos da Unión Liberal.</p>	<p>F</p>	
		<p>3.3. Describe as características esenciais da Constitución democrática de 1869.</p>	<p>CF</p>	
		<p>3.4. Explica as etapas políticas do Sexenio Democrático.</p>	<p>F</p>	
		<p>3.5. Describe a configuración e características do federalismo galego.</p>	<p>CF</p>	
	<p>4. Sinalar as consecuencias máis relevantes dos cambios sociais no período 1844-1874.</p>	<p>4.1. Describe as orixes do movemento obreiro e campesiño na España isabelina, e relaciona a evolución do movemento obreiro español durante o Sexenio Democrático coa do movemento obreiro internacional.</p>	<p>I</p>	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>

<ul style="list-style-type: none"> - A busca dun rei demócrata (1869-1870). - Novos conflitos. - A monarquía de Amadeo de Savoia (1870-1873). - A Primeira República (1873). - A política económica do Sexenio. <p>A cultura na España liberal:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cultura e educación na crise do Antigo Réxime (1789-1833). - A cultura romántica da España isabelina. - A proxección cultural de España no Romanticismo. - A desamortización e o patrimonio cultural español. 		4.2. Identifica os grandes conflitos do Sexenio e explica as súas consecuencias políticas.	F	
	<p>5. Analizar e explicar a problemática e as consecuencias dos cambios económicos, especialmente as transformacións agrarias e industriais na España isabelina, manexando cartografía que mostra con precisión a localización dos primeiros focos industriais.</p>	5.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX.	N	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>
		5.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España na primeira metade do século XIX.	N	
		5.3. Explica as medidas de liberalización do mercado da terra levadas a cabo durante o reinado de Isabel II.	CF	
		5.4. Compara as desamortizacións de Mendizábal e Madoz, especifica os obxectivos dunha e doutra e explica os seus efectos económicos.	F	
		5.5. Explica as características do proceso desamortizador en Galicia.	F	
		5.6. Compara a situación económica de España en xeral cos trazos que definen a economía galega neste período.	N	
		5.7. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minaría ao longo do período.	CF	
		5.8. Relaciona as dificultades do transporte e o comercio interior cos condicionamentos xeográficos.	N	
		5.9. Explica os obxectivos da rede ferroviaria e as consecuencias da Lei xeral de ferrocarrís de 1855.	N	

		5.10. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.	CP	
		5.11. Explica a reforma Mon-Santillán da Facenda pública e os seus efectos.	CP	
	6. Realizar un comentario sobre a heteroxénea composición social de España nesta etapa, especificando a oligarquía burguesa e nobiliaria, a pequena burguesía e as clases populares, e destacando as consecuencias que se derivan.	6.1. Especifica as características da nova sociedade de clases e compáraa coa sociedade estamental do Antigo Réxime.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		6.2. Analiza a situación específica de grupos e institucións como o clero e a alta oficialidade militar.	N	
	7. Coñecer e valorar os cambios educativos e culturais acontecidos en España durante o período isabelino.	7.1. Describe as principais manifestacións das artes plásticas na España isabelina.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
		7.2. Explica os precedentes e o contido da Lei de educación de Claudio Moyano.	P	
		7.3. Sinala os efectos das desamortizacións no patrimonio artístico e monumental español.	CF	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza o mapa da división provincial de Xabier de Burgos. - Examina e compara os datos estatísticos e os mapas referidos aos procesos de desamortización, pon de relevo as variacións e valora a súa incidencia en relación coa agricultura española. - Describe as características do proceso de industrialización español co apoio dos mapas referidos ás principais instalacións siderúrxicas e á rede ferroviaria no século XIX. - Explica os cambios tecnolóxicos e a súa implantación en enerxía, siderurxia e industria téxtil, poñéndoos en relación coa produtividade dos novos sistemas industriais. - Resume as causas que explican o desenvolvemento do ferrocarril en España na segunda metade do século XIX, analizando a cartografía. - Describe as consecuencias da desamortización en Galicia e explica as características da economía galega no século XIX.
<p><i>Competencia en comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende, define e utiliza correctamente termos relacionados cos contidos da unidade, como liberalismo, absolutismo, carlismo, pronunciamento, revolución liberal-burguesa, federalismo, federalismo galego, desamortización, industrialización, sufraxio censitario... - Analiza e extrae ideas principais de textos relacionados con diferentes aspectos do tema: as guerras carlistas, os textos constitucionais, manifestos e programas, etcétera. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar as actividades de avaliación.

<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Participa na confección dunha <i>webquest</i> sobre as reformas levadas a cabo na Década Moderada. - Selecciona información de Internet sobre as características da cultura romántica na España isabelina. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade.
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca información sobre a figura de Mariano José de Larra e valora a súa importancia na literatura e no xornalismo. - Utiliza as obras literarias e as películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período. - Elabora un cadro conceptual que presenta e axuíza o sistema educativo posto en marcha polos moderados na España isabelina.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores 	<ul style="list-style-type: none"> - Constrúe un cadro conceptual explicativo das diferentes teorías e principios das tendencias do liberalismo: moderados, progresistas e demócratas. - Describe e valora os postulados básicos das teorías do movemento obreiro e o primeiro socialismo. - Mostra interese por coñecer e comparar os principios de diferentes teorías sociais na súa dimensión moral e emancipadora. - Participa en debates na clase sobre contidos da unidade, respectando as opinións e criterios do resto dos seus compañeiros e compañeiras. - Diferenza as características propias da situación de Galicia neste período.

	democráticos.	
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa empregando os recursos propostos tanto no libro como no espazo web. - Resolve as actividades incluídas ao longo da unidade, ao final e na web, co afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase proponendo puntos de vista alternativos. - Elabora hipóteses sobre alternativas á reforma agraria liberal a partir do texto de Flórez Estrada.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza con rigor o documento do concordato co Vaticano de 1851 e explica o seu significado na relación Igrexa-Estado. - Describe as diferenzas entre as Constitucións de 1837 e 1845. - É capaz de elaborar mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Realiza un eixe cronolóxico cos conceptos máis importantes do período 1833-1874. - Elabora biografías/fichas sobre personaxes como Isabel II, Espartero, Martínez de la Rosa, Leopoldo O'Donnell, o xeneral Prim, Mendizábal, Amadeo de Savoia, Pi i Margall.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.

- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario dunha estatística social (referida aos datos do censo de 1860), análise e comentario de texto de contido doutrinal (referido ao federalismo), análise e comentario de mapas de contido socioeconómico (a partir da cartografía incluída na unidade), análise e comentario dun mapa conceptual (referido á revolución burguesa 1833-1874), análise e comentario de textos: fontes primarias (en relación cun texto sobre a desamortización).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A revolución liberal-burguesa española na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 8: a Restauración moderada (1875 – 1902)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O estudo da restauración canovista debería levar o alumnado ao coñecemento dunha etapa histórica na que queda consolidado en España un modelo conservador de sociedade capitalista, con múltiples residuos do pasado señorial e serias dificultades estruturais para o progreso en todas as ordes da vida social.

Esta “consolidación conservadora” vincula diferentes formas de atraso: cultural, científico, social e económico, conformando unha estrutura social que contrasta coas tendencias da modernización europea. A diferenza española, pois, móstrase ao alumnado articulada nun conxunto de problemas que marcarán o devir histórico do século XX: son os vellos problemas estruturais que sinala Sarrailh, detectados e analizados polos ilustrados do século XVIII, retomados polos rexeneracionistas e, máis tarde, polos españois da Segunda República.

Sería interesante que os estudantes percibisen e asumisen, como cidadáns, como o pensamento crítico preconiza os valores da modernidade fronte ao discurso reaccionario dos principios conservadores do canovismo. Esta hexemonía conservadora leva consigo o mantemento de institucións caducas na perspectiva democrática, como a mesma monarquía, e o falseamento e a adulteración sistemáticos do sufraxio popular.

Así pois, os grandes principios históricos que subxacen a un coñecemento adecuado deste tema serían, por un lado, a incapacidade das clases burguesas españolas para asumir un modelo democrático e, por outro, a eficacia dese sistema para garantir os intereses desas clases dominantes. Todo iso posibilitará a comprensión do atraso español no contexto europeo e servirá de base para a explicación dos grandes dramas sociais do século XX e a permanencia actual dalgúns deses problemas estruturais.

2. TEMPORALIZACIÓN

De forma aproximada, a unidade pode impartirse durante a 1ª e 2ª semana de febreiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir as condicións políticas e sociais en que xorde o réxime da Restauración.
2. Sinalar os fundamentos do sistema político-institucional canovista e describir e analizar a súa evolución no

último terzo do século.

3. Indicar os factores e as circunstancias nas que xorden os movementos de oposición (nacionalismos periféricos, movementos obreiros e forzas antisistema), e as súas consecuencias no réxime político.
4. Analizar as condicións e apreciar os desequilibrios da economía española nas tres últimas décadas do século.
5. Describir a situación do imperio colonial español nos seus aspectos económicos e sociais. Explicar os procesos de emancipación, valorando as consecuencias do “desastre do 98”.
6. Analizar as condicións nas que se desenvolveron a cultura e o pensamento no período da Restauración, e a súa relación coas reformas políticas e sociais.
7. Coñecer a evolución do nacionalismo galego nas súas diferentes tendencias políticas (provincialismo e rexionalismo) e a importancia da literatura galega do *Rexurdimento* na súa configuración.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<p>As bases do réxime restaurado:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O retorno da dinastía borbónica. - As bases sociais do réxime canovista. - Primeiras medidas de Cánovas. - O proceso constituínte. - A Constitución de 1876. - O sistema político canovista: <i>turnismo</i> e bipartidismo. - Centralismo e control ideolóxico. - A corrupción electoral. - O caciquismo. - A evolución do réxime. <p>A oposición ao sistema:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os republicanos. - O movemento obreiro. <p>Os nacionalismos:</p>	<p>1. Describir a situación do poder político en España tras a disolución das Cortes republicanas, sinalando os principais acontecementos políticos ata 1876.</p>	<p>1.1. Explica as medidas adoptadas na “segunda rexencia” de Serrano e as impulsadas por Cánovas en 1875.</p>	CF	CCL CMCT CD CAA CSC
		<p>1.2. Analiza o contido do Manifesto de Sandhurst e os principios da monarquía restaurada.</p>	F	
	<p>2. Explicar o papel de Cánovas e o seu pensamento político na Restauración borbónica, así como os trazos específicos da Constitución de 1876.</p>	<p>2.1. Explica os elementos fundamentais do sistema político ideado por Cánovas.</p>	F	CCL CD CAA CSC
		<p>2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1876.</p>	CF	
	<p>3. Describir o funcionamento do sistema da “quenda” de partidos, sinalando os factores que fan posible a práctica do caciquismo.</p>	<p>3.1. Describe o funcionamento real do sistema político da Restauración.</p>	F	CCL CD CAA CSC CCL

<ul style="list-style-type: none"> - O centralismo do liberalismo español. - Bases dos nacionalismos periféricos. - O catalanismo. - O nacionalismo vasco. - Outras manifestacións nacionalistas e rexionalistas. <p>Sociedade e economía na España da Restauración:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As áreas económicas. - Proteccionismo e librecambio. - A agricultura. - A minaría. - A industria biscaña. - A industria en Cataluña. - Balance da industrialización. - O desenvolvemento financeiro. - O crecemento urbano. <p>O desastre do 98:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O imperio colonial ultramarino español. - Os factores da insurrección. - A resposta independentista. - Guerra e derrota. - O tratado de paz. - Consecuencias do desastre. A crise do 98. <p>A cultura española na Restauración:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A educación: a Institución Libre de Ensino. - A produción cultural. - Os intelectuais rexeneracionistas. 	<p>4. Enumerar os períodos de alternancia no poder entre conservadores e liberais, e as medidas adoptadas por cada partido.</p>	<p>4.1. Representa unha liña do tempo desde 1874 ata 1902, sinalando os períodos da “quenda” e situando nela os principais acontecementos históricos.</p>	N	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC CSIEE</p>	
		<p>4.2. Explica o sistema electoral vixente en 1876 e o cambio no sufraxio a partir de 1890.</p>	CF		
		<p>4.3. Describe a composición do Parlamento e a alternancia de Gobernos, especificando as forzas políticas presentes ao longo da etapa.</p>	CF		
		<p>5. Sinalar os principais referentes político-ideolóxicos dos movementos e forzas de oposición ao sistema: socialismo e anarquismo, propostas nacionalistas e o republicanismo español e as súas tendencias.</p>	<p>5.1. Analiza as diferentes correntes ideolóxicas do movemento obreiro e campesiño español, así como a súa evolución durante o último cuarto do século XIX.</p>	CI	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>
		<p>5.2. Explica a situación e as tendencias no republicanismo español ata final de século.</p>	F		
		<p>5.3. Resume a orixe e a evolución do catalanismo, do nacionalismo vasco e do nacionalismo galego (provincialismo e rexionalismo).</p>	CF		
		<p>5.4. Compara o papel político dos militares no reinado de Alfonso XII co das etapas precedentes do século XIX.</p>	N		
		<p>5.5. Describe o final e as repercusións da terceira guerra carlista, e a evolución do carlismo na Restauración.</p>	CF		
		<p>6. Analizar as circunstancias propias dos diferentes sectores produtivos do país.</p>	<p>6.1. Identifica os factores do lento crecemento demográfico español no século XIX.</p>	N	<p>CCL CMCT CD CAA</p>

	6.2. Compara a evolución demográfica de Cataluña coa do resto de España no século XIX.	N	CSC CSIEE
	6.3. Especifica as causas dos baixos rendementos da agricultura española do século XIX.	CF	
	6.4. Describe a evolución da industria téxtil catalá, a siderurxia e a minería ao longo do século XIX.	CF	
7. Identificar os principais desequilibrios na economía española da época, incluíndo os problemas financeiros do Estado español e as principais reformas introducidas no último terzo do século.	7.1. Compara os apoios, argumentos e actuacións de proteccionistas e librecambistas ao longo do século XIX.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
	7.2. Explica o proceso que conduciu á unidade monetaria e á banca moderna.	CP	
	7.3. Compara a Revolución Industrial española coa dos países máis avanzados de Europa.	F	
	7.4. Especifica como os investimentos en España, de Francia e Inglaterra, afectaron ao modelo de desenvolvemento económico español durante o século XIX.	CF	
8. Enumerar as posesións coloniais de España na segunda metade do século e describir os trazos económicos e sociais máis destacados de cada territorio colonial.	8.1. Explica a política española respecto ao problema de Cuba.	CF	CCL CD CAA CSC CSIEE
9. Sinalar os fitos e personaxes fundamentais no proceso independentista americano, explicar a actitude de España ante as reivindicacións	9.1. Sinala os principais feitos do desastre colonial de 1898 e as consecuencias territoriais do Tratado de París.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE

	autonomistas das colonias e describir o impacto da derrota militar e a perda das colonias nos ámbitos económico, político e sociolóxico.			
	10. Sintetizar os fundamentos filosóficos do krausismo e analizar as principais críticas dos rexeneracionistas, relacionándoas coa situación de España na fin de século.	10.1. Especifica as consecuencias para España da crise do 98 nos ámbitos económico, político e ideolóxico.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		10.2. Describe e analiza o pensamento social dos principais intelectuais rexeneracionistas: Costa, Mallada, Picavea, etcétera.	P	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances en ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Examina e compara os datos estatísticos e os mapas referidos ao bipartidismo e a alternancia no poder durante a época da Restauración. - Comprende as características da economía da época e os seus condicionamentos ante o dilema do proteccionismo ou o librecombio. - Explica as causas do desenvolvemento industrial no País Vasco e Cataluña. - Sabe resumir o proceso de creación do sistema bancario español ao longo do século XIX.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende, define e utiliza correctamente termos relacionados cos contidos da unidade, como queda de partidos, caciquismo, movemento obreiro, socialismo, anarquismo, nacionalismo vasco, catalanismo, evolución do nacionalismo galego, proteccionismo e librecombio, desastre do 98, rexeneracionismo... - Analiza e extrae ideas principais de documentos e textos relacionados con diferentes temas da unidade.

	<ul style="list-style-type: none"> - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende e sabe explicar as bases ideolóxicas do réxime da Restauración. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar as actividades de avaliación.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Busca e selecciona vídeos en Internet sobre Pablo Iglesias e a fundación do PSOE. - Selecciona información de Internet sobre as actividades da Institución Libre de Ensino.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca información sobre a figura do novelista Leopoldo Alas “Clarín” e valora a súa importancia literaria. - Interpreta debuxos satíricos, fotografías e obras de arte, contextualizando as súas características no seu tempo histórico-artístico. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período. - Explica a influencia da cultura do Rexurdimento en Galicia para o desenvolvemento e evolución do galeguismo.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes 	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñece a diversidade constitutiva do Estado español no século XIX e comprende as causas que orixinan as tendencias particularistas e nacionalistas. - Identifica os elementos integrantes do pensamento democrático e a súa xustificación moral. - Valora o esforzo do movemento obreiro para mellorar a situación dos sectores máis vulnerables da sociedade. - Desenvolve empatía cara ao traballo do historiador a partir da análise de fontes primarias. - Expresa a súa opinión en clase respectando a do

	<p>cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<p>resto dos seus compañeiros e compañeiras.</p>
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa empregando os recursos propostos tanto no libro como no espazo web. - Resolve as actividades incluídas ao longo da unidade, ao final e na web, con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa en clase proponendo puntos de vista alternativos.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza con rigor os documentos e as informacións referidos á independencia de Cuba, e realiza unha presentación en PowerPoint ou similar coas liñas principais do proceso. - Elabora mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Realiza un eixe cronolóxico cos feitos máis importantes do período 1875-1902. - Elabora biografías/fichas sobre personaxes como Alfonso XII, Cánovas, Sagasta, Castelar, Teresa Claramunt, Verdaguer, Prat de la Riba, Sabino Arana, Alfredo Brañas, Blas Infante, Joaquín Costa...

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario de textos históricos (referido, neste caso, ao debate sobre a industrialización española no século XIX), xeografía do movemento obreiro español no século XIX, análise e comentario de ilustracións satíricas (sobre a corrupción nos diferentes estamentos da sociedade da Restauración) e análise de materiais sobre un problema complexo (as actitudes ante a guerra de Cuba).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A Restauración na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 9: *o reinado de Afonso XIII (1902 – 1931)*

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Co estudo dos contidos desta unidade, o alumnado pode adquirir unha conciencia fundamentada das dificultades e resistencias sociais que atoparon no tránsito ao século XX os proxectos modernizadores do rexeneracionismo tras a crise do 98. En efecto, España presenta, a comezos do século XX, un cadro de desaxustes sociais, elementos de atraso social e económico, que son abordados polos sectores máis esclarecidos da clase política e polos movementos sociais situados extras muros do sistema.

O alumnado poderá relacionar a incongruencia do sistema político coas demandas sociais e a incapacidade estrutural de resolvelos sen cambios profundos. Por outra parte, o estudo da etapa 1914-1919 permitirá establecer un modelo explicativo da relación entre o contexto internacional e a evolución socioeconómica interna, así como dos procesos políticos que xorden ao abordar a crise de 1917. Esa relación entre a conxuntura económica, determinada en gran parte pola evolución da Gran Guerra, e a crise social conseguinte proporcionaralle ao alumnado, por segunda vez no desenvolvemento do curso —a primeira ocasión presentouse ao estudar a crise de 1866—, un cadro complexo de circunstancias que vinculan o económico, o social, o político e o contexto exterior.

A análise dalgunhas dimensións do colonialismo —os factores que subxacen, os comportamentos sociais e os conflitos que xera— é abordada nesta unidade de xeito sistemático. O alumnado poderá construír unha teoría sumaria sobre este fenómeno contemporáneo e a súa especial significación na historia política, e sobre todo militar, da España contemporánea.

Finalmente, poderase abordar a elaboración dun esquema explicativo sobre a dinámica do sindicalismo e a saída autoritaria e ditatorial ás crises sociais, no estudo dos últimos anos do “turnismo” e a análise da ditadura de Primo de Rivera.

2. TEMPORALIZACIÓN

Aproximadamente, podería impartirse durante a 3ª e 4ª semana de febreiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar a estrutura demográfica, social e política de España a principios do século XX.
2. Sinalar as causas e manifestacións da crise de 1917, asociando a evolución da conxuntura económica e a conflictividade social nesta etapa histórica.
3. Analizar os principais problemas políticos, sociais e económicos que levaron á liquidación do réxime da Restauración, aplicando a terminoloxía adecuada.
4. Indicar os factores que provocan a inestabilidade política e parlamentaria nos anos finais do período, analizar o carácter da ditadura de Primo de Rivera e describir a súa evolución.
5. Describir os cambios económicos e sociais na ditadura, recoñecendo os factores, movementos e personaxes na oposición política e social a esta.
6. Coñecer e analizar a evolución do galeguismo e a súa división en dúas tendencias: a republicano-progresista e a neotradicionalista católica.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
A estrutura social española en 1900. A evolución do réxime: - Os grandes problemas políticos. - O relevo xeracional. - O auxe do catalanismo e a Lei de Xurisdicións - A Semana Tráxica. - Canalejas. - A fin do rexeneracionismo (193-1917)	1. Sinalar os principais problemas derivados do ciclo demográfico e as súas relacións cos cambios económicos e sociais, interpretando e analizando documentación e gráficos sobre a evolución de aspectos da conxuntura económica, e relacionando a información coa evolución sociopolítica.	1.1. Representa unha liña do tempo desde 1902 ata 1931, situando nela os principais acontecementos históricos.	N	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		1.2. Explica os factores da evolución demográfica de España no primeiro terzo do século XX.	N	
España e a Primeira Guerra Mundial: - A polémica sobre a neutralidade. - Consecuencias sociais e	2. Explicar os problemas funcionais do sistema de partidos (“quenda”), subliñando a actitude de Alfonso XIII ante a acción política, e	2.1. Define en que consistiu o “revisiónismo político” inicial do reinado de Alfonso XIII, e as principais medidas adoptadas.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE

<p>económicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - A crise de 1917. <p>A agonía do réxime da Restauración (1918-1923):</p> <ul style="list-style-type: none"> - A inestabilidade e os gobernos de concentración. - A conflitividade social e o movemento obreiro. - A cuestión de Marrocos. <p>A ditadura de Primo de Rivera (1923-1930):</p> <ul style="list-style-type: none"> - O intervencionismo militar en 1923. - Os factores do golpe de Estado. - Os apoios sociais. - O Directorio Militar. - As institucións da ditadura. - Solución á cuestión de Marrocos. - O Directorio Civil. - A oposición e a caída da ditadura. <p>O Pacto de San Sebastián e o fin da monarquía.</p>	<p>sinalar os principais problemas políticos e conflitos que debía afrontar o réxime da Restauración a principios do século XX, analizando un esquema ou mapa conceptual expresivo dos factores de desintegración e das contradicións internas do réxime da Restauración.</p>	<p>2.2. Elabora un esquema cos factores internos e externos da quebra do sistema político da Restauración.</p>	F	
	<p>3. Explicar os principais acontecementos políticos ata a ditadura de Primo de Rivera, sinalando as repercusións que tiveron na sociedade, e analizar o auxe do movemento obreiro e as causas da conflitividade social no contexto da crise española de posguerra.</p>	<p>3.1. Especifica a evolución das forzas políticas de oposición ao sistema: republicanos e nacionalistas.</p>	F	<p>CCL CD CAA CSC CSIEE</p>
		<p>3.2. Explica as repercusións da Primeira Guerra Mundial e da Revolución rusa en España.</p>	N	
		<p>3.3. Analiza os efectos da Primeira Guerra Mundial sobre a economía española.</p>	N	
	<p>4. Describir a crise de gobernabilidade a partir de 1918, relacionándoa co esgotamento da fórmula política da “quenda”, e sintetizar os fitos máis relevantes da intervención colonial de España en Marrocos ao longo do primeiro terzo do século, explicando as circunstancias do desastre de Annual e as súas consecuencias.</p>	<p>4.1. Analiza a crise xeral de 1917: as súas causas, manifestacións e consecuencias.</p>	N	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>
		<p>4.2. Analiza as causas, principais feitos e consecuencias da intervención de España en Marrocos entre 1904 e 1927.</p>	CF	
	<p>5. Sinalar os factores políticos, sociais e económicos que concorren na xestación do golpe de Estado de Primo de Rivera, resaltando os apoios sociais que fixeron viable a súa consolidación.</p>	<p>5.1. Especifica as causas do golpe de Estado de Primo de Rivera e os apoios con que contou inicialmente.</p>	F	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>
	<p>6. Describir a evolución da ditadura, destacando as medidas políticas e económicas máis</p>	<p>6.1. Describe a evolución da ditadura de Primo de Rivera, desde o Directorio militar ao Directorio civil e</p>	F	<p>CCL CMCT CD CAA</p>

	relevantes de cada etapa, así como as forzas de oposición que existían.	o seu final.		CSC
		6.2. Analiza as forzas de oposición á ditadura.	CF	
		6.3. Explica a evolución do galeguismo e os dous sectores confrontados dentro do mesmo: republicano-progresista e neotradicionalista católico.	CF	
	7. Coñecer en que consistiu o Pacto de San Sebastián e que grupos políticos participaron nel.	7.1. Explica as causas da caída da monarquía.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC
		7.2. Describe e analiza a evolución social e política en España durante o ano 1930 e o auxe do republicanismo.	N	
	8. Describir e comprender os principais trazos socioeconómicos de España durante a ditadura primorriverista.	8.1. Describe a política económica da ditadura de Primo de Rivera.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza e comprende o ciclo demográfico da poboación española na época a partir de datos estatísticos. - Examina e extrae información dos mapas referidos á ocupación de Marrocos durante a primeira metade do século XX E sobre a campaña de Annual. - Analiza e comprende as consecuencias sociais e económicas que tivo para España a súa neutralidade durante a Primeira Guerra Mundial, a partir de series de datos económicos.

<p><i>Competencia en comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende, define e utiliza correctamente termos relacionados cos contidos da unidade, como rexeneracionismo, latifundismo, clientelismo político, anticlericalismo, folga xeral, aliadófilos e xermanófilos, política africanista, desastre de Annual, ditadura... - Comprende e define correctamente a evolución do galeguismo e a existencia de varias correntes neste período. - Analiza e extrae ideas principais de textos relacionados con diferentes aspectos e episodios da cuestión de Marrocos. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar as actividades de avaliación.
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Busca e selecciona informacións e vídeos en Internet sobre os sucesos da Semana Tráxica de xullo de 1909. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade.
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca información sobre a figura de Miguel de Unamuno e valora a súa importancia na literatura e a súa posición ante a ditadura. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período. - Describe as principais novidades nas artes plásticas ligadas ao modernismo e á <i>art nouveau</i>.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra interese por coñecer os principios de diferentes teorías sociais na súa dimensión moral e emancipadora, presentes nas correntes obreristas e reformistas na España de Alfonso XIII. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras, en debates sobre os contidos da unidade.

	<p>papel dos individuos nesta.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Sabe interpretar os conflitos sociais da época, especialmente a partir de 1914, na súa relación co maior ou menor benestar social e a desigualdade na distribución da renda. - Valora as teorías e correntes educativas que se abren paso a partir da Restauración e as súas propostas de cambio e mellora social. - Valora criticamente as causas e consecuencias da loita política violenta, especialmente no período de 1918 a 1922, e a súa capacidade de modificar as condicións de vida da clase obreira e campesiña.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa empregando os recursos propostos tanto no libro como no espazo web. - Resolve as actividades incluídas ao longo da unidade, ao final e na web, con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa en clase proponendo puntos de vista alternativos.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza con rigor as informacións e documentos sobre a Primeira Guerra Mundial e identifica os intereses políticos e económicos que influíron na división da sociedade española en aliadófilos e xermanófilos. - Elabora mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Realiza un eixe cronolóxico cos conceptos máis importantes do período 1902-1931. - Elabora biografías/fichas sobre personaxes como Alfonso XIII, Maura, Canalejas, Dato, o conde de Romanones, Cambó, Abd el-Krim, Miguel Primo de Rivera, Fermín Galán, o xeneral Berenguer...

	- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	
--	---	--

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fio do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario de prensa satírica (en concreto, sobre un número da revista *Cu-Cut*), explicación e elaboración dun esquema conceptual (referido á desintegración do sistema da Restauración), análise e comentario de mapas (sobre o seguimento da folga de 1917), análise e comentario de gráficas (referidas ao índice de beneficios das principais empresas españolas no período 1913-1921) e análise e comentario dun artigo xornalístico («O erro Berenguer», de J. Ortega y Gasset).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- O reinado de Afonso XIII na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 10: a Segunda República (1931 – 1936)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O estudo da Segunda República española é para o alumnado unha grande ocasión para vincular, nun tema de non moita extensión, catro importantes núcleos conceptuais: os grandes problemas estruturais para a modernización sociopolítica de España; un programa político que pretende dar unha solución elaborada e sistemática a eses problemas; unha mobilización social que impulsa esas solucións; e, finalmente, un conflito de clases que conclúe no fracaso histórico do gran proxecto.

Obrigados a promover o desenvolvemento da conciencia e a memoria histórica do noso alumnado na súa condición de cidadáns, nesta unidade, os profesores ou profesoras podemos establecer a relación obrigada entre aqueles problemas e o tempo presente, tras a paréntese e a fractura que introduciu o franquismo.

Do estudo deste tema pódense derivar certos principios de coñecemento e moral cívica:

- Valoración da democracia como espazo de consenso social e participación política cidadá.
- Denuncia do autoritarismo, opción á que acudiu a dereita reaccionaria, como vía falsa de solución de problemas históricos.
- Dada a conxuntura internacional dos anos trinta, percepción da influencia do contexto exterior (a Gran Depresión e o enfrontamento fascismo-democracia) nos procesos da historia nacional.

- Toma en consideración e reflexión sobre a radicalización política e a dinámica da loita de clases, entendidas como manifestacións das contradicións básicas da vida social.

Xunto a iso, o tema ofrece a oportunidade de comprobar a permanencia na nosa historia contemporánea dos problemas sociais, políticos e culturais xa detectados no século XVIII e que, de forma recorrente, volven aparecer en primeiro plano no 98, durante a Segunda República e nos nosos días.

2. TEMPORALIZACIÓN

A unidade pode impartirse, aproximadamente, durante a 1ª e 2ª semana de marzo.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir o proceso que leva á proclamación e institucionalización da república e as consecuencias que implica na orde política, económica e social, e explicar con rigor os problemas estruturais aos que se enfrenta a Segunda República e os proxectos de reforma que emprende no primeiro bienio.
2. Analizar o significado dos cambios políticos, sociais e económicos introducidos polo goberno da dereita xurdido das eleccións de 1933, e comentar e explicar a dinámica conflitiva do período ata 1936, e a evolución política e parlamentaria.
3. Explicar a fundamentación ideolóxica e política da Fronte Popular, os motivos do seu triunfo electoral e as súas consecuencias.
4. Valorar algunhas das transformacións culturais, sociolóxicas e artísticas máis relevantes propiciadas polo contexto sociopolítico da república.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
O cambio de réxime: - O goberno provisional e as súas tarefas. - A reacción eclesiástica. - As Cortes Constituíntes. - A Constitución republicana. O Bienio Reformista: - A reforma educativa.	1. Describir a secuencia de acontecementos fundamentais na proclamación da república e a reacción dos sectores significativos da sociedade española, e analizar e explicar os trazos do programa republicano en relación cos problemas sociais da España contemporánea.	1.1. Explica as causas que levaron á proclamación da Segunda República e relaciona as súas dificultades coa crise económica mundial da década de 1930.	I	CCL CD CAA CSC CCEC
		1.2. Describe a composición do goberno provisional e as súas primeiras accións de goberno.	F	

<ul style="list-style-type: none"> - A reforma militar. - A reforma agraria. - As leis laborais. - Os estatutos de autonomía. - A conxuntura económica. - A conflitividade social. - A reacción das dereitas. - A extrema dereita. <p>O fascismo español.</p> <p>O Bienio Radical cedista:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As eleccións de 1933: o xiro electoral. - A política da dereita. - A radicalización sociopolítica: outubro de 1934. - A revolución en Asturias. <p>A hora da esquerda: a Fronte Popular:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Formación e programa da Fronte Popular. - As eleccións de febreiro de 1936. - A conflitividade social. <p>A idade de prata da cultura española (1898-1936):</p> <ul style="list-style-type: none"> - A xeración do 98. - A acción social dos intelectuais. - A Institución Libre de Ensino. - Escola e cultura popular. - Avances na ciencia. - Cambios sociais e 	<p>2. Recoñecer os problemas básicos e as forzas políticas fundamentais do proceso constituínte, e explicar os aspectos máis destacados da Constitución de 1931.</p>	<p>2.1. Diferenza as forzas de apoio e oposición á república nos seus comezos, e describe as súas razóns e principais actuacións.</p>	CF	CCL CD CAA CSC	
		<p>2.2. Especifica as características esenciais da Constitución de 1931.</p>	CF		
		<p>3. Analizar as reformas abordadas polo goberno republicano do primeiro bienio en materia social e política, explicando a súa aplicación e consecuencias.</p>	<p>3.1. Resume as reformas impulsadas durante o bienio reformista da república.</p>	F	CCL CMCT CD CAA CSC
			<p>3.2. Explica os procesos de elaboración dos estatutos de autonomía de País Vasco, Cataluña e Galicia.</p>	CF	
			<p>3.3. Analiza o proxecto reforma agraria: as súas razóns, o seu desenvolvemento e os seus efectos.</p>	CF	
		<p>4. Explicar os puntos básicos da política económica, social e militar durante o Bienio Radical cedista, relacionándoa coa orixe e desenvolvemento da revolución de outubro de 1934.</p>	<p>4.1. Compara as actuacións do Bienio Radical cedista coas do bienio anterior.</p>	N	CCL CMCT CD CAA CSC
			<p>4.2. Describe as causas, o desenvolvemento e as consecuencias da revolución de Asturias de 1934.</p>	CF	
		<p>5. Describir a formación, a composición e os aspectos fundamentais do programa da Fronte Popular, sinalando as causas do seu triunfo electoral en febreiro de 1936, e explicar os</p>	<p>5.1. Analiza e extrae información dos cadros de resultados electorais, poñéndoos en relación coa dinámica sociopolítica.</p>	P	CCL CMCT CD CAA CSC

culturais. - O papel da muller na Segunda República.	factores que favoreceron a sublevación militar de xullo de 1936 contra a legalidade republicana.	5.2. Explica as causas da formación da Fronte Popular e as actuacións, tras o seu triunfo electoral, ata o comezo da guerra.	CI	
		5.3. Representa unha liña do tempo desde 1931 ata 1936, situando nela os principais acontecementos históricos.	N	
	6. Describir e explicar os principais aspectos da Idade de Prata da cultura española.	6.1. Busca información de interese (en libros e en Internet) e elabora unha breve exposición sobre a Idade de Prata da cultura española.	CP	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		6.2. Coñece e cita algúns dos principais intelectuais, artistas e creadores republicanos, sinalando a súa obra cultural e o seu compromiso público.	CF	
	7. Coñecer e valorar as principais medidas do período republicano en materia educativa e de participación sociopolítica.	7.1. Explica os principais cambios sociais e educativos producidos na Segunda República.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
	8. Comprender a relevancia do papel da muller na Segunda República.	8.1. Explica os avances no recoñecemento social e xurídico das mulleres durante a II República.	CF	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
		8.2. Valora a importancia de diferentes personalidades femininas en distintos campos da actividade política e cultural da época.	CF	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza diferentes aspectos da sociedade e da economía española da época a partir de datos estatísticos, especialmente os referidos á conxuntura económica e ao investimento en educación. - Analiza, extrae información e compara os datos dos mapas e gráficos referidos ás eleccións de 1931, 1933 e 1936. - Describe e valora os avances en diferentes campos da ciencia española durante o primeiro terzo do século XX.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende, define e utiliza correctamente termos relacionados cos contidos da unidade, como republicanismo, Cortes Constituíntes, estatutos de autonomía, extrema dereita, fascismo, anticlericalismo, reforma agraria, Fronte Popular, CEDA, etcétera. - Analiza e extrae ideas dos textos referidos aos estatutos de autonomía de Cataluña e Galicia. - Analiza e extrae ideas principais de textos relacionados con diferentes aspectos e episodios da revolución de Asturias. - Redacta sínteses sobre cada un dos problemas estruturais de España en 1931 (agrario, militar, social, educativo, etcétera), sinalando os obxectivos de cada unha das reformas emprendidas no bienio republicano-socialista. - Emprega con corrección a linguaxe escrita e oral ao realizar as actividades de avaliación.

<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para reforzar e ampliar os contidos da unidade. - Elabora as actividades utilizando programas de edición de texto. - Busca e selecciona informacións e vídeos en Internet sobre os sucesos de outubro de 1934. - Realiza presentacións sobre as lecturas e películas propostas na unidade.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca información sobre a figura de Federico García Lorca e valora a súa importancia na literatura da época. - Constrúe un mapa conceptual que inclúe ideas, campos, creadores e xeracións na produción cultural e artística da Idade de Prata da cultura española. - Utiliza as obras literarias e películas propostas na unidade para consolidar e ampliar as características do período.

<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de assimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Valora o papel dos desequilibrios e das profundas desigualdades sociais e económicas como fontes de conflitividade social, citando exemplos significativos do período 1931-1936. - Valora os problemas sociais da España da Segunda República, como resultado de procesos históricos anteriores de fonda raizame nas estruturas profundas da España contemporánea. - Identifica a natureza dos programas políticos das principais correntes da II República e sinala que principios sociais defendían. - Realiza un xuízo crítico sobre o papel da violencia política e as intervencións militares e de forza na resolución dos problemas e desigualdades sociais, aludindo a feitos do período. - Valora a importancia dos procesos de autonomía na II República e das personalidades destacadas no caso galego. - Interpreta as reformas educativas e culturais da II República, sinalando os obxectivos sociais e morais que perseguían. - Expresa a súa opinión na clase respectando a do resto dos seus compañeiros e compañeiras.
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Mostra iniciativa empregando os recursos propostos tanto no libro como no espazo web. - Resolve as actividades incluídas ao longo da unidade, ao final e na web, con afán de reforzar os seus coñecementos. - Participa de forma activa na clase proponendo puntos de vista alternativos.

<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza con rigor as informacións e documentos sobre a reforma agraria e explica as razóns que a facían necesaria e as causas do seu fracaso. - Elabora mapas conceptuais específicos de cada epígrafe. - Realiza un eixe cronolóxico cos conceptos máis importantes do período 1931-1936. - Elabora biografías/fichas sobre personaxes como Alcalá-Zamora, Azaña, Francesc Macià, Lerroux, Gil-Robles, José Antonio Primo de Rivera, Dolores Ibárruri, Victoria Kent, Clara Campoamor, Ortega y Gasset, García Lorca...
-----------------------------------	---	---

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comprensión de textos que permitan establecer a súa vinculación con determinados personaxes, comentario e comparación de textos xurídicos contraditorios (referidos á reforma agraria durante a Segunda República), construción dun mapa conceptual (para establecer un balance do Bienio Reformista, 1931-1933) e análise e comentario de resultados electorais (comparando os das eleccións de 1931 e 1933).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A Segunda República na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 11: a Guerra Civil (1936 – 1939)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O desenvolvemento desta unidade debe promover no alumnado unha posición crítica e fundamentada racionalmente sobre a guerra civil española, que lle faga entendela como resultado de profundas contradicións sociais e expresión do fracaso colectivo no intento de superalas.

A Guerra Civil, por outra parte, foi obxecto dunha interpretación “ahistórica” que busca explicacións na natureza moral e no atraso cultural dos españois de entón. Un estudo rigoroso desta debería facilitar a recuperación de certa memoria histórica, explicar a profundidade do conflito e a loita de clases, e a extrema polarización da sociedade española entre os valores da modernidade democrática e a intransixencia reaccionaria.

Por outra parte, quedará patente a simpleza das fórmulas fascistas e autoritarias á hora de impoñer as súas solucións á conflictividade previa, agudizada no período 1931-1936.

Outro conflito recorrente que pasou a formar parte da conciencia sobre o noso pasado histórico é o relacionado co clericalismo e anticlericalismo, unha constante na historia contemporánea española. En efecto, a Igrexa, que masivamente apoiou a “cruzada” de exterminio dos valores democráticos, debería quedar caracterizada aquí claramente como unha das institucións transcendentais na historia española, chamada a ter unha grande influencia no futuro vitorioso do franquismo.

Ao ser unha unidade tan acoutada tematicamente no bélico, o papel da cartografía no seu desenvolvemento é importante. Por iso, pode promover no alumnado a creación dun imaxinario xeográfico-espacial sobre España, un modelo que permita caracterizar o espazo e as sociedades que o ocuparon desde o punto de vista social, económico e cultural. Todo iso ten utilidade clara para a análise da España actual.

Ademais, analízanse en dous documentos a caída e a resistencia en Galicia durante este período, e a represión que experimentou a poboación no territorio galego durante a guerra.

2. TEMPORALIZACIÓN

A unidade podería impartirse, aproximadamente, durante a 1ª e 2ª semana de abril (ou en datas próximas, en función das vacacións de Semana Santa).

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir a xénese da Guerra Civil e os acontecementos militares do conflito bélico ata o seu desenlace en 1939.
2. Distinguir a diferente evolución interna político-social dos bandos republicano e franquista durante o desenvolvemento da Guerra Civil.
3. Apreciar a distinta composición da sociedade e a cultura no ámbito de influencia de republicanos e franquistas ao longo da guerra.
4. Analizar o impacto da guerra civil española na comunidade internacional e a actitude e os apoios exteriores a ambos os dous bandos.
5. Analizar o impacto da Guerra Civil na sociedade galega en canto á resistencia e a represión da poboación.
6. Indicar os profundos cambios sociais, políticos e económicos derivados do conflito bélico.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<p>Golpe de Estado de 1936: resposta popular e Guerra Civil:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A conspiración contra o Goberno da Fronte Popular. - A sublevación e a xeografía da guerra en 1936. - Os recursos dos combatentes. - Mobilización popular e guerra de columnas. - As milicias dos sublevados. - As milicias leais ao Goberno. - A marcha cara a Madrid. - A defensa de Madrid e a estabilización da fronte. - A formación dos novos exércitos. - A represión e o exterminio do inimigo. <p>Evolución militar da guerra:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A guerra na fronte norte. - As ofensivas en Aragón (1938). 	1. Describir o proceso da conspiración e a sublevación contra o Goberno da república.	1.1. Especifica os antecedentes da Guerra Civil.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		1.2. Describe os resultados do golpe en xullo de 1936, especificando as zonas en que triunfou ou fracasou.	I	
		1.3. Explica os factores que fixeron fracasar os intentos de negociación entre o Goberno e os sublevados.	CI	
	2. Explicar a evolución da situación territorial e militar, derivada do fracaso da sublevación contra a república, durante os primeiros meses do conflito.	2.1. Traza unha liña do tempo desde 1936 ata 1939, situando nela os principais acontecementos históricos.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
		2.2. Explica a caída e resistencia de Galicia.	CF	
	3. Identificar os apoios sociais que recibe cada bando, explicando as súas motivacións.	3.1. Compara a evolución política e a situación social e económica dos dous bandos durante a guerra.	F	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
		3.2. Explica as principais medidas adoptadas polos gobernos republicanos, destacando a conflictiva convivencia das forzas políticas nas que se apoian.	CF	
	4. Describir os principais fitos da evolución social, política e institucional en ambos os dous bandos.	4.1. Sinala as etapas na evolución política en ambos os dous bandos.	CF	CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE
		4.2. Describe as principais medidas e os conflitos internos en ambos os dous bandos: crise arredor da “unificación”, nun bando e conflitos de maio do 37,	N	

<ul style="list-style-type: none"> - A caída de Cataluña e a fin da guerra. 		noutro.		
<p>Evolución política e social no bando republicano:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O Goberno de Largo Caballero. - O ascenso do Partido Comunista. - Medidas sociais e intentos revolucionarios. - O Goberno do doutor Negrín. 	<p>5. Sinalar as fases máis significativas na evolución da guerra, destacando os acontecementos bélicos determinantes e os seus protagonistas.</p>	<p>5.1. Sintetiza nun esquema as grandes fases da guerra, desde o punto de vista militar.</p>	I	<p>CCL CMCT CD CAA CSC</p>
<p>Evolución política e social no bando franquista:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O ascenso de Franco. - O protagonismo militar. - A unificación. - O novo Estado totalitario. 	<p>6. Describir a posición dos principais países europeos e de Estados Unidos ante o conflito bélico en España, explicando os apoios recibidos por ambos os dous bandos.</p>	<p>5.2. Explica as consecuencias estratéxicas das grandes operacións militares: asedio de Madrid, campaña do Norte, etcétera.</p>	I	
<p>Sociedade e cultura na Guerra Civil:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O bando franquista. - O bando republicano 		<p>5.3. Representa no espazo o dominio dun e outro bando do territorio en momentos significativos da guerra.</p>	F	
<p>Dimensión exterior da Guerra Civil:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os apoios a Franco. - Os apoios da República. 		<p>6.1. Relaciona a guerra civil española co contexto internacional.</p>	F	<p>CCL CD CAA CSC CCEC</p>
<p>Consecuencias da Guerra Civil:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consecuencias demográficas. - Consecuencias políticas e culturais. - Consecuencias económicas. 		<p>6.2. Explica a importancia da axuda alemá e italiana a Franco.</p>	CI	
		<p>6.3. Explica a participación das Brigadas Internacionais.</p>	CI	
<p>Consecuencias da Guerra Civil:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Consecuencias demográficas. - Consecuencias políticas e culturais. - Consecuencias económicas. 	<p>7. Explicar as principais consecuencias demográficas, políticas, culturais e económicas da guerra, distinguindo en cada caso o alcance temporal das secuelas.</p>	<p>7.1. Especifica os custos humanos e as consecuencias económicas e sociais da guerra.</p>	I	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Constrúe e analiza con rigor a cartografía militar das distintas fases da guerra. - Describe e analiza as consecuencias demográficas e sociais da guerra. - Elabora un balance dos efectos na organización e a produción económica que supuxo a economía de guerra.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Define e utiliza correctamente termos relacionadas cos contidos da unidade, tales como “guerra de columnas”, Xunta de Defensa, totalitarismo, decreto de Unificación, colectivizacións... - Analiza e manexa con solvencia textos relacionados cos plans da conspiración, o Goberno de concentración de Largo Caballero, a ideoloxía do Novo Estado franquista, as estratexias militares na contenda, as consecuencias da guerra, etcétera. - Comprende a evolución da Guerra Civil en Galicia: caída, resistencia e represión. - Emprega con propiedade a terminoloxía política, militar e social nas actividades de avaliación.

<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Usa os recursos do espazo dixital para ampliar ou matizar aspectos dos contidos da unidade. - Resolve cuestións e actividades con programas de edición de texto. - Busca e selecciona novos recursos, como imaxes e fontes primarias en Internet, sobre a Guerra Civil. - Configura unha <i>webquest</i> monográfica sobre contidos da unidade, como, por exemplo, Gernika, Asedio de Madrid, Lexión Cóndor, etcétera. - Selecciona secuencias de documentos audiovisuais na Rede para a presentación e desenvolvemento dalgún núcleo conceptual dos contidos: algunha campaña militar, un personaxe significativo, etcétera.
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Emprega fontes e documentos presentados na unidade para construír unha explicación dos cambios culturais e educativos. - Analiza e interpreta imaxes, carteis, prensa e outros materiais da época. - Cita e comenta algúns casos significativos de creadores e da produción cultural no contexto da Guerra Civil. - Valora o significado do triunfo dos sublevados: especialmente a perda de creadores por morte e exilio e a imposición dunha cultura tradicionalista e totalitaria.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza estratexias de análise historiográfica ao explicar feitos relacionados coa Guerra Civil, presentando fontes e elaborando hipóteses explicativas dos feitos. - Elabora explicacións sobre causas e consecuencias das orixes e principais aspectos da Guerra Civil, evitando conclusións dogmáticas. - Explica as motivacións de personaxes, grupos sociais, vítimas e institucións participantes na Guerra Civil. - Analiza as consecuencias da Guerra Civil en

	<ul style="list-style-type: none"> - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	Galicia.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza de xeito autónomo e espontáneo os recursos do libro de texto e o espazo web para a busca e ampliación de información. - Busca e obtén da Rede información relevante que incorpora os contidos da unidade. - Resolve satisfactoriamente cuestións formuladas ao longo do libro de texto sobre interpretación de feitos relevantes da Guerra Civil. - Propón actividades extralectivas para recoñecer, na actual realidade social, cultural e monumental, vestixios da Guerra Civil e as súas consecuencias.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do 	<ul style="list-style-type: none"> - Manifesta autonomía na análise e comentario de documentos de todo tipo sobre a ideoloxía dos sublevados. - Elabora cadros comparativos sobre a vida cotiá en ambas as dúas zonas durante a guerra. - Constrúe definicións correctas e expresivas sobre termos e conceptos clave da unidade. - Redacta fichas biográficas de personaxes determinantes na guerra: Durruti, Largo Caballero, Miaja, Yagüe, Queipo de Llano, Mola, etcétera. - Elabora mapas conceptuais sobre a organización política de ambos os dous bandos. - Realiza actividades de autoavaliación e cuestionarios sobre a unidade recollidos na

	<p>pensamento crítico.</p> <p>- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.</p>	web.
--	---	------

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario dun mapa de operacións militares (sobre a situación dos bandos na Guerra Civil en 1937-1939), análise e comentario da “primeira” dun xornal (do diario *Ahora*, do 14 de xullo de 1936), estudo comparativo de dous textos propagandísticos (en concreto, dúas visións da sublevación militar do 17 e 18 de xullo de 1936) e interpretación de carteis propagandísticos (na Guerra Civil).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A Guerra Civil na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 12: a ditadura de Franco (1939 – 1975)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O profesorado de Historia constata, día a día, a carencia en gran parte dos novos estudantes dun coñecemento coherente do pasado recente de España. A ditadura franquista e o personaxe que encabezou aquel lonxevo réxime son evocados polo noso alumnado como figuras sen unha clara significación. A deliberada amnesia colectiva, que posiblemente impuxo o modelo de transición pactada, contribuíu á perda de memoria histórica sobre este período, decisivo para a explicación dos problemas do presente.

Máis alá de tópicos politicamente correctos, como o do xeneral autoritario que dirixiu un país pobre e atrasado cara a un lento desenvolvemento económico e social, temos deber de levar o noso alumnado a un coñecemento fundamentado dese período que lles permita valorar o actual marco de liberdade e os custos sociais que implicou a súa recuperación.

Un estudo rigoroso do que supuxo o período 1939-1975 é requisito imprescindible para indagar na xenealoxía da nosa sociedade actual e adquirir uns principios racionais que permitan adoptar unha posición moral ante os problemas do presente: desequilibrios sociais e territoriais, permanencia dos problemas de

articulación do Estado, escaso civismo e hábitos de baixa calidade democrática na cultura política da nosa sociedade, etcétera.

Por iso, esta unidade resulta especialmente importante desde o punto de vista da formación cívica e democrática. A fractura que supuxo o franquismo no proceso de maduración e desenvolvemento social, económico, cultural, etcétera, e a conxelación e agudización dos tradicionais problemas estruturais de España deben ser coñecidas criticamente polas novas xeracións. Polo tanto, o acceso a fontes e documentos de todo tipo, o recurso a testemuños de historia oral e evidencias culturais dese pasado recente, como a prensa, o cine ou a publicidade, por exemplo, teñen nesta unidade unha virtualidade didáctica especial.

Por outra parte, como o tema se organiza cronoloxicamente en tres grandes fases, marcadas polo desenvolvemento socioeconómico, o alumnado afondará nos conceptos de historia económica e análise social, de maneira que a unidade pode ser un bo corolario na asimilación dos contidos e as estratexias de procesamento de información sobre eses ámbitos de coñecemento.

2. TEMPORALIZACIÓN

Para o estudo desta unidade, aproximadamente, pode ser nas dúas últimas semanas do mes de abril. O seu desenvolvemento pode supoñer 8 sesións lectivas.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar a natureza político-ideolóxica da ditadura franquista e os seus fundamentos sociais e institucionais, e caracterizar o réxime de Franco desde unha perspectiva dos modelos de sistemas políticos.
2. Describir as condicións nas que se desenvolveu a vida política, social e económica de España na década dos anos corenta.
3. Sinalar as causas da apertura exterior do franquismo na década dos anos cincuenta e as consecuencias socioeconómicas que implica nos anos inmediatos.
4. Explicar os fundamentos da política de desenvolvemento española dos anos sesenta e valorar os profundos cambios que supón na estrutura económica e social en España e Galicia.
5. Interpretar os factores de descomposición política do franquismo como resultado das contradicións internas, do crecente arraigamento social da oposición política e da deterioración física do ditador.

1. 4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
As bases do réxime franquista: - Ingredientes ideolóxicos.	1. Recoñecer os referentes político-ideolóxicos que definen o réxime de Franco e identificar os sectores sociais que apoian o novo réxime e as causas da súa adscrición ao franquismo.	1.1. Elabora un esquema cos grupos ideolóxicos e os apoios sociais do franquismo na súa etapa inicial.	CI	CCL CD CSC CCEC

<ul style="list-style-type: none"> - Bases sociais. - As Leis Fundamentais. <p>A posguerra. Os anos corenta:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A represión política. - O control social e ideolóxico: censura, educación e propaganda. - As relacións exteriores. - A política económica: a autarquía e os anos da fame. - A oposición política ao franquismo. 	<p>2. Describir o proceso cronolóxico de institucionalización do franquismo, recoñecendo o contido básico das Leis Fundamentais e o contexto político-social e a súa evolución.</p>	<p>2.1. Representa unha liña do tempo desde 1939 ata 1975, situando nela os principais acontecementos históricos.</p>	N	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>
		<p>2.2. Explica a organización política da ditadura franquista, enumerando e describindo as Leis Fundamentais do réxime.</p>	I	
		<p>2.3. Diferenza etapas na evolución de España durante o franquismo, e resume os trazos esenciais de cada unha delas.</p>	I	
<p>Os anos cincuenta: apertura e recoñecemento exterior:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O contexto da Guerra Fría. - Os acordos con Estados Unidos. 	<p>3. Explicar as medidas adoptadas polo franquismo respecto á oposición política e social, e enumerar as principais medidas económicas tomadas polo franquismo na década dos anos corenta.</p>	<p>3.1. Enumera as leis e institucións que regulaban a represión política durante o franquismo.</p>	CI	<p>CCL CD CAA CSC CSIEE</p>
<ul style="list-style-type: none"> - O Concordato. - A oposición e os movementos sociais. - A apertura económica; o Plan de Estabilización. 	<p>4. Describir a actitude de España ante a Segunda Guerra Mundial e as súas consecuencias.</p>	<p>4.1. Explica as relacións exteriores, a evolución política e a situación económica de España desde o final da Guerra Civil ata 1959.</p>	CI	<p>CCL CMCT CD CAA CSC</p>
<p>A España do desenvolvemento (1959-1973):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os plans de desenvolvemento: 	<p>5. Describir os trazos fundamentais da política internacional ao final da Segunda Guerra Mundial, valorando o papel de España na nova situación, e identificar e explicar os movementos de oposición xurdidos nos anos cincuenta.</p>	<p>5.1. Relaciona a evolución política do réxime cos cambios que se producen no contexto internacional.</p>	F	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE</p>
	<p>6. Sinalar os factores nos que se apoia o despegue económico dos anos cincuenta, subliñando a natureza e as consecuencias do Plan de Estabilización de</p>	<p>6.1. Describe esquematicamente a política económica do franquismo, nas súas diferentes etapas, e a evolución económica do país.</p>	CI	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CCEC</p>

<p>cambios na estrutura económica.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os cambios sociais e culturais. - As relacións exteriores: o franquismo ante a Europa do Mercado Común. - Os novos movementos sociais e a oposición ao réxime. - O inmovilismo do réxime nos anos sesenta. 	<p>1959, e definir os obxectivos dos Plans de Desenvolvemento, analizando o gran cambio económico e da xeografía industrial que supoñen.</p>	<p>6.2. Describe as transformacións que experimenta a sociedade española durante os anos do franquismo, así como as súas causas.</p>	F	
		<p>6.3. Explica as relacións exteriores, a evolución política e as transformacións económicas e sociais de España desde 1959 ata 1973.</p>	CI	
		<p>6.4. Explica a situación de Galicia na época do desenvolvemento económico.</p>	CF	
<p>O ocaso do franquismo (1969-1975):</p> <ul style="list-style-type: none"> - O nomeamento de Xoán Carlos como sucesor. - As contradicións internas do réxime. O fin da política de desenvolvemento. - Os movementos de oposición. - O fracaso do aperturismo (1974). 	<p>7. Describir as principais consecuencias socioculturais derivadas do “milagre económico”, na sociedade española dos anos sesenta, e sinalar as accións e iniciativas máis relevantes da oposición política ao franquismo, relacionándoas coa resposta represiva do réxime.</p>	<p>7.1. Describe nun esquema os movementos sociais, as organizacións e posturas da oposición política ao franquismo nas súas diferentes fases.</p>	CI	<p>CCL CMCT CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>
		<p>7.2. Busca información de interese (en libros ou Internet) e elabora unha breve exposición sobre a cultura do exilio durante o franquismo.</p>	P	
	<p>8. Sinalar os principais problemas aos que se enfrontaban as forzas do réxime na fase final do franquismo, destacando a incerteza arredor da sucesión na xefatura do Estado, e comentar as principais iniciativas de organización da oposición democrática, definindo o seu carácter, expoñendo os factores que conduciron á crise e ao esgotamento da ditadura franquista e considerando o contexto internacional.</p>	<p>8.1. Especifica os diferentes grupos de oposición política ao réxime franquista e comenta a súa evolución no tempo.</p>	F	
<p>8.2. Explica a oposición antifranquista en Galicia.</p>		CF		
<p>8.3. Especifica as causas da crise final do franquismo desde 1973.</p>		CI		

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRIPTORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza e comenta series macroeconómicas referidas ás fases económicas do franquismo. - Constrúe e analiza, con rigor, cartografía sobre a economía na España franquista. - Elabora un balance dos efectos que supuxo a autarquía na organización e a produción económica. - Describe e analiza os cambios demográficos e económicos de 1939 a 1975. - Define Plan de Estabilización, Plans de Desenvolvemento e demais conceptos esenciais da política económica do franquismo. - Analiza a situación de Galicia na época do desenvolvemento económico.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Define e utiliza correctamente termos esenciais na configuración política, social e ideolóxica do franquismo, como totalitarismo, autarquía, Leis Fundamentais, oposición democrática, Cortes orgánicas, etcétera. - Analiza e manexa con criterio textos relacionados coas relacións exteriores, a economía, as institucións e a represión política ao longo da vixencia da ditadura franquista. - Emprega con propiedade a terminoloxía ideolóxica, política e social nas actividades de avaliación. - Define e emprega con propiedade os conceptos e termos básicos das organizacións de oposición ao franquismo e os seus programas.

<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Usa os recursos do espazo dixital para corroborar aspectos dos contidos da unidade. - Resolve cuestións e actividades con programas de edición de texto. - Busca e selecciona novos recursos, como imaxes e fontes primarias en Internet, sobre a ditadura franquista. - Selecciona secuencias de documentos audiovisuais na Rede para a presentación e desenvolvemento dalgún núcleo conceptual dos contidos: Franco ante a II Guerra Mundial, acordos con EE. UU., Plans de Desenvolvemento, etcétera.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Emprega fontes e documentos presentados na unidade para construír unha explicación dos cambios culturais e educativos nas diferentes fases do franquismo. - Analiza e interpreta imaxes, artigos de prensa e outros documentos da época para explicar os cambios socio-políticos durante a vixencia da ditadura, desde o nacional-catolicismo ás formas e ideas debidas á apertura ás relacións co Mercado Europeo, a emigración, o turismo e outros factores.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza estratexias próximas á análise e traballo historiográficos, presentando fontes e elaborando hipóteses explicativas dos feitos. - Elabora explicacións sobre as causas e consecuencias dos feitos estudados, evitando conclusións dogmáticas. - Explica as motivacións de personaxes, grupos sociais e participantes na oposición democrática á ditadura. - Constrúe e expón argumentos que dan fundamento á acción da oposición ao franquismo. - Explica as particularidades da oposición antifranquista en Galicia.

<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza, de xeito autónomo, recursos do libro de texto e o espazo web para a busca e ampliación de información. - Utiliza a Rede para a localización de información relevante e a súa incorporación ao contido da unidade. - Propón actividades extralectivas para recoñecer, na realidade social, cultural e monumental do presente, pegadas da ditadura.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - Manifesta autonomía na análise e comentario de documentos sobre a ideoloxía do réxime e a súa evolución. - Elabora cadros comparativos sobre as condicións de vida nas diferentes fases do franquismo. - Redacta definicións correctas e expresivas sobre termos e conceptos clave da unidade: autarquía, política de desenvolvemento, Tribunal de Orde Público, etcétera. - Redacta fichas biográficas de personaxes significativos na historia da ditadura e a oposición a esta: Franco, Serrano Suñer, López Rodó, Carrero Blanco, S. Carrillo, Juan de Borbón, etcétera. - Elabora mapas conceptuais sobre organización política e institucional do réxime franquista. - Realiza actividades de avaliación e cuestionarios sobre a unidade recollidos na web.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.

- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario de materiais sobre política económica (en concreto, sobre o desenvolvemento da industria durante o franquismo), análise e comentario dun cartograma (referido á distribución da renda en España en 1970), elaboración dun organigrama e comentario de documentos nos que se poña en relación textos e iconografía (en relación coa visita a España do presidente estadounidense D. D. Eisenhower en 1959).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A ditadura franquista na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 13: a transición (1975 – 1982)

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A transición española á democracia foi considerada, a miúdo, a expresión máis clara da eficacia do pacto e a negociación entre grupos e tendencias contrapostas para lograr un fin común: un marco de liberdade política e de democracia.

E, en efecto, o proceso de transición en España produciuse sen enfrontamentos civís e con escaso custo social, dados os precedentes históricos estudados de cambios de réxime. Sinaláronse tamén, como prezo da reconciliación entre os españois, a impiedade e o esquecemento de corenta anos de ditadura. A Constitución de 1978, como resultado, supuxo o primeiro proceso constituínte na nosa historia en que se deu un amplo consenso.

Esta é, quizais, a principal ensinanza que se deriva do estudo desta unidade: o valor da negociación e a tolerancia como principio de organización política da sociedade.

Por iso, os e as adolescentes, que teñen dificultades para aceptar e entender a ambigüidade e adoitan rexeitar o que aos seus ollos carece de fundamentación razoable, poden exercitarse neste estudo nunha forma de racionalidade empática que acepta principios contrarios e os explica á luz de intereses e visións ideolóxicas contrapostas, sen adoptar por iso unha visión sectaria e excluínle.

O estudo desta unidade deberá proporcionar tamén algúns elementos explicativos da España presente, en certo modo herdeira da ditadura en moitos aspectos: o aprecio da paz e a liberdade como valores superiores; a existencia en España dun conservadorismo autoritario e outras secuelas, como o escaso sentido social da oligarquía ou as posicións integristas dalgúns sectores, explicaríanse á luz do proceso de transición que considerou como superación pactada do pasado.

Outros aspectos de interese formativo relaciónanse co desenvolvemento da capacidade de analizar tendencias e procesos políticos, procesos electorais e formas de participación democrática aos que están chamados todos os cidadáns, tamén os propios estudantes.

En suma, tanto desde un punto de vista moral como instrumental e cognitivo, esta unidade pode proporcionar ao alumnado claves para analizar criticamente o presente e asumir consciente e racionalmente actitudes de participación social e política.

2. TEMPORALIZACIÓN

Pódese desenvolver esta unidade nas dúas primeiras semanas de maio, empregando 7 sesións lectivas.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar os procesos e acontecementos políticos que posibilitaron a realización de eleccións democráticas en España, fronte ás resistencias do franquismo.
2. Explicar a complexidade e as dificultades das transformacións económicas, políticas, institucionais e socioculturais abordadas no período da Transición.
3. Coñecer e explicar o proceso de elaboración e promulgación da Constitución de 1978, analizando o seu contido e desenvolvemento inicial.
4. Coñecer e explicar os procesos de elaboración dos estatutos de autonomía, en especial o caso galego.
5. Comprender a dinámica sociopolítica do período, facendo fincapé na evolución de convocatorias e resultados electorais, e sinalando as principais notas que definen as reformas levadas a cabo ata 1982.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
A sociedade española en 1975: - A demanda social de amnistía e liberdade. - Os poderes fácticos. As forzas políticas tras a morte do ditador: - O Goberno de Arias Navarro. - A oposición política: a loita pola ruptura democrática. - O Goberno de Adolfo Suárez. - Os primeiros pasos de Adolfo Suárez en 1976. - Os movementos nacionalistas.	1. Describir a secuencia de acontecementos políticos e sociais que determinan a dimisión de Arias Navarro e o acceso de Adolfo Suárez á presidencia do Goberno, sinalando os fitos fundamentais que fixeron posible a convocatoria de eleccións democráticas en 1977, identificando os elementos de resistencia e desestabilización, e enumerando os principais problemas económicos e sociais de España ao inicio da transición.	1.1. Explica as alternativas políticas que se propoñían tras a morte de Franco e quen defendía cada unha delas.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		1.2. Describe o papel desempeñado polo rei Xoán Carlos I durante a Transición.	CI	
		1.3. Describe as actuacións impulsadas polo presidente Adolfo Suárez para a reforma política do réxime franquista: Lei para a Reforma Política de 1976, Lei de Amnistía de 1977, etcétera.	I	
		1.4. Explica as causas e os obxectivos dos Pactos da Moncloa.	I	

<p>Un ano clave, 1977:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os inimigos do cambio: o búnker, ETA e o GRAPO. - A legalización do PCE. - As eleccións democráticas. <p>O goberno de UCD:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A conxuntura económica. - Os Pactos da Moncloa. - O recoñecemento das autonomías. - O consenso constituínte. <p>A Constitución española de 1978.</p> <p>As eleccións de 1979 e o segundo Goberno de UCD:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As eleccións municipais e o triunfo da esquerda. - Os primeiros estatutos de autonomía. - Outros problemas: crise económica e terrorismo. - As disensións en UCD: a dimisión de Suárez. - O Goberno de Calvo Sotelo e o 23-F. <p>Os cambios sociais e culturais. A integración en Europa:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Transformacións sociais e culturais. - A adhesión á CEE. 		1.5. Describe como se estableceron os procesos de autonomía en Cataluña, o País Vasco e Galicia.	F	
	2. Recoñecer o contido fundamental da Constitución de 1978 sobre materias clave: definición do Estado, organización territorial, dereitos e deberes fundamentais e articulación dos poderes do Estado.	2.1. Explica o proceso de elaboración e aprobación da Constitución de 1978 e as súas características esenciais.	I	CCL CD CAA CSC CCEC
		2.2. Explica e describe outras leis importantes derivadas da Constitución que foron promulgadas nos primeiros anos da Transición.	CI	
	3. Describir os principais problemas internos e externos que levan á crise de UCD, valorando as súas consecuencias.	3.1. Elabora un esquema coas etapas políticas nesta etapa da Transición (1975-1982) e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	I	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		3.2. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das diferentes organizacións terroristas que actuaron desde os inicios da transición democrática.	CF	
		3.3. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata 1982, situando nela os principais acontecementos históricos.	N	
	4. Identificar os principais cambios sociolóxicos e culturais na sociedade española da transición, relacionándoos coa integración de España na comunidade internacional.	4.1. Organiza un esquema conceptual moi sintético sobre os cambios sociais, económicos e políticos nos anos da Transición.	F	CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC
		4.2. Comenta os feitos máis relevantes do proceso de negociación para a adhesión á CEE nesta etapa e as consecuencias para España.	F	

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo xeográfico como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora e expón explicacións e interpretacións de resultados electorais, analizando os datos á luz das demandas da opinión pública, a Lei Electoral e o contexto social. - Comenta o resultado de enquisas segundo pautas de traballo indicadas. Indaga na rede e portal do CIS sobre algún aspecto de relevancia e a súa percepción pola opinión pública. Por exemplo: principais problemas na percepción dos españois, actitude ante as institucións, etcétera. - Analiza con soltura resultados de convocatorias electorais e referendos, e represéntaos graficamente. - Representa en cartografía adecuada aspectos da demografía e a evolución económica (mapas da crise industrial, p. ex.), e explica o significado social e económico desas realidades. - Analiza cartografía de resultados electorais, seguindo as pautas que se indican no apéndice de actividades.
<p><i>Competencia en comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e historiográficos. - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comenta con rigor, e seguindo as pautas indicadas, textos historiográficos, declaracións e outros elaborados por protagonistas e testemuñas do proceso de transición e os feitos máis significativos. - Redacta respostas sintéticas a cuestións sobre o papel e as actitudes de persoas e institucións (a Igrexa, o Exército, etcétera) ante o proceso de transición. - Desenvolve redaccións e exposicións, con terminoloxía e organización adecuada, sobre cuestións e epígrafes concretas da unidade. - Comprende textos referentes ao proceso de autonomía de Galicia e fragmentos do propio Estatuto de Autonomía de 1980. - Elabora definicións breves e correctas, no seu contido e estrutura, de personaxes, conceptos e feitos esenciais do proceso: coordinación democrática, A. Suárez, F. González, Lei de Reforma Política, Pactos da Moncloa, Comisión constituínte, Estatuto de Autonomía, etcétera.

<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca na Rede información para elaborar presentacións sobre aspectos da vida e os problemas de España durante a Transición: a amnistía, as primeiras eleccións, a Constitución, o terrorismo, etcétera. - Selecciona e organiza o esquema dunha <i>webquest</i> sobre algún dos problemas e cuestións esenciais e a súa abordaxe nos anos da transición: a crise económica, as autonomías, as resistencias do franquismo social e institucional ao cambio, etcétera.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describe as principais manifestacións do cambio cultural en España nos anos da Transición, utilizando como recurso organizador o retorno do Guernica. - Fai unha síntese do cambio social, indagando nos gustos de consumo cultural e nas leis promulgadas e as derogadas relativas a educación e cultura. - Elabora un breve informe sobre a pluriculturalidade na España da Transición, a partir das alusións á cuestión no texto.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de assimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Redacta fichas biográficas de extensión media de personaxes clave do proceso: Xoán Carlos I, Suárez, Tarancón, Carrillo, Gutiérrez Mellado, Fraga Iribarne, etcétera. - Organiza un esquema sintético dos trazos fundamentais da Constitución de 1978. - Describe os procesos de autonomía do Estado, con especial atención ao galego.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Formular retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Constrúe un mapa conceptual que organice os conceptos principais da unidade, seguindo as pautas habituais e incorporando conceptos e explicacións arredor de tres claves: 1) opcións de futuro tras a morte de Franco; 2) secuencia de feitos determinantes entre 1975 e 1978; e 3) unha democracia débil e acosada.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> - A partir de portadas de prensa de época dispoñibles na Rede, elabora unha breve monografía ilustrada sobre aspectos das primeiras eleccións democráticas. - Busca en Internet imaxes sobre o 23-F e elabora unha presentación con breves pés e notas explicativas do feito. - Elabora un posible cuestionario de avaliación presentando en columnas diferenciadas personaxes, feitos e datas do período 1975-1982 e solicitando a asociación correcta destes.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécense pautas, propostas e modelos sobre análise e comentario dunha enquisa (os españois ante Europa en 1975), análise e comentario de mapa de resultados electorais (da eleccións xerais de 1979), elaboración de mapa conceptual de contido dun documento (sobre a economía española ao inicio da Transición) e comentario de texto historiográfico de natureza económica.

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

UNIDADE 14: *a consolidación democrática*

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta última unidade ten características peculiares. O seu obxecto é o tempo presente e, como tal, acomódase a unha nova concepción da historia con especiais notas distintivas: supérase a perspectiva local ou nacional para explicar os fenómenos. As decisións políticas, a evolución económica ou as pautas culturais non teñen sentido nin explicación posible no marco nacional.

Por outra parte, o período non se entende como unha simple etapa da historia da España actual; é máis ben unha reflexión sobre os problemas actuais que busca as claves no pasado. Existe, así mesmo, un problema de exceso de información dispoñible e recórrese á memoria persoal e colectiva para seleccionar aqueles feitos e procesos significativos desde os intereses actuais. Ten tamén un enfoque proxectivo ao estudar realidades en desenvolvemento cuxa evolución futura nos afecta.

Polo tanto, esta unidade debería promover no alumnado a capacidade de utilizar estratexias para descubrir a xenealoxía histórica dos problemas actuais: principalmente, as dificultades do proceso de integración en Europa, problemas de articulación e organización do Estado autonómico, os problemas do multiculturalismo, a marxinação social, a emigración, o terrorismo, a crise económica de 2008, os cambios no mapa electoral, etcétera. Fixaranse, así, algúns conceptos básicos para a análise de estruturas e cambios sociais, problemas políticos e económicos e as relacións internacionais.

Servirá, ademais, como corolario de procedementos utilizados ao longo do curso: manexo de información estatística, literatura xornalística e de ensaio, literatura sociolóxica, análise de resultados electorais, etcétera. E tamén posibilitará suxerir hipótese sobre as tendencias e a evolución futura dos problemas actuais.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade final ocupará as clases das dúas últimas semanas lectivas do curso na segunda quincena de maio. Pódenselle dedicar entre 5 e 6 sesións.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Describir a evolución política de España desde o triunfo electoral socialista en 1982 ata o presente, explicando e analizando a evolución das correntes políticas en España nos últimos anos a partir das convocatorias e os resultados electorais.
2. Comprender o significado e as manifestacións dos cambios demográficos e sociais máis importantes das dúas últimas décadas en España.
3. Analizar os trazos e tendencias fundamentais da evolución económica de España, identificando os grandes problemas do presente e as alternativas políticas e sociais que se ofrecen á sociedade española, e sinalar os feitos e datos máis significativos nas relacións de España con Europa, especialmente nos últimos anos.
4. Apreciar as transformacións socioculturais na España actual, caracterizando a sociedade española actual desde a perspectiva dos valores e as actitudes sociais máis xeneralizadas.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
As eleccións do cambio: - O triunfo do PSOE. Os problemas dos anos oitenta: - O reaxuste económico. - A reforma educativa e as relacións coa Igrexa. - A democratización do Exército. - As relacións exteriores. A reactivación económica (1986-1989): - As eleccións de 1986. - O investimento exterior e a mellora da economía. - A concentración empresarial e o capitalismo financeiro. - O gasto social e o Estado do benestar. - A oposición sindical. - O problema do terrorismo. A corrupción política e o cambio social: - As eleccións de 1989. - A nova imaxe de España. O cambio de século: - A cuarta lexislatura do PSOE. - Xiro electoral de 1996: o PP no Goberno. - Pacto social e medidas	1. Recoñecer as medidas políticas máis relevantes e os feitos máis significativos na etapa socialista (1982-1996), e valorar as súas consecuencias, analizando os principais cambios sociais e económicos dos anos oitenta.	1.1. Elabora un esquema coas etapas políticas desde 1979 ata a actualidade, segundo o partido no poder, e sinala os principais acontecementos de cada unha delas.	CI	CCL CMCT CD CAA CSC CCEC
		1.2. Representa unha liña do tempo desde 1975 ata os nosos días, situando nela os principais acontecementos históricos.	N	
	2. Explicar os factores que inciden nas tensións entre o Goberno central e os nacionalismos periféricos, indicando os precedentes históricos e as posibilidades que ofrecen a Constitución e os estatutos de autonomía.	2.1. Describe a actual configuración político-administrativa de España como Estado autonómico.	I	CCL CD CSC CCEC
		2.2. Explica os principais feitos no desenvolvemento do Estado das autonomías desde 1982.	CI	
3. Describir as características da economía española nos anos oitenta e noventa, explicando o proceso político de integración en Europa a partir de 1986 e analizando as consecuencias sociais e económicas que se derivan do cumprimento dos criterios de converxencia para formar parte da Unión Europea.	3.1. Comenta os feitos máis relevantes do proceso de integración en Europa e as consecuencias para España desta integración. 3.2. Analiza a evolución económica e social de España desde a segunda crise do petróleo, en 1979, ata o comezo da crise financeira mundial de 2008.	CI	CCL CMCT CD CAA CSC	
		CI		
4. Identificar os principais cambios sociolóxicos e culturais da sociedade española no último terzo do século XX, relacionándoos coa integración de España na	4.1. Explica a posición e o papel da España actual na Unión Europea e no mundo.	F	CCL CMCT CD CSC CCEC	

<p>económicas de Aznar.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Terrorismo e mobilización social. - A maioría absoluta do Partido Popular. - Vitoria socialista de 2004. 	<p>comunidade internacional.</p>			
<ul style="list-style-type: none"> - Triunfo do PSOE en 2008. - Eleccións de 2011: o retorno do PP. - A fin do bipartidismo. <p>A construción da Unión Europea e España:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A Unión Europea: novas ampliacións. <p>Os cambios sociais e culturais en España:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os principais cambios. - A nova poboación española. - Novas actitudes e valores. - A cultura da información. - Institucións e produción cultural. 	<p>5. Describir e analizar os principais problemas políticos e sociais de España nos primeiros anos do século XXI.</p>	<p>5.1. Analiza o impacto da ameaza terrorista sobre a normalización democrática de España, describe a xénese e evolución das diferentes organizacións terroristas que actuaron desde a transición democrática ata os nosos días (ETA, GRAPO, etcétera) e reflexiona sobre outros temas relacionados: a cidadanía ameazada, os movementos asociativos de vítimas, a mediación en conflitos, etcétera.</p>	<p>F</p>	<p>CCL CD CAA CSC CSIEE CCEC</p>

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o espazo como ámbito para a interpretación de feitos históricos. - Analizar mapas para adquirir o dominio da linguaxe cartográfica. - Interpretar de forma científica gráficos, datos estatísticos e índices. - Comprender os avances sobre ciencia e tecnoloxía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Analiza textos, series e gráficos relativos aos contidos de tipo social: resultados electorais e de referendos (OTAN, p. ex.), estatísticas educativas, datos demográficos, etcétera. - Describe os datos cuantitativos de tipo macroeconómico: curva de capital e traballo nos oitenta, datos da conxuntura económica (renda, sector exterior, etcétera), Axuda Oficial ao Desenvolvemento, criterios de converxencia de Maastricht, etcétera. - Analiza cartografía económica, do tipo da rede de FC e a súa evolución.
<p><i>Competencia en comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos históricos e 	<ul style="list-style-type: none"> - Explica a evolución do país nos anos 80, describindo con rigor as principais reformas dos gobernos do PSOE: reconversión industrial,

	<p>historiográficos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Adquirir e utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Sintetizar a información escrita e audiovisual, para despois expresala de forma oral. - Desenvolver hábitos de lectura. 	<p>estatutos de autonomía, reforma educativa, xestión fiscal, etcétera.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realiza unha parte significativa dos comentarios de texto incluídos como documentos no libro de texto, especialmente os que achegan datos aos contidos básicos da unidade. - Confecciona definicións de conceptos básicos da unidade: Unión Europea, gasto social, axuste orzamentario, soberanismo, etcétera, aludindo á experiencia histórica recente de España. - Define igualmente os termos máis sinalados en canto a institucións, partidos, leis, feitos da política exterior, etcétera.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar de forma crítica distintas fontes para a busca de información. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Dominar programas de texto e de presentación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza os recursos incluídos no espazo dixital para completar ou ilustrar contidos da unidade. - Utiliza programas de edición de texto e outros para resolución de actividades e elaboración de presentacións. - Busca e selecciona documentos gráficos e audiovisuais en Internet sobre aspectos como os cambios culturais e sociais, nova imaxe de España no 2000, a corrupción política, etcétera.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar estilos, obras e artistas característicos do período. - Valorar as achegas culturais de cada período histórico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza unha pequena indagación sobre a evolución de gustos e o consumo cultural en España en tempos recentes. - Busca na Rede información sobre a evolución das grandes cifras do sistema educativo español actual, así como das reformas deste promulgadas desde os anos de 1980. - Confecciona un resumo das principais mostras da alta cultura española no presente: cinematografía, artes plásticas, museografía, etcétera.

<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar empatía polos acontecementos históricos. - Concibir o coñecemento histórico como un coñecemento científico. - Comprender a realidade histórica, valorando o papel dos individuos nesta. - Traballar con mapas e con eixes cronolóxicos como forma de asimilar o espazo e o tempo. - Interpretar criticamente os conflitos, desde a defensa dos valores democráticos. 	<ul style="list-style-type: none"> - Describe os cambios e avances no recoñecemento dos dereitos sociais da cidadanía nas tres últimas décadas. - Explica a relación entre o cambio económico e social e o proceso de integración na CEE e a participación de España na Unión Europea. - Redacta unha valoración sobre as organizacións e movementos sociais do tipo de sindicatos, ONG, etcétera, e a súa posición ante os problemas económicos e sociais desta etapa.
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para realizar e planificar sinxelos traballos de investigación (individuais ou en grupo). - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Considerar retos cognitivos, tratando de buscar solucións, resolver problemas, etcétera. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa na preparación e realización dun debate na clase sobre as actitudes sociais e políticas dos mozos en España en tempos recentes. - Participa na elaboración colectiva dunha <i>webquest</i> sobre os problemas actuais na Unión Europea e as posibles alternativas.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Analizar textos e imaxes de forma rigorosa, contextualizando estes nun tempo e un espazo concretos. - Organizar a información para extraer as ideas principais. - Utilizar a prensa como un recurso para comprender os contidos da unidade. - Aplicar estratexias para a 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora informes sobre os cambios nos hábitos de consumo e hábitos culturais na España actual. - Confecciona un mapa conceptual sobre os problemas do presente e as respostas políticas e sociais á crise económica. - Analiza e expón, nun informe, a evolución do problema do terrorismo en España nas súas diferentes manifestacións ata o presente. - Redacta fichas biográficas sobre os principais personaxes da vida pública española desde os anos da década de 1980.

	mellora do pensamento crítico. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.	
--	---	--

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

Recursos no libro de texto

- Documentos historiográficos.
- Actividades ao fío do texto encamiñadas a extraer información dos documentos citados, comprendelos e reforzar os contidos fundamentais da unidade.
- Abundante material gráfico (mapas e ilustracións) e textual para ampliar as cuestións abordadas na unidade.
- Actividades de avaliación ao final da unidade con pautas básicas para avanzar no dominio dos procedementos históricos. Nesta unidade ofrécese pautas, propostas e modelos sobre interpretación dun eixe cronolóxico de curta duración, análise e comentario dun mapa económico (redes ferroviarias), comentario de curvas de poboación activa e comentario dun texto historiográfico sobre un problema actual (a integración de España en Europa).

Recursos dixitais na páxina web

- Fontes de consulta: recursos bibliográficos, filmografía e páxinas web, en ambos os dous casos comentadas, que lle servirán ao alumnado para ampliar coñecementos e lle axudarán a realizar as actividades.
- A consolidación democrática na historiografía.
- Actividades sobre textos, mapas, gráficos e imaxes.

XII.3. CONTIDOS MÍNIMOS

Na materia de Historia de España, especificanse os contidos mínimos que deben superar as/os alumnas/os. Estes contidos mínimos reflíctense no apartado do grao de consecución en cada unidade, indo do N (necesario) ata o I (imprescindible) dependendo da súa transcendencia. Aqueles contidos que non acadan o N non son considerados como mínimos esixibles e, polo tanto e aínda que se podan tocar na aula, este Departamento considera que non teñen a importancia suficiente para consideralos como mínimos.

Posto que se trata de 2º de Bacharelato, o coñecemento dos mínimos esixibles serán obrigatorios, por parte dos discentes, para superar esta materia.

XII.4. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Empregaranse os seguintes procedementos e instrumentos de cualificación:

- a. A análise das producións dos alumnos/as: exercicios, textos escritos... Cando proceda, comprobarase tamén o traballo de campo ou de investigación sobre algún tema.
- b. Debates e postas en común das unidades estudadas.

- c. Probas específicas: obxectivas, cuestionarios, test...
- d. Autoavaliación e coavaliación cando sexa posible. Empregarase este método na corrección dos traballos de investigación encomendados ao alumno/a.

A avaliación positiva requirirá que:

- √ Sexan capaces de desenvolver un traballo diario na clase.
- √ Sexan capaces de elaborar informes pulcros e claros.
- √ Sexan capaces de participar activamente nos traballos de grupo.
- √ Sexan capaces de adquirir o vocabulario específico da materia.

O proceso da avaliación constará de 3 avaliacións. En cada unha delas faranse probas específicas escritas tipo das realizadas nas ABAU (preferentemente unha por cada 2 temas). Ademais, faranse postas en común e exposicións orais (comentarios de texto). En cada avaliación farase media das probas escritas cando o alumno/a obteña unha cualificación superior a 3 puntos. Se nunha proba escrita non obtén esta cualificación de corte (un 3), o discente terá que ir directamente á recuperación desa avaliación.

Para poder avaliar cun mínimo de rigor ao alumnado, pensamos que deberíamos seguir a táboa que a continuación se relaciona, co propósito de ser o máis obxectivos posibles, tratando de non quedar influídos por outros parámetros alleos á propia avaliación. É, por iso, que a cada estándar de aprendizaxe en cada unidade didáctica, establecemos uns graos de consecución desta aprendizaxe e a importancia que posúen os contidos relacionados con estes na formación cultural do alumno/a. Cada grao sinalase cunhas letras nas que irá especificado o necesario para acadar dito grao de consecución.

GRAO DE CONSECUCIÓN	PAUTAS NECESARIAS PARA ACADALO
I (imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo maxistral, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente non ten que indicar nada máis do que o alumno/a explica.
CI (case imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo sobresaínte, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar escasos parámetros.
F (fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algún erros cometidos sen moita importancia.
CF (case fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algúns esquecementos ou interrelacións entre eles.
N (necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo satisfactorio, esquecendo diversos acontecementos, causas,

	consecuencias...
P (puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo razoable pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos, sendo preciso insistir.
CP (case puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo superficial pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos.
NN (non necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal pero que non implique a non consecución e asimilación dos contidos estudados.
IN (innecesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal, sen ser precisos para obter un grao de consecución e asimilación dos contidos.

Para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a cada unha das unidades vistas haberá que atender á cualificación que estes teñan en cada táboa presentada por unidades didácticas e o grao de consecución de cada un deles. Os criterios de cualificación basearanse no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave.

A cualificación estará baseada nos seguintes criterios:

- Probas de coñecemento: 90%.
- Traballo diario: 10%.

Ao inicio da avaliación seguinte haberá unha proba de recuperación dos contidos explicados ao longo da avaliación anterior para os alumnos/as que non a superasen.

Farase unha proba final no que os alumnos/as serán examinados dos contidos das avaliacións que non teñan superadas. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse á convocatoria extraordinaria.

Todos os alumnos/as teñen dereito a un exame final, tanto os alumnos/as que non acadaran o 5, como aqueles que queiran mellorar a súa cualificación final.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación especificados.

Poderase descontar 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

XII.5. MATERIAL DIDÁCTICO

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos.

Alumnado:

- Caderno de clase.
- Mapas mudos políticos e físicos.
- Libro de texto (*Historia de España, editorial Anaya*).

Aula:

- Planisferio físico e político.
- Mapas específicos históricos, físicos e políticos, das distintas zonas do planeta.
- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
 - Atlas históricos depositados na Biblioteca do centro e no Departamento.
 - Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia.
 - Canón e PC dispoñibles na aula.
 - Reprografía.
 - Prensa.
 - Vídeos didácticos.

XIII. 2º curso Bacharelato
Historia da arte

XIII.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA A HISTORIA DA ARTE

A ensinanza da Historia da Arte terá como finalidade desenvolver as seguintes capacidades:

- ✓ Comprender e valorar as diferenzas na concepción da arte no tempo e no espazo, mediante a observación e o estudo de obras diversas, valorando en cada caso as súas funcións, así como, a interrelación dos múltiples factores que explican a súa evolución ao longo da historia.
- ✓ Entender as obras de arte como resultado da creatividade artística e da capacidade técnica por unha parte e, por outra, como obxecto de observación e de gozo estético.
- ✓ Estudar as obras de arte mediante a aplicación dun método de análise e interpretación dos diferentes compoñentes da linguaxe artística con sensibilidade e creatividade, para afondar con rigor no seu coñecemento.
- ✓ Recoñecer e caracterizar, situándoas no tempo e no espazo, as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos e artistas da arte occidental, con especial atención a Galicia, valorando a súa influencia ou pervivencia en etapas posteriores.
- ✓ Contribuír de forma activa á conservación do patrimonio cultural, valorándoo como fonte de riqueza e legado que debe transmitirse ás xeracións futuras, rexeitando aqueles comportamentos que o deterioren.
- ✓ Establecer valoracións propias e críticas sobre diferentes obras da arte occidental, ou de outras culturas, empregando con rigor e precisión a terminoloxía específica precisa, desenvolvendo desta forma o gusto persoal e a capacidade de gozo estético.
- ✓ Realizar actividades de investigación nas que sexa preciso analizar, interpretar e contrastar información obtida de diferentes fontes, como medio para afondar no coñecemento dos distintos aspectos da Historia da Arte.

XIII.2. PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: *a arte clásica: Grecia*

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A primeira unidade desta materia dedícase ao estudo da arte grega, un dos capítulos máis interesantes e complexos da historia da arte occidental, tanto polo que ten de renovación das formas artísticas, como polo feito de tratarse da primeira civilización que reflexiona sobre o fenómeno artístico e articula unha teoría da arte coherente coas obras que produce. Ademais, trátase dun estilo que tivo unha importantísima repercusión nos estilos posteriores, como o Renacemento, o Neoclasicismo ou a arte contemporánea, e que sigue despertando unha inmensa admiración entre os expertos e o gran público. Nesta primeira unidade é de capital importancia para o desenvolvemento do curso, pois a través dela levarase a cabo a aprendizaxe do concepto de estilo, a observación do fenómeno de cambio e permanencia na arte, e o traballo coas principais técnicas de análise de obras de arte. Mediante o estudo da evolución da arte grega nos seus distintos períodos, terase unha visión moi completa da faceta dinámica do concepto de estilo e das fases polas que atravesará, desde as súas primeiras propostas arcaicas ata a súa madurez barroquizante, aprendizaxes que logo poderase extrapolar a outros estilos artísticos. Desde o primeiro momento amosarase a materia de Historia da arte ao alumnado como unha disciplina dinámica, en constante evolución e, sobre todo, desde un punto de vista amable, sen tratar de ofrecer conceptos inintelixibles.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta primeira unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 3 semanas, a comezos do primeiro trimestre, ou sexa ao longo de 12 sesións lectivas de setembro e outubro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Entender a influencia do pensamento racional grego no campo da arte.
2. Distinguir os elementos construtivos gregos e a tipoloxía dos templos.
3. Sentar as bases do comentario dun edificio en planta e alzado.
4. Coñecer a evolución da escultura grega.
5. Aprender a ler unha escultura nos seus aspectos formais.
6. Comprender a importancia do legado grego na nosa civilización.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Grecia creadora da linguaxe clásica; principais manifestacións. As ordes gregas.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte grega, relacionándoa cos seu respectivo contexto histórico e cultural.	1.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	I	CCL CSC CCEC CSIEE
		1.1.2. Define o concepto de orde arquitectónica e compara as tres ordes da arquitectura grega.	I	
		1.1.3. Describe os distintos tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e á decoración escultórica. <i>O Partenón, o Erecteion e o templo de Niké Apta.</i>	I	
		1.1.4. Describe as características do teatro grego e a función de cada unha das súas partes.	CI	
		1.1.5. Explica a evolución da figura humana masculina na escultura grega a partir do <i>Kouros de Anavysos</i> , o <i>Discóbolo (Mirón)</i> , o <i>Doríforo (Policleto)</i> , o <i>Hermes de Olimpia</i> e a <i>Venus de Cnido (Praxíteles)</i> , o <i>Apoxiomeno (Lisipo)</i> e a <i>Ménade (Scopas)</i> .	I	

<p>2. O templo grego: o Partenón e a Acrópole de Atenas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os frontóns. • As metopas. • O frisos. 	<p>2.1. Explicar a función social da arte grega, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas e as relacións entre eles.</p>	<p>2.1.1. Especifica quen eran os principais clientes da arte grega, e a consideración social da arte e dos artistas.</p>	<p>N</p>	<p>CCEC CSC</p>
<p>3. A evolución da escultura grega.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os grandes mestres do século V: Fidias e Policleto. • Os grandes mestres do século IV: Praxíteles, Scopas e Lisipo. 	<p>3.1. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte grega, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>3.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas gregas: Partenón (frontóns), tribuna das <i>cariátides do Erecteion</i>, <i>templo de Niké Aptera</i>, <i>teatro de Epidauro</i>.</p>	<p>I</p>	<p>CCL CSIEE CCEC</p>
		<p>3.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas gregas: <i>Kouros de Anavysos</i>, <i>Discóbolo (Mirón)</i>, <i>Doríforo (Policleto)</i>, unha <i>metopa do Partenón (Fidias)</i>, <i>Hermes con Dionisos neno</i> e <i>Venus de Cnido (Praxíteles)</i>, <i>Apoxiomeno (Lisipo)</i>, <i>Ménade (Scopas)</i>.</p>	<p>I</p>	
<p>4. O período helenístico.</p> <ul style="list-style-type: none"> • O patrimonio artístico. • Clientes e consideración social do artista. 	<p>4.1. Realizar e expón, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, empregando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías e toma decisións de desenvolvemento do traballo individual, grupal ou colaborativo para conseguir producións de calidade.</p>	<p>4.1.1. Realiza un traballo de investigación sobre Fidias.</p>	<p>P</p>	<p>CAA CCL CD CSIEE</p>
	<p>5.1. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.</p>	<p>5.1.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios das obras máis relevantes da arte antiga que se conservan na túa comunidade autónoma.</p>	<p>P</p>	<p>CCEC</p>
<p>6.1. Utilizar a terminoloxía específica</p>	<p>6.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa</p>	<p>6.1.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa</p>	<p>N</p>	<p>CCL CCEC</p>

	da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os principais elementos e técnicas.	evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.		
		6.1.2. Define o concepto de orde arquitectónico e compara as tres ordes da arquitectura grega.	CI	
		6.1.3. Describe os distintos tipos de templo grego, con referencia ás características arquitectónicas e a decoración escultórica.	CI	

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Analizar fichas das obras seleccionadas.	- Desenvólvese mediante análise das fichas das obras seleccionadas e a realización de traballos que reclaman o uso da Internet e doutras fontes de consulta dixital
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Realizar traballos de investigación.	- Traballa naquelas actividades que propoñen a realización de traballos de investigación.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Manexar a terminoloxía específica da unidade.	- Desenvólvese en todas aquelas actividades que propoñen a descrición e análise de obras da arte grega e naquelas nas que se propón a definición de termos específicos da arquitectura grega.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Amosar interese por expresar a súa opinión e coñecer a dos demais.	- Traballa de forma transversal nas actividades que se realizan de forma colectiva ou en pequenos grupos, o que supón o desenvolvemento das habilidades de escoita activa, comunicación asertiva das opinións persoais e respecto polas opinións distintas á propia.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Traballar a análise das obras de arte grega seleccionadas.	- Recoñece as características das principais manifestacións artísticas da arte grega e aprende a gozar contemplando estas obras de arte.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Material audiovisual como:
 - <http://www.artehistoria.com/>** Web dedicada á arte e a cultura en español, a través da cal podemos observar multitude de imaxes artísticas realizando buscas por autor ou por obra.
 - <http://www.artespana.com/artegriego.htm/>** Portal dedicado á historia da arte, onde podemos atopar recursos e imaxes sobre a historia da arte en Grecia.

<http://www.historiayarte.net/a-arte-griego.html/> Esta web é un portal temático onde se poden encontrar materiais relacionados con historia antiga e moderna, así como cos diferentes tipos de arte que sobreviviron ao longo do tempo.

- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.

UNIDADE 2: a arte clásica: Roma

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A segunda unidade dedícase ao estudo da arte romana, capítulo fundamental na Historia da Arte occidental por ofrecer unha simbiose entre a visión artística grega, da arte por si mesmo e, ao mesmo tempo, a mentalidade práctica dos romanos. A mesma importancia darase a súa influencia posterior no urbanismo, as formas xeométricas, os espazos abovedados, os monumentos conmemorativos ou os edificios lúdicos, que se verán reflectidos posteriormente en estilos como o Románico, o Renacemento ou o Neoclasicismo. O estudo desta unidade é de suma importancia, pois a través dela afondarase no estudo da Historia da Arte, dando continuidade aos conceptos gregos, ao tempo que se asimilan conceptos latinos novos. Comezarase polo estudo da arquitectura e a cidade, e despois afrontarase a temática do retrato e o relevo conmemorativo, aspecto importantísimo e que perdurará ao longo da historia, para finalizar cun repaso sobre a pintura. Ao inicio da unidade, recordarase que aínda que a arte grega e romana van da man, fundíndose no concepto de arte clásico, cada cal terá as súas peculiaridades. De novo, ao igual que na primeira unidade mostrarase ao alumnado a materia de Historia da Arte, desde un punto de vista amable, sen tratar de ofrecer conceptos que non sexan asumibles, e evitarase a visión prexuciosa sobre a arte romana, que durante tanto tempo dificultou a apreciación do seu valor intrínseco. Os contidos da unidade, ademais de atender a criterios pedagóxicos e didácticos, centraranse no estudo das aportacións xenuinamente romanas á Historia da Arte, ademais de lembrar ao alumnado as débedas que a arte romana ten coa grega. Tamén se prestará atención ás aportacións dos etruscos e á transformación sufrida durante o Baixo Imperio.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta segunda unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 2 a 3 semanas, no primeiro trimestre, ou sexa ao longo de 8 sesións lectivas de outubro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Diferenciar a arte grega da romana.
2. Entender o carácter utilitario da arte romana e comprender a influencia do pensamento na concepción dos edificios.
3. Coñecer os presupostos construtivos propios da arquitectura romana.
4. Analizar as características do relevo e da escultura romanas e as súas transformacións no tempo.
5. Distinguir a importancia dos materiais e o dominio da técnica no proceso escultórico.
6. Indicar a influencia do cristianismo nas artes plásticas do mundo romano.
7. Coñecer o legado de Roma.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Arquitectura e cidade. Visión do clasicismo en Roma. Tipoloxías construtivas. A arte na Hispania romana e na Gallaecia.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte romana, en relación co seu contexto histórico e cultural.	1.1.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	I	CCL CAA CCEC
		1.1.2. Especifica as aportacións da arquitectura romana en relación coa grega.	I	
		1.1.3. Describe as características e funcións dos principais tipos de edificios romanos. O <i>Panteón de Roma</i> , o <i>Coliseo de Roma</i> , <i>arco de triunfo de Tito</i> , <i>acueduto de Segovia</i> e <i>teatro de Mérida</i> .	I	
		1.1.4. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.	F	
		1.1.5. Explica os trazos principais da cidade romana a partir de fontes históricas ou historiográficas.	F	
2. O retrato e o relevo conmemorativo. <ul style="list-style-type: none"> O retrato. O relevo conmemorativo. 	2.1. Explicar a función social da arte grega e da arte romana, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas e as relacións entre eles.	2.1.1. Especifica as innovacións da escultura romana en relación coa grega.	CI	CCL CSC
3. A pintura mural: os catro estilos pompeianos. <ul style="list-style-type: none"> O patrimonio artístico. Clientes e consideración social do artista. 	3.1. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte grega e da arte romana, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	3.1.1. Describe as características xerais dos mosaicos e a pintura en Roma a partir de unha fonte histórica ou historiográfica.	F	CCL CSIEE
		3.1.2. Especifica quen eran os principais clientes da arte romana e a consideración social da arte e dos artistas.	N	

		3.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas romanas: <i>Panteón de Roma, teatro de Mérida, Coliseo de Roma, acueduto de Segovia, Arco de Tito en Roma, Columna de Traxano en Roma.</i>	I	
		3.1.4. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas romanas: <i>relevo do Arco de Tito (detalle dos soldados co candelabro e outros obxectos do Templo de Xerusalén) e relevos da columna de Traxano.</i>	I	
	4.1. Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías e tomar decisións de desenvolvemento do traballo individual, grupal ou colaborativo para conseguir producións de calidade.	4.1.1. Realiza un traballo de investigación sobre o debate acerca da autoría grega ou romana do grupo escultórico de <i>Laocoonte e os seus fillos.</i>	P	CCL CD CAA CSIEE
	5.1. Respetar as creacións artísticas da Antigüidade grecorromana, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	5.1.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes da arte antiga que se conservan na comunidade autónoma galega.	N	CCL CD CAA CSC CSIEE
	6.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os principais elementos e técnicas.	6.1.1. Explica as características esenciais da arte romana e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	N	CCL CSC
		6.1.2. Compara o templo e o teatro romanos cos respectivos gregos.	CF	

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Analizar fichas das obras seleccionadas.	- Desenvólvese mediante análise das obras de arte das fotografías e a través do uso das TIC na procura de información.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Realizar tarefas de investigación.	- Promove o seu desenvolvemento nas actividades que requiren pór en práctica as habilidades de planificación e organización das tarefas asignadas: análise de obras de arte, busca de información en fontes de consulta alternativas ao libro de texto, etcétera.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Manexar a terminoloxía específica da unidade.	- Describe as obras de arte romanas seleccionadas e define os conceptos relacionados coa arte etrusca, romana e paleocristiá.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Aprender a traballar de forma individual e colectiva.	- Traballa nas actividades que implican o desenvolvemento das habilidades de comunicación interpersonal para organizar as tarefas asignadas, establecer prioridades, acadar acordos de colaboración, etcétera.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolver ao longo do tema os contidos teóricos e prácticos.	- Desenvolve a sensibilidade estética e valora a achega da arte romana á cultura occidental.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Material audiovisual como:
 - <http://www.artehistoria.com/> Web dedicada á arte e a cultura en español, a través da cal podemos observar multitude de imaxes artísticas realizando buscas por autor ou por obra.
 - <http://www.arteguias.com/romano.htm/> Portal dedicado á historia da arte, onde podemos encontrar recursos e imaxes sobre a historia da arte en Roma con diferentes apartados dedicados á arquitectura, escultura, pintura, mosaicos...
 - <http://desarrollodelarte.blogspot.com.es/2010/07/el-arte-en-la-antigua-roma.html/> Blog dedicado á Historia da Arte, onde podemos atopar desenvolvementos fundamentalmente dous temas: a arquitectura e o mosaico romanos.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ Un aspecto interesante pode ser dar un paseo pola cidade de Pompeia, reconstruída de forma virtual polo sitio Virtual Reality Lab (<https://vimeo.com/1364178>).

- ♣ Unha das paixóns dos romanos era contemplar todo tipo de espectáculos sangrentos na area do Coliseo, a través deste vídeo podemos ver a loita de varios gladiadores no anfiteatro dos Flavios (<https://www.youtube.com/watch?v=EG0ae62HMts>).
- ♣ O saneamento foi un aspecto básico na cidade de Roma. A través deste recurso podemos contemplar a construción dos acuedutos durante a época romana (https://www.youtube.com/watch?v=zA4JK5y6_zA).

UNIDADE 3: as artes bizantina, paleocristián e prerrománica

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A terceira unidade dedícase ao estudo da arte paleocristián, bizantina e prerrománica, capítulo imprescindible na Historia da Arte, polo que supón, desde un punto de vista pedagóxico, de ponte entre o mundo clásico da Antigüidade e a plena Idade Media. Ademais resulta indiscutible a influencia posterior que exerceu na arte románica e gótica. Por unha parte, o mundo clásico vai experimentando un proceso de orientalización no que respecta ás ideas, as mentalidades, as formas da organización política, as costumes relixiosas e as formas de expresión artística. Este proceso comeza a fraguarse ao longo da crise do século III, poténciase no século IV e culmina co Imperio bizantino, en cuxa cultura atopamos unha síntese de elementos procedentes do mundo grecorromano e do cristianismo oriental. No mundo artístico, a arquitectura vaise enriquecendo coas aportacións orientais ata culminar na construción de Santa Sofía, verdadeiro fito da arquitectura mundial, e no variado abano de solucións que se articulan no cuberto de espazos con cúpulas.

Deste mundo de experiencias e de acertos xorden solucións que serán aplicadas tamén en Occidente ata a aparición da arquitectura gótica, sen esquecer a proxección cara a arte islámica, tanto en formas como en valores espaciais. Nas artes figurativas asistimos a un fenómeno de transformación máis radical, debido sen dúbida aos complicados escrúpulos que provoca a imaxe nunha relixión nacida no entorno do xudaísmo e que ten no Antigo Testamento un dos seus piares teolóxicos. De novo, ao igual que en anteriores unidades mostrarase ao alumnado a materia de Historia da Arte desde un punto de vista amable, sen tratar de ofrecer conceptos que non sexan asumibles, máxime cando os coñecementos previos que poda posuír o alumnado sobre arte paleocristián e bizantino van a ser escasos. Os contidos da unidade, ademais de atender a criterios pedagóxicos e didácticos, centraranse no estudo das aportacións xenuinamente paleocristiáns e bizantinas á Historia da Arte.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta segunda unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 3 semanas, no primeiro trimestre, ou sexa ao longo de 10 sesións lectivas de novembro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Localizar xeográfica e temporalmente a arte bizantina e a arte paleocristián.
2. Comprender a importancia da desintegración do imperio romano na formación da arte de cada zona.
3. Recoñecer a estética “bárbara”. Recoñecer a estética bizantina como herdeira da romana.
4. Localizar os diferentes estilos prerrománicos.
5. Distinguir os elementos característicos dos prerrománicos hispanos.
6. Establecer correspondencias entre planta e alzado dun mesmo edificio.
7. Coñecer as causas do empobrecemento plástico propio da arte prerrománica.
8. Identificar as características das artes plásticas do prerrománico e da arte bizantina.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Os edificios bizantinos e a cúpula, con especial referencia a <i>Santa Sofía de Constantinopla</i> . A arte paleocristián, a basílica, baptisterios e mausoleos. A iconografía paleocristián. A arte das catacumbas.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte medieval, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	1.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristián e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	I	CCL CSC CCEC CSIEE
		1.1.2. Describe a orixe, características e función da basílica paleocristiá.	CI	
		1.1.3. Describe as características e función dos baptisterios e mausoleos paleocristiáns, así como a función de cada unha das súas partes.	F	
		1.1.4. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristiá, con especial referencia á iconografía.	F	
		1.1.5. Explica as características esenciais da arte bizantina a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CF	
		1.1.6. Explica a arquitectura bizantina a través da igrexa de <i>Santa Sofía de Constantinopla</i> .	I	
		1.1.7. Describe as características do mosaico bizantino e dos temas iconográficos do <i>Pantocrátor e a Virxe</i> , así como a súa influencia na arte occidental.	I	
2. A cristianización da basílica. A decoración musivaria bizantina.	2.1. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte medieval, aplicando un método que inclúa diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	2.1.1. Identifica, analiza e comenta o mosaico do <i>Cortexo da emperatriz Teodora</i> en San Vital de Rávena.	I	CCL CSIEE CCEC

3. A iconografía na arte bizantina e paleocristián e o seu significado.	3.1. Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías e tomar decisións de desenvolvemento do traballo individual, grupal ou colaborativo para conseguir producións de calidade.	3.1.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da Visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	P	CCL CD CSIEE CAA
4. Os edificios prerrománicos españois, galegos e a arte asturiana desta época.	4.1. Respectar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	4.1.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes da arte medieval que se conservan na súa comunidade autónoma.	N	CSC CCEC CCL CSIEE
		4.1.2. Define o concepto de arte prerrománico e especifica as súas manifestacións en España.	I	
		4.1.3. Identifica e clasifica razoadamente no seu estilo as seguintes obras: <i>Santa Comba de Bande</i> , <i>Santa María do Naranco</i> , <i>San Miguel de Celanova</i> e <i>San Pedro da Nave</i> .	I	
5. Características xerais do mundo e da arte paleocristián e prerrománico.	5.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os principais elementos e técnicas.	5.1.1. Explica as características esenciais da arte paleocristián e a súa evolución no tempo a partir de fontes históricas ou historiográficas.	N	CCL CCEC
		5.1.2. Explica a evolución da pintura e o mosaico na arte paleocristián, con especial referencia á iconografía.	N	

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Potenciar a análise de fontes iconográficas e cartográficas.	- Desenvolve traballos de investigación dos contidos da unidade na Internet e noutras fontes de consulta dixital.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Realizar tarefas de investigación.	- Promove o seu desenvolvemento nas actividades que requiren pór en práctica as habilidades de planificación e organización das tarefas asignadas: análise de obras de arte, busca de recursos, etcétera.

<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Manexar a terminoloxía específica da unidade.	- Describe as obras de arte bizantina, paleocristiá e prerrománica seleccionadas e traballa todas aquelas actividades que requiren un intercambio comunicativo e unha posta en común dos resultados obtidos.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Desenvolver actividades que requiran traballo colaborativo entre o alumnado.	- Comparte cos seus compañeiros/as obxectivos comúns, tarefas, acordos, etcétera .
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolver ao longo do tema os contidos teóricos e prácticos.	- Desenvolve a sensibilidade estética e valora beleza da arte bizantina, paleocristiá e prerrománica.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Material audiovisual como:
 - <http://www.artespana.com/artepaleocristiano.htm/>** Web dedicada ao arte e a cultura en español, a través da cal podemos realizar un percorrido polo arte paleocristián, tendo como eixe vertebrador o edicto de Milán de 313.
 - <http://www.arteguias.com/bizantino.htm/>** Portal dedicado á Historia da Arte, onde podemos encontrar recursos e imaxes sobre a arte no Imperio bizantino, con diferentes apartados dedicados á arquitectura, pintura ou mosaicos.
 - <http://historiadelarte07.blogspot.com.es/2008/08/arte-bizantino.html/>** Blog dedicado á Historia da Arte, onde podemos atopar un repaso xeral polas tres principais idades de ouro da arte bizantina.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ A través desta páxina web pode realizarse unha visita virtual de 360° a todas as dependencias do recinto actual de *Hagia Sophia* en Estambul (**https://www.360tr.com/34_istanbul/ayasofya/english/**).
- ♣ Grazas a este vídeo podemos comprobar como era a Santa Sofía orixinal, a través dunha reconstrución en 3D (**<https://www.youtube.com/watch?v=bpa2y5tRizo>**).
- ♣ Este vídeo mostraranos unha completa visión sobre a igrexa de San Vital de Rávena e a espléndida colección de mosaicos bizantinos que posúe (**<https://www.youtube.com/watch?v=It3i-dKusIM>**).
- ♣ A ferramenta Google Maps ofrécenos unha visita virtual ás catacumbas romanas, pensada especialmente para aquelas persoas que podan padecer certa aprensión por camiñar baixo terra (**<https://www.google.com/maps/@41.9293053,12.5090837,3a,75y,109h,90t/data=!3m7!1e1!3m5!1ssfLnF1scbgAAAQJOCH0Sw!2e0!3e2!7i13312!8i6656>**).

- ♣ Este documental ofrece unha visión sobre a época de maior extensión e gloria do Imperio bizantino, a do emperador Xustiniano e a emperatriz Teodora (<https://www.youtube.com/watch?v=Q9-n18kWV9Q>).
- ♣ Grazas a este enlace poderemos realizar unha visita virtual completa de Santa María do Naranco, tanto no seu exterior (<https://www.youtube.com/watch?v=qqwRjcaxfok>), e no interior (<https://www.youtube.com/watch?v=P773F4yo61M>).

UNIDADE 4: a arte románica como primeira definición de occidente

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A cuarta unidade da materia dedícase ao estudo da arte románica, capítulo tamén imprescindible na Historia da Arte pola súa aportación á estética medieval e, especialmente, porque o románico convértese no primeiro arte a nivel global dentro da Europa occidental. O estudo da arte na Alta Idade Media preséntase desde o punto de vista didáctico como unha ocasión inmejorable para analizar en profundidade o concepto de estilo. Ao redor do ano 1100 prodúcese a volta á homoxeneidade na arte europea occidental. É unha nova unidade estilística, pero tamén posúe unha herdanza da arte romana, non estando exenta dos matices rexionais que enriquecen ao estilo.

Nesta unidade didáctica preséntase a análise dos fortes vínculos que se establecen en Occidente entre arte e relixión, situación que non se volverá a atopar neste grao ata o Concilio de Trento. E este vínculo, presente noutras épocas e lugares, favorece o desenvolvemento da imaxe como elemento catequético, postura na que a igrexa católica tivo poucas dúbidas. En definitiva, esta unidade céntrase nun estilo clave para a comprensión da arte medieval, especialmente do gótico.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta segunda unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 4 semanas, no primeiro trimestre, ou sexa ao longo de 14 sesións lectivas de novembro e decembro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Localizar a expansión da arte románica.
2. Coñecer a importancia da igrexa no proceso de unificación da arte europea.
3. Entender a importancia das peregrinacións no mundo medieval e a transcendencia do Camiño de Santiago.
4. Identificar os elementos construtivos propios do románico.
5. Recoñecer e comprender a linguaxe plástica románica.
6. Identificar o poso do mundo clásico.
7. Establecer a importancia da catedral de Santiago na arquitectura e na escultura románicas.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Introducción á arte románica.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte medieval, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	1.1.1. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CF	CCL CSC CCEC
		1.1.2. Describe as características e función das igrexas e mosteiros na arte románica.	F	
		1.1.3. Explica as características da escultura e a pintura románicas, con especial referencia á iconografía.	I	
2. A arquitectura románica. • Elementos formais e solucións construtivas. • A igrexa de peregrinación: a catedral de Santiago de Compostela. • Os mosteiros.	2.1. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da arte arquitectura románica.	2.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas románicas: <i>San Martín de Frómista</i> e interior da <i>Catedral de Santiago de Compostela</i> .	I	CCL CSIEE CCEC
		2.1.2. Identifica, analiza e comenta un exemplo de mosteiro románico: <i>interior do mosteiro de Oseira</i> (Ourense).	CI	
3. Escultura e pintura románicas. • O patrimonio artístico. • Clientes e consideración social do artista.	3.1. Analizar, comentar e clasificar obras significativas da escultura e pintura románicas. Explicar a función social da arte medieval, especificando o papel desempeñado polos clientes e artistas e as relacións entre eles.	3.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas románicas: <i>esculturas de Praterías</i> e o <i>Pórtico da Gloria</i> (Catedral de Santiago).	I	CCL CSIEE CCEC
		3.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas murais románicas: bóveda da <i>Anunciación aos pastores no Panteón Real de San Isidoro de León</i> ; <i>ábsida de San Clemente de Tahull</i> (Lleida).	CI	
		3.1.3. Especifica as relacións entre os artistas e os clientes da arte románica.	N	

	4.1. Realizar e expoñer, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías e tomar decisións de desenvolvemento do traballo individual, grupal ou colaborativo para conseguir producións de calidade.	4.1.1. Realiza un traballo de investigación sobre o tratamento iconográfico e o significado da Visión apocalíptica de Cristo e o Xuízo Final na arte medieval.	P	CCL CD CAA CSIEE
	5.1. Respetar as creacións da arte medieval, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	5.1.1. Explica a importancia da arte románica no Camiño de Santiago de Compostela.	I	CCL CD CAA CSIEE CCEC
		5.1.2. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis relevantes da arte medieval que se conservan na súa comunidade autónoma.	N	
	6.1. Utilizar os termos específicos da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os principais elementos e técnicas.	6.1.1. Define o concepto de arte románico e especifica as súas manifestacións en España.	F	CCL CCEC
		6.1.2. Describe as características xerais da arte románica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CF	

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Potenciar a análise de fontes iconográficas.	- Busca recursos didácticos en distintas fontes de consulta dixitais.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Desenvolver actividades que requiran pór en práctica as habilidades de planificación e organización das tarefas asignadas.	- Analiza obras de arte románica, procura información sobre elas, etcétera.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Desenvolver destrezas comunicativas.	- Elabora texto descritivos e explicativos, define conceptos da arte románica, argumenta as opinións persoais, etcétera.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Desenvolver actividades que requiran traballo colaborativo entre	- Potencia habilidades de comunicación interpersonal: escoita activa, empatía, respecto pola quenda de palabra e valoración das opinións distintas da propia.

	o alumnado.	
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Traballar ao longo do tema no desenvolvemento tanto dos contidos teóricos como na análise das obras de arte seleccionadas.	- Valora a beleza da arte románica e toma conciencia da necesidade de protexer e conservar este patrimonio artístico.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.

♣ Material audiovisual como:

<http://www.arteguias.com/arquitectura.htm/> Esta páxina web é un clásico dentro deste arte, pois é o primeiro portal do románico e da arte medieval en España, incluíndo un extenso recorrido polos primeiros tempos, a súa plenitude e as diferentes variedades rexionais europeas.

<http://historiadelarte07.blogspot.com.es/2008/08/arte-romnico.html/> Neste blog expónse de xeito moi sinxelo e especialmente ben organizada a evolución da arte románica en Europa, facendo especial referencia á Península Ibérica.

<http://www.artehistoria.com/v2/contextos/1359.htm/> Outro portal clásico de arte e a cultura en español, que neste caso nos ofrece un panorama xeral sobre arquitectura, escultura e pintura románicas, así como un bo número de imaxes. Podería estar especialmente indicado para realizar actividades de reforzo.

<http://www.amigosdelrománico.org/nosotros.html/> A través desta páxina web, e tal e como os seus autores indican poderase descubrir, coñecer e afondar no románico máis aló das súas formas para penetrar na súa comprensión, simbolismo e misterio.

♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.

♣ A través desta web, temos dispoñible toda a colección de capítulos da serie documental “Las claves del románico”. Neste concretamente trátase o tema das catedrais e colexiaturas románicas (**<http://www.rtve.es/alacarta/videos/las-claves-del-románico/claves-del-románico-catedrales-colegiadas-románicas/2036608/>**).

♣ Esta web ofrece unha clasificación moi interesante sobre as dez xoias imprescindibles do románico español (**http://www.abc.es/viajar/top/20140303/abci-románico-destinos-espana-201402191020_7.htm**).

♣ A través deste recurso poderemos realizar un recorrido sobre a construción da catedral de Santiago de Compostela (**http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-catedral-de-santiago_7200**).

♣ Tamén sobre Santiago, a través desta web poderemos ver o aspecto orixinal da catedral compostelá (**<https://www.youtube.com/watch?v=JSFIX7ZNYJA>**).

- ♣ Unha vez máis, a tecnoloxía permítenos reconstruír o aspecto orixinal da abadía de Cluny, con todas as súas dependencias (<https://www.youtube.com/watch?v=UJiv626VfvE>).
- ♣ Facendo referencia ao ábsida de San Clemente de Tahull, a través desta web realizaremos un recorrido polo traslado da súa ubicación orixinal (<http://www.rtve.es/alcarta/videos/la-mitad-invisible/mitad-invisible-pantocrator-sant-climent-taull/1364606/>), e despois poderemos observar a súa ubicación actual no Museo Nacional de Arte de Cataluña (<http://www.museunacional.cat/es/colleccio/abside-de-sant-climent-de-taull/mestre-de-taull/015966-000>).

UNIDADE 5: a arte gótica como expresión da cultura urbana

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A quinta unidade da materia dedícase ao estudo da arte gótica, capítulo tamén imprescindible na Historia da Arte pola súa aportación á estética medieval e, porque supón a culminación da arte global a nivel europeo no medievo. A arte gótica supón a maduración da arte europea occidental, tanto no referente aos elementos de continuidade coa cultura anterior como, sobre todo, na fonda renovación que se aprecia na súa morfoloxía e no contexto no que se desenvolve a produción artística. Neste sentido, é indubidable que a ruptura que se aprecia nas fórmulas e técnicas arquitectónicas con respecto á herdanza do pasado clásico marcan un fito na evolución da arte europea. Sen embargo, hai outros aspectos da cultura e a arte da época que enlazan e mesmo reforzan os vínculos co pasado, ata o punto que se pode falar da existencia de elementos protorrenacentistas, mesmo fóra de Italia, onde a figura de Giotto merece ese cualificativo.

Nesta unidade desde o punto de vista didáctico, convén resaltar os elementos de renovación fronte aos de continuidade, unha renovación cuxos desencadeantes atópanse na maduración da cultura europea e no rescate de certos elementos da cultura clásica, ben de forma directa, a través do desenvolvemento incipiente da filoloxía, ou indirectamente, a través das ensinanzas recibidas do mundo islámico. Con este transfondo, o contexto histórico no que se xesta e desenvolve a arte gótica, aparece como un mundo extremadamente complexo diante do alumnado de bacharelato, polo que hai que presentalo da forma máis alcanzable posible, sen caer no reduccionismo. En definitiva, esta unidade céntrase nun estilo crucial para a comprensión da arte medieval e para as reinterpretacións que desta arte farán os artistas do Romanticismo e as vangardas.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta quinta unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 2 ou 3 semanas, no segundo trimestre, ou sexa ao longo de 9 sesións lectivas de xaneiro. Tamén en xaneiro e despois de explicar o gótico, poderíase dedicar unhas 5 sesións lectivas ao repaso da arte medieval en xeral para afianzar contidos e conceptos para afrontar con seguridade as novas manifestacións artísticas vindeiras.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar e valorar a importancia do cambio social na sociedade urbana.
2. Recoñecer os elementos arquitectónicos característicos do gótico.
3. Interpretar a importancia das innovacións técnicas na edificación das grandes catedrais góticas.
4. Identificar as innovacións dos programas iconográficos das igrexas.
5. Explicar os ideais estéticos e simbólicos dos espazos góticos.
6. Diferenciar as técnicas pictóricas que aparecen no período gótico.
7. Ler un cadro nos seus aspectos formais.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Acheга do Gótico: expresión dunha cultura urbana. A catedral e a arquitectura civil. Modalidades escultóricas. Pintura italiana e flamenga, orixe da pintura moderna.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte gótica, en relación co seu contexto histórico e cultural.	1.1.1. Describe as características xerais da arte gótica a partir de fontes históricas ou historiográficas.	CF	CCEC CCL CAA
		1.1.2. Describe as características e a evolución da arquitectura gótica e especifica os cambios introducidos respecto á románica.	I	
		1.1.3. Describe as características e a evolución da escultura gótica, e especifica as súas diferenzas tipolóxicas, formais e iconográficas respecto á escultura románica.	I	
		1.1.4. Recoñece e explica as innovacións da pintura de Giotto e do Trecento italiano respecto á pintura románica e bizantina.	I	
		1.1.5. Explica as innovacións da pintura flamenga do século XV e cita algunhas obras dos seus principais representantes.	I	
2. Función social da arte gótica.	2.1. Explicar a función social da arte gótica, especificando o papel desempeñado por clientes e artistas, e as relacións entre eles.	2.1.1. Especifica as relacións entre artistas e clientes da arte gótica, e a súa variación respecto ao románico.	N	CCEC CCL CSC CAA
3. Comentario de obras de arte gótica.	3.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte gótica, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural,	3.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas góticas: <i>fachada occidental da catedral de Reims, o Pórtico Real da catedral de Chartres, o interior da planta superior da Sainte Chapelle de París.</i>	I	CCEC CCL CAA CSC

	sociolóxico e histórico).	3.1.2. Identifica, analiza e comenta o grupo da <i>Anunciación</i> e a <i>Visitación</i> da catedral de Reims.	I
		3.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas góticas: escena de <i>A fuxida a Exipto, o pranto ante Cristo morto</i> e <i>o bico de Xudas</i> (Giotto) na Capela Scrovegni de Padua; <i>Matrimonio Arnolfini</i> e <i>Virxe do Chanceler Rollin</i> (Jan Van Eyck); o <i>descendemento da cruz</i> (Roger van der Weyden).	I

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Desenvolver a análise de fontes iconográficas.	- Procesa e analiza criticamente a información recollida coa axuda das TIC.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Desenvolver actividades que requiran pór en práctica as habilidades de planificación e organización das tarefas asignadas.	- Autorregula o propio proceso de aprendizaxe sobre a arte gótica.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Fortalecer destrezas de expresión oral e escrita do alumnado.	- Elabora texto descritivos, define conceptos da arte gótica, argumenta as opinións persoais, etcétera.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Desenvolver habilidades de comunicación interpersoal.	- É quen de organizar as tarefas asignadas, establecer prioridades, acadar acordos de colaboración, etcétera.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Cultivar o sentido estético do alumnado e a capacidade de emocionarse diante das obras de arte.	- Desenvolve unha actitude activa en relación coa conservación do patrimonio artístico da arte gótica.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.

♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.

♣ Material audiovisual como:

<http://www.arteguias.com/gotica.htm>. Esta páxina web é un clásico dentro da arte medieval en España e inclúe un percorrido completísimo pola arte gótico no noso país e nos principais escenarios europeos.

<http://www.profesorfrancisco.es/2013/01/arte-gotico.html>. A través desta web encontraremos un percorrido xeral sobre arquitectura, escultura e pintura góticas, co engadido de ser un temario adaptado á materia de 2.º de Bacharelato, polo que pode resultar un recurso interesantísimo.

<http://www.artehistoria.com/v2/contextos/1360.htm>. Outro portal clásico da arte e a cultura en castelán, que neste caso ofrece un panorama xeral sobre arquitectura, escultura e pintura góticas, así como un bo número de imaxes. Podería estar especialmente indicado para realizar actividades de reforzo.

Neste vídeo podemos encontrar un interesante e extenso recurso sobre o modo de construción dunha catedral gótica (<https://www.youtube.com/watch?v=de00H43bMjs>).

Neste enlace poderemos observar en todo o seu esplendor o triunfo da luz dentro das catedrais góticas, a través da Santa Capela de París (<https://www.youtube.com/watch?v=AA7T20AkJk>).

Grazas a esta web poderemos realizar unha visita completa e moi curiosa á catedral de Notre Dame de París (<http://www.planetadigital360.com/tour/paris/notredame/index.html>).

A modo de curiosidade, podemos visitar de forma moi exhaustiva a portada da catedral de Reims e, especialmente, o seu anxo do sorriso (<http://www.talesofawanderer.com/blog/el-angel-sonriente-reims-francia/>).

Grazas a este enlace visitamos de maneira virtual a capela Scrovegni e atopándonos co xenial arte de Giotto (<https://www.youtube.com/watch?v=H9inqnnBHyQ>).

UNIDADE 6: a arte do Renacemento e o manierismo

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Na sexta unidade atopámonos co estudo da arte do Renacemento e o manierismo, capítulo absolutamente indispensable e insubstituíble na Historia del Arte pola súa aportación á estética, as súas novidades e a profundísima renovación que supuxo dentro da arte internacional. Trátase dun proceso revolucionario na Historia da Arte europea que, ademais de reavivar e renovar as súas máis profundas raíces, alimenta un novo e poderoso tronco do que se nutriron as posteriores tendencias da arte occidental, ben sexa para emulalo ou para negalo e substituílo por outras formas de ver e entender a produción artística. O Renacemento afunde as súas raíces na Idade Media, pero é nos séculos XV e XVI cando se produce a verdadeira eclosión de conceptos, elementos, artistas e feitos artísticos que conforman ese universo tan fecundo e tan consciente da súa singularidade, creatividade e xenialidade ao que hoxe chamamos Renacemento, seguindo o termo empregado polos propios protagonistas do evento. O enfoque didáctico da unidade débese centrar en non atafegar ao alumnado coa cantidade absolutamente inxente de obras e artistas renacentistas, e á mesma vez é especialmente interesante para a análise dos conceptos epistemolóxicos moi adecuados para o alumnado de Bacharelato: a dialéctica cambio/ permanencia e o concepto de estilo e os seus problemas de unidade e diversidade no espazo e no tempo. En definitiva, esta unidade céntrase nun estilo crucial para a comprensión da Historia universal da Arte, o seu rexurdimento no neoclasicismo, as reinterpretacións que del realizarán os artistas dos séculos XIX e XX, así como para a apreciación do enorme patrimonio artístico creado.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 4 semanas, no segundo trimestre, ou sexa ao longo de 16 sesións lectivas de febreiro.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar a valorar a importancia do cambio de pensamento nas cidades italianas.
2. Interpretar o renacemento como un camiño por percorrer, non como un concepto pleno desde a súa aparición.
3. Identificar os elementos clásicos que reviven na arquitectura e nas artes plásticas.
4. Distinguir as características construtivas do renacemento italiano do século XV.
5. Recoñecer o cambio de pensamento que diferenza o século XV do XVI.
6. Recoñecer un edificio renacentista polos seus elementos formais.
7. Comentar unha escultura renacentista.
8. Identificar os cambios na arquitectura e na escultura.
9. Explicar o nacemento da perspectiva na pintura e recoñecer os cambios pictóricos.
10. Analizar e comentar unha pintura renacentista.
11. Valorar a figura de Miguel Anxo como home renacentista e como artista pleno.
12. Recoñecer a pintura do século XVI comparándoa coa do XV.
13. Comprender a influencia dos cambios sociais e políticos na aparición de novos mecenas.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Renacemento. Patróns e artistas. Orixe e desenvolvemento da nova linguaxe en arquitectura, escultura e pintura. Achegas de grandes artistas do Renacemento italiano.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.	1.1.1. Explica as características esenciais do Renacemento italiano e a súa periodización a partir de fontes históricas ou historiográficas.	N	CCEC CCL CAA
		1.1.2. Especifica as características da arquitectura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o período do Quattrocento ao período chamado do manierismo.	I	
		1.1.3. Especifica as características da escultura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	I	

		1.1.4. Especifica as características da pintura renacentista italiana e explica a súa evolución, desde o Quattrocento ao manierismo.	I	
		1.1.5. Compara a pintura italiana do Quattrocento coa dos pintores góticos flamengos contemporáneos.	N	
		1.1.6. Explica a peculiaridade da pintura veneciana do Cinquecento e cita os artistas máis representativos.	I	
2. Función social da arte no Renacemento.	2.1. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.	2.1.1. Describe a práctica do patrocinio no Renacemento italiano e as novas reivindicacións dos artistas en relación co seu recoñecemento social e a natureza do seu labor.	N	CCEC CCL CSC
3. Comentario de obras de arte: arte do Renacemento.	3.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	3.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento italiano: cúpula de <i>Santa María das Flores</i> , <i>palacio Pitti</i> e <i>interior da igrexa de San Lorenzo (Brunelleschi)</i> ; <i>pazo Médici-Riccardi</i> en Florencia, (Michelozzo); <i>fachada de Santa María Novella (Alberti)</i> ; <i>templo de San Pietro in Montorio (Bramante)</i> ; <i>cúpula e proxecto de planta de San Pedro do Vaticano (Miguel Anxo)</i> ; <i>Vila Capra (Vila Rotonda) (Palladio)</i>	I	CCEC CCL CAA
		3.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Renacemento italiano: primeiro panel da <i>Porta do Paraíso</i> [da creación do mundo á expulsión do Paraíso] (Ghiberti); o <i>David</i> e o <i>Gattamelata (Donatello)</i> ; <i>Piedade do Vaticano</i> , <i>Piedade Rondamini</i> , <i>David</i> , <i>Moisés</i> e as <i>tumbas dos Médicis (Miguel Anxo)</i> ; o <i>rapto das sabinas (Giambologna)</i> .	I	
		3.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Renacemento italiano: o <i>tributo</i>	I	

		<p><i>da moeda</i> (Masaccio); <i>Anunciación</i> do Convento de San Marcos en Florencia (Fra Anxélico); <i>Madonna do Duque de Urbino</i> (Piero della Francesca); a <i>Virxe das rochas</i>, a <i>última cea</i> e a <i>Gioconda</i> (Leonardo da Vinci); a <i>Escola de Atenas</i> e a <i>Virxe do xílgaro</i> (Rafael); a <i>bóveda</i> e o <i>Xuízo Final da Capela Sixtina</i> (Miguel Anxo); a <i>tempestade</i> (Giorgione); <i>Venus de Urbino</i>, o <i>amor sacro e o amor profano</i> (Tiziano); o <i>lavatorio</i> de Tintoretto; as <i>vodas de Caná</i> (Veronés).</p>		
<p>4. A recepción da estética renacentista na Península Ibérica.</p>	<p>4.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Renacemento, en relación co seu contexto histórico e cultural.</p>	<p>4.1.1. Especifica as características peculiares do Renacemento español en comparación co italiano.</p>	I	<p>CCEC CCL CAA</p>
		<p>4.1.2. Describe a evolución da arquitectura renacentista española.</p>	CI	
		<p>4.1.3. Explica a peculiaridade da escultura renacentista española.</p>	CI	
		<p>4.1.4. Explica as características da pintura de El Greco a través dalgunhas das súas obras máis representativas.</p>	100	
<p>5. Comentario de obras de arte: arte española do Renacemento.</p>	<p>5.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Renacemento, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>5.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Renacemento español: <i>fachada da Universidade de Salamanca</i>; <i>pazo de Carlos V na Alhambra de Granada</i> (Pedro Machuca); <i>mosteiro de San Lorenzo de El Escorial</i> (Juan de Herrera).</p>	I	<p>CCEC CCL CAA</p>
		<p>5.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do Renacemento español: <i>Sacrificio de Isaac</i> do retablo de San Bieito de Valladolid (Alonso Berruguete); <i>Santo enterro</i> (Juan de Juni).</p>	I	
		<p>5.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas de El Greco: <i>o expolio</i>, <i>Santa Liga</i> ou <i>Adoración do nome de Xesús</i>,</p>	I	

		<i>o martirio de San Mauricio, o enterro do Señor de Orgaz, a adoración dos pastores, o cabaleiro da man no peito.</i>	
--	--	--	--

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Desenvolver a análise das obras de arte seleccionadas.	- Procesa e analiza criticamente a información recollida coa axuda das TIC.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Desenvolver actividades que requiran pór en práctica as habilidades de planificación e organización das tarefas asignadas.	- Analiza obras da arte renacentista, busca información sobre elas en fontes de consulta alternativas ao libro de texto, etcétera.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Describir obras de arte renacentista seleccionadas e definir os conceptos con elas relacionados.	- Favorece o intercambio comunicativo e a posta en común dos resultados activos.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Desenvolver habilidades de comunicación interpersonal.	- escoita de xeito activo, comunica asertivamente, negocia para acadar acordos, etcétera.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolver a sensibilidade estética do alumnado e a capacidade de emocionarse diante das obras de arte.	- Valora as distintas funcións da arte e a necesidade de protexelo e conservar o patrimonio artístico renacentista.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ Material audiovisual como:

<http://www.artespana.com/renacimiento.htm/> Web dedicada ao arte cun apartado moi interesante sobre a arte do Renacemento en Italia e monográficos sobre algúns dos seus principais autores.

<http://www.arteguias.com/renacimiento.htm/> Esta páxina web é un clásico e inclúe unha clasificación da arte renacentista segundo a arquitectura, escultura e pintura dentro da arte española.

<http://historiadelarte07.blogspot.com.es/2008/08/el-renacimiento.html/> Blog dedicado á Historia da Arte, cun apartado renacentista e unha cantidade apreciable de recursos moi adaptados a 2.º de Bacharelato.

http://iris.cnice.mec.es/kairos/enseanzas/eso/moderna/renacimiento_06_04.html/ Web dependente do Ministerio de Educación no que ademais de ofrecer un resumo da arte que nos ocupa, presenta un contexto histórico moi completo sobre o Humanismo e a Reforma.

Proponse unha visita virtual á Piazza do Duomo e ao Baptisterio de Florencia:

(https://www.youtube.com/watch?v=mk_93AKw-pQ).

A través desta web, encontramos un recurso interesantísimo sobre a cúpula de Santa María das Flores en Florencia, construída por Brunelleschi (http://www.nationalgeographic.com.es/historia/grandes-reportajes/la-cupula-de-brunelleschi_7970).

Neste blog atopamos un análise exhaustivo de Santa María Novella, a obra de Alberti que responde a canons xeométricos (<http://seordelbiombo.blogspot.com.es/2014/01/analisis-y-comentario-de-la-fachada-de.html>).

Este recurso é absolutamente xenial, pois permite observar con gran detalle os paneis das Portas do Paraíso de Ghiberti (<http://blogarteygeografia.blogspot.com.es/2014/04/puerta-del-paraiso-del-baptisterio-de.html>).

A través da web do Museo del Prado, podemos encontrar un estudo detallado da obra de Fra Anxélico, descargar imaxes de alta resolución, audios, etcétera:

(<https://www.museodelprado.es/aprende/enciclopedia/voz/anunciacion-la-fra-angelico/699f72a0-7cd3-47a3-b080-86b4ebed68be>).

Recurso interesante, pero soamente en italiano, na web oficial do templo de San Pietro in Montorio en Roma (<http://www.sanpietroinmontorio.it/home.html>).

Nesta web, encontraremos unha detallada información sobre unha das obras sobresaíntes do Renacemento e a Historia da Arte: a Basílica de San Pedro do Vaticano (<http://www.vaticanstate.va/content/vaticanstate/es/monumenti/basilica-di-s-pietro.html>).

Neste enlace atopamos un vídeo elaborado con moi bo gusto sobre a labor escultórica de Miguel Anxo Buonarroti (<https://www.youtube.com/watch?v=QkW-wy1cMVI>).

Mediante a visita a esta web, o noso alumnado poderá comprobar as diferenzas e semellanzas entre as dúas versións que fixo Leonardo da Vinci da obra A Virxe das rochas (<https://marisolroman.com/comparando-dos-versiones-la-virgen-de-las-rocas-de-leonardo-da-vinci/>).

Este recurso dixital ofrece a posibilidade de visitar, de maneira virtual, ás estancias vaticanas para contemplar algunhas das mellores obras de Rafael (http://mv.vatican.va/4_ES/pages/SDR/SDR_00_Main.html).

UNIDADE 7: a arte do Barroco

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Na sétima unidade nos atopamos co estudo da arte barroca, capítulo indispensable na Historia da Arte, pola súa aportación á estética, as súas novidades e a concepción da arte absolutamente internacional. De novo, é esta unha unidade extraordinariamente complexa desde o punto de vista didáctico. En primeiro lugar, pola súa extensión e, despois, pola variedade de formulacións didácticas que se poden facer sobre ela, pero, especialmente, pola diversidade de medios histórico e culturais na que se xesta e desenvolve a arte desta etapa. A elo hai que engadir a dificultade que implica a súa xusta valoración, pois trátase dun fenómeno moi maltratado pola historiografía artística de raíz neoclásica e académica, do que, pese ás aportacións da

historiografía máis recente, aínda perduran algúns dos seus prexuízos. A arte barroca debe ser presentada como unha linguaxe moi expresiva dunha época extremadamente complicada da historia de Europa: contrarreforma, guerra dos Trinta Anos, independencia de Holanda, absolutismo político, revolución inglesa, auxe da burguesía mercantil, comezo da filosofía e da ciencia modernas, etcétera. En definitiva, esta unidade céntrase nun estilo transcendental para a comprensión da Historia Universal da Arte, pola súa reacción fronte ao clasicismo, a súa recuperación no Romanticismo e as reinterpretacións que dela realizarán os artistas dos séculos XIX e XX, así como para a apreciación do enorme patrimonio artístico creado.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 3 ou 4 semanas, no segundo trimestre, ou sexa ao longo de 14 sesións lectivas de febreiro e marzo.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Comprender o estilo barroco como un paso máis dentro da volta ao clasicismo da arte renacentista.
2. Entender o concepto dinámico do barroco na arquitectura e como se manifesta.
3. Comprender a influencia das distintas realidades socio-políticas europeas nas manifestacións artísticas do barroco.
4. Interpretar unha escultura segundo as bases estéticas do barroco.
5. Interpretar unha pintura segundo as bases estéticas do barroco.
6. Analizar as diferenzas pictóricas do renacemento e do barroco.
7. Valorar a importancia da figura de Velázquez na pintura española.
8. Identificar as notas características da arquitectura e escultura barroca española.
9. Indicar as peculiaridades da pintura barroca hispana e identificar as súas obras.
10. Identificar polo tratamento da luz, a temática e a cor de cadros pertencentes á escola belga e á holandesa.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Unidade e diversidade do Barroco. Linguaxe artística ao servizo do poder civil e eclesiástico. Urbanismo barroco. Igrexas e pazos. Principais tendencias.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.	1.1.1. Explica as características esenciais do Barroco.	I	CCEC CCL CAA CSC
		1.1.2. Especifica as diferenzas entre a concepción barroca da arte e a renacentista.	I	
		1.1.3. Compara a arquitectura barroca coa renacentista.	I	
		1.1.4. Explica as características xerais do urbanismo barroco.	CI	
		1.1.5. Compara a escultura	I	

		barroca coa renacentista a través da representación de <i>David</i> por Miguel Anxo e por Bernini.		
		1.1.6. Describe as características xerais da pintura barroca e especifica as diferenzas entre a Europa católica e a protestante.	CI	
		1.1.7. Distingue e caracteriza as grandes tendencias da pintura barroca en Italia e os seus principais representantes.	I	
		1.1.8. Especifica as peculiaridades da pintura barroca flamenga e holandesa.	CI	
2. Función social da arte no Barroco.	2.1. Explicar a función social da arte especificando o papel desempeñado por patróns, academias, clientes e artistas, e as relacións entre eles.	2.1.1. Describe o papel desempeñado no século XVIII polas academias en toda Europa e, en particular, polo Salón de París.	N	CCEC CCL CSC
3. Comentario de obras de arte: arte do Barroco.	3.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	3.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco europeo do século XVII: <i>fachada de San Pedro do Vaticano (Carlo Maderno)</i> ; <i>columnata da praza de San Pedro do Vaticano (Bernini)</i> ; <i>San Carlos das Catro Fontes en Roma (Borromini)</i> ; <i>Pazo de Versalles (Le Vau, J.H. Mansart e Le Nôtre)</i> .	I	CCEC CCL CAA
		3.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas de Bernini : <i>David, Apolo e Dafne, A éxtase de Santa Teresa, Cátedra de San Pedro</i> .	I	
		3.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do Barroco europeo do século XVII: <i>Vocación de San Mateo e Morte da Virxe (Caravaggio)</i> ; <i>Triunfo de Baco e Ariadna</i> , na bóveda do pazo Farnese de Roma (Annibale Carracci); <i>Adoración do nome de Xesús</i> , bóveda de Il Gesù en Roma (Gaulli II Baciccia); <i>Adoración dos Magos, As tres Grazas e O xardín do Amor (Rubens)</i> ; <i>A lección de anatomía</i>	I	

		<i>do doutor Tulpy e A rolda nocturna (Rembrandt).</i>		
4. Barroco hispánico. Urbanismo e arquitectura. Imaxinaría barroca. Acheга da pintura española: grandes figuras do Século de Ouro.	4.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte española do Barroco, en relación co seu contexto histórico e cultural.	4.1.1. Explica as características do urbanismo barroco en España e a evolución da arquitectura española durante o século XVII.	F	CCEC CCL CAA
		4.1.2. Explica as características da imaxinaría barroca española do século XVII e compara a escola castelá coa andaluza.	CI	
		4.1.3. Explica as características xerais da pintura española do século XVII.	I	
		4.1.4. Describe as características e evolución da pintura de Velázquez a través dalgunhas das súas obras máis significativas.	I	
5. Comentario de obras de arte: arte española do Barroco.	5.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte española do Barroco, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	5.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do Barroco español do século XVII: <i>Praza Maior de Madrid (Xoán Gómez de Mora)</i> ; <i>Retablo de Santo Estevo de Salamanca (Churriguera)</i> .	I	CCEC CCL CAA
		5.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes esculturas do Barroco español do século XVII: <i>Piedade e Cristo xacente (Gregorio Fernández)</i> ; <i>Inmaculada do facistol (Alonso Cano)</i> ; <i>Magdalena penitente (Pedro de Mena)</i> .	I	
		5.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas españolas do Barroco español do século XVII: <i>Martirio de San Filipe, O soño de Xacob e O zambro (Ribera)</i> ; <i>Bodegón do Museo do Prado (Zurbarán)</i> ; <i>O augador de Sevilla, Os borrachos, A fragua de Vulcano, A rendición de Breda, O Príncipe Baltasar Carlos a cabalo, A Venus do espello, As meninas e As fiandeiras (Velázquez)</i> ; <i>A Sagrada Familia do paxariño, A Inmaculada de El Escorial, Os nenos da concha e Nenos</i>	I	

xogando aos dados (Murillo).

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Desenvolver actividades que empregan as TIC.	- Procesa e analiza criticamente a información e propón a análise de fontes iconográficas barrocas.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Asumir responsabilidades e tomar decisións en relación á planificación das tarefas propostas.	- Autorregula o propio proceso de aprendizaxe.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Describir obras de arte barroca seleccionadas e definir os conceptos con elas relacionados.	- Elabora textos descritivos, argumenta opinións persoais, define conceptos relacionados coa arte barroca, etcétera.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Desenvolver habilidades de comunicación interpersonal para organizar as tarefas asignadas.	- escoita de xeito activo, establece prioridades, comunica asertivamente, negocia para acadar acordos, etcétera.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolverao sensibilidade estética do alumnado e a capacidade de emocionarse diante das obras de arte.	- Valora as distintas funcións da arte e a necesidade de protexelo e conservar o patrimonio artístico barroco.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ Material audiovisual como:

<http://www.arteguias.com/barroco.htm/> Esta páxina web á un clásico artístico da rede de redes e inclúe unha clasificación da arte barroca (arquitectura, escultura e pintura) en España.

<https://www.museodelprado.es/> Web dedicada a un dos museos máis espectaculares do mundo. Se pode observar e gozar das principais obras pictóricas do barroco español, especialmente de Diego Velázquez.

<http://www.spanisharts.com/history/barroco/barroco.html/> Web moi completa dedicada á pintura barroca en Europa.

http://sobrehistoria.com/todo-sobre-el-barroco/#Grandes_Artistas_del_Barroco/ Portal web moi interesante que nos mostra cando e onde proliferou este estilo artístico, caracterizado pola ostentación nos seus magníficos edificios, o importante cambio na forma de representar o mundo e quen foron os seus máximos expoñentes.

<http://www.profesorfrancisco.es/2013/05/arte-barroco.html/> Páxina web que presenta un resumo moi didáctico da arte barroca.

No seguinte vínculo poderemos descubrir como a éxtase de Santa Teresa de Bernini luce en todo o seu esplendor tras a restauración que se fixo a cabo (http://www.abc.es/cultura/arte/abci-extasis-santa-teresa-bernini-deslumbra-roma-tras-restauracion-201511262158_noticia.html).

Este enlace nos permitirá levar a cabo un percorrido polas principais obras de Caravaggio na cidade de Roma (<http://www.turismoroma.it/itinerari-a-tema/caravaggio?lang=es>).

A través da seguinte web podemos realizar unha visita virtual á casa de Rubens en Amberes (<http://www.rubenshuis.be/en>).

O seguinte vínculo permitiranos a posibilidade de visitar a casa museo de Rembrandt (<http://www.rembrandthuis.nl/en/>).

A cidade de Salamanca encerra unha cantidade incalculable de obras de arte, incluída a súa Praza Maior barroca. Esta páxina web ofrece a posibilidade de visitala de maneira virtual (<http://www.salamancatourvirtual.es/>).

Directamente relacionado coa escultura castelán, podemos visitar o Museo Nacional de Escultura situado en Valladolid (<http://museoescultura.mcu.es/informacion.html>).

A web da Xunta de Andalucía proporciona abundante información sobre os pasos que procesionan nesa comunidade en Semana Santa (<http://www.andalucia.org/es/semana-santa/>).

A través da seguinte web podemos acceder a unha historia curiosa relacionada coa Inmaculada Concepción pintada por Bartolomé Esteban Murillo (<http://www.elmundo.es/andalucia/2015/05/03/5544f9b-722601d96598b457c.html>).

A través da seguinte páxina web poderemos realizar unha aproximación a Zurbarán por medio de dez das súas obras máis coñecidas e expostas no museo Thyssen-Bornemisza de Madrid (<http://www.elcultural.com/noticias/arte/Las-diez-obras-estrella-de-Zurbaran/7867>).

Por último, debemos dedicar un espazo a unha das obras mestras da pintura universal, as Meninas de Diego Velázquez. Neste vínculo poderemos realizar un estudo pormenorizado da obra (<https://www.museodelprado.es/colección/obra-de-arte/las-meninas/9fdc7800-9ade-48b0-ab8b-edee94ea877f>).

UNIDADE 8: a arte neoclásica e romántica

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Na oitava unidade temos o estudo da arte neoclásica e romántica, capítulo, de novo indispensable na Historia da Arte, pola súa aportación á estética, as súas novidades e a concepción da arte absolutamente internacional, neste caso tamén trasladado a América do Norte. A civilización de Europa Occidental padece, na segunda metade do século XVIII e principios do XIX, un proceso acelerado de cambios nos ordes económicos,

culturais e de mentalidade. O resultado é o nacemento da modernidade, a desaparición do feudalismo e do absolutismo. Este intenso proceso de transformación verase reflectido en varios aspectos, por exemplo na recuperación da economía, cun máximo apoxeo do capitalismo mercantilista. En Inglaterra, este proceso de crecemento e cambio económico dará como resultado o nacemento da Revolución Industrial, co que se produce un incremento da actividade económica, que a súa vez producirá certo benestar económico para unha parte da sociedade, o que fará posible acometer importantes programas arquitectónicos e ampliar o número de clientes de pintores e escultores, grazas ao auxe das clases medias. Ao fío de todo elo, a sociedade farase máis complexa, producíndose o auxe da burguesía, que iniciará o seu asalto ao poder político e favorecerá unha sociedade máis laica e libre, que se apartará da tutela da Igrexa. Desde o punto de vista político, as monarquías absolutas darán paso ao despotismo ilustrado e, á vez, a Ilustración orixinará dous procesos revolucionarios cruciais na historia da humanidade: a Revolución francesa e a independencia dos Estados Unidos. Para a Historia da Arte, os cambios acontecidos no mundo da cultura, pola súa especial e máis directa influencia sobre os artistas, adquiren unha maior relevancia. É a época da Ilustración, cultura racional e laica que desenvolve o empirismo filosófico, as ciencias positivas e o pensamento político e moral modernos. Tamén é o momento do idealismo transcendental de I. Kant, cuxa obra *Crítica da facultade de xulgar o fermoso e o sublime* terían importantes repercusións no pensamento estético do momento, xunto ao doutros teóricos da arte como J. Addison, E. Burke, D. Diderot, G. E. Lessing, J. J. Winckelmann o A. R. Mengs, convertidos en árbitros do gusto dunha época chea de novidades. Todo este conxunto de factores en evolución, toda esta mutación na civilización europea, ten fondas repercusións na arte da segunda metade do século XVIII e alóngase ata ben entrado o XIX. É unha arte que, como sempre, nun xogo dialéctico, desempeña un importante papel nas transformacións, pois reflexa moi ben os cambios daquel tempo e, á vez, serve de elemento modelador deses cambios pola súa forte incidencia nas mentalidades. Neste sentido, o Neoclasicismo xoga un papel esencial pois convértese no estilo programático dos individuos e dos grupos sociais que loitan contra o Antigo Réxime, e o fai cargado dun forte contido ideolóxico no que priman os ideais de austeridade e decoro da burguesía. Nace como antítese da arte barroca e, especialmente, do estilo rococó, que coa súa forte carga de sensualidade, irracionalidade e frivolidade era tido pola mellor expresión da corrupta e decadente clase aristocrática contra a que se levantan os pensadores ilustrados, reformistas ou revolucionarios. Non obstante, o panorama artístico non é uniforme en toda esta época. Paralelamente ao desenvolvemento do Neoclasicismo, estilo dominante do período, vai xurdindo o Romanticismo, estilo contraposto que busca a súa inspiración no mundo medieval e, especialmente, no gótico, e que se manifesta nunha linguaxe anticlásica cargada de expresividade e emotividade subxectivas. Finalmente a obra de Goya ocupa un lugar especial e diferenciado no panorama artístico do momento. A forte personalidade do artista de orixe aragonés fai difícil clasificar a súa obra dentro de calquera das tendencias artísticas dominantes. En definitiva, esta unidade centrase nun estilo transcendental para a comprensión da Historia universal da Arte, pola súa reacción fronte aos excesos dos estilos anteriores e a influencia que terán en certos movementos dos séculos XIX y XX.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 1 semana e media, ou sexa, ao longo de 5 ou 6 sesións lectivas de marzo e abril.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Comprender o cambio da linguaxe artística producida a finais do século XVIII coas novas do século seguinte.
2. Comprender a enorme incidencia dos cambios históricos na arte do século XIX.
3. Analizar a fonda separación que a partir de finais do século XIX hai entre a arquitectura e as artes plásticas.
4. Entender os principios que guían a cada movemento artístico e ser quen de recoñecelos a través das súas manifestacións nas artes plásticas.
5. Comprender a importancia sociolóxica e artística de Goya dentro do século XIX español.
6. Identificar obras do Neoclasicismo e o Romanticismo.
7. Exercitarse no recoñecemento das novas técnicas pictóricas.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Mantemento do Barroco. Refinamento Rococó. Neoclasicismo e Romanticismo.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arte do século XVIII, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	1.1.1. Explica o século XVIII como época de coexistencia de vellos e novos estilos artísticos nun contexto histórico de cambios profundos.	I	CCEC CCL CAA CSC
		1.1.2. Compara o Barroco tardío e o Rococó, e especifica a diferente concepción da vida e a arte que encerran.	CI	
		1.1.3. Explica as razóns do xurdimento do Neoclasicismo e as súas características xerais en arquitectura, escultura e pintura.	F	
		1.1.4. Comenta a escultura neoclásica a través da obra de Cánova.	F	
		1.1.5. Especifica as posibles coincidencias entre o Neoclasicismo e o Romanticismo na pintura de David.	CI	
		1.1.6. Distingue entre a corrente tradicional e a clasicista da arquitectura barroca española do século XVIII.	CF	
		1.1.7. Explica a figura de Salzillo como derradeiro representante da imaxinaría relixiosa española en madeira policromada.	CF	
2. Comentario de obras de arte: arte do século XVIII.	2.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte do século XVIII, aplicando un método que abranga diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	2.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas do século XVIII: <i>fachada do Obradoiro da catedral de Santiago de Compostela (Casas e Novoa); Pazo Real de Madrid (Juvara e Sacchetti); Panteón de París (Soufflot); Museo do Prado en Madrid (Juan de Villanueva).</i>	I	CCEC CCL CAA

		2.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas do século XVIII: a <i>oración no horto (Salzillo)</i> ; <i>Eros e Psique</i> e <i>Paulina Bonaparte (Cánova)</i> .	CI	
		2.1.3. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de David : <i>o xuramento dos Horacios</i> e <i>a morte de Marat</i> .	CI	
3. Conservación do patrimonio: comentario das obras de arte máis notables da nosa Comunidade.	3.1. Respetar as creacións da arte da Idade Moderna, valorando a súa calidade en relación coa súa época e a súa importancia como patrimonio que hai que conservar.	3.1.1. Confecciona un catálogo, con breves comentarios, das obras máis salientables da arte dos séculos XVIII e XIX que se conservan en Galicia.	CF	CCEC CCL CAA CSIEE
		3.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: <i>torre do reloxo</i> da Catedral de Santiago (Andrade); <i>fachada de Sta Clara</i> en Compostela (Simón Rodríguez).	I	
4. A figura de Goya.	4.1. Analizar a obra de Goya e identificar nela os trazos propios das correntes da súa época e os que anticipan diversas vangardas posteriores.	4.1.1. Analiza a evolución da obra de Goya como pintor e gravador, desde a súa chegada á Corte ata o seu exilio final en Bordeos.	I	CCEC CCL CAA
		4.1.2. Compara a visión de Goya nas series de gravados "Os caprichos" e "Os disparates ou proverbios".	I	
5. Comentario de obras de arte: Goya.	5.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas de Goya, aplicando un método que abrangan diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	5.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Goya : <i>o parasol</i> ; <i>a familia de Carlos IV</i> ; <i>as "majas"</i> ; <i>o 2 de maio de 1808 en Madrid (A loita cos mamelucos)</i> , <i>os fusilamentos do 3 de maio de 1808</i> ; <i>desastre nº 15 (E non hai remedio)</i> da serie <i>Os desastres da guerra</i> ; <i>Saturno devorando un fillo</i> e <i>a leiteira de Burdeos</i> .	I	CCEC CCL CAA

6. A pintura romántica.	6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	6.1.1. Describe as características do Romanticismo na pintura e distingue entre o romanticismo da liña de Ingres (<i>o baño turco</i>) e o romanticismo da cor de Gericault (<i>a balsa da Medusa</i>) e Delacroix (<i>a liberdade guiando ao pobo</i>).	CI	CCEC CCL CAA
-------------------------	--	---	----	--------------------

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Analizar a linguaxe iconográfica da arte neoclásica e romántica.	- Analiza criticamente a información proporcionada por diversas fontes TIC.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Desenvolver actividades que estimulen a toma de decisións autónoma e a proactividade.	- Busca e selecciona recursos didácticos referidos á unidade didáctica na Internet e noutras fontes TIC.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Traballar actividades que requiran un intercambio comunicativo e unha posta en común dos resultados obtidos.	- Describe obras de arte neoclásicas e románticas e define os conceptos relacionados coa arte destes períodos estudados.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Fomentar o traballo colaborativo.	- Comparte obxectivos comúns, establece as condicións das tarefas, chea a acordos, etcétera.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Traballar ao longo do tema tanto no desenvolvemento dos contidos teóricos como na análise das obras de arte seleccionadas.	- Desenvolve a sensibilidade estética e valora a singularidade da arte neoclásica e romántica.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ Material audiovisual como:

<http://www.arteguias.com/neoclasico.htm/> Web clásica dentro de todas as que en España se dedican ao mundo da arte, onde se pode encontrar unha exposición sinxela sobre a arte neoclásica.

<http://www.artespana.com/neoclasicismo.htm/> De novo un recurso dedicado á arte deste tempo, unha das páxinas web máis importantes de España dedicadas á historia da arte.

<https://artemedio.wordpress.com/el-neoclasicismo/> Web interesante que condensa nun material non demasiado denso as características básicas do neoclasicismo.

<https://www.museodelprado.es/> Web dedicada a un dos museos máis espectaculares do mundo onde observar e gozar de algunhas das principais obras de Francisco de Goya.

<http://www.epdip.com/pintor.php?id=260/> Portal dedicado á cultura, que no seu nacemento, dedicouse á literatura, pero que foi crecendo e ampliouse co mellor de outras áreas da cultura, arte, arquitectura, música e cinematografía. Nel podemos encontrar unha abundante colección de imaxes das principais obras de Goya.

A través da web *El poder de la palabra* podemos realizar un exhaustivo percorrido polas principais obras de Antonio Cánova, ofrecidas en alta resolución (<http://www.epdip.com/pintor.php?id=206>).

No seguinte vínculo atopamos un monográfico (en inglés) sobre a escultura de George Washington realizada por Antonio Cánova (<http://www.learnnc.org/lp/editions/nchist-newnation/4999>).

Na seguinte web dedícase un monográfico á figura de Jacques-Louis David, titulado *Historia e revolución* (<http://www.descubrirelarte.es/2015/08/30/jacques-louis-david-el-pintor-de-la-revolucion.html>).

Unha das primeiras obras que deron renome a Francisco de Goya pode visitarse na igrexa de San Antonio da Florida, Madrid (<http://www.madrid.es/portales/munimadrid/es/Inicio/Cultura-ocio-y-deporte/Cultura-y-ocio/San-Antonio-de-la-Florida?vnextfmt=default&vnextoid=797368822e3ab010VgnVCM100000d90ca8c0RCRD&vnextchannel=c937f073808fe410VgnVCM2000000c205a0aRCRD&idCapitulo=1253816>).

Afortunadamente, no Museo do Prado posuímos os cadros máis importantes realizados por Francisco de Goya, podéndose realizar un percorrido moi pormenorizado por cada un deles a través da súa web. Sirva como exemplo neste caso, *O 2 maio en Madrid ou a carga dos mamelucos* (<https://www.museodelprado.es/coleccion/obra-de-arte/el-2-de-mayo-de-1808-en-madrid-o-la-lucha-con-los/57dacf2e-5d10-4ded-85aa-9ff6f741f6b1>).

UNIDADE 9: o século XIX: a arte dun mundo en transformación

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Na unidade nos enfrontamos ao estudo da arte do século XIX, capítulo ineludible dentro da Historia da Arte pola súa nova aportación á estética, as transformacións que supuxo e, por primeira vez, a redución da duración no tempo dos seus diferentes estilos, que terminarán derivando nas efémeras e eclécticas correntes da arte do século XX. Co pleno desenvolvemento da Revolución Industrial, os cambios sociais e políticos, e o colonialismo, prodúcese unha transformación nas formas de pensar, vivir e comunicarse. No campo da arte tradúcese en novos conceptos e formas das cidades, dos edificios que as integran e da función das artes plásticas, especialmente da pintura, que soe liderar a maioría dos cambios, con movementos que poderíamos cualificar de “protovangardas”. Dentro do ámbito económico e social, é o século da I e II Revolución Industrial, que afecta en gran medida á estrutura da sociedade e á vida política co definitivo afianzamento da burguesía no poder, o desenvolvemento do proletariado e os primeiros conflitos sociais. Esta revolución afectará ao arte en diversos aspectos, como no desenvolvemento económico, que facilita a expansión das diversas artes, o desenvolvemento tecnolóxico, que fai posible o uso de novos materiais, e as novas necesidades construtivas impostas pola industria, o transporte, a administración e o comercio.

No ámbito da vida política podemos destacar o auge da ideoloxía liberal e dos nacionalismos, intimamente relacionados coa arte, pois os artistas implícanse persoalmente na vida política. Ademais, o imperialismo produce a apertura de Europa a outras culturas, o que se traduce en influencias que comezan a detectarse xa no Romanticismo (neoárabe, neoindio, neochino...) e a finais de século alcanza á pintura (estampas xaponesas e arte dos polinesios).

Por último, no ámbito da cultura podemos observar a poderosa influencia da filosofía idealista de Kant, a teoría da arte de outros pensadores do século XVIII, cos seus conceptos de fermosura, sublime, pintoresco e grotesco, e o positivismo de A. Comte. Por outro lado, o auge cultural da burguesía tradúcese en maior acercamento dos burgueses ao arte, como clientes (edificios, cadros, esculturas) ou como meros espectadores (museos e exposicións). En definitiva, esta unidade céntrase nun século transcendental para a comprensión da Historia Universal da Arte, por todo o que aporta de novo e a poderosísima influencia que exercerá na arte do século XX.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 3 semanas, ou sexa, ao longo de 12 sesións lectivas de abril do terceiro trimestre.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Analizar a incidencia dos novos materiais construtivos na estética arquitectónica dos séculos XIX.
2. Interpretar o crecemento das cidades, as novas necesidades urbanas e a súa influencia nos deseños urbanos do período.
3. Identificar os cambios no desenvolvemento da propia cidade.
4. Coñecer a obra de Gaudí na cidade de Barcelona.
5. Coñecer as bases ideolóxicas e construtivas dos movementos arquitectónicos de maior transcendencia no século XIX.
6. Coñecer o cambio pictórico transcendental que supuxo o Impresionismo e o Postimpresionismo como fonte de inspiración da pintura e liberdade das vangardas pictóricas.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. A Revolución Industrial e o impacto dos novos materiais na arquitectura. Do Historicismo ao Modernismo. A Escola de Chicago. Nacemento do urbanismo	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	1.1.1. Describe as características e a evolución da arquitectura do ferro no século XIX, en relación cos avances e as necesidades da revolución industrial.	I	CCEC CCL CAA CSC CMCT
		1.1.2. Explica as diferenzas entre enxeñeiros e arquitectos na primeira metade do século XIX.	CI	
		1.1.3. Explica as características do historicismo en arquitectura e a	F	

moderno.		súa evolución cara ao eclecticismo.		
		1.1.4. Explica as características e principais tendencias da arquitectura modernista.	I	
		1.1.5. Especifica as achegas da Escola de Chicago á arquitectura.	I	
		1.1.6. Describe as características e os obxectivos das remodelacións urbanas de París, Barcelona e Madrid na segunda metade do século XIX.	N	
2. Comentario de obras de arte: arquitectura do século XIX.	2.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	2.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: <i>templo da Madalena</i> en París (Vignon); Parlamento de Londres (Barry e Pugin); <i>Auditorio de Chicago</i> (Sullivan e Adler); <i>torre Eiffel</i> de París; <i>templo da Sagrada Familia</i> en Barcelona (Gaudí).	F	CCEC CCL CAA
3. Evolución da pintura: Realismo, Impresionismo e Simbolismo. Os impresionistas tardíos, xerme das vangardas pictóricas do século XX.	3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da pintura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	3.1.1. Compara as visións románticas da paisaxe en Constable e Turner .	F	CCEC CCL CAA
		3.1.2. Explica o Realismo e a súa aparición no contexto dos cambios sociais e culturais de mediados do século XIX.	I	
		3.1.3. Compara o Realismo co Romanticismo.	I	
		3.1.4. Describe as características xerais do Impresionismo e o Neoimpresionismo.	I	
		3.1.5. Define o concepto de postimpresionismo e especifica as achegas de Cézanne e Van Gogh como precursores das grandes correntes artísticas do século XX.	I	
		3.1.6. Explica o Simbolismo de finais do século XIX como reacción fronte ao Realismo e ao Impresionismo.	CI	

4. Función social da arte no século XIX.	4.1. Realizar e expor, individualmente ou en grupo, traballos de investigación, utilizando tanto medios tradicionais como as novas tecnoloxías.	4.1.1. Realiza un traballo de investigación sobre as exposicións universais do século XIX e a súa importancia desde o punto de vista arquitectónico.	P	CCEC CCL CAA CD CSIEE
		4.1.2. Realiza un traballo de investigación sobre a influencia da fotografía e o gravado xaponés no desenvolvemento do Impresionismo, con referencias a obras concretas.	P	
5. Comentario de obras de arte: o século XIX.	5.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da pintura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	5.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes pinturas do século XIX: <i>O carro de feo</i> (Constable); <i>Chuvia, vapor e velocidade</i> (Turner); <i>O enterro de Ornans</i> (Courbet); <i>O ánxeus</i> (Millet); <i>Almorzo sobre a herba</i> (Manet); <i>Impresión, sol nacente</i> e a <i>serie sobre a Catedral de Ruán</i> (Monet); e <i>Moulin de la Galette</i> (Renoir); <i>Unha tarde de domingo na Grande Jatte</i> (Seurat); <i>Xogadores de cartas e Mazás e laranxas</i> (Cézanne); <i>A noite estrelada</i> e <i>O segador</i> (Van Gogh); <i>Visión despois do sermón</i> e <i>O mercado</i> (Gauguin).	I	CCEC CCL CAA
6. Escultura: mantemento do clasicismo. Rodin.	6.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da escultura do século XIX, relacionando cada un dos seus estilos cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	6.1.1. Relaciona a produción e o academicismo dominante na escultura do século XIX coas transformacións levadas a cabo nas cidades (monumentos conmemorativos en prazas, parques e avenidas, e esculturas funerarias nos novos cemiterios).	N	CCEC CCL CAA CSC
		6.1.2. Explica as características da renovación escultórica emprendida por Rodin.	I	
7. Comentario de obras de arte: século XIX.	7.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da escultura do século XIX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	7.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras de Rodin : <i>O pensador</i> e <i>Os burgueses de Calais</i> .	I	CCEC CCL CAA

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Analizar as linguaxes iconográficas da arte do século XIX.	- Analiza criticamente a información proporcionada por diversas fontes dixitais.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Desenvolver actividades que requiren pór en práctica destrezas de planificación e organización das tarefas asignadas.	- Analiza obras de arte do século XIX, busca información sobre os artistas deste período en fontes de consulta alternativas ao libro de texto.
<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Describir as obras de arte seleccionadas.	- Define os conceptos relacionados cos contidos dos estilos artísticos traballados.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Desenvolver habilidades de escoita activa, empatía e respecto aos demais.	- Traballa e participa nas actividades que se realizan de forma colectiva ou en pequenos grupos.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolver a sensibilidade estética do alumnado.	- Valora as distintas funcións da arte, así como, a necesidade de conservar e divulgar o patrimonio artístico da segunda metade do século XIX.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ Material audiovisual como:

<http://www.arteydibujo.com/arte/17-la-revoluci%C3%B3n-industrial/arquitectura-del-siglo-xix/> A través desta páxina web poderemos realizar un percorrido sobre os aspectos máis destacados da arquitectura do século XIX.

<http://www.artespana.com/impresionismo.htm/> Retomando este clásico entre os portais dedicados ao arte, encontramos unha exposición somera, pero á mesma vez moi completa, sobre o impresionismo.

http://arte.idoneos.com/post_impresionistas/ Esta web alberga un percorrido sobre a traxectoria persoal e pictórica dos principais representantes do movemento postimpresionista.

A seguinte web mostra un recurso interesantísimo onde se pode observar un estudo comparado dos ensanches de París, Madrid e Barcelona durante o século XIX (<https://vicentecamarasa.wordpress.com/2009/02/10/la-ciudad-del-xix-el-ensanche/>).

A través da propia web da torre Eiffel encontramos un percorrido histórico sobre este monumento durante a Exposición Universal de 1889 (<http://www.toureffel.paris/es/todo-saber-sobre-la-torre-eiffel/archivos-tematicos/70.html>).

Neste vídeo encontraremos unha exposición somera, pero apreciablemente interesante, sobre a arquitectura da escola de Chicago (<https://www.youtube.com/watch?v=KD3u3dyJUI8>).

Un arquitecto absolutamente imprescindible no movemento modernista foi Antoni Gaudí, do cal temos unha abundantísima información no seguinte vínculo (<http://www.antonigaudi.org/gaudi-el-hombre-y-su-obra-8.html>).

Nesta web, encontraremos unha noticia curiosa, relacionada co estudo profundo sobre a obra de Monet *Impresión, sol nacente* (<http://www.abc.es/ciencia/20140902/abci-astronomo-descubre-misterio-detras-201409021755.html>). Podemos encontrar dicha obra en el Museo Marmottan Monet de París (http://www.marmottan.fr/uk/Claude_Monet_-musee-2517).

O Musée d'Orsay de París constitúe un espazo imprescindible para descubrir todos os secretos do impresionismo. Mediante o seguinte vínculo pódese acceder a súa páxina web oficial, onde aparecen comentadas algunhas das súas obras máis importantes (<http://www.musee-orsay.fr/es/colecciones/obras-comentadas/pintura.html>).

Unha das vantaxes de estudar estilos artísticos cada vez máis pretos no tempo é que podemos observar imaxes reais dos artistas, como, por exemplo, este curiosísimo vídeo sobre Auguste Rodin (<https://www.youtube.com/watch?v=OcGTqxsIUjM>).

Para finalizar, ofrécese a posibilidade de ver unha biografía comentada do atormentado pintor postimpresionista Vincent van Gogh (<https://www.youtube.com/watch?v=Ts141-CepzI>).

UNIDADE 10: a arte do século XX, unha ruptura coa tradición

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Na décima unidade nos encontramos co estudo da arte do século XX, capítulo novamente imprescindible dentro da Historia da Arte pola súa ruptura radical coas tendencias académicas, a súas aportación á estética, as transformacións que supuxo e a fugacidade das vangardas no tempo. A arte occidental do século XX desenvólvese nun ambiente histórico moi complexo, caracterizado polos cambios de orde tecnolóxico, cultural e político. A industrialización de Europa e América do Norte culmina agora e difúndese a outros recunchos do planeta, acelerándose coa aparición de novos elementos científico e técnicos, novos modelos de pensamento, revolucións e contrarrevolucións sociais, económicas e políticas, e novas formas de relación entre os artistas e a sociedade. Probablemente, os cambios máis importantes desde o punto de vista socioeconómico e político sexan a revolución tecnolóxica resultante da Segunda Revolución Industrial, o avance de rexímenes totalitarios, de un ou outro signo, que establecen un férreo control sobre a produción artística e a utilizan como elemento propagandístico, e mesmo, o triunfo posterior da democracia, onde os artistas gozan dun amplo marxe de liberdade de expresión. En canto a cambios culturais podemos falar da aparición das vangardas e da aplicación dos novos avances técnicos ao mundo da arte. Mesmo, podemos valorar cambios desde o punto de vista das ciencias humanas, como a etnoloxía, que permite coñecer e valorar mellor a cultura e a arte dos pobos primitivos, estilos dos que algúns artistas (Gauguin, Picasso, os expresionistas...) incorporan trazos destacados na súas obras. Desde o punto de vista da psicoloxía, as teorías do psicanálise tiveron especial interese para os surrealistas, quen nas súas obras trataron temas, imaxes e formas de relación propias do mundo dos sonos e do subconsciente. Por último, o ritmo de avance das vangardas artísticas foi maior do que o gran público puido assimilar e incorporar ao seu acervo cultural, polo que se produciu un distanciamento entre os produtos artísticos e a maioría da sociedade. O gran público amosa unha actitude de rexeitamento cara as obras de arte dos últimos oitenta anos pola dificultade que encerra a súa lectura. Esta unidade centrase nun período absolutamente transcendental para a comprensión da Historia Universal da Arte, polo que aporta de novo e pola poderosísima influencia que exercerá no resto da arte do século XX e o actual.

O fin da Segunda Guerra Mundial, a política de bloques, a Guerra Fría e a descolonización terminaron de impulsar novos elementos científico e técnicos, novos modelos de pensamento, revolucións e convulsións sociais, económicas e políticas, e novas formas de relación entre os artistas el sociedade. De novo, utilizarase o arte como elemento propagandístico, especialmente no contexto da Guerra Fría, pero o triunfo da democracia, onde os artistas gozan dun amplo marxe de liberdade de expresión, dará unha nova orientación á estética desta época, na que os artistas dependen cada vez menos do mercado e a súa relación co gran público é cada vez máis reducida, debido á diferenza nas linguaxes estéticas. Este gran público amosa habitualmente unha actitude de rexeito cara obras de arte dos últimos anos pola dificultade que encerra a súa lectura. En definitiva, nesta unidade condúcesenos pola senda das últimas tendencias en arquitectura, escultura e pintura, pero recordando que, frecuentemente, canta maior sexa a distancia co período estudado, mellor será a súa comprensión.

2. TEMPORALIZACIÓN

Esta unidade debería impartirse nun tempo aproximado de 5 semanas, ou sexa, ao longo de 20 sesións lectivas de abril e maio do terceiro trimestre.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Entender e criticar de forma razoada o proceso de desaparición da arte figurativa.
2. Analizar a incidencia do devir histórico do século XX na aparición e superación das novas estéticas.
3. Acadar unha axeitada comprensión da panorámica da arte da primeira e segunda metade do século XX.
4. Distinguir os elementos diferenciadores dos movementos artísticos da primeira e segunda metade do século XX.
5. Analizar formalmente obras de diferentes movementos artísticos.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. O fenómeno das vangardas nas artes plásticas: Fauvismo, Cubismo, Futurismo, Expresionismo, pintura abstracta, Dadaísmo e Surrealismo.	1.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das vangardas artísticas das artes plásticas na primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	1.1.1. Define o concepto de vangarda artística en relación co acelerado ritmo de cambios na sociedade da época e a liberdade creativa dos/das artistas iniciada na centuria anterior.	I	
		1.1.2. Describe a orixe e as características do Fauvismo.	I	
		1.1.3. Describe o proceso de xestación e as características do Cubismo, distinguindo entre o Cubismo analítico e o sintético.	I	
		1.1.4. Describe o ideario e os principios do futurismo.	F	

		1.1.5. Identifica os antecedentes do expresionismo no século XIX, explica as súas características xerais e especifica as diferenzas entre os grupos alemáns "A ponte" e "O xinete azul.	F	CCEC CCL CSC CAA
		1.1.6. Describe o proceso de xestación e as características da pintura abstracta, distingue a vertente cromática e a xeométrica, e especifica algunhas das súas correntes máis significativas, como o Suprematismo ruso ou o Neoplasticismo.	F	
		1.1.7. Describe as características do Dadaísmo como actitude provocadora nun contexto de crise.	F	
		1.1.8. Explica a orixe, as características e os obxectivos do Surrealismo.	F	
		1.1.9. Explica a importancia dos pintores españois Picasso, Miró e Dalí no desenvolvemento das vangardas artísticas.	CI	
		1.1.10. Explica a renovación temática, técnica e formal da escultura na primeira metade do século XX, distinguindo as obras relacionadas coas vangardas pictóricas e as que utilizan recursos ou linguaxes independentes.	F	
2. Comentario de obras de arte: a plástica na primeira metade do século XX.	2.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da plástica da primeira metade do século XX, aplicando un método que abranca diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	2.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: <i>A alegría de vivir</i> (Matisse); <i>As señoritas de Aviñón</i> , <i>Retrato de Ambroise Vollard</i> , <i>Natureza morta con cadeira de reixa de cana</i> e <i>Guernica</i> (Picasso); <i>A cidade que emerxe</i> (Boccioni); <i>O berro</i> (Munch); <i>A rúa</i> (Kirchner); <i>Lírica</i> e <i>Sobre branco II</i> (Kandinsky); <i>Cadrado negro</i> (Malevich); <i>Composición II</i> (Mondrian); <i>L.H.O.O.Q.</i> (Duchamp); <i>O elefante das Celebes</i> (Ernst); <i>A chave dos campos</i> (Magritte); <i>O entroido</i>	I	CCEC CCL CAA

		<i>de Arlequín e Mulleres e paxaros á luz da lúa (Miró); O xogo lúgubre e A persistencia da memoria (Dalí).</i>		
		2.1.2. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras escultóricas: <i>O profeta (Gargallo); Formas únicas de continuidade no espazo (Boccioni); Fonte (Duchamp); Muller peiteándose ante un espello (Xulio González); Mademoiselle Pogany I (Brancusi); Lagosta, nasa e cola de peixe (Calder); Figura reclinada (Henry Moore).</i>	I	
3. Renovación da linguaxe arquitectónica: o funcionalismo do Movemento Moderno e a arquitectura orgánica.	3.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais da arquitectura da primeira metade do século XX, relacionando cada unha delas cos seus respectivos contextos históricos e culturais.	3.1.1. Explica o proceso de configuración e os trazos esenciais do Movemento Moderno en arquitectura.	CI	CCEC CCL CAA
		3.1.2. Especifica as achegas da arquitectura orgánica ao Movemento Moderno.	F	
4. Comentario de obras de arte: arquitectura da primeira metade do século XX.	4.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura da primeira metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	4.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras arquitectónicas: <i>edificio da Bauhaus en Dessau (Walter Gropius); pavillón de Alemaña en Barcelona (Mies van der Rohe); Vila Saboia en Poissy (Le Corbusier); casa Kaufman (Casa da Cascada) (Frank Lloyd Wright).</i>	I	CCEC CCL CAA
5. Conservación do patrimonio: arte do século XX.	5.1. Respectar as manifestacións da arte da primeira metade do século XX, valorando a súa importancia como expresión da profunda renovación da linguaxe artística na que se sustenta a liberdade creativa actual.	5.1.1. Selecciona unha obra arquitectónica, unha escultura ou unha pintura da primeira metade do século XX, das existentes en Galicia, e xustifica a súa elección.	P	CCEC CCL CAA CSIEE

6. Comentario de obras de arte: arquitectura desde a segunda metade do século XX.	6.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arquitectura desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).	6.1.1. Identifica, analiza e comenta as seguintes obras: <i>Unité d'habitation</i> en Marsella (Le Corbusier); <i>edificio Seagram</i> en Nova York (M. van der Rohe e Philip Johnson); <i>o museo Guggenheim</i> de Nova York (F. Lloyd Wright); a <i>Casa da Ópera</i> de Sydney (J. Utzon); <i>o centro Pompidou</i> de París (R. Piano e R. Rogers); <i>o AT & T Building</i> de Nova York (Philip Johnson); <i>o museo Guggenheim</i> de Bilbao (F. O. Gehry).	CI	CCEC CCL CAA
7. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade.	7.1. Recoñecer e explicar as concepcións estéticas e as características esenciais das artes plásticas desde a segunda metade do século XX, no marco das novas relacións entre clientes, artistas e público que caracterizan o mundo actual.	7.1.1. Explica e compara o Informalismo europeo e o Expresionismo abstracto norteamericano.	F	CCEC CCL CAA
		7.1.2. Explica a abstracción postpictórica.	N	
		7.1.3. . Explica o Minimalismo.	CF	
		7.1.4. Explica a arte cinética e a Op-Art.	CF	
		7.1.5. Explica a arte conceptual.	N	
		7.1.6. Explica a Arte Povera.	N	
		7.1.7. Distingue e explica algunhas das principais correntes figurativas: Pop-Art, Nova Figuración, Hiperrealismo.	F	
		7.1.8. Explica en que consisten as seguintes manifestacións de arte non duradeira: Happening, Body Art e Land Art.	CF	
		7.1.9. Describe os formulacións xerais da posmodernidade, referida ás artes plásticas.	N	

<p>8. Comentario de obras de arte: a arte desde a segunda metade do século XX.</p>	<p>8.1. Clasificar, analizar e comentar obras significativas da arte desde a segunda metade do século XX, aplicando un método que abrangue diferentes enfoques (técnico, formal, semántico, cultural, sociolóxico e histórico).</p>	<p>8.1.1. Identifica o autor e a corrente artística (non necesariamente o título), e analiza e comenta as seguintes obras: Pintura do <i>Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid (Tapiés)</i>; <i>Grito nº 7 (Antonio Saura)</i>; <i>One: number 31 (J. Pollock)</i>; <i>Ctesiphon III (F. Stella)</i>; <i>Vega 200 (Vasarely)</i>; <i>Marilyn Monroe (A. Warhol)</i>; <i>O Papa que berra (Francis Bacon)</i>; <i>A Gran Vía madrileña en 1974 (Antonio López)</i>.</p>	<p>CI</p>	<p>CCEC CCL CAA</p>
<p>9. O patrimonio artístico como riqueza cultural. A preocupación pola súa conservación. A UNESCO.</p>	<p>9.1. Respetar as manifestacións da arte de todos os tempos, valorándoas como patrimonio cultural herdado que se debe conservar e transmitir ás xeracións futuras, e explicar que é o Patrimonio Mundial da UNESCO, así como a súa orixe e a súa finalidade.</p>	<p>9.1.1. Explica a orixe do Patrimonio Mundial da UNESCO e os seus obxectivos.</p> <p>9.1.2. Realiza un traballo de investigación relacionado cos bens artísticos de España e de Galicia inscritos no catálogo do Patrimonio Mundial da UNESCO.</p>	<p>CP</p> <p>P</p>	<p>CCEC CCL CAA CD CSIEE</p>

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<p>- Desenvolver a capacidade do alumnado para analizar as obras de arte.</p>	<p>- Busca información en diversas fontes de consulta dixitais.</p>
<p><i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<p>- Potenciar a capacidade do alumnado para asumir responsabilidades e tomar decisións.</p>	<p>- Planifica as tarefas propostas e é quen de autorregular o propio proceso de aprendizaxe.</p>
<p><i>Competencia en comunicación lingüística</i></p>	<p>- Fortalecer as habilidades de expresión oral e escrita do alumnado.</p>	<p>- Elabora textos descritivos, expresa e argumenta opinións persoais, define os conceptos relacionados coas vangardas do século XX, etcétera.</p>
<p><i>Competencia social e cidadá</i></p>	<p>- Traballar nas actividades que impliquen o desenvolvemento das destrezas de comunicación interpersonal.</p>	<p>- Organiza as tarefas asignadas, establece prioridades, acada acordos de colaboración, etcétera.</p>

<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolver a sensibilidade estética do alumnado.	- Analiza as obras seleccionadas e valora a creatividade e a experimentación constante das primeiras vangardas artísticas do século XX.
---	---	---

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte clásica que existe na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ Material audiovisual como:

<http://vanguardias-sigloxx.blogspot.com.es/> Neste blog poderemos encontrar un estudo pormenorizado das vangardas artísticas do século XX e unha enorme cantidade de ilustracións.

<http://www.taringa.net/posts/arte/16754905/Los-Ismos-En-el-Arte-Post-tamano-epico.html/> Esta páxina web permítenos realizar un percorrido polos *ismos na arte*.

http://www.spanisharts.com/history/del_impres_s.XX/arte_sXX/vanguardias1/introdvanguard.html/ Páxina web moi completa dedicada ao estudo da arte da primeira metade do século XX.

http://historiadelartemiguelcatalan.blogspot.com.es/2010/04/el-arte-de-la-primera-mitad-del-siglo_7264.html/ De novo un blog moi completo sobre a historia da arte desde 1900 ata 1942.

Proponse unha visita á web da Vila Savoye de Le Corbusier, onde se poderán descubrir todos os aspectos que a converte nun auténtico lugar de peregrinaxe (<http://www.villa-savoye.fr/es/>).

A través do seguinte recurso, poderemos realizar un percorrido virtual pola Casa da Cascada de Frank Lloyd Wright (<https://www.youtube.com/watch?v=8KoaxrJOk5A>).

Grazas a este vídeo, é posible ver ao escultor Alexander Calder traballando no seu estudo con un dos seus móbiles (<https://www.youtube.com/watch?v=QMFICm6Yyxw>).

Unha noticia curiosa relacionada coa danza de Matisse pode ser lida a través da web do diario El País (http://elpais.com/diario/2000/06/14/cultura/960933610_850215.html).

A través da web do Museo do Hermitage de San Petersburgo podemos contemplala (<http://www.hermitagemuseum.org/wps/portal/hermitage/digital-collection/01.+Paintings/28411/?lng=es>).

Directamente relacionado co expresionismo alemán, no seguinte vínculo ofrécese a visualización *online* e con subtítulos en castelán da película “*El gabinete del doctor Caligari*” (<https://www.youtube.com/watch?v=feyzmMHURps>).

Un aspecto moi curioso, como se mencionou anteriormente, foi o grupo de artistas españolas coñecido como “as sen sombreiro”, que influíron decisivamente na arte e na cultura españolas de principios de século; a través deste documental hónrase a súa memoria (<http://www.rtve.es/m/alcarta/videos/imprescindibles/imprescindibles-sin-sombrero/3318136/?media=tve>).

Sobre a vida e obra de Picasso ofrécese tres recursos: en primeiro lugar a páxina web do Museo Picasso de Málaga (<http://www.museopicassomalaga.org/>), despois a ubicación actual das señoritas de Aviñón no MOMA de Nova York (<http://www.moma.org/collection/works/79766>) e, por último, a web do Museo Reina Sofía, que alberga o Guernica (<http://www.museoreinasofia.es/coleccion/obra/guernica>).

<http://www.artehistoria.com/v2/videos/787.htm/> Web que combina textos e vídeos sobre as principais tendencias da arte na segunda metade do século XX.

<http://educousa.blogspot.com.es/> Blog que expón de maneira básica os movementos máis sobresalientes da arte dos últimos 50 anos.

http://www.ecured.cu/Arte_del_Siglo_XX/ Esta web ofrece vínculos a diferentes páxinas e recursos para realizar un percorrido por toda a arte do século XX.

<http://www.hechosdehoy.com/el-arte-del-siglo-xx-segunda-mitad-eclosion-de-la-pintura-44123.htm/> Páxina web dedicada ao estudo da pintura da segunda metade da centuria, con especial atención á pintura abstracta.

No seguinte vídeo, os nosos alumnos e alumnas poderán realizar un percorrido, tanto interior, como exterior, polo Weisman Museum Art (<https://vimeo.com/35766423>).

A seguinte web condúcenos á exposición (do museo Reina Sofía) denominada Carl Andre, a escultura como lugar, 1958-2010 (<http://www.museoreinasofia.es/exposiciones/carl-andre-escultura-como-lugar-1958-2010>).

No seguinte vínculo podemos atopar unha completa explicación sobre a arte povera (<http://masdearte.com/movimientos/arte-povera/>).

Este vídeo ofrece unha explicación sinxela sobre a técnica do action painting, utilizada por Jackson Pollock (<https://www.youtube.com/watch?v=NAsKu0drzJs>).

A través da seguinte web poderemos realizar un breve recorrido sobre a tendencia do pop art en España (<http://www.arteespana.com/artepop.htm>)

Por último, relacionado co hiperrealismo, hai dous recursos. En primeiro lugar unha clasificación cos 30 pintores máis importantes dentro desta tendencia (<http://totenart.com/noticias/30-artistas-importantes-hiperrealismo/>) e, por outro lado, a web dedicada ao artista Antonio López no museo Thyssen-Bornemisza (<http://www.museothyssen.org/microsites/exposiciones/2011/antoniolopez/museo4.html>).

UNIDADE 11: o vocabulario artístico

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta non é propiamente unha unidade didáctica “per se” e, por iso, ocupa o derradeiro lugar da PD de Historia da Arte pero, non por iso, é menos importante que as demais. O alumnado deberá coñecer a terminoloxía propia da Historia da Arte, empregando os termos axeitados en cada caso particular cando nos referimos á descrición dunha obra artística. O coñecemento e significado da terminoloxía específica resulta imprescindible á hora de manexar información cando lemos bibliografía da materia e, por conseguinte, á hora de describir axeitadamente unha obra de arte.

2. TEMPORALIZACIÓN

Aínda que o noso Departamento considera clave comezar explicando este tema ou unidade ao comezo do curso académico para que o discente empregue desde o principio termos específicos propios da arte, depende da liberdade do docente asignado para esta materia, que comece ou finalice o curso impartindo esta terminoloxía. Por pura lóxica, deberíase comezar, como acabamos de dicir, por este tema e, polo tanto e se así fose, a temporalización das demais unidades didácticas retrasaríanse un tanto. Pensamos que con dedicar 1 mes (16 horas lectivas) a dar a coñecer ao alumnado aqueles termos máis empregados e propios da Historia da Arte, resultaría suficiente. Debemos axustar e modificar, co tempo e conforme gañemos experiencia ao longo dos anos, a temporalización do currículo desta materia, mesmo cando, este currículo resulta excesivamente amplo para a escasa carga lectiva que temos ao longo do curso.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Manexar a terminoloxía específica desta materia.
2. Aprender e asimilar dita terminoloxía coa suficiente soltura para que o discente non teña ningunha dúbida do que está a estudar e aprender.
3. Ser quen de falar en termos artísticos con destreza cando a circunstancia o demande.
4. Ser quen de comentar unha obra de arte empregando a terminoloxía axeitada para cada suposto.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
1. Vocabulario artístico.	1.1. Utilizar a terminoloxía específica da arte nas exposicións orais e escritas, denominando con precisión os elementos e as técnicas principais.	1.1.1. Utiliza con corrección a terminoloxía específica das artes en exposicións orais e escritas.	I	CCEC CCL

5. COMPETENCIAS CLAVE, DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia dixital</i>	- Buscar información na rede sobre as definicións de termos artísticos de todos os períodos.	- É quen de organizar e resumir informacións obtidas en diversas fontes de consulta dixitais referidas ao vocabulario específico da arte.
<i>Competencia de iniciativa e espírito emprendedor</i>	- Promover a organización e sistematización de estudo do vocabulario específico.	- Autorregula o seu proceso de aprendizaxe.

<i>Competencia en comunicación lingüística</i>	- Definir correctamente os termos da arte universal estudados.	- Define de forma clara e concisa a terminoloxía específica da historia da arte.
<i>Competencia social e cidadá</i>	- Traballar de forma transversal os contidos da unidade.	- Respecta as opinións alleas, empatiza cos problemas de aprendizaxe, etcétera.
<i>Competencia de conciencia e expresións culturais</i>	- Desenvolver a sensibilidade estética do alumnado.	- Valora a necesidade de protexer e conservar o patrimonio artístico universal.

6. RECURSOS

Os seguintes recursos servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos da unidade:

- ♣ Ampla bibliografía específica da arte existente na Biblioteca do IES e no Dpto de Xeografía e Historia.
- ♣ Libro de texto recomendado pola docente: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives.
- ♣ *Diccionario manual ilustrado de arquitectura*, D.Ware-B.Beatty, editorial Gustavo Gili, 1977.
- ♣ Material audiovisual como:

<http://iesaguilarycanoarte.blogspot.com.es/p/vocabulario.html/> Páxina de José Ángel Martínez que, en forma de presentación, ofrece definicións de termos de arte cos seus respectivos debuxos e fotos, con 305 diapositivas (SlideShare).

<http://mimagnificoprofesor.blogspot.com.es/p/historia-del-arte-2-de-bachillerato.html/> Páxina ben presentada e ilustrada de como facer un bo comentario de arquitectura.

http://almez.pntic.mec.es/~jmac0005/Bach_Arte/actividades/actividades_arte_01.htm/ Páxina na que podemos facer actividades interactivas autocualificables sobre conceptos e imaxes das unidades de historia da arte.

http://almez.pntic.mec.es/~jmac0005/Bach_Arte/Teoria/Html/teoria3.htm/ Páxina na que podemos consultar o vocabulario específico de arte de cada unidade didáctica.

<http://perseo.sabuco.com/historia/vocabulario.pdf/> Páxina na que podemos descargar un documento en PDF daqueles termos artísticos máis notables da arte.

XIII.3. CONTIDOS MÍNIMOS

Na materia de Historia da Arte, especificanse os contidos mínimos que deben superar as/os alumnas/os. Estes contidos mínimos reflectense no apartado do grao de consecución en cada unidade, indo do N (necesario) ata o I (imprescindible) dependendo da súa transcendencia. Aqueles contidos que non acadan o N non son considerados como mínimos esixibles e, polo tanto e aínda que se podan tocar na aula, este Departamento considera que non teñen a importancia suficiente para consideralos como mínimos.

Posto que se trata de 2º de Bacharelato, o coñecemento dos mínimos esixibles serán obrigatorios, por parte dos discentes, para superar esta materia.

XIII.4. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación positiva requirirá que:

- √ Sexan capaces de desenvolver un traballo diario na clase.
- √ Sexan capaces de elaborar informes pulcros e claros.
- √ Sexan capaces de adquirir o vocabulario específico da materia.

O proceso da avaliación será global e integrador, constando de 3 avaliacións. En cada unha delas farase unha proba específica que consistirá nun exame baseado no comentario de dúas diapositivas ou láminas (comentario artístico e dos aspectos socio-culturais e políticos da época) e na realización de catro preguntas pertencentes ao dicionario de termos artísticos que o alumnado elaborará en cada trimestre. Terase en conta non só os conceptos ou coñecementos, senón a expresión, relación e orde.

Valorarase o traballo individual e en grupo realizado diariamente, así como a actitude e o interese pola materia.

Ao remate de cada avaliación haberá unha proba de recuperación dos contidos explicados ao longo da mesma.

Para poder avaliar cun mínimo de rigor ao alumnado, pensamos que deberíamos seguir a táboa que a continuación se relaciona, co propósito de ser o máis obxectivos posibles, tratando de non quedar influídos por outros parámetros alleos á propia avaliación. É, por iso, que a cada estándar de aprendizaxe en cada unidade didáctica, establecemos uns graos de consecución desta aprendizaxe e a importancia que posúen os contidos relacionados con estes na formación cultural do alumno/a. Cada grao sinálase cunhas letras nas que irá especificado o necesario para acadar dito grao de consecución.

GRAO DE CONSECUCIÓN	PAUTAS NECESARIAS PARA ACADALO
I (imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo maxistral, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente non ten que indicar nada máis do que o alumno/a explica.
CI (case imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo sobresaínte, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar escasos parámetros.
F (fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algún erros cometidos sen moita importancia.
CF (case fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algúns esquecementos ou interrelacións entre eles.

N (necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo satisfactorio, esquecendo diversos acontecementos, causas, consecuencias...
P (puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo razoable pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos, sendo preciso insistir.
CP (case puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo superficial pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos.
NN (non necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal pero que non implique a non consecución e asimilación dos contidos estudados.
IN (innecesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal, sen ser precisos para obter un grao de consecución e asimilación dos contidos.

Para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a cada unha das unidades vistas haberá que atender á cualificación que estes teñan en cada táboa presentada por unidades didácticas e o grao de consecución de cada un deles. Os criterios de cualificación basearanse no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave.

A cualificación estará baseada nos seguintes criterios:

- Probas de coñecemento: 90%.
- Traballo diario: 10%.

Farase unha proba final no que os alumnos/as serán examinados dos contidos das avaliacións que non teñan superadas. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse á convocatoria extraordinaria.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación especificados.

Poderase descontar 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

XIII.5. MATERIAL DIDÁCTICO

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos.

Alumnado:

- Caderno de clase.
- Libro: *Historia da Arte*. J.R. Triadó Tur, M. Pendás García e X. Triadó Subirana. Editorial Vicens Vives, A Coruña, 2009. (Libro recomendado pola docente).

Aula:

- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
 - Atlas históricos e artísticos depositados na Biblioteca do centro e no Departamento.
 - Bibliografía específica da Biblioteca do centro ou do Departamento de Xeografía e Historia.
 - Canón e PC dispoñibles na aula.
 - Reprografía.
 - Prensa.
 - Vídeos didácticos.
 - Internet: páxinas web relacionadas coa arte, museos, unidades didácticas...

XIV. 2º curso Bacharelato
Xeografía

XIV.1. OBXECTIVOS XERAIS PARA A XEOGRAFÍA

O actual currículo constata que “a Xeografía se ocupa especificamente do espazo, as paisaxes e as actividades que se desenvolven sobre o territorio, analizando a relación entre a natureza e a sociedade, así como as súas consecuencias”.

De acordo con iso, formula os seguintes obxectivos xerais para esta disciplina:

- ✓ “Ten como obxectivo *a comprensión do territorio*, produto da interrelación de múltiples factores, e ademais que o estudante poida explicar a realidade xeográfica española. Grazas a este coñecemento adquirido, a Xeografía pode transmitir a idea de responsabilidade dentro da sociedade, posto que o ser humano é o principal axente de transformación do medio natural, e deste xeito, esta materia participa profundamente na formación en valores”.
- ✓ “O uso dos instrumentos propios desta disciplina, entre outros a cartografía, imaxes ou estatísticas de distinto tipo, achega a posibilidade de analizar e realizar interpretacións globais, sistemáticas e integradas da realidade que nos rodea, identificar as unidades territoriais, as paisaxes e os resultados da actividade humana para poder coñecer e comprender o espazo”.
- ✓ “De modo que a Xeografía formulada neste curso ten como obxectivo fundamental *dar unha interpretación global e interrelacionada de cada fenómeno xeográfico*, ofrecer os mecanismos que sirvan para dar respostas e explicacións aos problemas que formula o territorio de España”.

XIV.2. PROGRAMACIÓN POR UNIDADES DIDÁCTICAS

UNIDADE 1: *o espazo xeográfico español. A diversidade xeomorfolóxica*

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A Xeografía de España comeza cunha presentación da composición e a diversidade dos territorios que integran o espazo xeográfico español.

A continuación iníciase a xeografía física co estudo do relevo. A unidade didáctica pretende poñer de manifesto a diversidade das súas formas como resultado da combinación dunha estrutura xeolóxica, construída por unha tectónica ou forzas internas da terra, co modelado realizado sobre ela por forzas e procesos externos: meteoros atmosféricos, augas e seres vivos.

Polo tanto, o estudo do relevo iníciase coa xeomorfoloxía estrutural. Resáltanse os contrastes entre unidades xeomorfolóxicas (montañas, chairas e depresións) e explícase como responden a estruturas xeolóxicas diversas (zócolos, macizos antigos, concas sedimentarias e cordilleiras de pregamento), que son o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos de antigüidade.

A continuación, a xeomorfoloxía dinámica explica a diversidade de relevos litolóxicos existentes dentro de cada un dos grandes conxuntos estruturais en función da natureza das rochas e da actuación sobre elas dos distintos axentes morfoxenéticos.

Sobre estas bases analízase a disposición e os trazos de cada unha das grandes unidades morfoestruturais do relevo peninsular e insular e as formas máis características do relevo costeiro.

Por último, realízase o estudo das características propias do espazo xeográfico de Galicia no que se analizan a súa situación na península ibérica e os trazos do seu relevo.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 9 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na primeira avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da xeomorfoloxía.
2. Coñecer e describir a composición do espazo xeográfico español e distinguir e valorar os elementos que lle confiren unidade e diversidade.
3. Localizar e identificar en mapas as principais unidades morfoestruturais do relevo español e os accidentes máis destacados do relevo costeiro.
4. Coñecer e explicar os trazos principais da evolución xeolóxica do territorio español; a litoloxía e as formas de modelado; e as unidades morfoestruturais do relevo peninsular e insular.
5. Coñecer as especificidades do espazo xeográfico de Galicia.
6. Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados co estudo do relevo obtendo, interpretando, analizando e comentando mapas, bloques diagrama, perfís topográficos e imaxes.
7. Valorar a diversidade do espazo xeográfico e do relevo español.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- O espazo xeográfico español. A composición e a diversidade do territorio español. - O relevo peninsular. Trazos, tipos de unidades morfoestruturais; evolución xeolóxica; rochedo e tipos de relevo; unidades	1. Definir e explicar brevemente conceptos relativos ao relevo español.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á evolución xeolóxica e ás unidades estruturais do relevo peninsular e insular.	I	CCL CMCT
		1.2. Define con precisión conceptos relativos ao relevo costeiro español.	I	
	2. Analizar, caracterizar e explicar o relevo español.	2.1. Redacta temas sobre a evolución xeolóxica, o rochedo, as unidades e o relevo costeiro peninsular; así como sobre o relevo continental e costeiro das illas Baleares e Canarias.	I	CCL CMCT CAA

estruturais; e relevo costeiro. - O relevo das illas Baleares. Os conxuntos do relevo e as costas baleares. - O relevo das Illas Canarias. Os tipos de relevo e as costas canarias. - O espazo xeográfico galego. Situación e límites; e relevo.	3. Localizar e identificar en mapas fenómenos referidos ao relevo español.	3.1. Localiza e identifica en mapas fenómenos referidos ao relevo continental e costeiro de España.	N	CMCT CAA
	<ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Identificar potencialidades persoais como aprendiz. 	<ul style="list-style-type: none"> - Clasifica información sobre tipos de problemas enerxéticos procedentes de noticias de prensa. - Elabora cadros de síntese referidos aos problemas da minería; os problemas enerxéticos de España e as súas solucións; e causas e consecuencias da crise industrial de 1975. - Enumera onde se localizan as principais zonas industriais de Galicia. - Confecciona cadros comparativos sobre a situación de partida da industria en Gran Bretaña e en España; as innovacións técnicas, sistemas produtivos e sectores da primeira e a segunda revolución industrial; os obxectivos, actuacións, sectores ou áreas afectadas e os resultados das políticas de reconversión e reindustrialización; os factores físicos e actuais da localización industrial; os problemas estruturais da industria e as medidas para facerlles fronte; as principais fontes de enerxía; as etapas da industrialización española; e as áreas industriais de España. - Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas das producións mineiras, enerxéticas e industriais; imaxes dos sistemas de produción e das paisaxes mineiras e industriais; realización dun traballo de campo sobre unha industria; utilización de material gráfico; e lectura de textos e informacións complementarios. - Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.
--	--	--

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar o estudo da industria en España e Galicia poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios de termos enerxéticos e industriais, páxinas web, vídeos e blogs de xeografía.
- Vídeo da UNED sobre “Os espazos industriais”.
- Datos do INE, do IGE, do MINETUR, da Información Xeográfica de Galicia e do Instituto Xeográfico Nacional para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos e mapas temáticos.

UNIDADE 7: os espazos do sector terciario

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade didáctica estuda os trazos do proceso de terciarización da economía española, centrando a atención nos espazos creados por tres das súas actividades máis destacadas: os sistemas de transporte e telecomunicacións, o turismo e o comercio. Nos tres téñense en conta os principais enfoques adoptados pola xeografía para o seu estudo.

Nos transportes, trátanse a influencia do medio físico; a organización das redes; as diferenzas entre os modos en canto ao transporte de pasaxeiros e de mercadorías; a loxística; a incorporación das novas tecnoloxías e dos sistemas intelixentes de transporte; o impacto ambiental do sistema de transporte; e sobre todo, as súas implicacións espaciais. Neste aspecto analízase o papel do transporte na articulación do territorio, ao crear fluxos e redes de desprazamento de persoas e mercadorías; as diferenzas de accesibilidade entre os territorios; e as posibilidades do transporte de contribuír ao desenvolvemento das rexións, ao acurtar a distancia física medida en tempo e custo, facéndoas accesibles e atractivas. Finalmente, abórdanse as principais directrices da política de transporte e a integración do sistema de transporte español nas redes transeuropeas de transporte. En canto ás comunicacións, resáltase o seu protagonismo no contexto mundial de crecente globalización, ata tal punto que a posición central no espazo xeográfico non importa xa tanto como o feito de posuír unha boa conexión coas redes de telecomunicación.

No turismo, analízanse a evolución desta actividade desde o modelo tradicional masivo de sol e praia cara a un novo modelo que busca unha maior calidade e diversificación da oferta; os factores que inflúen en cada unha das modalidades turísticas; as características da oferta e a demanda turística; as principais modalidades turísticas; a repartición territorial do turismo; as súas variadas repercusións espaciais; os problemas que presenta esta actividade na actualidade; e as principais liñas da política turística para facerlles fronte.

No comercio interior analízanse os importantes cambios habidos na súa estrutura, que permiten falar de “revolución comercial”; os tipos de comercio, prestando especial atención aos problemas do comercio polo miúdo tradicional e ao avance das grandes superficies comerciais; os espazos creados polo comercio interior; e as políticas encamiñadas a revitalizar o comercio nos ámbitos urbano e rural. No comercio exterior trátanse as importacións e as exportacións españolas; as áreas mundiais cara ás que se dirixen; e os trazos da política comercial no marco da pertenza española á Unión Europea e dos acordos subscritos coa Organización Mundial do Comercio.

Ademais, explícanse as características específicas do sector terciario en Galicia en canto aos sistemas de transportes e o turismo e o comercio.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 11 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na segunda avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios dos espazos terciarios.
2. Describir, caracterizar e explicar o proceso de terciarización da economía española; os modos de transporte e o seu impacto espacial; o turismo; o comercio exterior e interior; e outras actividades terciarias.
3. Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados cos espazos terciarios: comentario de paisaxes turísticas; e obtención, análise e comentario de mapas, datos estatísticos, gráficos, imaxes e textos relacionados co transporte, o turismo e o comercio.

4. Valorar a importancia das actividades terciarias, tomar conciencia dos seus problemas e formular solucións fronte a eles.
5. Coñecer as peculiaridades do sector terciario en Galicia: o sistema de transportes e o turismo e comercio.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criteriaos de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de terciarización e a importancia do sector terciario. - Os trazos do sector terciario: heteroxeneidade, complexidade, estrutura, factores e tendencias de localización, e desequilibrios territoriais. - Os transportes e as telecomunicacións: o sistema de transporte e a súa importancia; características do sistema de transporte; a política de transporte; os modos de transporte; e as telecomunicacións. - Os espazos turísticos: o turismo e a súa importancia; evolución do turismo e dos seus factores; características; tipos de turismo; espazos turísticos; repercusións 	1. Definir e explicar correctamente os principais conceptos relativos aos espazos de servizos de España.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de terciarización, os transportes, o turismo e o comercio en España.	I	CCL CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de terciarización e as principais actividades do sector terciario en España e Galicia.	2.1. Redacta temas sobre o proceso de terciarización; as características do sistema de transporte e os seus diferentes modos; os trazos do turismo e as súas distintas tipoloxías; e o comercio interior e exterior de España.	I	CCL CMCT CAA
	3. Localizar en mapas os nodos e infraestruturas de transporte; os principais espazos turísticos; e as áreas máis destacadas do comercio interior e exterior.	3.1. Localiza en mapas os nodos e infraestruturas do transporte terrestre, marítimo e aéreo; as áreas de alta e media densidade turística; as comunidades con maior peso do comercio interior; e as principais áreas ou países do comercio exterior de España.	F	CMCT CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo dos espazos terciarios de España.	4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de paisaxes turísticas; e obtén, analiza e comenta mapas, gráficos, datos estatísticos, imaxes e textos sobre os transportes, o turismo e o comercio en España.	CF	CD CCL CMCT CAA CCEC CSIEE

<p>do turismo; problemas; e política turística.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O comercio. O comercio interior: características, tipos, espazos e políticas comerciais. O comercio exterior: características, áreas, e política comercial. - Outras actividades terciarias. 	<p>5. Valorar a importancia dos transportes na articulación do territorio; e tomar conciencia dos problemas que afectan ás actividades terciarias, propondo solucións fronte a eles.</p>	<p>5.1. Valora a importancia da rede de estradas na articulación do territorio; toma conciencia dos problemas que afectan o transporte, o turismo e o comercio e propón solucións fronte a eles.</p>	<p>F</p>	<p>SIEP CSC</p>
--	--	--	----------	---------------------

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Tomar conciencia dos cambios producidos polas persoas no contorno natural e as repercusións para a vida futura. - Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante no ámbito xeográfico. - Manexar os coñecementos sobre a ciencia xeográfica e a tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, 	<ul style="list-style-type: none"> - Propón tres medidas para reducir o impacto ambiental do transporte por estrada. - Calcula o saldo comercial e a taxa de cobertura comercial. - Utiliza datos estatísticos para obter información sobre o tráfico aéreo en España. - Razoa sobre a relación entre un PIB elevado e un alto desenvolvemento económico. - Relaciona contidos: os principais problemas do sistema de transporte español coas actuacións da política de transporte para solucionarlos; e os trazos que comparte o comercio polo miúdo tradicional moderno co tradicional clásico e o de libre servizo. - Explica en que consiste o sistema de transporte intermodal e os elementos que compoñen a rede intermodal de mercadorías; que se entende por difusión turística e cales son as motivacións e as repercusións deste feito; e cales son as repercusións do turismo en áreas diferentes ás de sol e praia. - Pon exemplos sobre as aplicacións do Sistema Intelixente de Transporte; o uso das novas tecnoloxías na vida cotiá; as áreas e os puntos turísticos de España; e os diferentes tipos de establecementos comerciais. - Compara as tendencias de localización da industria e dos servizos; as vantaxes e inconvenientes do transporte ferroviario e por estrada; as repercusións positivas e negativas do

	<p>porcentaxes, etcétera.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. 	<p>turismo; e as características do comercio por xunto e polo miúdo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Comenta textos xeográficos sobre o problema das conexións de España e Europa a través do Pirineo central. - Compara imaxes sobre o modelo turístico tradicional e o novo modelo turístico; e sobre o comercio polo miúdo tradicional clásico e o de libre servizo. - Utiliza e traballa con mapas: explica o que é a Rede Transeuropea de Transporte e as súas vantaxes; localiza os principais nodos españois incluídos na Rede Transeuropea de Transporte; e deduce dun mapa as causas e as consecuencias das diferenzas na densidade turística. - Localiza en mapas as principais redes de transporte da súa provincia; e as áreas e puntos turísticos da propia comunidade autónoma. - Comenta mapas sobre as diferenzas territoriais na terciarización; e os espazos turísticos en España. - Elabora gráficos sobre o rango das principais potencias turísticas por número de turistas e ingresos turísticos. - Comenta gráficos sobre a evolución do sector terciario na ocupación e no PIB. - Utiliza técnicas propias do método xeográfico: comenta unha paisaxe turística. - Aplica coñecementos á vida cotiá: selecciona un establecemento próximo e cita os factores que puideron intervir na súa localización.
<p>Comunicación lingüística</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes da unidade. - Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado: Conceptos como <i>sector terciario, sistema de transporte, plataforma loxística, autoestrada do mar, turismo, balanza comercial, comercio polo miúdo</i>, etcétera. - Explica o significado de termos: heteroxeneidade, complexidade, autoprestación, despersonalización e desconcentración concentrada referidos aos servizos; e nodo de transporte. - Diferenza termos: áreas e puntos turísticos.

	<p>gramaticais para elaborar textos escritos e orais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... 	<ul style="list-style-type: none"> - Le o artigo 148 da Constitución española e escribe as competencias sobre o sistema de transporte que recoñece as comunidades autónomas. - Escribe un pé para imaxes relativas a modalidades turísticas; e ás repercusións do turismo. - Enumera os recursos turísticos naturais e culturais de España. - Redacta a resposta ás actividades e os traballos propostos, utilizando o vocabulario, as estruturas lingüísticas e as normas gramaticais correctas. - Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado. - Respecta as normas de comunicación na clase: pide a palabra e atende as intervencións do profesorado e dos demais estudantes.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Usar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Comprender e valorar de forma crítica as mensaxes procedentes dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca imaxes en Internet sobre o modelo turístico tradicional e o novo modelo turístico; as diferentes modalidades turísticas; as repercusións do turismo; o comercio polo miúdo tradicional clásico e de libre servizo. - Obtén e elabora información da Rede sobre o Sistema Intelixente de Transporte; e as diferenzas entre o turismo estranxeiro e o nacional. - Elabora un informe sobre o turismo en Galicia consultando a páxina web de Turgalicia. - Elabora información a partir de documentos gráficos e cartográficos sobre a rede de estradas de España e da propia provincia; o mapa do tráfico de mercadorías por portos e por mercadoría transportada; o mapa e o gráfico sobre o transporte aéreo; documentos sobre a oferta de aloxamento e a estacionalidade da demanda turística; e a evolución do comercio exterior, o comercio exterior por sectores e por áreas xeográficas. - Reflexiona sobre as actitudes dos consumidores ante a oferta comercial.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar gusto pola creatividade e pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. - Mostrar respecto cara 	<ul style="list-style-type: none"> - Coida a presentación do caderno de traballo. - Selecciona con sentido estético imaxes relativas ás tipoloxías turísticas e comerciais. - Considera a beleza do contorno natural e do patrimonio artístico e cultural como factor para a atracción turística; e comprende a importancia da rehabilitación dos centros históricos urbanos como factor para promover o seu atractivo

	<p>ao patrimonio cultural mundial e de España nas súas distintas vertentes (artístico e literaria, etnográfica, xeográfica, urbana, económica, científico e técnica...).</p>	<p>comercial.</p>
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente na clase formulando preguntas; contestando interrogantes; manifestando opinións; e expoñendo voluntariamente a resposta ás actividades didácticas da unidade formuladas polo profesorado. - Respecta as intervencións na clase dos demais estudantes. - Manifesta unha actitude atenta na clase e respectuosa coas indicacións do profesorado.
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organiza o seu traballo para realizar as tarefas encomendadas de forma adecuada no tempo requirido, solicitando axuda para realizalas en caso necesario. - Valora as vantaxes da multimodalidade no sistema de transporte. - Emite xuízos críticos sobre as vantaxes e inconvenientes do uso das novas tecnoloxías, e sobre as vantaxes e inconvenientes medioambientais e socioeconómicos da construción da rede viaria en Galicia. - Reflexiona sobre as actitudes dos consumidores ante a oferta comercial e sobre as consecuencias das grandes superficies no propio contorno.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza un esquema sobre a importancia do sector terciario; e as transformacións recentes na demanda e na oferta comercial. - Sintetiza os problemas do transporte ferroviario e as actuacións encamiñadas a solucionarlos. - Realiza un estudo sobre as vías de alta capacidade próximas ao contorno.

	<p>proceso de aprendizaxe.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Identificar potencialidades persoais como aprendiz. 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora cadros de síntese referidos aos tipos de turismo; e aos problemas do turismo e as medidas adoptadas pola política turística fronte a eles. - Confecciona cadros comparativos sobre as etapas do turismo en España; as características da demanda turística estranxeira e nacional; e os diferentes modos de transporte. - Selecciona algúns dos comercio polo miúdo do propio contorno e anota as súas características. - Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas dos diferentes modos de transporte, das áreas turísticas e dos espazos comerciais; imaxes das modalidades turísticas e das tipoloxías comerciais; material gráfico; e lectura de textos e informacións complementarios. - Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.
--	--	---

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar o estudo dos espazos do sector terciario en España e Galicia poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios de termos sobre transporte, turismo e comercio, páxinas web, vídeos e blogs de xeografía.
- Vídeo da UNED sobre “Os espazos de ocio e turismo”.
- Datos estatísticos do INE, do IGE, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo; o Ministerio de Economía e Competitividade, e o Instituto Xeográfico Nacional e a Información Xeográfica de Galicia para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos e mapas temáticos.

UNIDADE 8: a poboación española

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A unidade didáctica dedicada á xeografía da poboación estuda a distribución espacial da poboación e os procesos que xera; as variables dinámicas (natalidade, mortalidade e mobilidade espacial); e a estrutura demográfica (sexo e idade) e socioeconómica (actividade e distribución por sectores económicos).

En todos estes temas preténdese evidenciar as profundas transformacións que tiveron lugar desde mediados da década de 1970; os factores que as explican; e as consecuencias que cabe esperar para un futuro inmediato e a medio prazo. Para comprender o alcance destes cambios resulta necesario coñecer a situación de partida, polo que en cada un dos apartados tratados faise referencia á situación pasada.

Na distribución espacial da poboación, explícanse os desequilibrios territoriais actuais a partir dos factores que ocasionaron movementos migratorios desde a Idade Moderna e analízanse as tendencias recentes á luz dos novos factores que inciden hoxe na repartición da poboación.

O estudo do movemento natural da poboación encádrase en tres réximes demográficos. Así, pártese dos trazos do réxime demográfico antigo e a continuación analízanse as particularidades da transición demográfica en España, utilizando a teoría da “transición sanitaria”, que xira arredor do concepto de “risco” ou probabilidade de perder a saúde. E finalmente explícase o réxime demográfico actual, incorporando argumentacións procedentes de diferentes campos, como a economía, a socioloxía, etcétera.

As migracións interiores iníciase cunha presentación dos movementos tradicionais (estacionais, temporais e éxodo rural), co fin de poñer de manifesto o cambio nas motivacións, os fluxos e o perfil humano que caracteriza ás migracións actuais. Do mesmo modo, as migracións exteriores comezan analizando os destinos tradicionais da emigración española, para poñer de relevo o cambio que supón a situación actual, marcada polo predominio da inmigración estranxeira e unha emigración ao exterior moi inferior á de épocas pasadas.

A estrutura demográfica céntrase no problema do envellecemento e as súas repercusións; e a estrutura económica nos cambios recentes nas taxas de actividade e de paro, e nos tres sectores de actividade. Ademais, preséntase a proxección de futuro para cada unha das variables demográficas, á luz das previsións realizadas por persoas e institucións especialistas na disciplina.

Por último, analízanse as características propias da poboación galega, centrándose na desigual distribución da poboación na nosa comunidade, o movemento natural da mesma, a tradición migratoria de Galicia como trazo significativo, o crecemento real e a estrutura da poboación.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 11 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na segunda avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos á poboación española.
2. Describir, analizar, caracterizar e explicar a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.
3. Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación española.
4. Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e solidariedade ante calquera forma de discriminación.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - As fontes demográficas. - A distribución da poboación: características, evolución e factores explicativos. - O movemento natural da poboación: os réximes demográficos e os desequilibrios territoriais. - Os movementos migratorios: as migracións interiores tradicionais e actuais; as migracións exteriores tradicionais e actuais; e a inmigración estranxeira. - O crecemento real da poboación. - A estrutura da poboación: por sexo e idade; e por actividade económica. - O futuro da poboación española. - A poboación de 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á poboación española e galega.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	I	CCL CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos da distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	2.1. Redacta temas sobre a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	F	CCL CMCT CAA
	3. Localizar en mapas e gráficos os principais trazos relacionados coa distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española e galega.	3.1. Localiza en mapas a distribución da poboación española e galega; as diferenzas territoriais na natalidade, a mortalidade, o crecemento natural, os movementos migratorios, o crecemento real, a xuventude e o envellecemento demográfico; as taxas de actividade e de paro; e a poboación ocupada por sectores económicos.	F	CMCT CAA

Galicia: distribución, movemento natural, tradición migratoria, crecemento real e estrutura.	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da poboación española e galega.	4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a distribución, o movemento natural, os movementos migratorios, o crecemento, a estrutura e as tendencias de futuro da poboación española. Comenta pirámides de poboación de España e de distintas comunidades autónomas.	CF	CD CCL CMCT CAA CEC
	5. Expresar opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de tolerancia e solidariedade ante calquera forma de discriminación.	5.1. Emite opinións e xuízos críticos sobre problemas demográficos e mostra actitudes de tolerancia e solidariedade respecto á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, idade, raza ou nacionalidade.	P	CSIEE CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar os coñecementos sobre a ciencia xeográfica e a tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza índices para calcular as taxas de masculinidade e de feminidade en diferentes grupos de idade. - Utiliza datos estatísticos para explicar o cálculo das taxas de actividade e de paro. - Comenta táboas estatísticas sobre a idade do matrimonio, a idade da maternidade e a porcentaxe de fillos nados de nai non casada; a aloctonía provincial; e o futuro da poboación española. - Explica a influencia dos factores físicos, económicos, demográficos e políticos na distribución da poboación; a influencia do crecemento natural e das migracións en cada etapa do crecemento da poboación española; a influencia na taxa de actividade das migracións, o dinamismo económico, a duración da escolarización, o traballo da muller fóra do fogar e a idade da xubilación; e os factores que influíron na taxa de paro en España. - Compara o censo co padrón municipal; a metodoloxía dos censos actuais e a dos censos por

	<p>cotía.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. 	<p>lumes; as migracións estacionais e temporais co éxodo rural; a emigración tradicional transoceánica e a europea; e as consecuencias das migracións exteriores tradicionais e actuais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Diferenza ou crecemento natural e o crecemento real da poboación. - Busca noticias sobre problemas relacionados co movemento natural da poboación; e sobre as migracións. - Comenta textos xeográficos sobre o envellecemento demográfico. - Compara mapas dos saldos migratorios en 1900-1940 e 1961-1965; e da poboación nova e anciá por comunidades autónomas. - Obtén información de mapas sobre a evolución da densidade de poboación en España; os saldos migratorios das migracións interiores actuais; e diferentes documentos sobre a inmigración estranxeira en España. - Comenta gráficos sobre a evolución da mortalidade infantil; a evolución da esperanza de vida; a evolución das migracións interiores tradicionais; as migracións segundo o tamaño dos municipios; a evolución da estrutura por idade; e a evolución da poboación ocupada por sectores económicos. - Utiliza técnicas propias do método xeográfico: elabora, comenta e compara pirámides de poboación de España en 2015; de España en 2015 e 2060; e das provincias de Badaxoz, Teruel e Barcelona.
<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Respetar as normas de 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes da unidade. - Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado: Conceptos como censo, transición demográfica, taxa de fecundidade, esperanza de vida, emigración, taxa de paro, etcétera. - Le e comenta textos sobre o envellecemento da poboación. - Redacta a resposta ás actividades e aos traballos formulados, utilizando o vocabulario, as estruturas lingüísticas e as normas gramaticais correctas. - Sintetiza o contido de noticias sobre problemas relacionados co movemento natural e sobre migracións con corrección sintáctica e gramatical.

	<p>comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado; e a presentación en PowerPoint sobre o paro en España. - Respecta as normas de comunicación na clase: pide a palabra e atende as intervencións do profesorado e dos demais estudantes.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Usar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Obtén e elabora información da Rede: interpreta a información ofrecida polo INE sobre a poboación española e as novidades do censo de 2011 en canto a metodoloxía. - Realiza unha presentación en PowerPoint sobre o paro en España.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar gusto pola creatividade e pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coida a presentación do caderno de traballo e a execución da presentación en PowerPoint sobre o paro en España. - Elabora con sentido estético as diapositivas da presentación en PowerPoint sobre o paro en España. - Valora as migracións pola súa achega á multiculturalidade.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprender a comportarse 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente na clase formulando preguntas; contestando interrogantes; manifestando opinións; e expoñendo voluntariamente a resposta ás actividades didácticas da unidade formuladas polo profesorado. - Respecta as intervencións na clase dos demais estudantes.

	<p>desde o coñecemento dos distintos valores.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar. - Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. - Involucrarse ou promover accións cun fin social. 	<ul style="list-style-type: none"> - Manifesta unha actitude atenta na clase e respectuosa coas indicacións do profesorado. - Propón medidas para evitar o racismo e a xenofobia.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organiza o seu traballo para realizar as tarefas encomendadas de forma adecuada no tempo requirido, solicitando axuda para realizalas en caso necesario.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora cadros de síntese referidos aos factores influentes sobre a natalidade e a mortalidade en cada un dos réximes demográficos; e sobre as etapas do éxodo rural. - Confecciona cadros comparativos sobre as características das migracións interiores tradicionais e actuais; e sobre as migracións interiores e exteriores. - Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas da distribución da poboación, das taxas de natalidade e de mortalidade e da repartición da poboación nova e anciá; gráficos sobre a evolución do movemento natural, sobre as migracións interiores e exteriores, a estrutura por sexo e idade, e as taxas de actividade e de paro; e lectura de textos e informacións complementarios. - Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.

	resultados intermedios. - Identificar potencialidades persoais como aprendiz.	
--	--	--

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar o estudo da poboación poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios de termos demográficos, páxinas web, vídeos e blogs de xeografía.
- Datos estatísticos do INE e do IGE para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos e mapas temáticos.

UNIDADE 9: o espazo urbano

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade didáctica estuda o espazo urbano español. No tratamento dos contidos inclúense os principais enfoques cos que os xeógrafos abordaron o estudo do espazo urbano, tanto no referente á análise do espazo interno da cidade como no relativo ás relacións entre cidades e ao seu papel na organización do espazo a través das redes urbanas.

Nunha primeira parte analízase o proceso de urbanización facendo especial fincapé nas etapas industrial e postindustrial polas súas repercusións na situación actual; e estúdase a cidade de forma individualizada: a organización interna incidindo nas transformacións experimentadas por cada unha das áreas urbanas; o estudo das aglomeracións urbanas; e os problemas actuais das grandes cidades. Concédese especial relevancia ao crecemento difuso da cidade, a problemática que entraña e as alternativas formuladas; e ás principais liñas do plan urbano en épocas pasadas e na actualidade, sobre todo ás novas tendencias do urbanismo baseadas na democratización social, a influencia da globalización, a aposta pola sostibilidade e polas cidades intelixentes que promoven o uso da innovación e das novas tecnoloxías para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

Nunha segunda parte, trátanse as cidades como integrantes dun sistema, a rede urbana. Preséntanse as súas características (tamaño, funcións, área de influencia, relacións urbanas e xerarquía); a súa distribución en eixes; e os seus cambios recentes en relación coa implantación do Estado das autonomías que tende a configurar sistemas urbanos rexionais-, e coa integración española no sistema urbano europeo e mundial.

Por último, analízase o espazo urbano galego no que se trata o proceso de urbanización de Galicia, o subsistema urbano galego e a descrición das sete cidades galegas.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 11 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na segunda avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao espazo urbano español.
2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o concepto de cidade; o proceso de urbanización; a morfoloxía e a estrutura urbana; os problemas das cidades; a ordenación do espazo urbano e o sistema de cidades de España.
3. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de urbanización de Galicia, as peculiaridades do subsistema urbano galego e das setes cidades da nosa comunidade.

4. Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano español e galego.
5. Mostrar interese polos problemas urbanos e as actuacións encamiñadas a solucionarlos; avaliar estas actuacións e realizar propostas de mellora.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O concepto e a importancia da cidade. - O proceso de urbanización. Etapas preindustrial, industrial e postindustrial. - A morfoloxía urbana: localización, situación, plano, trama, edificación e usos do solo. - A estrutura urbana: zona antiga; cidade industrial; periferia e aglomeracións urbanas. - Problemas das cidades españolas: derivados da aglomeración, económicos, demográficos, sociais e ambientais. - A ordenación do espazo urbano e o urbanismo. Etapas industrial e 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao espazo urbano.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ao proceso de urbanización, a morfoloxía e a estrutura urbana, os problemas urbanos, o urbanismo e o sistema urbano.	I	CCL CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de urbanización; a morfoloxía e a estrutura urbana; os problemas das cidades; a ordenación do espazo urbano e o sistema urbano de España e de Galicia.	2.1. Redacta temas sobre o proceso de urbanización e as súas etapas; os compoñentes da morfoloxía urbana; as diferentes áreas da estrutura urbana e as aglomeracións urbanas; os trazos do urbanismo industrial e postindustrial; e os trazos actuais do sistema urbano español e os seus cambios recentes.	F	CCL CMCT CAA
	3. Localizar en mapas as principais cidades, aglomeracións e eixes urbanos de España.	3.1. Localiza en mapas as cidades e aglomeracións urbanas de máis de 50.000 habitantes e os eixes urbanos principais.	N	CMCT CAA

postindustrial. - O sistema urbano español: compoñentes, xerarquía urbana, organización espacial en eixes e cambios recentes (incorporación aos sistemas urbanos europeo e global). - O sistema urbano galego: proceso de urbanización, o subsistema urbano galego e as características das sete cidades galegas.	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo urbano español e galego.	4.1. Obtén, identifica diferenza e comenta imaxes de áreas e problemas urbanos; planos de cidades; mapas de distribución de cidades e do sistema urbano; e gráficos e datos estatísticos sobre o proceso de urbanización, as aglomeracións urbanas e o sistema de cidades de España e de Galicia.	CF	CD CCL CMCT CAA CCEC CSIEE
	5. Mostrar interese polos problemas urbanos; emitir opinións e propostas respecto a eles; e avaliar as actuacións urbanísticas encamiñadas a soluciónalos.	5.1. Identifica os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información; e emite opinións e propón solucións sobre eles.	N	CSIEE CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Tomar conciencia dos cambios producidos polas persoas no contorno natural e as repercusións para a vida futura. - Aplicar métodos de análises rigorosas para mellorar a comprensión da realidade circundante no ámbito xeográfico. - Manexar os coñecementos sobre a ciencia xeográfica e a tecnoloxía para 	<ul style="list-style-type: none"> - Toma conciencia dos cambios producidos pola actividade humana no contorno: recompila noticias sobre problemas urbanos relacionados coa deterioración ambiental. - Explica as razóns da importancia urbana de Santiago de Compostela na Idade Media e de Madrid e Sevilla na Idade Moderna; e os trazos que miden a proxección internacional dunha cidade. - Pon exemplos da diferenza entre localización e situación urbanas; e volve redactar os textos sobre a localización e a situación urbanas achegando exemplos de cidades que respondan aos máis habituais. - Clasifica: noticias relativas a problemas urbanos. - Compara os barrios obreiros tradicionais e as colonias de Casas Baratas do período industrial; e os obxectivos e actuacións do urbanismo desde a segunda metade do século XIX ata a actualidade. - Diferencia unha aglomeración urbano-industrial e unha urbanización difusa, e relaciónas cunha etapa do proceso de urbanización. - Busca noticias sobre problemas urbanos de

	<p>solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. 	<p>ciudades do contorno.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interpreta imaxes: distingue nunha imaxe os trazos propios dunha cidade; e describe a información que achegan imaxes sobre o plano, a trama, a edificación e os usos do solo da zona antiga no pasado e na actualidade. - Compara mapas sobre as cidades españolas en 1900 e en 1970; e sobre as relacións entre a cidade central e os núcleos da área metropolitana na época industrial e postindustrial. - Localiza en mapas as cidades españolas declaradas Patrimonio da Humanidade. - Comenta mapas sobre as aglomeracións urbanas de España. - Obtén información de mapas sobre a urbanización fenicia, grega e romana; as áreas urbanas españolas segundo o seu tamaño demográfico; a xerarquía urbana; os tipos de sistemas urbanos rexionais; e os eixes urbanos mellor e peor conectados co Pentágono Europeo. - Comenta gráficos sobre a evolución do proceso de urbanización desde 1860; e a evolución do crecemento das principais áreas metropolitanas españolas. - Utiliza técnicas propias do método xeográfico: comenta o plano urbano de Palma seguindo a técnica proporcionada no libro de texto; e realiza un traballo de campo sobre unha cidade próxima. - Sitúa a túa localidade na xerarquía urbana. - Elabora un mapa co sistema urbano galego e explica as súas características. - Realiza unha ficha sobre a cidade de residencia ou a máis próxima co número de habitantes e as funcións principais, e delimitaa sobre o mapa de Galicia.
--	---	---

<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes da unidade. - Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado. Conceptos como cidade, proceso de urbanización, plano irregular, barrio xardín, zona antiga, cidade difusa, etcétera. - Elabora unha definición de cidade utilizando criterios cuantitativos e cualitativos. - Resume os factores que influíron na urbanización durante a época industrial. - Redacta a resposta ás actividades e os traballos formulados, utilizando o vocabulario, as estruturas lingüísticas e as normas gramaticais correctas. - Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado; o resumo da información solicitada acerca da rehabilitación ou renovación dun barrio obreiro; e a presentación en PowerPoint sobre o traballo de campo acerca dunha cidade próxima. - Respecta as normas de comunicación na clase: pide a palabra e atende as intervencións do profesorado e dos demais estudantes.
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Usar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. - Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca imaxes en Internet sobre os diferentes factores que inflúen na morfoloxía urbana e describe as súas características; sobre o plano, a trama, a edificación e os usos do solo da zona antiga no pasado e na actualidade; e sobre cidades especializadas en funcións de cada sector económico. - Obtén e elabora información da Rede: indaga nas cidades españolas declaradas Patrimonio da Humanidade e nos motivos da súa elección; e nas operacións de rehabilitación ou de renovación emprendidas respecto a algún barrio industrial ou obreiro dunha cidade española. - Realiza unha presentación en PowerPoint sobre o traballo de campo realizado.

	diversas.	
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar gusto pola creatividade e pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. - Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial e de España nas súas distintas vertentes (artístico e literaria, etnográfica, xeográfica, urbana, económica, científico e técnica...). 	<ul style="list-style-type: none"> - Coida a presentación do caderno de traballo; e do traballo de campo sobre unha cidade do contorno. - Elabora un mural sobre os trazos da cidade intelixente. - Selecciona con sentido estético imaxes relativas aos compoñentes da estrutura urbana; e a distinta especialización funcional das cidades. - Elabora un traballo sobre unha cidade galega analizando as súas orixes e evolución ao longo do tempo. - Indaga sobre que cidades españolas foron declaradas Patrimonio da Humanidade e os motivos da súa elección; e sobre as operacións de rehabilitación ou de renovación emprendidas respecto a algún barrio industrial ou obreiro dunha cidade española.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente na clase formulando preguntas; contestando interrogantes; manifestando opinións; e expoñendo voluntariamente a resposta ás actividades didácticas da unidade formuladas polo profesorado. - Respecta as intervencións na clase dos demais estudantes. - Manifesta unha actitude atenta na clase e respectuosa coas indicacións do profesorado.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos 	<ul style="list-style-type: none"> - Organiza o seu traballo para realizar as tarefas encomendadas de forma adecuada no tempo requirido, solicitando axuda para realizalas en caso necesario. - Elabora un traballo sobre unha cidade galega analizando as súas orixes e evolución ao longo do tempo. - Deseña un exemplo de planificación urbana baseado na cidade intelixente; e unha proba para avaliar os coñecementos adquiridos por

	<p>do tema.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. - Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas. - Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. - Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos. 	<p>estudantes da ESO sobre a morfoloxía e a estrutura dunha cidade próxima.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Organiza un concurso para seleccionar o mural gañador sobre a cidade intelixente. - Avalía unha proba realizada por estudantes de ESO sobre morfoloxía e estrutura urbana. - Propón medidas para aumentar a proxección internacional das cidades medianas e pequenas. - Planifica, elabora e participa activamente e de forma responsable na realización do traballo de campo en equipo sobre unha cidade do contorno; na elaboración do resumo deste traballo nunha presentación en PowerPoint; e na organización dun concurso de murais sobre cidades intelixentes.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Identificar 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora cadros de síntese referidos á evolución do plano, a trama, a edificación e os usos do solo da zona antiga nas etapas preindustrial, industrial e postindustrial; a localización, o plano, a trama, a edificación, os usos do solo e a composición social do ensanche burgués, os barrios obreiros e os barrios xardín da cidade industrial; e os problemas urbanos coas súas causas e solucións. - Confecciona cadros comparativos sobre as diferenzas entre os núcleos de poboación urbanos e rurais; as etapas do proceso de urbanización; e as categorías da xerarquía urbana de España. - Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas sobre as etapas do proceso de urbanización, da distribución das cidades, e da xerarquía urbana; planos urbanos; imaxes sobre as áreas e os problemas urbanos; gráficos e datos estatísticos sobre a evolución das cidades e das grandes aglomeracións urbanas; traballos de campo; e lectura de textos e informacións complementarios. - Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.

	potencialidades persoais como aprendiz.	
--	---	--

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar estudo das cidades e a estrutura urbana de España e Galicia poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios de morfoloxía e tipoloxía urbana, páxinas web e blogs de xeografía.
- Datos estatísticos do INE, do IGE e do Ministerio de Fomento para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos e mapas temáticos.

UNIDADE 10: a organización, os desequilibrios e as políticas territoriais

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

Esta unidade estuda, de forma evolutiva, a organización territorial de España; os desequilibrios territoriais nos ámbitos económico, demográfico e social; as políticas rexionais e de cohesión encamiñadas a palialos e a fomentar o desenvolvemento rexional; e a ordenación do territorio.

A orixe e a evolución da organización político-administrativa mostra como, desde a Idade Media, alternaron períodos de descentralización territorial con outros de estrita centralización. O modelo actual é o dun Estado descentralizado no que existen diferentes divisións territoriais con capacidade de autogoberno: os municipios, as provincias e as comunidades autónomas. A atención céntrase no complicado proceso de formación do estado autonómico e na súa organización actual: estatutos de autonomía, competencias, institucións e financiamento.

A análise dos desequilibrios territoriais focalízase na escala rexional, sen esquecer por iso a existencia de contrastes intrarrexionais e de disparidades entre grandes grupos de rexións. Para iso adóptase un enfoque evolutivo, desde a década de 1960, que permite comprender mellor os desequilibrios actuais. En cada un dos períodos establecidos analízanse as disparidades rexionais a través de certos indicadores (PIB, crecemento da poboación e benestar) e a converxencia/diverxencia das rexións na distribución da riqueza, a distribución da poboación e o nivel de benestar.

A política rexional abórdase nas súas tres dimensións, europea, estatal e rexional, incorporando as formulacións máis recentes. Estes, no actual momento de competencia mundial entre territorios, non se limitan, como ata datas recentes, a conceder axudas para o desenvolvemento ás rexións máis desfavorecidas, senón que pretenden tamén investir no crecemento e no emprego de todas as rexións. Este é o obxectivo actual da nova política rexional da Unión Europea para o período 2014-2020, que debe ser asumido pola política rexional estatal e autonómica de España. Así o Estado elabora un Acordo de Asociación onde concreta os obxectivos e os programas nos que vai investir os fondos europeos; e as comunidades autónomas elaboran Programas Operativos concretando o destino dos investimentos de cada fondo e os resultados que esperan obter.

En canto á ordenación do territorio, fronte a enfoques máis restritivos, non se identifican aquí ordenación do territorio e plan urbano. De acordo coa definición achegada pola Carta Europea de Ordenación do Territorio, enténdese este como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade”. Así, aínda que o ámbito principal de ordenación é a rexión, como organización global do espazo, a ordenación do territorio require a coordinación da administración rexional coas outras administracións con capacidade de tomar decisións con incidencia espacial: as administracións europea, estatal e local.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 7 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na terceira avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos propios da organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.
2. Describir, caracterizar e explicar a evolución histórica da organización territorial e os seus trazos actuais; as causas, indicadores, evolución e situación actual dos desequilibrios territoriais; e a política rexional e de cohesión territorial da UE, o Estado español e as comunidades autónomas.
3. Utilizar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico relacionados coa organización, os desequilibrios e as políticas territoriais: comentario de mapas, datos estatísticos, imaxes, gráficos e textos.
4. Valorar a descentralización político-administrativa; recoñecer os desequilibrios territoriais, e apreciar as actuacións encamiñadas a palialos.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - A organización territorial de España: evolución histórica e organización actual (divisións territoriais e estado das autonomías: formación e organización). - Os desequilibrios territoriais: causas, indicadores e evolución: períodos 1960-1975, 1976-1985, 1986-2007 e desde 2008. - As políticas rexionais e de cohesión territorial: 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á organización, aos desequilibrios e as políticas territoriais de España.	I	CCL CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar a organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.	2.1. Redacta temas sobre a evolución e a organización territorial actual de España; a evolución e a situación actual dos desequilibrios territoriais; e as políticas rexionais e de cohesión territorial da UE, o Estado e as comunidades autónomas dirixidas a palialos.	F	CCL CMCT CAA

bases da política rexional; a política rexional e de cohesión da UE 2014-2020; a política rexional e de cohesión do Estado español; e a ordenación do territorio.	3. Localizar en mapas as divisións político e administrativas de España e os fenómenos relativos aos desequilibrios e as políticas territoriais.	3.1. Localiza en mapas as comunidades autónomas e as provincias, cos seus correspondentes capitais; os países fronteirizos de España; a categoría de cada comunidade autónoma na política rexional europea; e as comunidades beneficiadas polos Fondos de Compensación Interterritorial.	F	CMCT CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo da organización, os desequilibrios e as políticas territoriais de España.	4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a organización, os desequilibrios e a política territorial de España.	N	CD CCL CMCT CAA
	5. Valorar a descentralización político e administrativa; recoñecer os desequilibrios territoriais; e apreciar as actuacións encamiñadas a palialos.	5.1. Emite opinións acerca da descentralización político e administrativa; recoñece os desequilibrios territoriais; e aprecia as actuacións encamiñadas a palialos e a fomentar a solidariedade interterritorial.	CP	CSIEE CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Tomar conciencia dos cambios contorno polas persoas no contorno natural e as repercusións para a vida futura. - Aplicar métodos de análises rigorosas para mellorar a comprensión da realidade circundante no ámbito xeográfico. 	<ul style="list-style-type: none"> - Selecciona os obxectivos temáticos da política de cohesión relacionados coa protección ambiental e os fondos que os financian. - Calcula a porcentaxe de Fondos de Compensación Interterritorial que reciben as comunidades autónomas. - Explica as principais diferenzas entre as distintas vías seguidas polas comunidades para acceder á autonomía; entre o réxime de financiamento autonómico foral e común; como se garante a todas as comunidades un nivel de cobertura mínimo para os servizos fundamentais e o pagamento das competencias transferidas; a información que achegan os diferentes indicadores para medir os desequilibrios

	<ul style="list-style-type: none"> - Manexar os coñecementos sobre a ciencia xeográfica e a tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. 	<p>territoriais; a evolución dos desequilibrios territoriais no crecemento do PIB e da poboación, e a converxencia económica, demográfica e social entre as rexións españolas; frases relacionadas coa política rexional do Estado; e os principais problemas da ordenación do territorio en España.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compara os fondos da política de cohesión europea. - Clasifica as comunidades autónomas españolas nas diferentes categorías de rexións europeas. - Comenta textos xeográficos sobre artigos da Constitución española relativos ao financiamento autonómico. - Elabora mapas sobre a división autonómica, a división provincial e os países fronteirizos de España. - Comenta mapas dos incentivos rexionais. - Utiliza e traballa con mapas: sinala as divisións político-administrativas ás que pertenceu a provincia onde reside desde a Antigüidade ata a época actual. - Elabora un gráfico circular coa porcentaxe de Fondos de Compensación Interterritorial recibida polas comunidades autónomas. - Comenta un gráfico sobre a converxencia das rexións e as cidades autónomas de España con Europa. - Utiliza técnicas propias do método xeográfico: programa e realiza unha entrevista sobre un dos apartados tratados na unidade didáctica.
--	--	---

<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes da unidade. - Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado. Conceptos como organización político-administrativa, rexión, municipio, comunidade autónoma, FSE, etcétera. - Redacta textos resumindo a evolución histórica da organización político-administrativa de España; e as vantaxes da ordenación do territorio. - Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado. - Respecta as normas de comunicación na clase: pide a palabra e atende as intervencións do profesorado e dos demais estudantes.
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Usar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> - Obtén e elabora información acerca do tema sobre o que proxecta realizar unha entrevista.
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar gusto pola creatividade e pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coida a presentación do caderno de traballo; a execución do mapa sobre as divisións político-administrativas e do gráfico sobre a repartición dos Fondos de Compensación Interterritorial; e a presentación do resumo da entrevista realizada.
<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente na clase formulando preguntas; contestando interrogantes; manifestando opinións; e expoñendo

	<p>participación establecidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar. - Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución. 	<p>voluntariamente a resposta ás actividades didácticas da unidade formuladas polo profesorado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Respecta as intervencións na clase dos demais estudantes. - Manifesta unha actitude atenta na clase e respectuosa coas indicacións do profesorado. - Opina sobre a política redistributiva do Estado. - Comenta artigos da Constitución española relativos aos dereitos e o financiamento autonómico.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organiza o seu traballo para realizar as tarefas encomendadas de forma adecuada no tempo requirido, solicitando axuda para realizalas en caso necesario. - Planifica un xogo ou unha actividade para distinguir os símbolos que diferencian as comunidades autónomas. - Programa, realiza, redacta e avalía unha entrevista sobre un dos apartados tratados na unidade didáctica.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en 	<ul style="list-style-type: none"> - Elabora cadros de síntese referidos ás principais divisións político-administrativas do territorio español; as principais institucións das comunidades autónomas; e a evolución da organización político-administrativa. - Confecciona cadros comparativos sobre os obxectivos e instrumentos da política rexional da UE, a política rexional estatal e a ordenación do territorio; e sobre os desequilibrios rexionais de España.

	favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Identificar potencialidades persoais como aprendiz.	- Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas das divisións político-administrativas no pasado e na actualidade; mapa da posición das rexións españolas na política de cohesión territorial da UE; gráficos e datos estatísticos sobre os desequilibrios territoriais no PIB e o crecemento da poboación; e sobre a converxencia entre as comunidades autónomas e entre estas e a UE. - Afonda no tema estudado programando e realizando unha entrevista sobre un dos seus apartados. - Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.
--	--	---

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar o estudo da organización territorial e as políticas territoriais de España poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios específicos, páxinas web e blogs de xeografía.
- Datos estatísticos do INE, IGE, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Eurostat, de Información Xeográfica de Galicia e do Instituto Xeográfico Nacional para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos, e mapas temáticos.

UNIDADE 11: España e Galicia en Europa

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

O estudo de España en Europa parte do proceso de formación e ampliación territorial da Unión Europea e dos trazos básicos do seu funcionamento a través duns Tratados, institucións, prioridades e políticas comúns. A atención céntrase nas prioridades establecidas pola Estratexia Europa 2020, dado que o crecemento intelixente, sostible e integrador que propón se encontra presente en todas as demais políticas comúns.

A continuación analízanse os contrastes físicos e humanos de Europa. O medio físico da Unión Europea analiza o relevo e as paisaxes bioclimáticas máis estendidas. A explicación dos contrastes humanos no ámbito comunitario organizouse de forma temática e territorial. Os contrastes políticos mostran as diferentes visións da UE dos europeístas e os euroescépticos, e os avances na integración política coa adopción dalgunhas políticas comúns. Os contrastes económicos expoñen os principais caracteres das actividades dos tres sectores económicos seguindo un esquema común que inclúe características xerais, localización espacial e políticas sectoriais. Como estas últimas se trataron xa nas correspondentes unidades didácticas de España, expóñense aquí de forma breve. Os trazos demográficos e urbanos sintetizan os contrastes na poboación e o sistema urbano europeos. O esquema expositivo é o mesmo que o utilizado no tratamento destes temas para España, co fin de facilitar o estudo e o establecemento de relacións por parte do alumnado. E os trazos sociais da UE resumen os principais avances neste aspecto.

As disparidades rexionais e a política de cohesión da Unión Europea seguen o mesmo esquema utilizado ao tratar dos desequilibrios territoriais en España. Así, primeiro fórmulanse as súas causas; establécense os conxuntos rexionais máis e menos dinámicos –diferenciando Europa Noroccidental, Europa do Sur e Europa Central e Oriental– resumindo os trazos económicos, demográficos, urbanos, de benestar social e contrastes internos que os diferencian; e explícanse as políticas rexionais e de ordenación do territorio europeas para conseguir un maior equilibrio territorial. Como a política rexional europea xa se explicou na unidade correspondente de España, aquí só se lembran os seus aspectos esenciais.

A continuación, abórdase a integración española no espazo europeo: os seus factores e consecuencias, que globalmente foron positivas para o país; e a posición actual de España na UE e os seus retos de futuro, centrando a atención na posición xeográfica, demográfica, política, socioeconómica e cultural. Esta posición ilústrase con numerosos datos estatísticos co fin de familiarizar o alumnado cos indicadores utilizados para medir o peso dos países en diversos ámbitos, que serán utilizados máis amplamente na unidade didáctica seguinte. Finalmente, trátanse as particularidades da integración de Galicia na Unión Europea en 1986 e as consecuencias sociais e económicas para a nosa comunidade.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 8 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na terceira avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao espazo físico e humano europeo e á integración de España na Unión Europea.
2. Describir, analizar, caracterizar e explicar o proceso de construción e o funcionamento da UE; os seus contrastes físicos, humanos e rexionais; e a posición de España en Europa.
3. Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao Estudo de Europa e da posición de España na Unión Europea.
4. Valorar o proceso de integración e ampliación de Europa, e opinar sobre as diferentes políticas comunitarias.
5. Describir, analizar e valorar o proceso de integración de Galicia na Unión Europea.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
- A construción e o funcionamento da UE: o proceso de ampliación e as súas consecuencias; os tratados, as institucións e as políticas comúns.	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos á integración de España e Galicia na Unión Europea.	1.1. Define con precisión conceptos relativos á construción e o funcionamento da UE; os seus contrastes físicos, humanos e rexionais; e a posición de España e Galicia na Unión Europea.	I	CCL CMCT

<ul style="list-style-type: none"> - Os contrastes físicos da UE: relevo, paisaxes naturais e ambiente na UE. - Os contrastes políticos: as diferenzas sobre a integración política e os avances. - Os contrastes económicos: os sectores primario, secundario e terciario. - Os contrastes demográficos e urbanos. - Os contrastes sociais e culturais. - As disparidades rexionais e a política de cohesión. - España na Unión Europea: factores e consecuencias da integración; e a posición actual de España na UE e os retos de futuro (a posición xeográfica e demográfica, a posición política, a posición económica e social, e a posición cultural). - Galicia na Unión Europea. 	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os contrastes físicos e socioeconómicos de Europa e a posición de España na Unión Europea.	2.1. Redacta temas sobre a construción e o funcionamento da UE; os contrastes físicos, políticos, económicos, demográficos, urbanos, sociais, culturais e territoriais; e a integración e posición de España na UE.	F	CCL CMCT CAA
	3. Localizar en mapas os principais elementos do medio físico e humano europeo; e os estados que compoñen a Unión Europea.	3.1. Localiza en mapas os principais accidentes do relevo, os ríos, os bioclimas, as áreas de actividade económica, os conxuntos rexionais e os estados membros da UE cos seus correspondentes capitais.	CF	CMCT CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do espazo físico e humano europeo e á integración de España na Unión Europea.	4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre a construción e o funcionamento da UE; os contrastes físicos, políticos, económicos, demográficos, urbanos, sociais, culturais e territoriais; e a integración e posición de España na UE.	N	CD CCL CMCT CAA CCEC
	5. Valorar os procesos de integración e de ampliación da Unión Europea e opinar sobre as políticas comunitarias.	5.1. Valora a integración e a ampliación da Unión Europea e opina sobre algunhas das políticas socioeconómicas e ambientais comunitarias.	P	CSIEE CSC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. - Tomar conciencia dos 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza datos estatísticos para extraer información sobre o comercio exterior da UE. - Comenta unha táboa estatística sobre o progreso de España nos obxectivos da Estratexia Europa 2020: crecemento intelixente, sostible e integrador.

	<p>cambios producidos polas persoas no contorno natural e as repercusións para a vida futura.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante no ámbito xeográfico. - Manexar os coñecementos sobre a ciencia xeográfica e a tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> - Razoa a inexistencia de bosques en certos climas; e cales son os principais problemas actuais da poboación europea. - Relaciona contidos: cada un dos obxectivos da Estratexia Europa 2020 coa correspondente prioridade. - Explica as causas e as consecuencias da dependencia enerxética da UE; os factores de localización das áreas industriais da UE; as causas da elevada urbanización da UE; o motivo da expansión superficial das cidades europeas; e os cambios nos desequilibrios territoriais da UE. - Clasifica noticias relativas a temas europeos e á posición de España na UE; e clasifica os datos dunha táboa estatística sobre a posición de España na UE. - Compara os trazos da estrutura agraria e pesqueira da UE; e as semellanzas e diferenzas entre a política rexional e a política de ordenación do territorio da UE. - Compara mapas: os conxuntos rexionais da UE e a clasificación das rexións na política rexional. - Utiliza e traballa con mapas: extrae información do mapa da UEM; pon exemplos de diferentes tipos de áreas industriais; e obtén información sobre os trazos do sistema urbano da UE. - Localiza en mapas as unidades do relevo e os ríos principais de Europa. - Comenta mapas: os destinos turísticos da UE; a distribución da poboación europea; e aspectos relevantes da poboación europea. - Comenta gráficos sobre o crecemento da poboación europea; e a repartición dos fondos destinados á cohesión territorial. - Realiza un eixe cronolóxico sobre o proceso de ampliación europeo. - Utiliza técnicas propias do método xeográfico: elabora e comenta os climogramas de Kiruna e Helsinki.
Comunicación lingüística	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes da unidade. - Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado. Conceptos como <i>Unión Europea</i>, <i>PESC</i>; <i>Estratexia Europa 2020</i>, <i>Comisión Europea</i>, <i>mercado único</i>, <i>Eurosistema</i>,

	<p>coherencia.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... - Utilizar os coñecementos sobre outras linguas para buscar información e ler textos en calquera situación. 	<p>etcétera.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Diferencia termos: mercado único e UEM; SEBC (Sistema Europeo de Bancos Centrais) e Eurosistema. - Le e comenta noticias de prensa sobre temas europeos e sobre a posición de España na UE. - Resume o contido de noticias de prensa. - Redacta a resposta ás actividades e os traballos formulados, utilizando o vocabulario, as estruturas lingüísticas e as normas gramaticais correctas. - Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado; e o resumo dunha noticia de interese referida á posición de España na UE. - Prepara e realiza unha exposición oral sobre un apartado da unidade didáctica. - Respecta as normas de comunicación na clase: pide a palabra e atende as intervencións do profesorado e dos demais estudantes. - Consulta a web de Eurostat Database (en inglés) para obter un mapa sobre algún aspecto da poboación europea e comenta a información que ofrece.
<i>Competencia dixital</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Usar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca imaxes en Internet sobre paisaxes agrarias europeas. - Obtén e elabora información da Rede sobre algunha das institucións fundamentais da UE; unha das iniciativas consideradas na Estratexia 2020 para alcanzar os seus obxectivos; a Axencia Europea de Medio; e mapas referidos a algún aspecto da poboación europea.
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar gusto pola creatividade e pola estética no ámbito cotián. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coida a presentación do caderno de traballo e a realización de gráficos, mapas, esquemas, eixe cronolóxico e organigrama. - Selecciona con sentido estético imaxes relativas

	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. - Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. 	<p>ás paisaxes agrarias da UE.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Valora a importancia da diversidade cultural da UE e propón medidas para resaltala. - Analiza criticamente as repercusións da incorporación de Galicia á Unión Europea.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente na clase formulando preguntas; contestando interrogantes; manifestando opinións; e expoñendo voluntariamente a resposta ás actividades didácticas da unidade formuladas polo profesorado. - Respecta as intervencións na clase dos demais estudantes. - Manifesta unha actitude atenta na clase e respectuosa coas indicacións do profesorado.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organiza o seu traballo para realizar as tarefas encomendadas de forma adecuada no tempo requirido, solicitando axuda para realizalas en caso necesario. - Planifica e realiza unha enquisa do Eurobarómetro sobre as mellores iniciativas para mellorar a economía europea. - Valora a repercusión que teñen as funcións realizadas polas institucións europeas na vida cotiá; as consecuencias positivas e negativas da JAI e da PESC na vida diaria; a importancia das redes transeuropeas de enerxía; as medidas propostas pola UE para facer fronte aos seus problemas demográficos; e valora criticamente a prensa como fonte de información. - Analiza criticamente as repercusións da incorporación de Galicia á Unión Europea. - Selecciona indicadores para medir o nivel de benestar dunha poboación e explica a información que achegan. - Propón medidas para resaltar a diversidade cultural da UE.
<i>Aprender a aprender</i>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver estratexias 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza un esquema sobre algunha das

	<p>que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificar os recursos necesarios e os pasos que cómpre realizar no proceso de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe. - Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios. - Identificar potencialidades persoais como aprendiz. 	<p>institucións fundamentais da UE.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Elabora cadros de síntese referidos aos problemas ambientais da UE; os obxectivos da JAI e da PESC; os obxectivos da política social, educativa e cultural da UE e os medios utilizados para alcanzalos; os principais retos de futuro da UE; e os factores e as consecuencias da integración española en Europa para ambas as dúas partes. - Confecciona cadros comparativos sobre as consecuencias positivas e negativas do proceso de ampliación europeo; os obxectivos das políticas agraria e pesqueira da UE coas prioridades da Estratexia Europa 2020; os obxectivos das políticas de transporte, turismo e comercio coas prioridades da Estratexia Europa 2020; as paisaxes bioclimáticas da UE; e a composición e as funcións das institucións europeas. - Realiza un organigrama sobre as institucións fundamentais da UE e as súas funcións. - Elabora unha ficha para comparar trazos dos diferentes tipos climáticos europeos. - Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas físicos e humanos da UE; material gráfico; e lectura de noticias e informacións complementarias. - Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.
--	--	---

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar o estudo do espazo xeográfico europeo, físico e humano, e da posición de España e Galicia neste ámbito poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios de termos europeos, páxinas web, vídeos e blogs de xeografía.
- Datos estatísticos de Eurostat para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos e mapas temáticos.

UNIDADE 12: España no mundo

1. DESCRICIÓN DA UNIDADE

A última unidade didáctica estuda os trazos actuais do sistema mundo e a posición de España nas áreas xeopolíticas, nas áreas xoeconómicas e nas relacións internacionais, como base para determinar a súa posición relativa no contexto mundial. O sistema mundo enténdese como un conxunto de áreas con trazos políticos e económico e sociais similares, entre as que se establecen relacións marcadas por un crecente proceso de

globalización ou interdependencia. Este proceso, ao non se producir nun plano de igualdade, ocasionou grandes diferenzas de poder e influencia mundial, creando unha orde internacional na que unha potencia ou un grupo reducido destas dirixe a globalización en función dos seus intereses.

As diferentes áreas mundiais agrúpanse, de acordo co seu nivel de desenvolvemento, en países de alto desenvolvemento, emerxentes e de baixo desenvolvemento. En cada unha destas áreas analízanse os seus trazos políticos, económicos, demográficos, urbanos e sociais. Aínda que todos estes trazos están interrelacionados, organízanse en apartados diferenciados, co fin de facilitarlle ao alumnado o establecemento de comparacións. Despois, explícanse as causas das desigualdades existentes, a súa evolución recente e as súas posibles solucións. Pola súa banda, a análise do proceso de globalización trátase desde unha concepción multidimensional. Así, tras un resumo das causas que o provocaron, abórdase o seu funcionamento e consecuencias nos ámbitos político, económico, social, cultural e ambiental.

Por último, estúdase como as desigualdades nas relacións mundiais establecen unha xerarquía internacional entre centros, semiperiferias e periferias, que orixinan, a partir de 1990, unha orde mundial marcada pola unipolaridade política e a multipolaridade económica. E como desde principios do século XXI se inicia un cambio cara a unha orde mundial máis multipolar.

A segunda parte da unidade analiza a posición de España no contexto mundial. A súa situación nas áreas xeopolíticas ten en conta conxuntamente a calidade das institucións nacionais, a participación nas institucións, organizacións e acordos internacionais, a implicación nas políticas de cooperación e desenvolvemento mundial, os fluxos humanos internacionais e a presenza da súa cultura no exterior. A súa situación nas áreas xeoconómicas determínase considerando a presenza de multinacionais, o comercio e as relacións financeiras exteriores e o grao de liberalización económica. E o seu papel nas relacións internacionais analízase de acordo coas súas relacións prioritarias. A partir de todo iso, determínase a súa posición relativa no mundo, utilizando diversos indicadores como o IDH (Índice de Desenvolvemento Humano); o Índice de Globalización KOF (Instituto de Investigación Económica de Zúrich); o IEPG (Índice Elcano de Presenza Global); e a reputación exterior segundo o Country-Rep. Finalmente, preséntase a Marca España como política estatal para mellorar a imaxe de España.

2. TEMPORALIZACIÓN

Poderanse dedicar 5 sesións lectivas dependendo do grao de asimilación dos contidos por parte dos discentes, na terceira avaliación.

3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

1. Definir e utilizar correctamente os termos básicos relativos ao sistema mundial e á integración de España no mundo.
2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos do sistema mundo: as áreas mundiais; as relacións e o proceso de globalización; a xerarquía do poder mundial e as ordes resultantes; e a posición de España nas áreas xeopolíticas e xeoconómicas do mundo e nas relacións internacionais.
3. Utilizar e aplicar as principais ferramentas e procedementos do método xeográfico ao estudo do sistema mundial e da posición de España no mundo.
4. Avaliar criticamente a globalización; recoñecer as desigualdades mundiais e apreciar as iniciativas de solidariedade coas persoas e os espazos mundiais desfavorecidos; e valorar as vantaxes do poder brando.

4. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES / GRAO CONSECUCCIÓN / COMPETENCIAS CLAVE

Competencias clave (CC): comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Grao de Consecución	CC
<ul style="list-style-type: none"> - O sistema mundo: trazos; áreas mundiais; causas, evolución, consecuencias e solucións ás desigualdades mundiais. - As relacións mundiais: o proceso de globalización: causas, funcionamento e consecuencias. - A xerarquía do poder mundial: centros, periferias e semiperiferias; a orde mundial actual e as súas transformacións. - España no contexto mundial: posición nas áreas xeopolíticas; nas áreas xoeconómicas; e nas relacións internacionais. - A posición relativa de España no mundo: indicadores e Marca España. 	1. Definir e explicar brevemente os principais conceptos relativos ao sistema mundial e á integración de España no mundo.	1.1. Define con precisión conceptos relativos ás áreas, ás desigualdades, ás relacións e as xerarquías mundiais; e á integración de España nas áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo.	I	CCL CMCT
	2. Describir, analizar, caracterizar e explicar os trazos do sistema mundo; as diferenzas e as relacións entre as áreas mundiais; a xerarquía do poder mundial; e a posición de España no mundo.	2.1. Redacta temas sobre as áreas, as desigualdades, as relacións e as xerarquías mundiais; e sobre a integración de España nas áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo.	I	CCL CMCT CAA
	3. Localizar en mapas as principais áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo e os principais grupo de países que as integran.	3.1. Localiza en mapas as principais áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo e os principais grupos de países que as integran.	CF	CMCT CAA
	4. Utilizar e aplicar os procedementos do método xeográfico ao estudo do sistema mundial e da posición de España no mundo.	4.1. Obtén, identifica, diferencia e comenta imaxes, mapas, gráficos, datos estatísticos e textos sobre os trazos do sistema mundo e a posición de España nas principais áreas xoeconómicas e xeopolíticas mundiais, utilizando diferentes indicadores.	F	CD CCL CMCT CAA CSC CSIEE
	5. Criticar e propoñer solucións respecto ás consecuencias da globalización e das desigualdades mundiais; valorar as iniciativas de solidariedade coas persoas e espazos desfavorecidos; e apreciar as vantaxes do poder brando na orde mundial.	5.1. Critica e propón solucións respecto ás consecuencias da globalización e das desigualdades mundiais; valora as iniciativas de solidariedade coas persoas e os espazos desfavorecidos; e aprecia as vantaxes do poder brando na orde mundial.	N	CSIEE CSC CCEC

5. COMPETENCIAS CLAVE: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descriptor	Desempeño
<p><i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aplicar métodos de análise rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante no ámbito xeográfico. - Manexar os coñecementos sobre a ciencia xeográfica e a tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece arredor nosa e responder preguntas. - Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, etcétera. - Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico. - Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. - Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá 	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza índices para sacar conclusións sobre a posición relativa de España no mundo e as fortalezas e as debilidades de España no contexto internacional. - Emprega datos estatísticos para xustificar a situación de España nas áreas mundiais. - Comenta unha táboa estatística sobre as diferenzas entre países pertencentes a distintas áreas mundiais. - Razoa as vantaxes que ten para un país ter unha boa reputación exterior. - Explica o papel que desempeñan na globalización os transportes, as comunicacións, o sistema capitalista e as organizacións e axentes internacionais. - Clasifica a información proporcionada por unha táboa estatística sobre as distintas áreas mundiais. - Compara a evolución do desenvolvemento humano nos países de alto desenvolvemento, emerxentes e de baixo desenvolvemento; e as fortalezas e debilidades que impulsan e limitan o poder dos países emerxentes no contexto internacional. - Busca noticias sobre a globalización na súa dimensión política, económica, social, cultural e ambiental. - Comenta gráficos sobre a axuda oficial ao desenvolvemento dos países do CAD (Comité de Axuda ao Desenvolvemento) e de España; e sobre a presenza exterior de España segundo os indicadores do IEPG. - Utiliza técnicas propias do método xeográfico: comentario de noticias de prensa de contido xeográfico; elaboración dun informe de xeografía; e realización dun informe sobre unha das epígrafes da unidade didáctica. - Aplica coñecementos á vida cotiá: pon exemplos que reflicten a globalización económica, social e cultural na vida cotiá.

<p><i>Comunicación lingüística</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido dos textos escritos e orais. - Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. - Manter unha actitude favorable cara á lectura. - Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais. - Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza con interese a lectura comprensiva dos contidos das diferentes epígrafes da unidade. - Define termos utilizando o vocabulario xeográfico adecuado: Conceptos como <i>sistema mundial, globalización, países de alto desenvolvemento, países emerxentes, periferias, orde xeopolítica, orde multipolar, etcétera.</i> - Diferencia termos: centros, periferias e semiperiferias; poder duro e brando. - Redacta un texto explicativo sobre as diferenzas entre as distintas áreas mundiais. - Expón oralmente, con corrección e coherencia, a resposta ás actividades didácticas formuladas polo profesorado. - Respecta as normas de comunicación na clase: pide a palabra e atende as intervencións do profesorado e dos demais estudantes.
<p><i>Competencia dixital</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Empregar distintas fontes para a busca de información. - Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos. - Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. - Usar as novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> - Busca imaxes en Internet representativas das diferenzas de desenvolvemento entre as áreas mundiais; e das causas da globalización. - Obtén e elabora información da Rede sobre as actividades dalgunha ONGD; acordos internacionais nos que participa España; o nome de persoas ou organizacións españolas de relevancia internacional en diferentes campos; e as fortalezas de España que promove a Marca España.
<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Manifestar gusto pola creatividade e pola estética no ámbito cotián. - Elaborar traballos e presentacións con sentido estético. 	<ul style="list-style-type: none"> - Coida a presentación do caderno de traballo e a execución do dossier de prensa. - Selecciona con sentido estético imaxes relativas ás áreas mundiais con diferente nivel de desenvolvemento e ás causas da globalización.

<p><i>Competencias sociais e cívicas</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. - Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas. - Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. - Aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto escolar. 	<ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente na clase formulando preguntas; contestando interrogantes; manifestando opinións; e expoñendo voluntariamente a resposta ás actividades didácticas da unidade formuladas polo profesorado. - Respecta as intervencións na clase dos demais estudantes. - Manifesta unha actitude atenta na clase e respectuosa coas indicacións do profesorado. - Participa activamente, colabora e achega ideas na realización en grupo do índice para medir a posición de España no mundo.
<p><i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ser constante no traballo superando as dificultades. - Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa. - Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. - Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. 	<ul style="list-style-type: none"> - Organiza o seu traballo para realizar as tarefas encomendadas de forma adecuada no tempo requirido, solicitando axuda para realizalas en caso necesario. - Planifica e elabora un informe de prensa e un informe sobre unha das epígrafes da unidade. - Selecciona indicadores para medir o poder duro e brande de España no exterior. - Participa no deseño dun índice para medir a posición de España no mundo. - Expresa opinións sobre o proceso de globalización; e sobre o contido dunha entrevista xornalística referida ao tema “teoría dun mundo multipolar”. - Avalía os aspectos das relacións internacionais nos que España está mellor e peor situada.
<p><i>Aprender a aprender</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos. - Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. - Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. - Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe. - Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> - Realiza un esquema conceptual sobre a posición de España nas áreas xeopolíticas e xoeconómicas do mundo. - Elabora un cadro de síntese referido ás características do proceso de globalización, as súas consecuencias e posibles alternativas. - Confecciona cadros comparativos sobre os obxectivos das relacións internacionais de España con cada ámbito mundial e as medidas destinadas a alcanzalos; e sobre os contrastes básicos entre os países de alto desenvolvemento, emerxentes e de baixo desenvolvemento. - Realiza un eixe cronolóxico sobre a evolución da orde internacional desde 1945 ata a actualidade. - Apoia a aprendizaxe dos contidos utilizando recursos como mapas sobre as diferentes áreas mundiais; recompilación de noticias de prensa, buscas en Internet; realización dun dossier de prensa e dun informe; utilización de material

		<p>gráfico e estatístico e lectura de textos e informacións complementarias.</p> <p>- Utiliza o mapa conceptual da unidade para establecer relacións entre os contidos e obter unha visión sintética destes.</p>
--	--	---

6. RECURSOS

Para reforzar e ampliar o estudo das diferentes áreas mundiais e da posición de España no contexto mundial poden empregarse os seguintes recursos de apoio:

- Fontes de información e de consulta: atlas, libros, enciclopedias, dicionarios xerais de xeografía, dicionarios sobre a globalización, páxinas web, vídeos e blogs de xeografía.
- Datos estatísticos da ONU, o Banco Mundial e o Fondo Monetario Internacional para a elaboración de táboas estatísticas, gráficos, e mapas temáticos.

XIV.3. CONTIDOS MÍNIMOS

Na materia de Xeografía, especifícanse os contidos mínimos que deben superar as/os alumnas/os. Estes contidos mínimos reflíctense no apartado do grao de consecución en cada unidade, indo do N (necesario) ata o I (imprdescindible) dependendo da súa transcendencia. Aqueles contidos que non acadan o N non son considerados como mínimos esixibles e, polo tanto e aínda que se podan tocar na aula, este Departamento considera que non teñen a importancia suficiente para consideralos como mínimos.

Posto que se trata de 2º de Bacharelato, o coñecemento dos mínimos esixibles serán obrigatorios, por parte dos discentes, para superar esta materia.

XIV.4. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación positiva requirirá que:

- √ Sexan capaces de desenvolver un traballo diario na clase.
- √ Sexan capaces de elaborar informes pulcros e claros.
- √ Sexan capaces de adquirir o vocabulario específico da materia.

O proceso da avaliación será global e integrador, constando de 3 avaliacións. En cada unha delas faranse varias probas específicas tipo das realizadas nas ABAU e que consistirán nunha proba escrita de coñecementos onde terán cabida as preguntas teóricas e/ou prácticas. Terase en conta non só os conceptos ou coñecementos, senón a expresión escrita, relación, orde, ortografía e caligrafía.

Considérase prioritario e fundamental o coñecemento e localización exhaustivo das seguintes cuestións conceptuais:

- √ Vocabulario específico de xeografía.
- √ Unidades do relevo (cordilleiras, montes, ríos, cabos, golfos...) de España e de Galicia, a súa correcta ubicación, e a correcta situación das provincias españolas e das Comunidades Autónomas e as súas capitais, en mapas mudos.

- √ Correcta interpretación e explicación dun mapa meteorolóxico de superficie de isóbaras e de climogramas diversos que conforman os climas peninsulares.
- √ Características fundamentais e apartados claves de cada unha das unidades temáticas (cada un deles son remarcados polo docente no intre de ser explicados na aula).

Levarase a cabo o redondeo da cualificación final tendo en conta o esforzo realizado polo alumno/a, o interese pola materia e a súa participación na aula ao longo das avaliacións e do curso.

En cada avaliación farase media das probas escritas cando o alumno/a obteña unha cualificación superior a 3 puntos. Se nunha proba escrita non obtén esta cualificación de corte (un 3), o discente terá que ir directamente á recuperación desa avaliación.

Aqueles alumnos/as que non superasen unha avaliación pero que dita cualificación sexa un 4, esta fará media coas outras dúas avaliacións, de xeito que non terán que presentarse a súa recuperación.

Para poder avaliar cun mínimo de rigor ao alumnado, pensamos que deberíamos seguir a táboa que a continuación se relaciona, co propósito de ser o máis obxectivos posibles, tratando de non quedar influídos por outros parámetros alleos á propia avaliación. É, por iso, que a cada estándar de aprendizaxe en cada unidade didáctica, establecemos uns graos de consecución desta aprendizaxe e a importancia que posúen os contidos relacionados con estes na formación cultural do alumno/a. Cada grao sinalase cunhas letras nas que irá especificado o necesario para acadar dito grao de consecución.

GRAO DE CONSECUCIÓN	PAUTAS NECESARIAS PARA ACADALO
I (imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo maxistral, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente non ten que indicar nada máis do que o alumno/a explica.
CI (case imprescindible)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo sobresaínte, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar escasos parámetros.
F (fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algún erros cometidos sen moita importancia.
CF (case fundamental)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo notable, sen esquecer os feitos claves para recordar, assimilar e relacionar, con contidos onde o docente ten que indicar algúns esquecementos ou interrelacións entre eles.
N (necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo satisfactorio, esquecendo diversos acontecementos, causas, consecuencias...
P (puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo

	razoable pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos, sendo preciso insistir.
CP (case puntuable)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese de modo superficial pero que non lle serven para acadar unha aprendizaxe total do feito, senón para ampliar o coñecemento dos contidos.
NN (non necesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal pero que non implique a non consecución e asimilación dos contidos estudados.
IN (innecesario)	Son aqueles estándares onde o alumno/a desenvólvese dun modo persoal, sen ser precisos para obter un grao de consecución e asimilación dos contidos.

Para avaliar os estándares de aprendizaxe correspondentes a cada unha das unidades vistas haberá que atender á cualificación que estes teñan en cada táboa presentada por unidades didácticas e o grao de consecución de cada un deles. Os criterios de cualificación basearanse no grao de consecución dos estándares de aprendizaxe e das competencias clave.

A cualificación estará baseada nos seguintes criterios:

- Probas de coñecemento: 90%.
- Traballo diario: 10%.

Farase unha proba final no que os alumnos/as serán examinados dos contidos das avaliacións que non teñan superadas. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse á convocatoria extraordinaria.

Tamén, aqueles alumnos/as que desexen subir nota, o exame será en maio.

Os alumnos/as que teñan que presentarse ao exame final deberán amosar que acadaron os contidos esixibles para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse ao exame extraordinario.

As faltas de asistencia inxustificadas serán tidas en conta na cualificación global da avaliación. O mesmo ocorrerá coas faltas de puntualidade inxustificadas, tal e como indica o NOFC, serán consideradas unha falta de asistencia inxustificada.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación especificados.

En canto aos criterios de corrección dos exames sinalar os seguintes puntos:

- En todas as preguntas e apartados das probas escritas, indicarse a puntuación máxima que se pode obter.
- Nas respostas valorarase a caligrafía, a orde e a limpeza. Non se terán en conta explicacións ou resolucións inintelixibles.

- No caso de usar esquemas ou debuxos, estes deberán ser claros. En caso contrario non serán cualificados.
- A puntuación máxima darase cando a formulación e a resolución da pregunta sexan correctas.
- Descontaranse 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

XIV.5. MATERIAL DIDÁCTICO

Dentro dos recursos materiais imprescindibles para poder impartir a materia, é preciso distinguir entre o material propio do alumnado e o material da aula onde se procederá a impartir os contidos.

Alumnado:

- Caderno de clase.
- Mapas mudos físicos e políticos de España e de Galicia.
- Material fotocopiado e entregado polo docente (vocabulario xeográfico e caderno con documentos básicos de estudo, mapas, gráficos, climogramas, mapas meteorolóxicos de superficie, cliseries, etcétera).

Aula:

- Dicionarios de lingua castelán e de lingua galega.
- Outros materiais comúns do centro como:
 - Canón e PC dispoñibles na aula.
 - Reprografía.
 - Prensa.
 - Vídeos didácticos.
 - Presentacións en Power Point elaboradas polo profesor para afianzar o coñecemento dos temas explicados na aula.
 - Internet: páxinas web relacionadas coa xeografía.

XV. 2º curso Bacharelato
Coñece a túa contorna

XV.1. INTRODUCCIÓN

A finalidade fundamental desta nova materia é dar a coñecer a todo o alumnado e, mesmo, as súas familias, o lugar xeográfico onde viven, onde realizan día a día as súas vidas, traballos e relacións sociais e formativas, ou sexa, o seu entorno máis directo e familiar.

Quizais, un dos aspectos máis descoñecidos para a gran maioría das persoas, sexa a relación, máis directa do que semella, coa propia corporación local e co seu Concello, os servizos que o mesmo ofrece ao cidadán, a estrutura urbana onde desenvolven o seu existir, as relacións sociais, etcétera.

Una forma de integrarse nunha sociedade de cheo é a participación individual dentro dun conxunto social. O sistema democrático fundaméntase, entre outras claves, na participación cidadá nos asuntos que nos incumben a cada un de nós. A mellora social vén dirixida polo esforzo que cada cidadá fai nesa sociedade onde está integrada/o. Canto máis cedo as mozas e os mozos coñezan o funcionamento social e democrático axeitado, máis cedo que tarde converteranse en cidadáns responsables que axuden ao mantemento da súa comunidade e mellora dos servizos onde residen.

Creemos que unha materia desta natureza debería impartirse no Bacharelato, aínda que non estaría tamén mal encamiñada poder impartila no último curso da Educación Secundaria Obrigatoria. A carga horaria da materia sería dunha hora semanal.

Os contidos deberán estar moi ben estruturados, simplificados e adaptados ao nivel do que estamos a falar. Coñecer a contorna e a sociedade onde se desenvolve unha persoa é esencial para acadar cidadáns responsables, con adquisición de habilidades sociais, cooperación e participación democrática.

Este tipo de materias de libre configuración autonómica recóllense na Orde do 15 de xullo de 2015 (DOG nº 136) tanto para a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria como para o Bacharelato.

XV.2. OBXECTIVOS

1. Introducir ao alumnado no coñecemento da zona onde reside.
2. Participar en procesos de aprendizaxe participativa que contribúan e eduquen na participación cidadá e democrática.
3. Sensibilizar ás rapazas e rapaces da necesidade de conservación da súa contorna natural, cultural e urbanístico.
4. Sensibilizar ás rapazas e rapaces das vías de participación cidadá e local, as canles de comunicación co seu Concello, a formación e participación en asociacións culturais, musicais, xuvenís, etcétera, co propósito de formar cidadáns responsables e participativos na vida pública da súa vila.
5. Fomentar accións, actividades de colaboración e participación entre o noso IES, a administración local e a propia cidadanía.

6. Coñecer aqueles trazos xeográficos, históricos, xeolóxicos, naturais e, en xeral, culturais, da vila de Cedeira e da zona da súa influencia.
7. Fomentar o interese do alumnado pola localidade onde habita, insistindo na mellora futura da mesma con accións participativas públicas e privadas, como elementos básicos e integrantes dunha sociedade.
8. Coñecer o tecido económico da vila e os sectores económicos máis notables da mesma.
9. Tomar conciencia da importancia de conservación do patrimonio cultural, natural, artístico, etcétera, como herdanza para futuras xeracións.
10. Tratar de atopar solucións á fuga demográfica pola situación laboral da zona, observando aqueles sectores económicos que sexan beneficiosos para a contorna xeográfica e o desenvolvemento económico do concello.

XV.3. CONTIDOS

Os contidos previstos para esta materia poden desenvolverse nos bloques detallados a continuación:

BLOQUE 1. Contorna xeográfica de Cedeira.

Tema 1. Localización, aspectos xeográficos, territoriais e parroquiais.

Tema 2. Climatoloxía, hidrografía e paisaxe da zona.

Tema 3. A Serra da Capelada: xeoloxía, flora e fauna, como exemplo destacable dunha contorna próxima e natural e cunha finalidade conservacionista.

BLOQUE 2. Historia de Cedeira.

Tema 4. Breve historia da vila. Resumo dos acontecementos históricos máis significativos.

BLOQUE 3. Toponimia e linguaxe de Cedeira.

Tema 5. Aspectos lingüísticos e toponímicos.

BLOQUE 4. Poboación e urbanismo.

Tema 6. A poboación cedeirense e a súa evolución. Migracións.

Tema 7. O urbanismo da vila ao longo dos séculos.

BLOQUE 5. Sectores económicos de Cedeira.

Tema 8. Os sectores económicos máis sobresaíntes que afectan ao desenvolvemento económico da zona.

BLOQUE 6. Aspectos culturais.

Tema 9. Aspectos culturais propios da zona, lendas e tradicións.

BLOQUE 7. Administración Local.

Tema 10. A Administración Local como representante dos cidadáns. Colaboración e xestión.

XV.4. TEMPORALIZACIÓN

Posto que se trata dunha materia de nova creación, máis que nunca a temporalización ten que ser dinámica e adaptada á marcha do grupo e ao interese amosado polo alumnado, de xeito que un tema específico que sexa do seu agrado, pódase estender máis que outro que lles resulte menos interesante. De todas maneiras, tratarase de ser o máis homoxéneo posible no reparto dos temas ao longo do curso.

XV.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

CCL: Competencia en Comunicación Lingüística // **CMCCT:** Competencia Matemática e Competencias Básicas en Ciencias e Tecnoloxía // **CD:** Competencia Dixital // **CAA:** Competencia Aprender a Aprender // **CSC:** Competencias Sociais e Cívicas // **CSIEE:** Competencia Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor // **CCEC:** Competencia Conciencia e Expresións Culturais.

<i>Coñecendo a nosa contorna</i>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contorna xeográfica de Cedeira				
1 2 6 7 9	B1.1. Localización, aspectos xeográficos, territoriais e parroquiais.	B1.1.1. Distinguir as singularidades do espazo xeográfico cedeirense, situando e analizando as súas unidades de relevo.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica e coñece as unidades xeomorfolóxicas de Cedeira e coñece a súa evolución xeolóxica. 	CMCCT CAA
		B1.1.2. Estudar o ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que levaron ao mesmo.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue as singularidades do espazo territorial cedeirense. 	CCL CAA CSC
		B1.1.3. Distinguir as singularidades do espazo parroquial cedeirense.	<ul style="list-style-type: none"> • Distingue as singularidades do espazo parroquial cedeirense. 	
	B1.2. Climatoloxía, hidrografía e paisaxe da zona.	B1.2.1. Distinguir as características climáticas cedeirenses máis destacadas, sinalando os elementos e os factores que as conforman.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe as características máis importantes do clima en Cedeira, analizando os factores e os elementos característicos destes a través de mapas de tempo, gráficas climáticas, etcétera. 	CMCCT CAA CD
		B1.2.2. Describir as concas fluviais de Cedeira e analizar o aproveitamento destes recursos hídricos.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece as diferentes concas fluviais, regatos e demais recursos hídricos do Concello. • Identifica os recursos hídricos e relaciónaos coas súas posibilidades de aproveitamento sustentable. 	CMCCT CAA CSC
		B1.2.3. Describir e reflectir nun mapa as	<ul style="list-style-type: none"> • Localiza no mapa as paisaxes naturais e identifica e formula 	CCEC CD

		paisaxes naturais de Cedeira e relacionar o medio natural coa actividade humana.	os problemas suscitados pola acción humana.	CMCCT
B1.3. A Serra da Capelada: xeoloxía, flora e fauna, como exemplo destacable dunha contorna próxima e natural e cunha finalidade conservacionista.	B1.3.1. Recoñecer a capacidade transformadora dos procesos externos.		<ul style="list-style-type: none"> • Comprende e analiza como os procesos externos transforman o relevo. 	CMCCT CAA CCL CSC CD CSIEE CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta, a partir de imaxes, algúns cambios no relevo producidos polos procesos externos ao longo do tempo. 	
	B1.3.2. Comprender os procesos xeolóxicos derivados da acción mariña e as formas resultantes	<ul style="list-style-type: none"> • Comprende a dinámica mariña e relaciona as formas resultantes co seu proceso correspondente. 		
	B1.3.3. Comprender os procesos xeolóxicos derivados da acción eólica e relacionalos coas formas resultantes.	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia formas resultantes do modelado eólico. 		
	B1.3.4. Analizar as formas e materiais xeolóxicos máis representativos da serra.	<ul style="list-style-type: none"> • Comproba a paisaxe xeolóxica típica da Capelada en relación con outras paisaxes de outras zonas galegas. 		
	B1.3.5. Ler mapas topográficos e xeolóxicos sinxelos da comarca cedeirense.	<ul style="list-style-type: none"> • Interpreta correctamente a información de mapas topográficos e xeolóxicos sinxelos, fotografías aéreas e imaxes de satélite procedentes do territorio contrastando a información das observacións de campo coa obtida mediante as TIC. 		
	B1.3.6. Definir o concepto de endemismo e coñecer os principais endemismos da flora da Capelada.	<ul style="list-style-type: none"> • Define o concepto de especie endémica recoñecendo as propias da Capelada. 		
	B1.3.7. Identificar as especies máis frecuentes da flora na serra da Capelada.	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece aquelas especies vexetais propias do hábitat da serra. 	CMCCT CAA CCL CSC CD CSIEE CCEC	
	B1.3.8. Definir o concepto de endemismo e coñecer os principais endemismos da fauna da Capelada.	<ul style="list-style-type: none"> • Define o concepto de especie endémica recoñecendo as propias da Capelada. 		
B1.3.9. Identificar as especies máis frecuentes	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece aquelas especies animais propias do hábitat da 			

		da fauna na serra da Capelada.	serra.	
		B1.3.10. Coñecer as principais causas de perda da biodiversidade, así como, as ameazas máis importantes para a extinción de especies en xeral.	<ul style="list-style-type: none"> • Enumera as principais causas de perda da biodiversidade. • Coñece e explica as principais ameazas que se cernen sobre as especies e que fomentan a súa extinción. 	
Bloque 2. Historia de Cedeira				
1 6 7 9	B2.1. Breve historia da vila. Resumo dos acontecementos históricos máis significativos.	B2.1.1. Concretar a achega da arqueoloxía aos estudos históricos da zona, amosando o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe a achega da arqueoloxía e os estudos históricos ao coñecemento da evolución de Cedeira. • Delimita o percorrido que vai polos grandes períodos da evolución sociocultural da vila e elabora mapas conceptuais. • Explica os trazos principais dos castros do Concello, o urbanismo e os sistemas defensivos, a partir da visualización in situ dos restos. 	CCEC CCL
Bloque 3. Toponimia e linguaxe de Cedeira				
1 6 9	B3.1. Aspectos lingüísticos e toponímicos	B3.1.1. Identificar as relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica relacións entre usos lingüísticos e trazos culturais. 	CCL CSC CCEC
Bloque 4. Poboación e Urbanismo				
1 3 6 7 10	B4.1. A poboación cedeirense e a súa evolución. Migracións	B4.1.1. Describir os elementos característicos da sociedade cedeirense.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece, a partir dunha listaxe de trazos culturais e sociais, os elementos característicos da sociedade cedeirense. 	CSC CCEC
	B4.2. O urbanismo da vila ao longo dos séculos	B4.2.1. Explicar as peculiaridades da demografía cedeirense.	<ul style="list-style-type: none"> • Representa gráficas explicativas das tendencias demográficas. 	CD CAA CMCCT
Bloque 5. Sectores económicos de Cedeira				
1 3 7	B5.1. Os sectores económicos máis sobresaíntes que afectan ao	B5.1.1. Recoñecer e explicar as concepcións e as características esenciais da industria en	<ul style="list-style-type: none"> • Explica o proceso de configuración do patrimonio industrial en Cedeira. 	CCEC CCL CAA

<p>8 9 10</p>	<p>desenvolvemento económico da zona</p>	<p>Cedeira, en relación cos seus respectivos contextos históricos, sociais e culturais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe a importancia da protección do patrimonio industrial en Cedeira. • Describe a tipoloxía do patrimonio industrial de Cedeira: lugares produtivos (obradoiros, minas, muíños, fornos, fábricas e sitios onde se produza calquera proceso produtivo) e da pesca. • Describe a tipoloxía do patrimonio industrial en Cedeira: servizos onde se xere enerxía ou se abasteza auga. 	
Bloque 6. Aspectos culturais				
<p>1 3 4 6 7 9</p>	<p>B6.1. Aspectos culturais propios da zona, lendas e tradicións</p>	<p>B6.1.1. Describir as dinámicas das culturas e a diversidade cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe, analiza e explica algún elemento cultural da súa contorna, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Cedeira. • Explica o proceso de configuración do patrimonio cultural en Cedeira. • Describe a importancia da protección do patrimonio cultural en Cedeira. 	<p>CCL CSC CSIEE CCEC</p>
		<p>B6.1.2. Describir as producións culturais e distinguir as materiais das inmateriais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Describe a tipoloxía do patrimonio cultural inmaterial. • Describe con argumentación producións materiais e inmateriais de Cedeira. • Describe a través dos seus trazos as producións culturais, e distingue as materiais das inmateriais. • Especifica a riqueza e a diversidade do 	<p>CCL CSC CCEC CAA</p>

			<p>patrimonio cultural inmaterial en Cedeira:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Tradicións e expresións orais: lendas, contos, etcétera. – Actos festivos, sociais e rituais. – Música, danza e representacións teatrais tradicionais. – Coñecementos, técnicas e prácticas tradicionais. – Técnicas artesanais tradicionais. 	
		B6.1.3. Coñecer e respectar as creacións e tradicións populares en Cedeira, valorando a súa calidade como patrimonio escaso e insubstituíble que hai que conservar.	<ul style="list-style-type: none"> • Describe a importancia da protección do patrimonio cultural en Cedeira. 	CCEC CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> • Especifica os problemas do patrimonio en Cedeira: conservación ou restauración. 	CCEC CCL CAA CSC
Bloque 7. Administración Local				
1 2 3 4 5 7 10	B7.1. A Administración Local como representante dos cidadáns. Colaboración e xestión.	B7.1.1. Analizar a estrutura e os principios que regulan a organización política e territorial de Cedeira. Analizar e describir as dificultades e as oportunidades que se lle presentan na actualidade á sociedade cedeirense.	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza e explica o marco institucional da Cedeira actual, valorando a democratización, o desenvolvemento económico e o benestar social. 	CAA CSC CCEC

XV.6. CONTIDOS MÍNIMOS

Posto que estamos a falar dunha materia optativa e divulgativa da contorna do alumnado, non falaremos de contidos mínimos esixibles. Para superar a materia considérase como mínimo imprescindible o interese dos rapaces dos contidos vistos e explicados na aula.

XV.7. RADIOGRAFÍA E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación positiva requirirá que os alumnos e alumnas:

- √ Sexan capaces de desenvolver un traballo diario na clase.
- √ Sexan capaces de elaborar informes pulcros e claros.

√ Sexan capaces de adquirir o vocabulario específico da materia.

O proceso da avaliación será global e integrador, constando de 3 avaliacións. En cada unha delas farase probas específicas que consistirán nun exame de cada un dos temas vistos e explicados na aula.

Valorarase o traballo individual e en grupo realizado diariamente, así como o interese pola materia.

A cualificación estará baseada nos seguintes criterios:

→ Probas de coñecemento: 90%.

→ Traballo diario: 10%.

Ao remate de cada avaliación haberá unha proba de recuperación dos contidos explicados ao longo da mesma. Esta proba levarase a cabo ao comezo da avaliación seguinte, agás a terceira avaliación que, por falta de tempo real, farase cando quede estipulada a proba final da materia.

Farase unha proba final no que os alumnos/as serán examinados dos contidos das avaliacións que non teñan superadas. Os alumnos/as que teñan que presentarse a este exame final deberán amosar que acadaron os contidos mínimos esixidos para este curso. De non acadar a cualificación positiva terán que presentarse á convocatoria extraordinaria.

Para aqueles alumnos/as que non puideron examinarse de forma regular debido a súa falta de asistencia inxustificada, realizarase outro exame dividido por avaliacións que deberán superar independentemente para poder aprobar a materia. De acadar a cualificación negativa, disporán dunha convocatoria extraordinaria.

A avaliación realizarase tendo en conta os obxectivos educativos e os criterios de avaliación especificados.

Poderase descontar 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

XV.8. MATERIAL DIDÁCTICO

Alumnado:

- Caderno de clase.

Aula:

- Materiais comúns do centro como:
 - Canón e PC dispoñibles na aula.
 - Presentacións en Power Point.
 - Reprografía.
 - Vídeos didácticos.
 - Internet: páxinas web relacionadas coa materia.

XVI. Bacharelato Semipresencial

XVI.1. INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, no seu *título I* dedica especial atención á educación de persoas adultas, co obxectivo de que todos os cidadáns teñan a posibilidade de adquirir, actualizar, completar ou ampliar os seus coñecementos e aptitudes para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

Este bacharelato está orientado a persoas adultas que, por diversas razóns, abandonaron a súa formación. Agora poden reemprender os estudos para enfocar o seu futuro profesional no sector social, xa sexa na rama de letras como en calquera outra do sector.

Esta modalidade caracterízase pola redución considerable de horas presenciais na aula e o aumento da realización de tarefas persoais. Deste xeito, combínanse sesións lectivas de carácter presencial con outras actividades de seguimento do alumno/a que terán para estes carácter non presencial.

As sesións lectivas presenciais semanais que corresponden a cada tipo de materia e curso nesta modalidade de ensino terán carácter colectivo, e dedicaranse fundamentalmente a abordar os aspectos máis relevantes do currículo das unidades didácticas en cada materia, a resolución de actividades e dúbidas, así como, a dar directrices e orientacións precisas para un bo aproveitamento.

É unha opción idónea para aqueles alumnos/as que traballan e que non poden facer compatible o horario de clase co traballo.

Nesta modalidade, o alumnado elixe cando pode facer as súas tarefas e, grazas ás titorías de orientación e presenciais, pode ter un contacto máis personalizado cos seus profesores/as, preguntando e resolvendo dúbidas. É un tipo de ensino menos grupal, adaptándose ás necesidades específicas de cada discente e está en consonancia coas esixencias que formula o novo Plan Bolonia.

XVI.2. ACLARACIÓNS AO BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

Tanto os obxectivos, contidos, competencias, descritores, subcompetencias, contidos mínimos, instrumentos de avaliación, grao de consecución de aprendizaxe e das competencias clave e material didáctico serán os mesmos estipulados para o bacharelato diurno, agás a temporalización que, como é lóxico, cambia por mor de horas lectivas que posúe esta modalidade de bacharelato. Ademais, como se sinala a continuación, especificanse aqueles cambios referentes aos criterios de cualificación do alumnado que cambian en relación coa modalidade de diurno.

Pormenorizar os seguintes criterios cualificativos diferentes ao bacharelato diurno:

- No tocante aos exames, a cualificación mínima esixible para facer media será un 3.
- As cualificacións parciais ou por avaliación de cada materia, seguirán a mesma forma cualificativa que no bacharelato diurno.
- Tamén, ao igual que acontece en diurno, no suposto de ter unha avaliación suspensa cun 4, esta fará media coas outras avaliacións, de xeito que o alumno/a non terá que ir á recuperación. O exame de recuperación será en maio ou xuño, dependendo da materia, e o alumno/a presentarse coa/a avaliación/s suspensas.

Poderase descontar 0,1 puntos por cada falta de ortografía cometidas en cada proba escrita ata un máximo de 1 punto.

XVII. Varios

XVII.1. MEDIDAS DE INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para atender aos alumnos/as con necesidades educativas precísanse planificacións curriculares abertas e flexibles, que contemplan as diferenzas individuais, potenciando os seus logros e motivacións e que consideren a aprendizaxe como algo dinámico.

Para atender aos alumnos/as con necesidades educativas especiais o fundamental é poñer en marcha medidas que cubran as súas necesidades nun contexto o máis normalizado posible. Ditas medidas poden ser de carácter xeral e de carácter específico. Dentro das primeiras cóntase con: titoría e orientación, reforzo educativo e optatividade/opcionalidade. A posta en marcha e desenvolvemento destas compete ao centro educativo.

En canto ás segundas, as de carácter específico, relaciónanse directamente co Departamento: as adaptacións curriculares.

Aceptada a diversidade de niveis de madurez entre o alumnado dunha aula, terán que deseñarse as estratexias axeitadas para resolver os problemas que delas se derivan e atender a esa diversidade con actividades e medios pertinentes. É evidente que o alumando aprende con ritmos diferentes, que a cantidade e a calidade do aprendido tamén o é, pero especialmente que os mecanismos polos que se produce a aprendizaxe significativa son basicamente idénticos.

Para conseguir que a diversidade son sexa un obstáculo senón un punto de partida e un factor de enriquecemento e de relación construtiva para o alumnado, inténtase desenvolver a autonomía progresiva dos alumnos/as tanto no plano individual como no grupal. Para elo, propóñense actividades que deben resolverse en equipos de traballo, así como a distribución de tarefas compartidas, responsabilidades no grupo, non sen por elo, esquecer o traballo individual que nesta etapa debe formar parte do proceso de aprendizaxe do alumando tendente a unha maior autonomía neste proceso. Para elo, deséñanse en cada unidade didáctica actividades e propostas de traballo que, de ser o caso, permitan superar deficiencias de aprendizaxe (actividades de reforzo), así como satisfacer a demanda de aquel grupo de alumnos/as que con maior madurez demanden niveis máis complexos (actividades de ampliación).

Ao comezo de cada unidade didáctica, interrogárase aos alumnos/as sobre aspectos moi básicos que deben dominar desde a ESO e que sirvan de punto de partida para a aprendizaxe de novos contidos. Por outra banda, ao final de cada unidade, propóñense algunhas actividades que irán dirixidas a reafirmar conceptos, procedementos ou actitudes que algún dos alumnos/as do grupo non asimilase ben.

As actividades de ampliación van dirixidas a aqueles alumnos/as que pola súa maior madurez intelectual precisan problemas que lles permitan obter un maior rendemento no proceso de ensino-aprendizaxe significativo. Estas actividades serán programadas a criterio do profesor segundo as necesidades educativas. Con elo preténdese evitar calquera conxectura de discriminación, non dando lugar á formación de subgrupos de distinto nivel dentro da aula. Cada alumno/a debe aprender en función da súa capacidade, e para elo diríxese a diversidade de actividades e de criterios avaliadores.

Na ESO. *Descrición do grupo despois da avaliación inicial:*

Á hora de programar as medidas de atención á diversidade e inclusión, temos que solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnas e alumnos. Como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- ♣ O número de alumnas e alumnos.
- ♣ O funcionamento do grupo (clima na aula, nivel de disciplina, atención, etcétera).
- ♣ As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- ♣ As necesidades que se puideran identificar. Convén pensar nisto e en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etcétera).
- ♣ As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- ♣ Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- ♣ Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar ao alumnado para os traballos cooperativos.
- ♣ Os tipos de recursos que se precisan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo de grupo.

Necesidades individuais:

A avaliación inicial facilita non so o coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- ♣ Identificar ao alumnado que necesiten un maior seguimento ou persoalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta a aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etcétera.
- ♣ Saber as medidas organizativas a adoptar. Planificación de reforzos, ubicación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual.
- ♣ Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como, sobre os recursos que se van a empregar.
- ♣ Analizar o modelo de seguimento que se vai a empregar con cada un deles.
- ♣ Acotar o intervalo de tempo e o modo en que se van a avaliar os progresos destes estudantes.
- ♣ Fixar o modo en que se vai a compartir a información sobre cada discente co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor ou titora.

No BACHARELATO.

Un dos principios básicos que debe ter en conta a intervención educativa é o da individualización, consistente en que o sistema educativo ofrezca a cada alumna/o a axuda pedagóxica que este necesite en función das súas motivacións, intereses e capacidades de aprendizaxe. Xorde diso a necesidade de atender esta diversidade. No Bacharelato, etapa na que as diferenzas persoais en capacidades específicas, motivación e intereses adoitan estar bastante definidas, a organización do ensino permite que os propios estudantes resolvan esta diversidade mediante a elección de modalidades e optativas. Non obstante, é conveniente dar resposta, xa desde as mesmas materias, a un feito constatable: a diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos

de aprendizaxe que os estudantes manifestan. É preciso, entón, ter en conta os estilos diferentes de aprendizaxe dos estudantes e adoptar as medidas oportunas para afrontar esta diversidade. Hai estudantes reflexivos (detéñense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan ser reforzados continuamente e outros non; hai os que prefiren traballar sos e os hai que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Dar resposta a esta diversidade non é tarefa doada, pero si necesaria, pois a intención última de todo proceso educativo é lograr que os estudantes alcancen os obxectivos propostos.

Como actividades de detección de coñecementos previos suxerimos:

- ♣ Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor ou profesora, co fin de facilitar unha idea precisa sobre de onde se parte.
- ♣ Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- ♣ Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas coa lingua propia do alumno e alumna.

Como actividades de consolidación suxerimos:

- ♣ Realización de exercicios apropiados todo o abundantes e variados que sexa preciso, co fin de afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade.

Esta variedade de exercicios cumpre, así mesmo, a finalidade que perseguimos. Coas actividades de recuperación e ampliación, atendemos non só aos alumnos e alumnas que presentan problemas no proceso de aprendizaxe, senón tamén, a aqueles que alcanzaron no tempo previsto os obxectivos propostos.

As distintas formas de agrupamento dos estudantes e a súa distribución na aula inflúen, sen dúbida, en todo o proceso. Entendendo o proceso educativo como un desenvolvemento comunicativo, é de grande importancia ter en conta o traballo en grupo, recurso que se aplicará en función das actividades que se vaian realizar, concretamente, por exemplo, nos procesos de análise e comentario de textos, pois consideramos que a posta en común de conceptos e ideas individuais xera unha dinámica creativa e de interese nos estudantes.

Concederáse, non obstante, grande importancia noutras actividades ao traballo persoal e individual; en concreto, aplicarase nas actividades de síntese/resumo e nas de consolidación, así como nas de recuperación e ampliación.

Debemos acometer, pois, o tratamento da diversidade no Bacharelato desde dúas vías:

I. A atención á diversidade na programación dos contidos, presentándoos en dúas fases: a información xeral e a información básica, que se tratará mediante esquemas, resumos, paradigmas, etcétera.

II. A atención á diversidade na programación das actividades. As actividades constitúen un excelente instrumento de atención ás diferenzas individuais dos estudantes. A variedade e a abundancia de actividades con distinto nivel de dificultade permiten a adaptación, como dixemos, ás diversas capacidades, intereses e motivacións.

XVII.2. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS

Este apartado será aplicable a todos os cursos da ESO. Durante as primeiras semanas de clase comprobarase o nivel do alumnado mediante a realización de probas escritas, exercicios de clase e probas orais que recollan aspectos relacionados con cada competencia básica, especialmente vinculados a área de Xeografía e Historia. Atendendo aos resultados obtidos na avaliación inicial, realizaranse a adaptación curricular global en relación ao grupo no seu conxunto e as adaptacións individuais necesarias que se puideran producir. Estas adaptacións faranse da programación de aula de cada docente. A avaliación inicial non terá cualificación no boletín de notas e, polo tanto, non fará media co resto das cualificacións do curso. Considerámola un instrumento para que o profesor/a coñeza o punto de partida de cada alumno/a e para que os alumnos/as se decaten das súas potencialidades e das súas carencias.

XVII.3. ADAPTACIÓN CURRICULARES

A adaptación curricular é un proceso de toma de decisións sobre os elementos de acceso ao currículo que poden ser adaptados e/ou modificados para dar resposta educativa ás necesidades dos alumnos/as. Deben ser sinxelas e fáciles de elaborar e aplicar polo docente. Deben dotar ao alumno/a de habilidades para o seu funcionamento autónomo no entorno. As adaptacións teñen a súa orixe e punto de referencia no currículo ordinario e deben de estar presentes en todas e cada unha das decisións a tomar na concreción curricular de cada departamento.

As adaptacións curriculares poden clasificarse en adaptacións significativas e non significativas.

- Adaptacións curriculares non significativas: modificacións nalgúns elementos da programación deseñada para todos os alumnos/as, pero que non afectan ás ensinanzas básicas do currículo oficial. Refírense á metodoloxía e ás actividades de ensino-aprendizaxe.

- Adaptacións curriculares significativas: modificacións en elementos da programación que afectan ás aprendizaxes esenciais das distintas áreas curriculares. Refírense aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, e en relación a eles, á temporalización, priorización, introdución ou eliminación dos mesmos.

Neste curso académico, está prevista, a priori, a elaboración de adaptacións curriculares individualizadas a varios discentes matriculados, sempre en coordinación coa Orientadora do Centro.

XVII.4. TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais comúns na ESO e na ESA, son un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar e o seu desenvolvemento afecta á globalidade do mesmo.

Entre os temas transversais máis sobresaíntes hai que destacar:

√ EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.

Pretende o desenvolvemento moral da persoa e educar para a convivencia no pluralismo grazas a un esforzo formativo nas seguintes direccións:

- Desenvolver o xuízo moral atendendo á intención, fins, medios e efectos dos nosos actos.
- Desenvolver actitudes de respecto cara aos demais.

- Fomentar o coñecemento e a valoración doutras culturas.
- Exercitar o civismo e a democracia na aula.

√ *EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.*

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, social e ambiental. Os obxectivos son:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades e do modo de prevelas e sandalas.
- Desenvolver hábitos de saúde, hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes...

√ *EDUCACIÓN PARA A PAZ.*

Persegue os seguintes obxectivos:

- Educar para a acción: xerar estados de conciencia e condutas prácticas cara a paz.
- Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

√ *EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR.*

Formula estes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren todas as alternativas de consumo e os efectos individuais, sociais, económicos e ambientais.
- Desenvolver un coñecemento dos mecanismos de mercado, así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable.

√ *EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DOS SEXOS.*

Entre os seus obxectivos destacan:

- Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos...
- Adquirir habilidades e recursos para facer calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

√ *EDUCACIÓN AMBIENTAL.*

Entre os seus obxectivos están:

- Adquirir experiencias e coñecementos para ter unha comprensión dos principais problemas medioambientais.
- Desenvolver conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.

√ *EDUCACIÓN SEXUAL.*

Os obxectivos fundamentais son:

- Adquirir información suficiente sobre aspectos como: anatomía e fisioloxía dos dous sexos, maduración sexual, reprodución humana, prevención de embarazos, enfermidades de transmisións sexual...
- Consolidar unha serie de actitudes: autodominio en función de criterios, naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade, etcétera.

- Proporcionar criterios para elaborar xuízos morais sobre os delitos sexuais.

√ EDUCACIÓN VIAL.

Os obxectivos máis sobresaíntes son:

- Desenvolver xuízos morais sobre a responsabilidade humana nos accidentes e outros problemas de circulación.
- Adquirir condutas e hábitos de seguridade vial como peóns e como usuarios de vehículos.

A importancia dos temas transversais aconsella que a súa introdución non se restrinxa unicamente á ESO e á ESA, senón que se siga a desenvolver en todos os niveis educativos. Trátase, en definitiva, de abordar un conxunto de cuestións que contribúan a proporcionar unha verdadeira educación e axeitar o ensino ás esixencias dos tempos actuais. Nese sentido, os temas transversais máis sobresaíntes son os mesmos que os indicados na ESO e na ESA.

XVII.5. ATENCIÓN A PENDENTES

O Xefe de Departamento atenderá as dúbidas que podan ter os alumnos/as, que teñan pendente a materia de cursos anteriores.

O seguimento terá unha vía:

➤ Aos alumnos/as con materias pendentes asignaráselles por curso dous cadernos de traballo que deberán elaborar e resolver para ser entregados ao Xefe de Departamento nas datas fixadas. No caso de non entregalos ou se o rendemento non fose o axeitado, a materia non se considerará superada e, polo tanto, deberán acudir á proba extraordinaria a realizar en datas que fixe a Xefatura de Estudos. Nesta proba, os contidos esixibles serán coincidentes cos que se piden para o curso en cuestión que están reflectidos nesta Programación Didáctica. A cualificación da materia pendente será a media aritmética do 60% da proba extraordinaria de pendentes e do 40% correspondente aos dous cadernos de exercicios. O alumnado de PMAR, no suposto de ter pendente materia asociada a este Departamento de cursos anteriores, poderán evitar o exame de pendentes sempre e cando elaboren correctamente os exercicios incluídos nos dous cadernos que o profesor/a lles entregue. Estes dous cadernos deberán presentarse nas datas previstas polo Xefe do Departamento e, a resolución dos exercicios, debe ser completa (sen deixar ningún) e a presentación axeitada (sen erros ortográficos, con letra lexible e cunha orde e limpeza apropiadas).

XVII.6. INTERDISCIPLINARIEDADE

Tal e como afirma a Real Academia, a interdisciplinariade é o estudo que se realiza coa cooperación de varias disciplinas.

A didáctica das Ciencias Sociais é por excelencia un lugar de interaccións, unha realidade cruzada de múltiples dimensións. Esixe poñer constantemente en práctica a capacidade para analizar, planificar, crear, avaliar, comunicar, etcétera, ou sexa, relacionar elementos e ámbitos para conseguir ofrecer instrumentos eficaces, xerar dinámicas creativas e interesantes para o alumnado, e acadar aprendizaxes pertinentes e significativas.

Neste sentido a interdisciplinabilidade da Xeografía e Historia desenvolvida por este Departamento, céntrase fundamentalmente ao longo de todo o curso académico, cos Departamentos de Lingua e Literatura Castelá e Galega, posto que non podemos esquecer que en cursos como o PMAR da ESO, no Ámbito Lingüístico e Social, ao marxe da propia materia xeográfica e histórica, impárteselle ao alumnado coñecementos e prácticas tanto de Lingua Castelá como de Lingua Galega como parte do temario e dos contidos curriculares do mesmo.

Ademais, a posta en práctica do Plan Lector, implica a colaboración con estes Departamentos para o desenvolvemento das propias unidades da nosa materia en todos os niveis, xa que este plan ven cualificado cunha porcentaxe na nota final acadada polo alumno/a en cada avaliación.

Puntualmente, o noso Departamento ven a colaborar con outras disciplinas como as Matemáticas (cálculo de porcentaxes, táboas estatísticas para elaboración de gráficas...), coa área da Informática (Plan TIC), ou mesmo co Departamento de Física (cambio de unidades, cálculo de distancias para escalar mapas...).

XVII.7. PLAN LECTOR

Os obxectivos a acadar serán:

- Conseguir a paulatina capacitación do alumnado na lectura e comprensión de todo tipo de textos, utilizando as distintas tecnoloxías da comunicación e da información e o seus distintos soportes.
- Implicar a todas as persoas do centro educativo para que compartan e transmitan unha actitude positiva diante do proceso de lectura, non só como medio para a aprendizaxe, senón tamén como recurso de pracer e como axuda ao desenvolvemento persoal.

As distintas áreas ou materias deberán adecuarse aos soportes que mellor lles conveñan para este proxecto, intentando que cada alumno/a teña que empregar os máis variados, que lle fagan entender que a lectura comprensiva é a ferramenta básica e fundamental de todos eles.

Os principais soportes a empregar son:

- Soporte impreso: libro, prensa en diferentes linguas (xornais, revistas especializadas...), cómic e publicidade.
- Soporte electrónico: Internet.

En canto á Metodoloxía, esta será tan variada como número de docentes. Tamén, ás veces, os soporte ou a propia materia determinan o diferente xeito de traballo. Por exemplo, o caso da prensa, permitiría ao noso Departamento seguir o desenvolvemento dunha guerra, pedindo ao alumno/a que cada certo tempo presentase un resumo cos aspectos máis relevantes da evolución da noticia.

A avaliación deberá corresponderse cos obxectivos xerais expostos ao comezo e terán que ser en todas e cada unha das áreas e materias tanto da ESO, da ESA, de Bacharelato, cuantificadas numericamente (é dicir, unha porcentaxe sobre a nota global).

O Departamento de Xeografía e Historia fixa a porcentaxe de cualificación do Plan Lector no bloque dos contidos procedementais, do seguinte xeito:

CURSO / NIVEL	Puntuación máxima do Plan Lector
E.S.O.	0,3 puntos
E.S.A.	0,3 puntos
P.M.A.R. e Formación Profesional Básica	1 punto
1º BACHARELATO	0,2 puntos
2º BACHARELATO	0,1 puntos

No tocante ao Bacharelato de Adultos e, posto que é semipresencial, aplicar o Plan Lector resulta inviable a todas luces cun seguimento constante. Polo tanto, non se aplica ningunha porcentaxe correspondente a este apartado na cualificación final do discente.

XVII.8. PLAN DE INTEGRACIÓN TIC

Os obxectivos principais no ensino das Ciencias Sociais, área de por se complexa, varían de acordo ás condicións propias da sociedade na cal se desenvolve o programa de estudos. Do documento "*Lineamentos curriculares para Ciencias Sociales*" publicado polo Ministerio de Educación Nacional de Colombia pódese extraer conceptos tales como: que os estudantes adquiran, desde diferentes enfoques e perspectivas, unha visión do pasado, presente e posibles futuros do home en sociedade; que interveñan na súa comunidade de xeito responsable, xusta, solidaria e democrática; e que comprendan o mundo, e cando sexa necesario, o critiquen e o transformen.

Pola súa banda, o Ministerio de Educación establece como propósito para esta área desenvolver nos estudantes coñecementos, habilidades e disposicións que lles permitan estruturar unha comprensión do ámbito social e oríentalles a actuar crítica e responsablemente na sociedade sobre a base de principios de solidariedade, coidado do medio, pluralismo, e valoración da democracia e da identidade nacional. Por outro lado, o Consello Nacional para os Estudos Sociais dos Estados Unidos sitúa as Ciencias Sociais entre os Estudos Sociais, integrados á súa vez por estas e polos humanidades e cuxo obxectivo final é promover a competencia cívica. Para logralo, propoñen axudar aos mozos a desenvolver as habilidades para tomar decisións informadas e razoadas para beneficio do ben público como cidadáns pertencentes a unha cultura diversa e a unha sociedade democrática encravada nun mundo interdependente.

Desde o seu inicio, no século XVI, as Ciencias Sociais foron tomando unha posición central entre dous extremos: un ocupado polas Ciencias Naturais (matemáticas, física, química, bioloxía) e o outro polas Humanidades (filosofía, literatura, pintura, escultura, música). A enciclopedia Encarta define as Ciencias Sociais como "*o conxunto de disciplinas académicas que estudan a orixe e o desenvolvemento da sociedade, das institucións e das relacións e ideas que configuran a vida social*". As ciencias sociais están formadas pola

antropoloxía, a arqueoloxía, a socioloxía, as ciencias políticas, a economía, a xeografía, a historia e historiografía, o dereito, a psicoloxía, a criminoloxía e a psicoloxía social.

Só ata a segunda metade do século XX evidenciáronse claramente as limitacións que presenta a énfase disciplinar no ensino das Ciencias Sociais para analizar, comprender e explicar o devir das sociedades. As Ciencias Sociais enfrontan na actualidade o desafío de incorporar novas dimensións da vida dos seres humanos (violencias, xenofobias, problemas ambientais, etcétera) que desbordan os marcos interpretativos das disciplinas; polo tanto, requiren abordar o seu estudo integrado desde diversos ámbitos: económico, histórico, político, xeográfico, ambiental, antropolóxico e de competencias cidadás, entre outros.

Cada unha das disciplinas que conforman as Ciencias Sociais ten o seu propio corpo de coñecementos básicos que os estudantes deben adquirir para que poidan desempeñarse axeitadamente cando se enfronten a unha problemática social que requira articular o coñecemento dunha ou máis disciplinas. En Ciencias Sociais, a fronteira entre estas non sempre está ben demarcada. Tratar as materias de xeito illado fai que os estudantes aprecien a realidade de xeito fragmentada, obrigándoos a activar procesos de memorización, en lugar de favorecer a comprensión e a busca de sentido dos temas estudados.

Aínda que existen especialistas, métodos e ferramentas en cada disciplina, cada vez son máis comúns e necesarias as investigacións interdisciplinarias que estudan os problemas sociais en todas as súas dimensións.

As TIC son particularmente valiosas para enriquecer ambientes de aprendizaxe nas Ciencias Sociais. Ademais, transformaron a forma en que estas se ensinan actualmente. Por estas razóns, hai unha serie de ferramentas tecnolóxicas que facilitan a aprendizaxe tanto nas disciplinas que como mencionamos anteriormente teñen maior peso nos currículos de educación secundaria e de bacharelato, como na realización de proxectos que integren varias destas disciplinas. Estas ferramentas inclúen por unha parte proxectos de clase, *WebQuests* e proxectos colaboradores e, pola outra, recursos dispoñibles en Internet como mapas dixitais, software, bases de datos e xogos de simulación, entre outros.

As TIC tamén facilitan a realización de indagacións en temas propios das Ciencias Sociais e crean un espazo para desenvolver nos estudantes habilidades de investigación (busca, acceso, selección e organización de información); habilidades de análise (interpretación e síntese de información); e habilidades comunicativas (exposición coherente e fundamentada de ideas, opinións, conviccións, sentimentos e experiencias). Por outra parte, o software de produtividade como o procesador de texto, a folla de cálculo e o presentador multimedia apoian a elaboración de ensaios, a realización de proxectos e a produción de publicacións (boletíns, xornal escolar, etcétera).

HISTORIA

O obxecto da Historia é o estudo do cambio das sociedades humanas a través do tempo. Estudo que permite apreciar os diversos procesos experimentados polas sociedades nos seus aspectos político, social, cultural, económico, relixioso, xurídico e intelectual. Os estudantes deben pensar os feitos do pasado diferenciando a súa propia posición da situación dos individuos que viviron noutros tempos (evitar a tendencia a xulgar os personaxes históricos segundo valores actuais). Eles deben aprender a utilizar o coñecemento histórico do modo máis próximo posible a como o fai un experto.

Nun capítulo do libro "*Como aprenden los estudiantes*", publicado pola editorial da Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos, afirmase que a aprendizaxe e o ensino da historia demandan pensamento complexo tanto de parte de profesores coma de estudantes. No caso da historia, este tipo de pensamento céntrase en avaliación crítica de evidencia; suspensión temporal de puntos de vista propios para poder entender os doutros; utilización de feitos, conceptos e interpretacións para realizar xuízos; desenvolvemento de xustificacións para eses xuízos; e posteriormente, se a evidencia persuade, cambiar posturas e xuízos persoais.

As TIC realizan unha achega importante no proceso de ensino-aprendizaxe da Historia. Permiten aos estudantes acceder a fontes históricas (primarias e secundarias); comunicarse cos seus homólogos doutras escolas, no transcurso de investigacións ou no desenvolvemento de proxectos colaboradores, para verificar feitos ou contrastar puntos de vista; por último, entre outras aplicacións, clasificar e organizar información e comunicala de xeito efectivo.

Doutro lado, software como o de construción de liñas de tempo e diagramas de causa efecto permite que os estudantes poñan en perspectiva o tempo histórico. Tempo que non se esgota na cronoloxía, senón que inclúe outros aspectos, como duración, ritmo, simultaneidade, continuidade e cambio. Algunhas investigacións sosteñen que os estudantes teñen dificultades, mesmo ata a puberdade, para: ordenar feitos históricos, comprender a duración dos grandes períodos históricos e utilizar a periodización (eras paleolítica, neolítica, etc). Por todo o anterior e desde idades temperás, recoméndase a utilización na aula destes instrumentos de representación do tempo.

XEOGRAFÍA

Pola súa banda, a Xeografía é unha disciplina que ademais de servir para realizar localizacións e representacións físicas dos lugares, debe dar conta dos vínculos do home co seu medio para explicar as vantaxes ou inconvenientes dunha rexión a través da análise de elementos como clima, relevo, hidrografía, vexetación e recursos naturais desta. O seu obxecto constitúeo o espazo xeográfico, no cal interveñen unha variedade de elementos e fenómenos interdependentes con feitos humanos, pasados e presentes.

Nesta disciplina, as TIC ofrecen os medios que facilitan o desenvolvemento de habilidades para construír e utilizar mapas; para acceder, organizar, sintetizar e presentar información en diferentes formas; para lograr identificar e comprender patróns xeográficos, económicos e de relacións espaciais; e para comunicar e intercambiar información con estudantes doutras culturas ou lugares (próximos ou remotos). Por exemplo, a utilización de Internet facilita as "visitas virtuais" planeadas a destinos específicos co fin de cumprir con determinados obxectivos educativos.

Intimamente relacionada con esta área encóntrase a utilización dos Sistemas de Información Xeográfica (GIS pola súa sigla en inglés), cada vez máis próximos á educación secundaria. Estes baséanse nun software composto por tres elementos: unha base de datos con información, un mapa e un mecanismo para interrelacionalos o que facilita o enlace de información xeográfica (onde están as cousas) con información descritiva (que son as cousas). A diferenza dun mapa tradicional (en papel), un GIS pode presentar sobre o mapa dunha determinada rexión e de xeito interactivo, varias capas que se sobrepoñen e que conteñen información temática; por exemplo, sobre recursos naturais, educación, transporte, agricultura, saúde, arqueoloxía, etcétera.

Ademais, este tipo de software permite integrar Xeografía información propia doutras das disciplinas que conforman as Ciencias Sociais.

En resumo, as TIC ofrecen a oportunidade de crear, en Ciencias Sociais, ambientes de aprendizaxe enriquecidos que faciliten aos docentes o logro dos obxectivos propostos nesta área.

XVII.9. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

É bastante complicado, antes do comezo do propio curso, programar actividades extraescolares sen coñecer múltiples aspectos que sempre hai que ter en conta á hora de planificar este tipo de acontecementos.

Cabe a posibilidade de programar saídas culturais fóra do IES con outros Departamentos Didácticos ou co Equipo de Actividades do propio IES, tal e como se fixo en cursos académicos anteriores cando se visitou o castro de Coaña (Asturias), ou a neocova de Altamira cos alumnos/as de 2º da ESO aproveitando a excursión fin de curso programada para ese ciclo o pasado curso. Esta actividade, case con toda seguridade, levarase a cabo a finais do mes de xuño, na última semana de remate do curso.

A idea de preparar unha exposición monográfica referente ás migracións exteriores na bisbarra de Cedeira na que participaron todos os cursos de 2º da ESO en pasados cursos académicos, é un obxectivo envexoso e con moitas gañas de levar a remate desde hai algún tempo. Esta exposición contaría con estatísticas de datos reais no referente aos países de destino dos emigrantes, fotografías relacionadas co tema, documentos, cartas dos emigrantes aos seus familiares, etcétera, ao longo do século XX e, mesmo, no século XXI. Este traballo coordinouno un membro deste Departamento xunto aos seus alumnos do nivel referido con anterioridade e, levaríase a cabo, sempre e cando existan fondos económicos abondo para poder preparar os paneis cun mínimo de calidade visual e lectora que sirvan para un futuro e poidan ampliarse cando exista maior volume de datos relacionados con esta materia.

Coa incorporación da nova materia para 2º de Bacharelato, “*Coñece a túa contorna*”, é de esperar a realización de actividades fóra do IES para coñecer *in situ* aqueles puntos e aspectos culturais de interese importantes dentro da zona cedeirense, co obxectivo de que os discentes vivan en directo experiencias reais relacionadas coa materia.

Tamén, a idea deste Departamento é que neste curso volvan a acudir ao IES unha asociación de arqueólogos aragoneses co propósito de ensinar aos discentes de 1º de ESO, aqueles procesos de fabricación pre ou protohistórica que fixeron os nosos devanceiros, ben sexa de metalúrxica, fabricación de instrumentos...

XVII.10. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E Á FAMILIA

O alumno/a debe coñecer en todo momento:

- Os criterios de avaliación que lle serán aplicados para superar a materia.
- Os contidos mínimos que deberá dominar para acadar unha avaliación positiva.
- Os criterios de cualificación que serán aplicados á hora de ser avaliados, incluídas as distintas porcentaxes que se aplican aos diferentes contidos traballados.
- As normas de comportamento e actitude na aula e no trato coa comunidade educativa.
- As datas dos exames ordinarios, as recuperacións e as probas extraordinarias.

- A hora de atención ao alumnado semanal do profesor/a da materia.
- A hora de atención aos pais/titores semanal do profesor/a da materia.
- A posible perda de avaliación por superar o número de faltas sen xustificar.
- As tarefas que o Departamento mande elaborar para preparar e superar os contidos das materias pendentes.

Para iso, resulta imprescindible garantir a existencia dunha canle de comunicación entre o profesorado, alumnado e familiares que pode adoptar diferentes vías, tanto orais como escritas:

1. O contido íntegro desta Programación Didáctica, estará a disposición e consulta no Departamento de Xeografía e Historia en formato papel ou en formato dixital.
2. Os primeiros días do curso académico, o docente informará oralmente ao alumnado das directrices a seguir no desenvolvemento da materia: criterios de avaliación, de cualificación, de puntuación e corrección de exames, etcétera. Ademais, para que estes criterios podan ser consultados a cotío, é moi aconsellable deixar copia impresa dos mesmos no taboleiro da aula.
3. As datas dos exames serán anunciados, oral ou por escrito no taboleiro da aula, coa suficiente antelación para que os alumnos/as sexan quen de poder preparar adecuadamente os contidos correspondentes e consultar as dúbidas que poidan xurdir.
4. As datas dos exames extraordinarios serán comunicadas oral ou por escrito nos diferentes taboleiros existentes no IES, na porta do Departamento...
5. A familia e o alumnado coñecerán a hora semanal de atención de cada docente do Dpto. Deberase comunicar ao profesor/a coa suficiente antelación, a intención de acudir a estas titorías co fin de planificar as visitas e para evitar aglomeracións que impidan unha completa e correcta atención individualizada. Ademais, co propósito que os pais coñezan os criterios de cualificación dos seus fillos nas materias correspondentes a este Departamento, a PD do mesmo “colgarase” na web do instituto.
6. O docente entregará o correspondente boletín de exercicios a aqueles alumnos/as con materia pendente. Este irá acompañado dunha folla que será asinada polo alumno/a, que será o responsable de comunicar dita entrega na súa casa, así como, da data máxima de devolución do boletín xa cumprimentado.

XVII.11. PLAN DE CONVIVENCIA

A lei 4/2011, do 30 de xuño, de Convivencia e participación na Comunidade Educativa, incide na necesidade de manter un clima de convivencia e harmonía nos centros educativos, baseado no respecto mutuo, pero tamén en promover valores, actitudes e prácticas que permitan unha mellor convivencia escolar.

No IES Punta Candieira considerouse necesario desenvolver un programa de convivencia para incidir de maneira positiva na relación entre todos os membros de dita comunidade educativa. Ten unha formulación previa, que busca dar resposta a aspectos como os seguintes:

- Condutas e comportamentos contrarios ás normas dentro da aula.
- Mellorar a calidade da educación e os resultados escolares.

- Conseguir tratamentos educativos personalizados e un seguimento integral do alumno con problemas de conduta.

Para que todo o anterior poida realizarse puxéronse en marcha unha serie de actuacións como son:

- A creación dunha aula de convivencia, entendida como unha estratexia organizativa para unha posible resolución do conflito. Neste senso, este debe ser un espazo de reflexión, de traballo e de observatorio da convivencia.
- Actividades enmarcadas dentro das horas de titoría, para o desenvolvemento persoal do alumnado
- Programas de habilidades sociais, elaborado desde o departamento de Orientación para os alumnos que frecuentan a aula de convivencia.
- Os encontros da familia co centro educativo, que teñen como finalidade a colaboración entre ambas contornas.

O Departamento de Xeografía e Historia como parte integrante do IES Punta Candieira tamén é participe deste plan, aínda que non de xeito directo, se colaboramos, desde as nosas clases, titorías e reunións co departamento de Orientación, nunha serie de actuacións encamiñadas a unha mellora da convivencia.

XVII.12. PROCEDEMENTO PARA A ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS NO BACHARELATO

Conforme á resolución de 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/2017, do currículo establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, di textualmente (traducido do castelán ao galego):

... Artigo 21. Elección no segundo curso de materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso.

- 1. O alumnado poderá cursar en segundo curso materias condicionadas á superación das correspondentes materias do primeiro curso non cursadas en primeiro.*

Esta acreditación poderase realizar:

- a) Cursando e superando a correspondente materia de primeiro.*
- b) O alumado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúna as condicións necesarias para seguir con aproveitamento a materia de segundo.*

En calquera caso, a decisión de que o alumnado reúna as condicións para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo curso, deberá adoptarse segundo criterios obxectivos e avaliábeis, de maneira que sexa posible acreditar tal condición. O departamento didáctico correspondente poderá realizar unha proba.

A data límite para a realización desta acreditación será antes do inicio das actividades lectivas. Desta circunstancia deixarase constancia mediante unha dilixencia no historial académico, no expediente académico e, no seu caso, por medio de observación no informe persoal por traslado.

Esta materia de primeiro curso non computará en ningún caso como materia esixible para reunir as condicións necesarias para poder presentarse á avaliación final da etapa.

- 2. No suposto de cursar simultaneamente as materias de primeiro e de segundo, a materia de primeiro non será computable a efectos de modificar as condicións no que o alumno promocionou ao segundo curso.*

Cando, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poda asistir á clase da materia de primeiro, esta materia tratarase de forma análoga á pendentes e o departamento didáctico que a imparta propoñeralle un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos esixibles e das actividades recomendadas, e programará probas parciais para verificar a superación desta materia...

No caso que conorra dita circunstancia nas materias que imparte este Departamento, realizarase ao/á alumno/a unha proba escrita de coñecementos con aqueles contidos mínimos esixibles da materia en cuestión, contidos asociados aos estándares de aprendizaxe cun grao de consecución que non debe ser inferior ao N (necesario), como se reflicte nesta Programación Didáctica por unidades en 1º de Bacharelato.

XVIII. Criterios de Autoevaluación da Programación Didáctica

Segundo establece o Decreto 86/2015 do currículo de Galicia, nos artigos 21.3 (ESO) e 33.4 (BACH), o profesorado avaliará a súa propia práctica docente, establecendo indicadores de logro nas programacións didácticas.

Como é lóxico, unha Programación Didáctica de Departamento, é un documento que debe estar sempre aberto a posibles cambios co propósito de modificar aqueles apartados que, na práctica docente, compróbase que non están axeitados á realidade da aula. É, por iso, que a propia autoavaliación da Programación Didáctica debe ter dous grandes bloques: por unha banda, sinalar aqueles ítems claves do grao de consecución e, por outra, especificar as posibles correccións aplicables para as futuras Programacións.

Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. Esta secuencia podería ser como a que segue:

<i>ÍTEMS FUNDAMENTAIS</i>	<i>GRAO DE CONSECUCIÓN</i>		
	<i>Si</i>	<i>Mellorable</i>	<i>Non</i>
1. Acadáronse os obxectivos didácticos previstos na Programación?			
2. Aplicáronse correctamente as metodoloxías en cada un dos cursos e niveis?			
3. Aplicáronse correctamente os criterios de avaliación previstos?			
4. Aplicáronse correctamente os criterios de cualificación previstos?			
5. Acadáronse os resultados académicos previstos por parte do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe?			
6. Aplicouse correctamente, en cada un dos cursos, os apartados previstos na Programación Didáctica?			

En caso negativo de calquera dos ítems fundamentais, especificar na seguinte táboa, no que se errou para futuras correccións:

<i>ÍTEM FUNDAMENTAL NON ACADADO</i>	<i>CURSO</i>	<i>OBSERVACIÓNS E MEDIDAS DE MELLORA</i>

A continuación indícaranse os ítems nos que se baseará a autoavaliación do grao de consecución da Programación Didáctica en todo o seu conxunto no presente curso académico. Teremos en conta 5 ámbitos:

- 1) Motivación por parte do docente cara á aprendizaxe do alumnado.
- 2) Planificación da programación didáctica.
- 3) Estrutura e cohesión no proceso de ensinanza/aprendizaxe.
- 4) Seguimento do proceso de ensinanza/aprendizaxe.
- 5) Avaliación do proceso.

1. MOTIVACIÓN POR PARTE DO DOCENTE CARA Á APRENDIZAXE DO ALUMNADO

<i>INDICADORES</i>	<i>VALORACIÓN (0 – 5)</i>	<i>PROPOSTAS DE MELLORA</i>
Motivación inicial do alumnado		
Presento ao inicio de cada sesión un plan de traballo, explicando a súa finalidade.		
Comento a importancia do tema para as competencias e a formación do alumnado.		
Deseño situacións introdutorias previas ao tema que se vai tratar (diálogos, traballos, lecturas...).		
Relaciono os temas da materia con acontecementos da actualidade.		
Motivación ao longo do proceso		
Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias, con unha linguaxe clara e adaptada.		
Dou información dos progresos acadados, así como, das dificultades atopadas.		
Intento relacionar os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos dos meus alumnos/as.		
Fomento a participación do alumnado nos debates e argumentos do proceso de ensinanza.		
Presentación dos contidos (conceptos, procedementos e actitudes)		
Reflexiono se a secuenciación dos contidos é axeitada para o alumnado.		
Estruturo e organizo os contidos dando unha visión xeral de cada tema (guións, mapas conceptuais...).		

2. PLANIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

<i>INDICADORES</i>	<i>VALORACIÓN (0 – 5)</i>	<i>PROPOSTAS DE MELLORA</i>
Compoñentes da Programación Didáctica		
Teño establecido que a PD de cada curso está estruturada en unidades didácticas.		
Realizo a PD da miña materia tendo como referencia a lexislación vixente.		
Deseño a unidade didáctica baseándome nas competencias básicas que debe adquirir o alumnado.		
Formulo os obxectivos didácticos de xeito que expresan claramente as habilidades que os meus alumnos/as deben acadar como reflexo e manifestación da intervención educativa.		
Selecciono e secuencio os contidos (coñecementos, procedementos e actitudes) da miña programación de aula coa secuenciación axeitada ás características de cada grupo de alumnos/as.		
Analizo e deseño dentro da PD as competencias básicas necesarias para a área ou materia.		
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, departamentos, equipos educativos e profesores de apoio).		
Establezo, de modo explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso dos alumnos/as e comprobar o grao no que acadan as aprendizaxes.		
Coordinación docente		
Adopto estratexias e técnicas programando actividades en función dos obxectivos didácticos, en función das CC.BB., en función dos distintos tipos de contidos e en función das características do alumnado.		
Estou levando á práctica os acordos de ciclo ou departamento para avaliar as competencias básicas, así como, os criterios de avaliación das áreas ou materias.		

3. ESTRUCTURA E COHESIÓN NO PROCESO DE ENSINANZA/APRENDIZAXE

<i>INDICADORES</i>	<i>VALORACIÓN (0 – 5)</i>	<i>PROPOSTAS DE MELLORA</i>
Actividades no proceso		
Deseño actividades que aseguran a adquisición dos obxectivos didácticos previstos e as habilidades e técnicas instrumentais básicas.		
Propoño aos meus alumnos/as actividades variadas (de introdución, de motivación, de desenvolvemento, de síntese, de consolidación, de recapitulación, de ampliación e de avaliación).		
Facilito a adquisición de novos contidos a través das diversas metodoloxías (lección maxistral, traballo cooperativo, traballo individual).		
Estrutura e organización da aula		
Distribúo o tempo axeitadamente: (breve tempo de exposición e o resto do mesmo para as actividades que o alumnado realiza na clase).		
Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a utilizar... etcétera, controlando sempre un axeitado clima de traballo.		
Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, técnicas de aprender a aprender...), tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos/as, favorecendo o uso autónomo por parte dos mesmos.		
Cohesión co proceso ensinanza/aprendizaxe		
Comprobo, de diferentes modos, que o alumnado comprende a tarefa que ten que realizar: facendo preguntas, facendo que verbalicen o proceso...		
Facilito estratexias de aprendizaxe: como solicitar axuda, como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións, problemas, dou ánimos e asegúrome a participación de todos/as....		

4. SEGUIMIENTO DO PROCESO DE ENSEÑANZA/APRENDIZAXE

<i>INDICADORES</i>	<i>VALORACIÓN (0 – 5)</i>	<i>PROPOSTAS DE MELLORA</i>
Seguimento do proceso de ensinanza/aprendizaxe		
Reviso e corrijo frecuentemente os contidos, actividades propostas (dentro e fóra da aula), adecuación dos tempos, agrupamentos e materiais utilizados.		
Proporciono información ao alumnado sobre a execución das tarefas e como pode melloralas e favorezo procesos de autoavaliación.		
No caso de obxectivos insuficientemente acadados propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición.		
No caso de obxectivos suficientemente acadados, en corto espazo de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición.		
Contextualización do proceso		
Teño en conta o nivel de habilidades do alumnado, os seus ritmos de aprendizaxes, as posibilidades de atención, o grao de motivación, etcétera e, en función deles, adapto os distintos momentos do proceso ensinanza/aprendizaxe (motivación, contidos, actividades...).		
Coordínome con outros profesionais (profesores de apoio, PT, Departamento de Orientación Educativa), para modificar e/ou adaptar contidos, actividades, metodoloxía, recursos...		
Adapto o material didáctico e os recursos ás características e necesidades dos alumnos/as realizando traballos individualizados e diferentes tipos de actividades e exercicios.		
Busco e fomento interaccións entre o docente e o alumno/a.		
O alumnado síntese responsable na realización das actividades.		
Planifico traballos en grupo para analizar as interaccións entre os alumnos/as.		

5. AVALIACIÓN DO PROCESO

<i>INDICADORES</i>	<i>VALORACIÓN (0 – 5)</i>	<i>PROPOSTAS DE MELLORA</i>
Criterios de avaliación		
Aplico os criterios de avaliación de acordo coas orientacións da Concreción Curricular.		
Cada unidade didáctica ten claramente establecidos os criterios de avaliación.		
Emprego suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos (conceptuais, procedementais, actitudinais).		
Instrumentos de avaliación		
Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información (registro de observacións, carpeta do alumno/a, ficha de seguimento, diario de aula...).		
Corrijo e explico os traballos e actividades dos alumnos/as e dou pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
Uso estratexias e procedementos de autoavaliación en grupo que favorezan a participación do alumnado na avaliación.		
Utilizo diferentes técnicas de avaliación en función da diversidade de alumnos/as, das diferentes áreas/materias, das U.D., dos contidos...		
Uso diferentes instrumentos de avaliación (probos orais e/ou escritos, observación directa...) para coñecer o seu rendemento académico.		
Utilizo diferentes medios para informar á familia, profesores e alumnos/as (sesións de avaliación, reunións colectivas, entrevistas individuais, asembleas de aula...) dos resultados da avaliación.		
Emprego os resultados da avaliación para modificar os procedementos didácticos que realiza e mellorar a miña intervención docente.		
Realizo diferentes rexistros de observación para efectuar a avaliación (notas no caderno do profesorado, ficheiro, rexistro de datos, rexistro anecdótico...).		
Tipos de avaliación		
Realizo unha avaliación inicial a principio de curso, para axustar a programación, na que teño en conta o informe final do titor anterior, o de outros profesores/as, e/ou Departamento de Orientación.		
Contemplo outros momentos da avaliación inicial: a comezos dun tema, dunha unidade didáctica...		
Avaliación do profesorado		
Realizo unha enquisa escrita, anónima, ao alumnado por curso, para coñecer o seu criterio e a avaliación da miña actividade docente.		

XIX. Anexo I
PROXECTO LÓVA
Curso 4º ESO
Xeografía e Historia

A programación didáctica entregada en tempo polo Departamento, presenta ao incorporarlle o **PROXECTO LÓVA**, algunha modificación (partes subliñadas en negra) que a continuación se detallan neste anexo, o resto dos apartados da P.D. non presentan ningún cambio do exposto na mesma.

CONTIDOS MÍNIMOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	ÁREA	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA ESTANDAR
NON VARIA RESPECTO Á P.D	NON VARIA RESPECTO Á P.D	NON VARIA RESPECTO Á P.D	NON VARIA RESPECTO Á P.D	NON VARIA RESPECTO Á P.D	NON VARIA RESPECTO Á P.D

- 1. INTRODUCCIÓN**
2. CONTEXTUALIZACIÓN
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFIL COMPETENCIAL.
4. OBXECTIVOS.
5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTANDAR AVALIABLE
- 6. METODOLOXÍA**
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
- 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**
9. INDICADORES DE LOGRO PARA O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE.
10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
- 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

XIX.1. INTRODUCCIÓN

PROXECTO LÓVA: “A ópera como vehículo de aprendizaxe”

LÓVA ten a súa orixe nun proxecto educativo que Bruce Taylor e JoAnn Forman crearon para a Ópera de Seattle nos anos 70 e que nos 80 ampliou o Metropolitan Opera Guild de Nova York.

LÓVA súmase aos miles de proxectos de creación de óperas creadas en aulas de máis de vinte países e durante máis de tres décadas a partir de programas como Creating Orixinal Opera (Metropolitan Opera Guild), Write an Opera (Royal Opera House), Opera by Children (Utah Opera), Create and Produce (Opera America), etcétera.

Creating Orixinal Opera chegou a España en 2006 da man de Mary Ruth McGinn, mestra de primaria na escola pública de Estados Unidos. Bolseira por Fulbright e posteriormente por Saudarche, Mary Ruth formou e guiou desde o Teatro Real a un grupo de docentes, entre eles os responsables de tres óperas creadas por alumnos en tres colexios públicos da Comunidade de Madrid. Ante o éxito da iniciativa, en 2008 formalizábase a creación de LÓVA como proxecto educativo conxunto entre Saudarche e o Teatro Real, coordinado por Pedro Sarmiento. Posteriormente uníronse os Amigos da Ópera, os Teatros da Canle e a Fundación Daniel e Nina Carasso. Nestes anos o proxecto estendeuse grazas a docentes que o converten na súa forma de ensinar e que son un exemplo de profesionalidade e de compromiso pedagóxico.

Hai tantas formas de expor LÓVA como centros e docentes.

Grazas á visión e ao traballo de numerosos docentes LÓVA adaptouse a educación especial, infantil, secundaria, bacharelato, cárceres, escolas de música e outros contextos.

As Vantaxes da pedagogía de proxectos son claras:

- Máis ocasións para a aprendizaxe auto-inducido.
- Máis tempo de atención continuada en clase.
- A longa duración do proxecto convida a comentalo fose do colexio e conectalo coa vida diaria.
- Maior implicación emocional no traballo de clase.
- Desenvólvense habilidades de liderado e aumenta o grao de responsabilidade dos alumnos/as.
- Ao xurdir desacordos, aumenta a posibilidade de aprender a solucionar problemas.
- Fomenta a implicación dos pais.
- Aumenta as expectativas dos pais sobre as capacidades dos seus fillos.
- Máis situacións nas que pór en práctica as habilidades lingüísticas orais e escritas.
- Os alumnos/as buscan información por si mesmos e desenvolven o sentido das cousas ben feitas.
- Practícanse habilidades sociais e o traballo en equipo.
- Estimúlase o pensamento imaxinativo e combátese a preguiza mental.

XIX.2. METODOLOXÍA

A metodoloxía é 100% LÓVA.

XIX.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Para a materia de Historia do Mundo Contemporáneo, empregaranse os procedementos e instrumentos de cualificación descritos na P.D. A ponderación xeral dáse cun 50% para Xeografía e Historia e 50% LÓVA.

XIX.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As requiridas do proxecto LÓVA: tarefas propias dunha compañía de ópera e a representación da súa obra.